AREA REXURBE

PLAN DE DINAMIZACIÓN



FEBREIRO 2021

MONDOÑEDO

CONCELLO DE MONDOÑEDO

ÍNDICE

ÍNDICE 1

2. INTRODUCIÓN 5

2.1. ANTECEDENTES 6

2.2. OBXECTO E CONTIDO DA MEMORIA 7

BLOQUE I - DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE 8

3. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO 9

4. PRESENTACIÓN E ANÁLISE DOS INDICADORES XERAIS: URBANÍSTICOS, DEMOGRÁFICOS, ECONÓMICOS, ETC. DO CASCO HISTÓRICO 10

5. EDIFICACIÓN EXISTENTE NA ÁREA REXURBE. 12

6. DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO ÁMBITO 13

7. RESUMO DE NECESIDADES DETECTADAS NA ÁREA REXURBE 14

7.1. Necesidades en edificacións e espazos urbanos 14

7.2. Necesidades de orde social 14

7.3. Necesidades de orde económico: 15

BLOQUE II – ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS 16

8. MATRIZ DAFO 17

8.1. FERRAMENTA CAME 19

9. OBXECTIVOS E PROPOSTA DE INTERVENCIÓN 22

BLOQUE III – LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN 24

10. LIÑAS ESTRATÉXICAS, OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS PROPOSTAS. 25

10.1. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ARQUITECTÓNICO, URBANÍSTICO OU AMBIENTAL 27

10.2. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DEMOGRÁFICO 32

10.3. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ECONÓMICO E SOCIAL..... 35

10.4. CRONOGRAMA 42

11. RELACIÓN DE OBRAS, ACTUACIÓNS E INTERVENCIÓNS. 44

11.1. CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA AREA REXURBE 45

11.2. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA INICIATIVAS EMPRESARIAIS. NEGOCIOS E LOCAIS COMERCIAIS. 46

11.3. ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS. 50

11.4. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS 51

11.4.1. REHAB. DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (MESTRES).... 51

11.4.2. REHABILITACIÓN DE VIVENDAS PARTICULARES (ÁREA REHABILITACIÓN)..... 51

11.5. INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS..... 52

11.5.1. AMPLIACIÓN ROCHA DE VÉLEZ /OS CASTROS E APARCADOIRO. 52

11.5.2. AMPLIACIÓN CAMIÑO DA VALADA..... 54

11.5.3. APARACADOIRO EN CASAS NOVAS E ADQUISICIÓN DE FINCA..... 58

11.5.4. MELLORAS EN PRAZAS E XARDÍNS 59

11.5.1. PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN..... 61

11.6. INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS 62

11.6.1. REHABILITACIÓN DA CAPELA DA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA.... 62

11.6.2. ADQUISICIÓN E MELLORA INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES.. 64

11.6.3. AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO 64

11.6.4. REFORMA DA CASA DA CULTURA 64

11.6.5. PROXECTOS DE SINALIZACIÓN. PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS 65

11.6.6. PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN..... 66

11.7. MELLORAS NO PLANEAMENTO DA ÁREA REXURBE. REDACCIÓN NOVO PEPRI 67

11.8. ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN 68

11.9. ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA TOTAL 69

12. NECESIDADE DE REALIZAR MODIFICACIÓNS URBANÍSTICAS..... 70

12.1. MODIFICACIÓN PUNTUAL NA ÁREA DE OS CASTROS – ROCHA DE VÉLEZ POLA AMPLIACIÓN DO VIAL. 70

12.2. AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA. POSIBLIDADE ABERTA..... 72

BLOQUE IV – VIABILIDADE ECONÓMICA..... 73

13. VIABILIDADE ECONÓMICA 74

14. INVESTIMENTOS DIRECTOS E INDIRECTOS E PROGRAMACIÓN TEMPORAL PARA A INICIACIÓN DAS OBRAS 76

14.1. PARTICIPACIÓN INTERVINTES:..... 76

14.1.1. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA INICIATIVAS EMPRESARIAIS. 76

14.1.2. ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS. 79

14.1.3. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS 80

14.1.4. INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS 82

14.1.5. INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS..... 86

14.1.6. MELLORAS NO PLANEAMENTO DA ÁREA REXURBE. REDACCIÓN NOVO PEPRI 89

14.1.7. ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN..... 90

14.1.8. EQUIPOS TÉCNICOS 91

14.2. CADRO DA INVERNSIÓN PROPOSTA E DISTRIBUCIÓN POR AXENTES INTERVINTES. MONTANTES TOTAIS E PORCENTAXES. 92

14.3. REPARTO DE ANUALIDADES 96

14.4. CONCELLO DE MONDOÑEDO. DETALLE DO ORZAMENTO DO ANO 2020 E PREVISIÓN DE INGRESOS A PARTIR DAS OBRAS PREVISTAS 98

14.5. AXUDAS E DEDUCIÓNS FISCAIS POR PARTE DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTACIÓNS PÚBLICAS. 100

14.5.1. LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES LOCAIS..... 100

14.5.2. FINANCIAMENTO POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA PARA A VIVENDA /LIÑAS DE AXUDAS APLICABLES. 101

14.5.3. OUTROS PLANS DE AXUDAS NON PREVISTOS PARA VIVENDA..... 102

14.5.4. LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA EMPRENDEDORES/AS E EMPRESARIOS/AS 103

14.5.5. DEDUCIÓNS FISCAIS 104
14.5.6. COMPROMISOS DE CONCELLOS EMPRENDEDORES 105
14.6. CANON AOS INMOBLES DECLARADOS EN ESTADO DE ABANDONO 106
14.7. VIABILIDADE DE ACCESO Á VIVENDA UNHA VEZ REHABILITADA 107
15. EFICACIA DAS MEDIDAS PROPOSTAS 108
16. PROGRAMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN 111
17. PARTICIPACIÓN SOCIAL 114

BLOQUE V – INFORME FINAL A MODO DE RESUMO 116
18. INFORME FINAL A MODO DE RESUMO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN 117
18.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE 117
18.2. ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS 120
18.3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN E ACTUACIÓNS CONCRETAS 123
18.4. VIABILIDADE ECONÓMICA 127
19. CONCLUSIÓN 134

ANEXOS 135

2. INTRODUCIÓN

Sen dúbida algunha, a conservación do patrimonio e a recuperación de zonas degradadas teñen unha relación e un impacto directo na mellora da economía local, o fortalecemento do tecido empresarial, o aumento do turismo de calidade, a redución do despoboamento, a creación de oportunidades de traballo e a difusión da cultura.

Mondoñedo é un Conxunto Histórico declarado dende o ano 1985 e conta tamén coa Declaración de Área de Rehabilitación integral que abrangue o Casco Histórico e as áreas históricas de Os Muíños e San Lázaro, o que acredita que as diferentes administracións veñen traballando dende fai tempo na mellora destas áreas.

O Concello de Mondoñedo ven de apostar por esta liña nos últimos tempos, con actuacións como a rehabilitación da aldea do Vilar e apertura dun Albergue de Natureza e un Centro de Interpretación da Prehistoria, a rehabilitación da Casa Museo Álvaro Cunqueiro, o acondicionamento dun inmoble no Barrio Artesán de Os Muíños como punto de venda de produtos artesanais, a rehabilitación do Muíño de Amandino, a ampliación da gardería municipal, a apertura dun centro de día, ou proxectos tecnolóxicos como #Mondotech, "The Mondoñedo Valley", "Mondoñedo Dixital: Cidade Histórica e Patrimonio", o despregue da rede de fibra óptica, iniciativas como "Mondoñedo municipio para invertir", etc.;

Agora, coa declaración de Mondoñedo como área Rexurbe, faise preciso o desenrolo do Plan de Dinamización asociado e da súa execución que suporá unha clara aposta de futuro pola rexeneración urbana intelixente, sostible e socialmente inclusiva, permitindo potenciar e afianzar o efecto destes proxectos xa iniciados así como abordar novos retos presentes e futuros.

Co presente Plan de Dinamización preténdese seguir avanzando nesta liña da rexeneración e rehabilitación que Mondoñedo xa iniciou, establecendo horizontes a curto, medio e longo prazo, e permitindo integrar e ter en conta nas actuacións e medidas propostas, aspectos económicos, sociais, culturais, ambientais, empresariais e tecnolóxicos.

Trátase polo tanto, non so de rehabilitar e recuperar espazos, senón que tamén de darlles contido, de ocupalos, de xerar actividade, de facelos atractivos para a iniciativa empresarial e comercial, así como para as novas xeracións que queiran asentarse no municipio para vivir e/ou levar a cabo a súa actividade profesional no mesmo.

O Plan de Dinamización, permitirá a Mondoñedo traballar de forma aínda máis coordinada co resto de administracións públicas e coa iniciativa privada, establecendo un marco estable e integrado, que impulse e axilice as actuacións.

2.1. ANTECEDENTES

Mediante Decreto 91/1985, de 2 de maio, declarouse ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, á cidade antiga de Mondoñedo (DOG de 23 de maio).

Con anterioridade, nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas o 12 de xullo de 1978, xa se indicaba a necesidade dunha normativa especial de protección do casco histórico e a súa zona de influencia.

Con data 24 de marzo de 1994 apróbase o Plan de Reforma Interior e de Protección do conxunto histórico – artístico de Mondoñedo, co fin de regular a evolución urbanística interior do casco histórico de Mondoñedo, dentro do respecto ós valores artísticos, históricos, tipolóxicos ou de outra singular relevancia.

O Conxunto Histórico de Mondoñedo, recibiu a declaración de Área de Rehabilitación Integral o 23 de abril de 1998, por parte da Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, na que se incluíron os barrios históricos de Os Muíños e San Lázaro. Este é un recoñecemento administrativo que permite que desde esa data véñanse levando a cabo accións específicas con financiamento público para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

O Decreto 158/2014, de 27 de novembro, aprobou a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, definindo polo tanto o seu paso polo concello de Mondoñedo.

O 5 de xullo de 2015, o Camiño de Santiago do Norte uniuse a Lista do Patrimonio Mundial da organización da ONU para a Educación e a Cultura (UNESCO). Tal e como se indica no artigo 75 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92), “as rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco, terán a consideración de bens de interese cultural”.

Co fin de actualizar a normativa municipal, así como ter en conta a declaración de ben de interese cultural, o 13 de xuño de 2016, apróbase o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

No pasado ano, publícase no DOG número 83, do xoves 2 de maio de 2019, a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Na que, nos artigos 54 e 55, se fai referencia á declaración e delimitación de áreas de rexeneración urbana de interese autonómico.

Recentemente, publícase no DOG número 38, de 26 de febreiro do 2020, a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de febreiro de 2020, polo que se declara área de rexeneración urbana de interese autonómico o conxunto histórico de Mondoñedo e unha zona contigua de características similares.

Esta declaración supón a necesidade da redacción dun Plan de Dinamización.

2.2. OBXECTO E CONTIDO DA MEMORIA

A finalidade do presente documento é a redacción dun Plan de Dinamización para a área Rexurbe do Concello de Mondoñedo no que se inclúen os cinco bloques, tal como se indica dende o IGVS.

Así os bloques a considerar serían os seguintes:

Bloque I – Delimitación do ámbito e diagnose.

Bloque II – Análise DAFO e obxectivos.

Bloque III – Liñas estratéxicas de actuación.

Bloque IV – Memoria de viabilidade económica.

Bloque V – Informe final.

Anexos

BLOQUE I - DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE

ESTE BLOQUE PRESENTA UN AMPLO ANXEO DENOMINADO “ANEXO BLOQUE I – DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE” NO QUE SE RECOLLEN CON DETALLE TODOS OS ASPECTOS RELATIVOS AO BLOQUE DE DELIMITACIÓN E DIAGNOSE E SE DESENROLAN AMPLAMENTE.


ANÁLISES DETALLADAS DO TERRITORIO: POBOACIÓN, ECONOMÍA, ETC. QUE AMPLIARÍAN TODAS E CADA UNHA DAS INFORMACIÓNS RECOLLIDAS NO PRESENTE PUNTO CO FIN DE ACLARAR CALQUERA DÚBIDA QUE PODA SURXIR DA LECTURA DESTE APARTADO NA PARTE PRINCIPAL DESTE DOCUMENTO.

CALQUERA AMPLIACIÓN DE INFOMRACIÓN, COMPLEMENTARIA E RELATIVA AO PRESENTE BLOQUE, DEBERÍA ESTAR RECOLLIDA E DESENROLADA CON AMPLITUDE NO ANEXO CORRESPONDENTE.

3. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

Na Resolución da declaración de Área Rexurbe de Mondoñedo (*DOG número 38, de 26 de febreiro do 2020, a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de febreiro de 2020*) resólvese declarar como Área de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico (Rexurbe) o ámbito do Casco Histórico de Mondoñedo xunto con algún espazo inmediato ao mesmo pero que goza de características semellantes a este.

Así no plano que segue achégase esta delimitación, sendo a liña amarela o Casco Histórico e a liña azul a superficie completa da Área Rexurbe.



Delimitación Rexurbe en azul

Quedando este espazo Rexurbe, como segue:

Superficie do ámbito (s) a declarar Rexurbe:	
Área continua ☒ Descontinua ☐ Superficie en km$^{2:}$ 0,45	
Superficie municipio: 144Km^2	Superficie Conxunto Histórico: 0,44 Km^2
Número de edificios:704 –en rexurbe-	Número de Vivendas: 915

(De querer ter máis detalles sobre este aspecto, dirixirse ao Anexo I no que se recollen todos os aspectos do proceso de delimitación)

4. PRESENTACIÓN E ANÁLISE DOS INDICADORES XERAIS: URBANÍSTICOS, DEMOGRÁFICOS, ECONÓMICOS, ETC. DO CASCO HISTÓRICO.

Recollendo as diversas análises de detalle en cada unha das áreas (*Ampliación de detalles en Anexo 1 – Anexo do Bloque I: "Presentación e análise dos indicadores xerais: urbanísticos, demográficos, económicos, etc. do Casco Histórico"*), achéganse as conclusións sobre este apartado. Así temos:

a) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental.

As cifras presentadas amosan un conxunto con eivas na área arquitectónica, urbanística e, en menor medida, na ambiental, tanto a nivel xeral como en áreas específicas dentro do conxunto histórico, tal como se presentou con anterioridade.

Nos espazos a considerar Rexurbe estes factores están máis acentuados que no panorama xeral do concello dos indicadores de degradación arquitectónica urbanística ou ambiental.

b) Situacións demográficas delicadas

Mondoñedo presenta, claramente, unha situación demográfica delicada, como pode verse cos datos aportados. Estamos ante una poboación envellecida e cun decaemento progresivo do número de habitantes nestes últimos anos que aínda que é máis palpable no rural, dentro da zona urbana é un mal que afecta de igual xeito.

Todo isto repercute no urbanismo da cidade co progresivo deterioro dos edificios e as dificultades de acceso en moitos deles polas necesidade de adecuación dos mesmos, así como das vías que dan acceso a eles, a persoas maiores con mobilidade reducida en moitos casos.

Por todo isto podemos concluír que a cidade e o concello, presentan unha situación demográfica delicada de xeito claro. A modo de referencia apórtase un gráfico do descenso poboacional de Mondoñedo –concello- dende o ano 1996 ata o ano 2018 (fonte para este gráfico: INE a partir dos datos oficiais de padrón).



c) Existencia de graves problemas económicos e sociais.

Mondoñedo presenta un cadro no que o número de pensionistas por cada 1000 habitantes é moi alto (340), o importe medio das pensións son moi baixas cunha boa parte non contributivas e a isto hai que unirlle un número importante de xente en risco de exclusión social (3,2%), así como desempregados (3,32%).

Por outra banda, o envellecemento xeneralizado (cun índice de avellentamento do 308%) e a perda de poboación (-2% no último ano) fai que o comercio local estea nunha situación de difícil equilibrio xa que o comercio de proximidade nútrese dos habitantes da vila e do concello e unha perda de poboación implica perda de demanda comercial. E aínda que dende as administracións públicas se está a traballar para potenciar o comercio local e para con iso facer que as novas xeracións aposten pola apertura de negocio en Mondoñedo e así poder fixar poboación, non é tarefa fácil.

Por todo isto, si ben non se está en "graves problemas" si que se están a amosar problemas xerais a nivel económico e social que son un aviso dun futuro polas tendencias de envellecemento e despoboación.

5. EDIFICACIÓN EXISTENTE NA ÁREA REXURBE.

Dentro da zona marcada como área Rexube, localízanse inmobles e áreas especialmente necesitadas de intervención xeral para un rehabilitación urbana e social. O número de inmobles inventariados dentro da área Rexrube con especiais necesidades, estruturados por rúas, ascende a 92 –*ver detalle en Anexo ao Bloque I: Edificación existente na área Rexurbe. Área de Actuacións Prioritarias*- en estado moi deficiente ou ruína.

Son inmobles que precisan de rehabilitación inmediata por estar a danar inmobles veciños rehabilitados e habitados, e que a súa vez teñen potencial en canto á xeración de emprego, a creación de empresas, atractivo turístico, comercial e/ou residencial.

Trátase en xeral de edificacións moi antigas, sendo a súa antigüidade media 150 anos, e tal como se observa, case ningunha foi sometida a reformas en condicións, o que explica os danos que sofren e o seu estado de deterioro.

Así, ademais da antigüidade, entre os principais problemas detectados co traballo de campo realizado e a posterior análise, destacan a falta de mantemento das edificacións, que moitas se encontran baleiras, sen habitantes, problemas de accesibilidade (chanzos, portas estreitas e non adaptadas, sen ascensor, etc.), problemas de humidades, mal estado das cubertas, carpinterías e vidros en mal estado e pouco eficientes, problemas de estabilidades estrutural, etc.

6. DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO ÁMBITO

Todo o tecido urbano do concello conta cos servizos básicos de saneamento, abastecemento, electricidade, alumeado público e recollida de lixo.

Ademais durante os últimos anos, o concello de Mondoñedo xa ven dotando de equipamentos e servizos a estas zonas que se propoñen, así como para o resto do termo municipal. Nestes equipamentos inclúense tamén aqueles tecnolóxicos que se converten en algo fundamental para a atracción de poboación, comercio e empresas.

Pero aínda con iso serían precisas levar a cabo melloras nos equipamentos e dotacións.

Así, propóñense unha serie de intervencións de novas dotacións, necesidades en dotacións e equipamentos en edificios públicos existentes e, tamén, inclúese unha mellora que se contemplaría como executable dentro das intervencións previstas neste plan de dinamización.

- **Novas dotacións e equipamentos**:
  - **Mellora do alumeado público**.
  - **Mellorar a infraestrutura de parques públicos**, tentando chegar a ter, ao menos, un parque cuberto.
  - Creación de **parques /espazos verdes:**
    - Na área de **Os Castros acorde co xacemento arqueolóxico** alí localizado.
    - Remate da rehabilitación da **Casa Museo Álvaro Cunqueiro** coa creación dun espazo verde na zona da horta **/xardín do museo**.
- **Obra incluída dentro deste Plan de Dinamización: A rehabilitación da Capela da Orde Terceira Segrar Franciscana**, na área da Alcántara.
- **Adquisición e mellora de inmoble para centro de menores.**
- **Ampliación da residencia de maiores**
- **Mellora da sinalización turística**
- Necesidades en dotación e equipamentos para espazos públicos existentes:
  - **A Casa do Concello: obras de axuste para mellorar a acesibilidade**.
  - **A Casa da Cultura**: **rehabilitación integral: cubertas, obra completa de interior, etc**

(*Para a ampliación, en concreto, de información e detalles deste apartado pódese ver o Anexo ao Bloque I: "Dotacións e equipamentos do ámbito" e tamén "Novas dotacións e equipamentos")*

7. RESUMO DE NECESIDADES DETECTADAS NA ÁREA REXURBE

A partir da análise de campo realizado, así como a partir dos datos socioeconómicos, empresariais, de dotacións, equipamentos, etc., recollidos, as necesidades detectadas resúmense a continuación:

7.1. Necesidades en edificacións e espazos urbanos

- Precísase levar a cabo unha fonda rehabilitación de vivendas baleiras ou en desuso para poder recuperalas co fin de prolongar a súa vida útil por unha banda e por outra para facilitar a súa ocupación e eliminar así a vivenda baleira. Ocupación que pode ser destinada a vivenda, oficina, uso turístico, negocio en xeral, etc..
- Precísanse levar a cabo obras de rehabilitación de vivendas en uso que non reúnen as condicións necesarias para ese fin. É preciso executar obras de mellora, mantemento e conservación de edificios para adaptalos ás novas realidades e prolongar a súa vida útil. Incluso levar a cabo intervencións para poder facer que convivan no mesmo edificio espazos de vida e traballo, fomentando teletraballo nas mesmas ou fomentando a apertura de negocios na residencia familiar, permitindo así unha mellora nas condicións da conciliación familiar co traballo.
- Precísase levar a cabo melloras nos espazos públicos: parques, zonas vedes, melloras na iluminación, creación dun parque cuberto…
- Precísase unha rehabilitación que se encamiñe á mellora da eficiencia enerxética, mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade universal.

7.2. Necesidades de orde social

- Creación dunha bolsa de vivenda de carácter social e accesible a colectivos sensibles. Bolsa derivada da mobilización da vivenda baleira existente, unha vez rehabilitada. Esta bolsa iría destinada a facilitar o acceso á vivenda por parte de xoves, maiores, grupos en risco de exclusión social e emerxencia residencial.
- Adecuación das vivendas á accesibilidade universal e ás actuais condicións de habitabilidade. Encamiñada a crear fogares útiles e accesibles a persoas maiores e dependentes. Colectivo de gran representación social en Mondoñedo.
- Fogares adaptados ao teletraballo e fogares nos que poda convivir negocio e vida familiar coa adecuación de parte dos espazos para a creación /desenrolo dun negocio, fomentando ademais do teletraballo a conciliación familiar ao poder desenrolar a actividade laboral propia nun espazo a carón do espazo familiar.

7.3. Necesidades de orde económico:

- Apoio a emprendedores e ao comercio local con liñas de axudas para mellora de baixos comerciais, dixitalización de negocios, etc.
- Apoio económico no acceso a vivenda a colectivos sensibles e en risco de exclusión con alugueiros sociais asumibles.
- Apoio ao teletraballo e a conciliación familiar dentro dun espazo combinado de vivenda e negocio.

Aínda que no momento actual se detectan estas necesidades, o Plan de Dinamización é un documento vivo, é dicir, poderá revisarse, ampliarse ou corrixirse durante a aplicación do mesmo e en función dos resultados e dos indicadores de avaliación que se vaian executando.

A partir desta enumeración organízanse e defínense unha serie de eixos e obxectivos de actuación.

BLOQUE II – ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS

8. MATRIZ DAFO

De todo o exposto deriva a seguinte matriz, agrupando os elementos máis significativos da área de análise e que se consideran as máis importantes para o conxunto.

Debilidades	Fortalezas
Perdida de poboación	Territorio con recursos e potencialidades de desenvolvemento
Envellecemento da poboación	Experiencias de boas practica e exemplos demostrativos
Escasa creación de empresas	Ampla oferta formación
Baixa taxa natalidade	Ampla oferta servizos sociais
Vivendas en ruínas	Patrimonio Natural
Excesiva burocracia nos tramites	Patrimonio Cultural
Escasa mentalidade emprendedora	Gran calidade de vida
Dificultade atracción de xente moza	Gran oferta de vivendas en venda
Mal servizo público	Apoio público tanto para rehabilitación de vivendas como para a compra
Dificultade da mobilidade da propiedade	Administración local colaborada
Ameazas	Oportunidades
Emigración xoves	Programas e servizos Sociais que responden as necesidades da poboación. Centro de día, SAF, Residencia, Centro Social, Centro de menores ..etc
Diminución da poboación activa	Mellora en colectividade
Proximidade poboacións costeiras	Camiño de Santiago
Forte tendencia a compra online	Patrimonio Inmaterial
Alonxamento dos centros de ensino universitarios	Importante potencia forestal
Tendencia a deslocalizar os servizos públicos cara a grandes cidades	Importante existencia de solo industrial dispoñible
Dificultades ou tendencia dos	Excelentes condicións climatolóxicas para

funcionarios a querer trasladarse e vivir en grandes cidades	a Horta
Protección ambiental (ecoloxistas que dificultan o aproveitamento dos recursos)	Xacementos de emprego en xeral, rural e verde
Inseguridade en proxectos industriais da zona (exemplo: Alcoa..etc)	Tradición artesán
Falta de relevo xeracional en negocios asentados en bo funcionamento	Potencial turístico, integración e creación de valor. Turismo de Natureza

A partir desta base xeral, propóñense unha serie de obxectivos principais e secundarios así como as liñas básicas de actuacións en cada unha das áreas que se formulan nos seguintes apartados.

8.1. FERRAMENTA CAME

Tras da análise DAFO usaremos a ferramenta CAME para complementar a análise previa e ver como propoñer obxectivos que nos sirvan de complemento ao exposto.

Así tentaremos analizar como Corrixir as Debilidades, Afrontar a Ameazas, Manter as Fortalezas e Explotar as Oportunidades para concluír, no punto seguinte, obxectivos e liñas xerais de intervención que se desenrolarán máis adiante.

En primeiro lugar, as liñas básicas para **Corrixir as Debilidades** van xirar entorno á poboación. Mondoñedo precisa poder fixar poboación e recuperar poboación e para iso está a traballar en proxectos para recuperar socialmente o concello.

A xente precisa ter pequenos incentivos de diversa índole que lle fagan atractivo elixir Mondoñedo. Así un destes incentivos é facilitar o acceso á vivenda a todo o mundo, pero en especial á xente nova pois iso permitiría mellorar tamén as taxas de natalidade si se complementa con axudas á creación de empresas e á mellora destas.

Un destes puntos iría tamén en relación cos novos mercados, abrindo portas a estes a través de plataformas de venda online e dotando de medios técnicos (banda ancha) que permitan conexións axeitadas para incorporarse ao mundo dixital con garantías.

A mellor corrección cara ás debilidades é a mellora das condicións de vida das persoas a nivel xeral pois iso repercutirá positivamente na poboación e facilitará a chegada e crecemento da mesma se isto se combina con melloras técnicas que fagan posible estar conectado co mundo e facilitando o asentamento e mellora de empresas (pequena, mediana ou grande) que aseguren o sustento da poboación aumentando así o grupo de poboación activa e contribuíndo con isto á redución do envellecemento da poboación local.

En relación directa coas debilidades, temos as amezas que xiran arredor do mesmo eixo: a perda de poboación. Para **Afrontar as Ameazas** hai que seguir traballando na liña proposta de mellora das condicións de vida da poboación. A perda de poboación cara a outros puntos onde hai máis posibilidades de traballo é un dos grandes problemas locais e a isto hai que unir o problema económico derivado da inestabilidade de grandes empresas da comarca que sustentaban a economía da nosa zona.

Pero non só iso é un dos eixos básicos, senón que a perda de poboación e a falta de xente nova que asegure o relevo xeracional fai que o comercio local e a pequena e mediana empresa, aínda que funcionen ben, se vexan ameazados por non haber quen colla o relevo á fronte da mesma e iso repercute, pouco a pouco, no seu funcionamento pois ao non verse futuro nela, non recibe a inversión precisa para estar no punto óptimo de modernización.

Por iso dende a administración se traballa en liñas de axudas para a mellora e modernización de empresas, a creación doutras novas e se poñen os medios para que estas se poda posicionar nun bo lugar dentro do marco dixital que é xa o presente e que será, sen dúbida, o futuro.

E o xeito de poder afrontar este traballo é **Manter as Fortalezas** que presenta o noso territorio e traballar para potencialas e dalas a coñecer. Un espazo como este cun gran patrimonio cultural e natural, as melloras nas redes de comunicación tanto por estrada (Autovía A8) como coa implantación da banda ancha para o mundo dixital, así como o gran apoio que dende a administración local se lle da a particulares e empresas, tanto para asentar as residencias, como para sede empresarial, é unha fortaleza que se vai manter.

O Concello de Mondoñedo é consciente de todos estes eidos e neles apoia as súas liñas de traballo para potenciar a calidade de vida nesta localidade e facilitar o achegamento de persoas e empresas.

O concello traballa na conservación e rehabilitación de espazos naturais, patrimoniais e de vivenda. Neste sentido cabe citar, de forma expresa, como unha gran fortaleza neste eido, a existencia dunha Área de Rehabilitación Integral declarada como tal e que abrangue o Casco Histórico e as áreas históricas de Os Muíños e San Lázaro.

Mondoñedo traballa a prol das empresas e facilita a mellora e a nova apertura das mesmas. Colabora abertamente coa cidadanía a través do asesoramento e de liñas de axudas públicas, axudando na tramitación da mesmas.

E a todo isto hai que unirlle a ampla oferta formativa, na que se traballa para que siga medrando e a gran potencialidade do territorio con importantes recursos agro-forestais, naturais e patrimoniais que fan da zona un lugar atractivo para residir e para implantar novas empresas, ademais de coller empresas locais que están a pleno rendemento pero que non teñen o relevo xeracional asegurado.

Dentro das liñas de traballo que o Rexurbe terá en Mondoñedo non se queren descoidar estas fortalezas tan necesarias na localidade, senón que se van potenciar e complementar.

Con isto como base, hai que pasar a **Explotar as Oportunidades** que están relacionadas con todo o antes exposto.

Cunha poboación envellecida créase unha importante demanda nos Servizos Sociais que está cuberta por iniciativas públicas e privadas, pero que, con todo, é un importante foco de negocio no eido local e cunha demanda que vai seguir medrando.

A atracción de nova poboación ou o crecemento da natalidade, non van facer que este servizo sufra unha merma, pois a alta esperanza de vida e mellora das condicións dela provocará un aumento da demanda como é obvio e a isto habería que unir o feito

de que un aumento da natalidade fará que os coidados a nen@s entren tamén con moita forza dentro desta área de traballo, incrementando a demanda actual.

Por outra banda, os medios para implantación de novas empresas están aí, cun polígono industrial totalmente equipado, cunha ampla oferta de baixos comerciais dentro do Casco Histórico con acceso a conexión de banda ampla para internet. E que poden orientarse cara o patrimonio histórico ou natural que é unha das oportunidades da zona.

Hai que potenciar actividades vencelladas ao Camiño Norte de Santiago que, coa declaración de patrimonio UNESCO, tivo un pulo importantísimo en canto á atracción de xentes e en cando a dar a coñecer a zona.

En relación con isto o importantísimo patrimonio histórico coa Catedral (patrimonio UNESCO) á fronte de mesmo son outro polo de atracción de visitantes que unido á riqueza natural (Fraga Vella –Rede Natura 2000-, Cova do Rei Cintolo –a máis grande de Galicia-, areas de importantes espazos naturais e fluviais, etc.) fan de Mondoñedo un lugar de oportunidades turísticas a todos os niveis e este é outro dos eixos dos que se vai a potenciar a súa explotación.

En definitiva, a mellora das condición de vida en xeral neste concello e a potenciación da conservación, mellora e nova creación de negocios, enfocados sobre todo a os ámbitos turísticos e agro-forestais, unido todo a iniciativas sociais que faciliten os coidados de maiores e novas xeracións, son os elementos básicos para corrixir as debilidades, afrontar a amezas, aproveitar as fortalezas e explotar as oportunidades que ofrece Mondoñedo, tal como se indicou previamente.

9. OBXECTIVOS E PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

Así, en base ás análises previas da situación local, o concello considera os seguintes como os obxectivos principais así como as liñas de intervención máis axeitadas dentro do plan Rexurbe.

Os obxectivos principais son:

- Mellora da calidade de vida das persoas
- Dotar de suficientes medios e recursos sociais para a atención ás persoas

Por áreas de actuación:

1. *Urbanística /arquitectónica:*

- Rehabilitación e mellora das edificacións e dos seus medios e servizos
- Rehabilitación e mellora da trama urbana e os seus medios e servizos

2. *Demografía:*

- Contención do despoboamento e atracción de novos habitantes

3. *Área económica e Social:*

- Desenvolvemento económico da área
- Facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultades
- Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración público - privada

Os principais obxectivos secundarios son o seguintes, aínda que no punto seguinte se amplían:

1. *Urbanística /arquitectónica:*

- Recuperación e posta en valor do patrimonio
- Mantemento das tipoloxía tradicionais
- Renovación de servizos, sinalización, accesibilidade universal,…

2. *Demografía:*

- Fomentar o aluguer
- Mellora dos medios ao alcance da poboación

3. *Área económica e Social:*

- Crear postos de traballo no ámbito social
- Potenciar programas de igualdade, diversidade e sexo.
- Ampliar o Servizo de Axuda no Fogar
- Ampliar prazas na Residencia de Anciáns.
- Promoción do turismo
- Atracción de novas empresas e profesionais
- Implantación e mantemento de establecementos comerciais
- Facilitar o acceso á vivenda
- Vivendas de uso temporal a colectivos con dificultades

Todos estes puntos amplíanse no seguinte punto de Liñas estratéxicas básicas e obxectivos.

BLOQUE III – LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

10. LIÑAS ESTRATÉXICAS, OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS PROPOSTAS.

Vistos os obxectivos propostos ao fin do punto anterior, proporase agora sobre todo, levar a cabo unha importante inversión en rehabilitación de vivenda para poder sentar as bases da solución destas eivas detectadas ata aquí.

E isto é así porque en primeiro lugar habería que indicar que a rehabilitación de vivenda iría enfocada a vivendas relacionadas coa actividade económica: baixo comercial para novo negocio e vivenda arriba, vivendas para alugueiro ou posta en marcha no mercado e rehabilitación de inmobles destinados a negocio en si mesmo: aloxamento, restauración, empresa, oficinas,… Así, a "rehabilitación con fins económicos e sociais" e non só como recuperación de vivenda sen máis estaría dentro do plan Rexurbe e rehabilitación só como recuperación de vivenda sería a que cubriría a Área de Rehabilitación Integral Declarada.

Por outra banda, hai que indicar que, ademais do apuntado no parágrafo anterior que sería a liña básica sobre este aspecto, o feito de apostar pola rehabilitación de vivenda ven derivada da falta de vivenda en condicións óptimas no mercado en Mondoñedo dentro da área urbana con abundantes edificios con necesidades de recuperación integral, adaptación ao novos tempos e incluso mantementos básicos.

No noso concello detéctase unha importante demanda de vivenda para aluguer pero a oferta non coincide con esa demanda. Non se corresponde o produto demandado coa oferta existente por tratase de vivenda vella, en malas condicións e non adaptada á unha poboación eminentemente maior ou cunhas demandas actuais fronte a un gran conxunto de vivendas construídas antes dos anos 70 do século XX. E, en caso de que esta reúna as condicións, soe ter uns prezos dificilmente asumibles por gran parte deste grupo de poboación e incluso por parte de grupos con poder adquisitivo maior, pero que polas cargas familiares ou por circunstancias socioeconómicas especias, non pode acceder a ela.

Tamén é salientable que, no outro extremo da franxa de idade, no grupo daqueles que están a comezar a súa andaina laboral e familiar, tampouco teñen acceso á vivenda polas dificultades que supón o acceso en moitos caso a unha primeira vivenda pola precariedade laboral que se da, maioritariamente, nestas franxas de idade.

A rehabilitación urbana, nos termos que se propoñen aquí, é un punto básico para a recuperación poboacional pois facilitaría o acceso a vivenda a persoas que a día de hoxe non o teñen. Persoas que queren ou necesitan vivir en Mondoñedo. Facilitar este acceso á vivenda daría un pulo demográfico por un lado e, por outra banda, leva tamén implícita unha parte de medida social no momento en que se vai a acadar ter no mercado vivenda adaptada aos novos tempos: conectada ás novas tecnoloxías aproveitando as liñas de banda ampla, con mobilidade universal, con adaptación a discapacitados e dependentes, etc. e, por último, que sería unha vivenda que crearía unha bolsa de alugueiro para grupos en risco de exclusión social co que facilitaría a

implantación de poboación nova nunha zona envellecida. Ademais de ser esta rehabilitación unha liña enfocada á reactivación económica ao vencellala a actividades desta índole como xa se indicou.

Na parte proposta de obra en espazos públicos, búscase mellorar zonas enfocadas a un mellor aproveitamento de recursos e a facilitar a mellora económica de Mondoñedo: acceso a aparcadoiros ao pé do Casco Histórico para crear un espazo urbano para as persoas e favorecer con iso o comercio de proximidade; mellora de acceso a zonas, como a de Os Remedios, que repercuten social e economicamente en Mondoñedo cun mellor acceso ao Centro de Saúde, ao Centro de Día, ao Centro de Alzheimer, á Residencia de Anciáns San Rafael e que facilitará a consolidación de novos postos de traballo vencellados a este espazo de servizos de maiores que está, neste momento, ampliando a súa oferta de prazas; mellora da área de Alcántara pechando así as obras nun espazo público de intercambio social

Na parte económica en si mesma hai un plan específico de apoio á empresa, como se verá, non só é rehabilitación /adecuación de obras e espazos nas liñas indicadas, pero con todo a inversión en rehabilitación urbana da lugar a unha mellora económica na zona e a unha mellora das condicións sociais pois a inversión que se fai nas áreas de rehabilitación repercute directamente nestas de novo.

Así estímase (Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana e IGVS) que por cada millón de euros de investimento inicial en rehabilitación de vivendas créanse 56,5 empregos directos, indirectos e inducidos, chegando outros estudos a elevar esta cifra ata 63 empregados (Universidade Complutense de Madrid)

Isto supón que a rehabilitación da lugar a novos postos de traballo, pode dar lugar a novas empresas e da lugar a movementos de poboación directos relacionados coas obras contribuíndo ao freo no despoboamento e tamén supón un freo no envellecemento dado que a xente relacionada con estes traballos está en idade laboral, é poboación activa, incluso con familias. E , por outra banda, unha vez que estean estas novas vivendas no mercado, dará lugar a unha bolsa de alugueiro en condicións óptimas para as persoas de calquera perfil facilitando a instalación en Mondoñedo de nova poboación derivada dos modelos de promoción que está a realizar o concello como é o de “Mondoñedo Rexurde” que vai encamiñado a atraer xente á cidade.

Por todo isto, dende o Concello de Mondoñedo considérase que os plans de rehabilitación en vivenda (co enfoque económico-social indicado) e espazos públicos van ser a o piar básico da solución dos problemas demográficos e sociais porque serán un revulsivo social e económico na cidade, atraendo nova poboación e sendo unha fonte económica de gran importancia.

A seguir defínense 6 liñas de actuación así como uns obxectivos prioritarios dentro de cada liña (OP) e a súa vez uns obxectivos específicos (OE) que parten destes.

Á súa vez, estas liñas agrúpanse nos tres grandes bloques establecidos polo artigo 54 da Lei de rehabilitación.

Pódese observar que as 6 liñas de actuación non só contemplan o compoñente físico dos inmobles e o espazo urbano, senón que tamén o compoñente social e económico que garanta a consecución da rexeneración socioeconómica. É dicir, o obxectivo do Plan son as persoas, como así o marca a estratexia definida polo concello de Mondoñedo.

10.1. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ARQUITECTÓNICO, URBANÍSTICO OU AMBIENTAL

Preséntanse de inicio unha serie de liñas a destacar como serían:

- Recuperación e posta en valor do patrimonio
- Mantemento da tipoloxía e condicións estéticas tradicionais acordes co entorno
- Dotación e renovación de servizos
- Mellora de firmes e sinalización
- Mellora de accesibilidade universal
- Mantemento da tipoloxía e condicións estéticas tradicionais acordes ó entorno.
- Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración publico-privada e fomentar o aluguer a través de charlas, accións formativas, cursos, congresos, workshop, etc.
- Proxectos de aforro e eficiencia enerxética do alumeado ornamental da Catedral e do alumeado público do Conxunto Histórico.
- Accións de colaboración con entidades privadas que capten clientes en espazos internacionais.

E, a seguir, dúas liñas de actuación cos seus obxectivos principais e específicos

Liña 1: rehabilitación e mellora de edificacións

- **OP1: Recuperación e posta en valor do patrimonio**
  - OE1: Actuación en edificacións abandonadas e/ou deshabitadas
  - OE2: Recuperación de edificacións valeiras para uso público
  - OE3: Definición de axudas a particulares para mantemento e restauración das edificacións
  - OE4: Aplicación das novas tecnoloxías ao patrimonio.
- **OP2: Mantemento da tipoloxía e condicións estetéticas tradicionais acordes ao entorno**
  - OE1: Evitar actuacións que danen o patrimonio
  - OE2: Emprego de materiais e técnicas tradicionais nas actuacións
  - OE3: Execución dos traballos por profesionais especialistas e cualificados

Actuacións da Liña 1: rehabilitación e mellora de edificacións

- Rehabilitación e ocupación de vivendas baleiras ou en desuso, mellora da funcionalidade e habitabilidade. Adaptacións para oficinas, usos turísticos, negocios en xeral ademais de vivenda. Cos criterios do IGVS e da Dirección Xeral de Patrimonio para asegurar a súa conservación e uso de técnicas e materiais tradicionais. OP1 e OP2.
- Subvencións para melloras de locais comerciais.
- Mantemento e conservación de edificios cos criterios de conservación do IGVS e da Dirección Xeral de Patrimonio. OP1 e OP2.
- Aplicación das novas tecnoloxías ao patrimonio: Uso de medios dixitais para o coñecemento, estudo e posta en valor dos mesmos (OP1 –OE4) que permitan unha mellor execución na súa conservación e revalorización (OP2).

  Para iso apóstase pola dixitalización de fondos documentais e arquivos (Mondoñedo conta co arquivo da Provincia de Mondoñedo, posúe o Arquivo da Diocese e tamén o Arquivo Catedralicio, ,así como outros fondos privados de gran interese) que poden ser dixitalizados para un mellor coñecemento e estudo do patrimonio local así como do norte da provincia de Lugo.

  Apóstase tamén por dar a coñecer estes estudos a través de web e de códigos QR colocados en lugares estratéxicos, como son os puntos de sinalización de monumentos que obran hoxe na localidade, encamiñados a achegar información sobre os diversos monumentos e edificios senlleiros de Mondoñedo e que, a través deste códigos, se achega ampliación da información sobre os mesmos, podendo chegar a reproducir mesmo documentación orixinal dixitalizada previamente dende os arquivos.

Nesta mesma liña traballarase pola recollida de patrimonio inmaterial e dixitalización da mesma, relacionada coas formas de vida do noso pasado que se manteñen na memoria local e que serven tamén para unha mellor comprensión do mantemento das formas e saberes tradicionais que se pretenden manter nas recuperacións edilicias.

- Mondoñedo "Smart City": Encadrado dentro deste eido da dixitalización e posta en valor a través de novas tecnoloxías, esta o proxecto "Smart City". Este proxecto está concibido desde unha perspectiva estratéxica que consiste en combinar a xeración de novas infraestruturas para usar, coa integración de elementos intelixentes para a eventual concesión do recoñecemento de Smart City (Smart City) ao Concello de Mondoñedo polo Ministerio de Industria , Enerxía e Turismo. Así, o proxecto concíbese co desenvolvemento paralelo de plans diferenciados -fundidos nun propio dentro do mesmo marco estratéxico-; (I) Plan integral de mellora de infraestruturas e (II) Plan de inclusión de Tecnoloxías da Información (TIC) a través da integración de elementos intelixentes no Concello de Mondoñedo. (*En relación con isto inclúese o documento Mondoñedo Smart City, nos anexos do presente documento*)
- Elaboración de proxectos de obra nova e rehabilitación en xeral encamiñados á mellora da eficiencia enerxética. OP1 e OP2. Como exemplo: Continuación da mellora da iluminación pública en toda a área Rexurbe para facilitar a circulación pola rúa en momento de pouca luz e para a mellora do aforro enerxético.
- Mellora da accesibilidade universal. OP1 e OP2.
- Redacción de proxectos encamiñados á conservación e uso de materiais tradicionais propios da zona. OP2.
- Rehabilitación de vivenda de titularidade municipal (Mestres) e Rehabilitación de vivenda particulares (Área Rehabilitación)

Liña 2: rehabilitación e mellora da trama urbana

- **OP1: Datoación e renovación de servizos**
  - OE1: Detección de problemas nas redes de servizos existentes
  - OE2: Renovación e mantemento de servizos existentes
  - OE3: Dotación de novos servizos (Internet, gas, etc.)
- **OP2: Mellora de firmes e sinalización**
  - OE1: Renovación de firmes acorde coa estética do casco histórico
  - OE2: Detección de falta de sinalización ou sinalización incorrecta
  - OE3: Colocación de sinalización adecuada ao conxunto histórico e adpatada a persoas con discapacidade
- **OP3: Mellora da accesibilidade universal**
  - OE1: Supresión de barreiras arquitectónicas
  - OE2: Calmado do tráfico
  - OE3: Priorización do tráfico peonil fronte o vehículo privado
  - OE4: Aprobación dun plan de mobilidade universal sostible
- **OP4: Mantemento da tipoloxía e condicións estetéticas tradicionais acordes ao entorno**
  - OE1: Evitar actuacións que danen o patrimonio
  - OE2: Emprego de materiais e técnicas tradicionais nas actuacións
  - OE3: Execución dos traballos por profesionais especialistas e cualificados

Actuacións da Liña 2: rehabilitación e mellora da trama

- Supervisión e Control da calidade dos servizos públicos (auga, electricidade, internet,…) a través de empresas cualificadas do sector (OP1).
- Continuación coas melloras dos servizos de abastecemento de augas e recollida de pluviais e/ou fecais nas obras que se acometen de mellora de rúas. (OP1-OE2 e OE3)
- Continuación coa mellora e soterramento das liñas de luz existentes en Área Rexurbe (OP1-OE2 e OE3)
- Continuación da mellora e instalación de fibra óptica que na actualidade está a facer ADAMO e que xa ten feito R nesta cidade (OP1-OE2 e OE3)
- Nos traballos de recuperación /ampliación de vías existentes recuperaranse os pavimentos de chapacuña ao estilo tradicional e estética mindoniense naqueles naquelas vías interiores de Rexurbe que non o posúan ou incluso manter o adoquín tradicional en rúa Álvaro Cunqueiro e San Roque si dende Patrimonio se estima oportuno por ser Camiño de Santiago (OP2-OE1).
- Continuación da sinalización do Casco Histórico e arredores dos bens patrimoniais e dos recursos seguindo a normativa da Consellería de Cultura. Dixitalización da

sinalización para poder acceder a ela dende a web e a través de códigos QR facilitando así a súa accesibilidade. (OP2-OE2 e OE3 e OP3) Paneis explicativos en tres idiomas (galego, castelán e inglés) con códigos de acceso a complementos desta información para uso de smartphone.

- Mellora da accesibilidade universal (OP3). Ampliación de rúas existentes para desconxestionar o tráfico en Mondoñedo (Camiño da Valada e Rocha Vélez/Os Castrso). Apertura de novos aparcadoiros a carón do Casco Histórico (ao pé da Igrexa Parroquial de Santiago). Potenciación de aparcadoiros existentes: en Alcántara, Rúa Vilalba, Campo dos Paxariños, … Con isto priorízase ao peón ante o vehículo e suporá unha redución do tráfico dentro da área Rexurbe.
- Nesta mesma liña proponse a elaboración e aprobación dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible no ano 2021. Un PEMUS que recolla todas estas liñas propostas de melloras na mobilidade e na accesibilidade aquí propostas (OP3 – OE4) e que se realizará fondos propios do concello.
- Continuación da mellora da iluminación pública en toda a área Rexurbe para facilitar a circulación pola rúa en momento de pouca luz e para a mellora do aforro enerxético (OP3-OE1)
- En todos os proxectos de reforma, así como nos novos, que saian da administración local priorizarase a supresión de barreiras arquitectónicas (OP3-OE1).
- Humanización de espazos e establecer mecanismos de convivencia efectivos entre persoas e vehículos coa mellora de aparcadoiros, prioridade ao peón nas vías públicas, redución da velocidade interior e peonalización puntual por épocas do ano, de rúas e espazos públicos co fin de promover o espazo humano (OP3-OE2 e OE3)
- Existe a necesidade dunha intervención no contorno da Residencia de Anciáns para converter ese espazo nunha zona para que poidan interactuar os residentes.
- Control das obras a realizar dentro da área e sometelas á supervisión de Patrimonio cando proceda para evitar danos e deteriores en elementos de interese histórico.
- Potenciar a rehabilitación fronte á obra nova en edificios históricos para así protexer tipoloxías e poder potenciar sistemas e técnicas tradicionais así como produtos propios da zona fronte e elementos alleos.
- Aparcadoiros disuasorios (Rocha de Vélez, Casas Novas e merca de novos terreos)
- Melloras en prazas e xardíns

10.2. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DEMOGRÁFICO

Unha actuación transversal (OP1, OP2 e OP3) deste eido a destacar é a iniciativa de dinamización demográfica ”Mondoñedo Rexurde” con catro accións:

1. 1ª acción: captar xubilados e pensionistas que busquen lugares tranquilos e con todos os servizos para fixar a súa residencia aquí.
2. 2ª acción: O valor patrimonial do Casco Histórico convertendo Mondoñedo nunha cidade ideal para escribir, compoñer pintar etc. habilitando vivendas para estancias temporais de artistas
3. 3ª acción. Captación de posibles emprendedores ou empresas. Mondoñedo como sede de empresas de base tecnolóxica dotados de fibra óptica en todo o Conxunto Histórico.
4. 4ª acción.- Cidade de familias, creando bolsas de aluguer para facilitar o acceso aos inquilinos e creación de voluntariado.

Outras dúas actuacións transversais encaixables neste bloque, elaboradas polo Concello de Mondoñedo, que aportan mellora as condicións de vida da poboación, seguridade e sostenibilidade nos proxecto para a sociedade, son:

- O “Plan de acción para o Clima e a Enerxía do Concello de Mondoñedo”, elaborado a partir da inclusión de Mondoñedo no Pacto de Alcaldes e que senta as bases de actuación na liña da sotenibilidade (Ver documento Completo en Anexos)
- O “Plan Especial de Adaptación fronte os Riscos de Inundacións e Incendios derivados do Cambio Climático no Concello de Mondoñedo” que aporta a seguridade e o bo facer neste eido en caso de necesidade. (Ver documento completo en Anexos)

Trátase, como se pode ver, que son accións que facilitarán a calidade de vida, a seguridade da sociedade e a sostenibilidade dos proxectos e que facilitarán o fomento do aluguer, que serán un punto forte na atracción de novos residentes e que, en definitiva, van a mellorar as condicións de vida dos residentes pola seguridade extra que aportan a Mondoñedo.

A seguir a liña 3 correspondente a este ámbito.

Liña 3: contención do despoboamento e atracción de novos habitantes

- **OP1: Fomento do aluguer**
  - OE1: Adquisición de inmobles polo concello ou organismos públicos para a súa rehabilitación e posta en aluguer
  - OE2: Axudas a propietarios de vivendas deshabitadas para a súa rehabilitación e posta en aluguer
- **OP2: Mellora das condicións de vida dos residentes**
  - OE1: Axudas a propietarios de vivendas habitadas para o seu mantemento e rehabilitación
  - OE2: Axudas para a mellora da eficiencia enerxética e/ou a accesibilidade
- **OP3: Atracción de novos residentes**
  - OE1: Aumento da oferta do parque de vivendas rehabilitadas á venda dentro do casco urbano
  - OE2: Búsqueda de novos nichos de mercado para a vivenda (traballadores en Modoñedo que viven fora, emigrantes co desexo de retornar, mercado internacional, etc.)
  - OE3: Promoción da adqusición de vivendas como segunda residencia de vacacións.

Actuacións da Liña 3: contención do despoboamento e atracción de novos habitantes

- Evitar a perda de poboación do municipio e da área Rexurbe a través da dinamización de alugueiros para vivenda en condicións óptimas, negocio, oficinas, usos turísticos, etc. (OP1, OP2 e OP3)
- Adquisición de inmobles por parte do IGVS e do Concello, así como doutras administracións públicas, encamiñados a rehabilitación dos mesmos para os fins Rexurbe de dinamización económica e social (OP1-OE1)
- Aposta por ofrecer inmobles para instalar novos modelos de residentes con figuras como o “cohousing” (OP1, OP2 e OP3) xa que se converte nunha figura transversal que fomenta o aluguer, mellora as condicións de vida dos residentes ao facilitar a colaboración social e permite que sexa un atractivo máis para futuros novos residentes.
- Seguridade sanitaria. Levaranse a cabo proxectos de rehabilitación de para a obtención de vivendas 100% seguras desde o tipo de vista sanitario, así como baixos comerciais con esta mesma filosofía. Con espazos axeitados para unha correcta limpeza e desinfección que posibiliten un espazo 100% seguro. (OP1, OP2 e OP3). Esta filosofía dará lugar a unha maior facilidade de alugueiro, a que os residentes teñan unha mellor calidade de vida e suporá un punto de atracción importante para novos residentes, dado que esta é unha característica moi demandada na actualidade.

- Establecemento da axudas propias da área Rexurbe e colaboración coa cidadanía na tramitación doutras axudas da administración pública compatibles con Rexurbe para os fins aquí perseguidos ou outros compatibles con estes (OP1 – OE2, OP2).
- Actuación dunha iniciativa de dinamización demográfica "Mondoñedo Rexurde" . Con catro accións (OP1, OP2 e OP·):
    - 1ª: captar xubilados e pensionistas para fixar a súa residencia aquí.
    - 2ª: Valor patrimonial do Casco Histórico converténdose nunha cidade ideal habilitando vivendas para estancias temporais de artistas.
    - 3ª:Captación de emprendedores ou empresas como sede de base tecnolóxica dotados de fibra óptica.
    - 4ª:Cidade de familias, creando bolsas de aluguer para facilitar o acceso ós inquilinos e creación de voluntariado.
- Subvencións e xudas para baixos comerciais e para a implantación de nova empresa. Bonificacións a nivel concello para a dinamización empresarial, "Doing Business" (OP3).
- Facilidades para a instalación de nova empresa no Polígono Industrial creando así novos postos de traballo e consolidando poboación (OP3)
- Rehabilitación de vivenda de titularidade municipal (Mestres) e Rehabilitación de vivenda particulares (Área Rehabilitación).
- Obras de urbanización e aparcadoiros disuasorios
- Melloras de prazas e xardíns
- Mellora da sinalización turística
- Mellora da eficiencia enerxética

Este apartado estaría composto pola conxunción de todo o plan, tal como se citou con anterioridade, pois a mellora na oferta de vivenda facilitará a chegada de nova poboación e conseguirase cubrir a demanda existente da mesma que hoxe non está satisfeita. Tamén hai que considerar que estas vivendas van destinadas a poñelas en marcha a nivel económico: nova empresa, oficinas, uso turístico, baixo comercial, hostalería, etc.

Por outra banda as accións de rehabilitación en si mesmas dan lugar á creación de novos postos de traballo que, segundo as estimacións, varían de entre 56 e 63 postos por cada millón de euros investido, así como o establecemento de empresas na localidade coa conseguinte carga poboacional de persoas en idade "activa" e de familias, en moitos casos.

A execución das obras en si mesmo sería un revulsivo social tamén complementario ao resto do plan.

Por último, para este bloque, estaría o apoio ás empresas incluído neste plan e marcado especificamente na liña seguinte, que sería un xeito máis de conter o despoboamento e favorecer a atracción de novos habitantes.

10.3. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ECONÓMICO E SOCIAL

Na área económica e social preséntanse moitos diversos obxectivos e áreas de actuación. As que seguen son os exemplos da mesma:

- Incentivación á implantación e mantemento de establecementos comerciais
- Produción do turismo
- Atracción e creación de novas empresas e profesionais
- Atraer a promotores e construtores para que invisten en rehabilitar edificacións
- A administración local lidera unha estratexia para atraer poboación combinando iniciativas privadas e lidera 4 campañas estratéxicas que coloque Mondoñedo como municipio para investir e vivir.
- Implantación dun centro de menores no municipio nun inmoble propiedade do Concello o cal habilita a planta baixa e primeira para estes servizo cunha superficie en planta baixa de 309,59m^2 e na planta primeira de 309,32m^2. Na planta segunda a implantación de vivendas a disposición de familias con nenos ou maiores (espazo coliving) nunha superficie de 308m^2 e planta baixo cuberta: 198m^2.
- Potenciación, en xeral, de novos modelos de residencia como o “cohousing” enlazando así estas medidas coa liña anterior.
- Mellora da calidade de vida de todas as persoas, especialmente con mobilidade reducida ou algunha discapacidade.
- Promoción da igualdade na participación equitativa en todos os ámbitos entre homes e mulleres.
- Facilitar o acceso á vivenda para a xuventude.
- Vivendas de uso temporal para colectivos con dificultades
- Proxectos para fixar poboación
- Seguridade sanitaria. Levaranse a cabo proxectos de rehabilitación de para a obtención de espazos 100% seguros desde o tipo de vista sanitario. Tanto en zonas comerciais e de rehabilitación enfocada á economía como na parte dos inmobles destinados a vivenda. Espazos axeitados para unha correcta limpeza e desinfección que posibiliten un espazos 100% seguros. (Ligado ás liñas 4 e 5). Esta filosofía dará lugar a unha maior seguridade ás persoas que se movan nestes espazos e facilitará o acceso a vivenda a colectivos desfavorecidos que son, ademais, colectivos que soen ser máis sensibles en termos sanitarios.

A seguir a liña 4, 5 e 6 que son as tres liñas deste ámbito económico e social.

Liña 4: Desenvolvemento económico da área

- **OP1: Incentivación á implantación e mantemento de establecementos comerciais**
  - OE1: Acondicionar os baixos dos edificios rehabilitados como locais comerciais
  - OE2: Promover o comercio de produtos artesáns e agroalimentarios de productores locais
- **OP2: Promoción do turismo**
  - OE1: Promover a rehabilitación e posterior promoción turística de inmobles con valor histórico e patrimonial
  - OE2: Facilitar a venda ou aluguer de inmobles rehabilitados para o seu uso como hotel, restuarante, etc.
  - OE3: Promover o establecemento en locais e edificacións rehabilitadas de empresas relacionadas co turismo de natureza
  - OE4: Dedicación de inmobles ou locais a actividades culturais, obradoiros, talleres, etc.
  - OE5: Colaboración con Universidades e outras institucións eductativas para a relización de cursos, xornadas formativas, congresos, etc.
- **OP3: Atracción e creación de novas empresas e profesionais**
  - OE1: Promover o establecemento de empresas realicionados cos sectores productivos do municipio
  - OE2: Axudas para a creación de novas empresas, autónomos e novos emprendedores
  - OE3: Facilitar a implantación de empresas ou profesionais freelance que desenvolvan a súa actividade a través de Internet
  - OE4: Colaboración con Universidades e centros de Formación Profesional para a atracción e asentamento de novos profesionais no municipio.

Actuacións da Liña 4: Desenvolvemento económico da área

- Dinamización económica e social con apoio directo á empresa a través das axudas Rexurbe (OP1)
- Ofertar a primeira área Rexurbe de Galicia, Mondoñedo, como espazo para "Outlets" das grandes cadeas. Como unha oportunidade de inversión e aproveitamento de recursos sociais e económicos, potenciado dende a administración, co fin de recuperar espazos tradicionais de negocio e de contacto coa poboación dun xeito máis directo (OP1 e OP3).
- Rehabilitación de inmobles enfocados a usos turísticos. Rúa Pardo de Cela /Afonso VII cun edificio que se adicará a albergue e vivendas de uso turístico –en execución- (OP2). Colaboración coa empresa dende o concello para axudas na súa rehabilitación.

- Facilitar os trámites administrativos e burocráticos en xeral para novos establecementos e colaboración na tramitación e solicitude de subvencións e axudas destinadas a particulares (transversal).
- Continuación da colaboración coas universidades galegas para traballos patrimoniais e de promoción. Continuación da colaboración coa UDIMA para novas tecnoloxías vencelladas a proxectos turísticos e patrimoniais. (OP2-OE5 e OP3-OE4).
- Colaboración con entidades locais como é a Asociación Batitales para cursos formativos e congresos vencellados á rehabilitación en construción e usos de materiais tradicionais de man de profesionais do sector (OP2-OE5)
- Dar maior facilidades a institucións públicas e privadas para aceso ao uso de locais para accións formativas no eido Rexurbe así como desenrolar novos espazos desta liña como o centro "Muíño de Amandino" para a formación de novos profesionais.
- Sinaturas de novos convenios de traballo enfocados ao asentamento de novos profesionais no municipio en base a novas perspectivas de negocio e novas actividades formativas coordinadas dende o concello (OP3-OE4)
- Fin do desenrolo e posta en marcha do proxecto de centro formativo "Muíño de Amandino" para a formación de futuros profesionais en técnicas de rehabilitación e recuperación do patrimonio.
- Atracción e creación de novas empresas e profesionais (OP3): Aloxamentos con fórmulas compartidas de talleres de traballo, viveiros de empresa ou profesional autónomo na mesma edificación.
- Tendo en conta as novas normativas, búscase aproveitar os novos produtos innovadores que crean as políticas públicas na área Rexurbe coa aposta polas tendas de venda de produtos creadas en aldeas modelo (OP3).
- Subvencións e xudas para baixos comerciais e para a implantación de nova empresa. Bonificacións a nivel concello para a dinamización empresarial, Mondoñedo Concello Emprendedor ("Doing Business") (OP3).
- Aplicación de deducións fiscais contempladas nas ordenanzas municipais.
- Mellora da infraestrutura de fibra óptica e conexións de alta velocidade con empresas como ADAMO, R, etc. que xa teñen instalada a súa rede en Mondoñedo, para que poda ampliala e mellorala facilitando a instalación de teletraballo e conexión web de calidade que permita o desenrolo de negocios dixitais que podan implantarse en Mondoñedo (OP3-OE3)
- Facilidades para a instalación de nova empresa no Polígono Industrial creando así novos postos de traballo e consolidando poboación (OP3)

Liña 5: facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultades

- **OP1: Mellora da calidade de vida das persoas con movilidade reducida e/ou algunha discapacidade**
  - OE1: Axudas para a supresión de barreiras e adaptación de vivendas e locais comerciais
  - OE2: Parque de vivendas adaptadas de xestión pública para aluguer a persoas con poucos recursos
- **OP2: Facilitar o acceso a vivenda para a xuventude**
  - OE1: Promover a aluguer de vivendas con opción a compra
  - OE2: Aumentar a oferta de servizos, dotacións e actividades para atraer á xuventude
  - OE3: Promover novas modalidades de aluguer
- **OP3: Vivenda de uso temporal para colectivos con dificultades**
  - OE1: Reserva de vivendas públicas para uso temporal por vítimas de violencia, persoas desafiuzadas, inmigrantes, etc.
  - OE2: Colaboración con organizacións sen ánimo de lucro.

Actuacións da Liña 5: facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultades

- Garantir a función social da vivenda a través da mobilización da vivenda baleira con convenios cos propietarios para a xestión municipal das mesmas ou condicionando o alugueiro dos locais e espazos rehabilitados dentro do plan Rexurbe a través dos convenios para subvención das obras (transversal).
- Desenrolo de proxectos encamiñados á supresión de barreiras e adaptación da vivenda aos novos tempos para poder instaurar teletraballo, facilitar a instalación de novos negocios e usos turísticos da vivenda nova así como a posibilidade de novos espazos de oficina, todo a prezos asumibles (OP1)
- Facilitar a emancipación da xuventude a través da bolsa de vivenda en alugueiro sostible xestionada polo concello grazas á rehabilitación realizada dende o plan Rexurbe, así como facilitar a creación de novos negocios e empresas con subvención ou con bonificacións á empresa (OP2)
- Destinar vivendas para apoio en situacións de emerxencia residencial (familias con tódolos membros en situación de desemprego, vítimas de violencia de xénero, situacións de desafiuzamentos, etc.).
- Facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultade (OP3):
  - Vivendas de cooperación entre colectivos: alugueres vinculados entre si, de xeito que uns adxudicatarios (xuventude ou persoas con dificultades para asumir o custo dun aluguer ou a compra dunha vivenda), adquiran o compromiso social de apoio a outros adxudicatarios que precisen axuda como persoas maiores, discapacitados, etc.

- Consolidación do centro de menores en Mondoñedo adicado a persoas en risco de exclusión que está a piques de entrar en funcionamento (OP2 e OP3) con posibilidade de ampliación de servizos do mesmo podendo acoller a persoas nas primeiras etapas da súa emancipación.
- Novas modalidades de alugueiro para a xuventude (OP3, OE3):
    - Vivendas transitorias en aluguer por un período de tempo máximo de 3-4 anos, ata que a persoa poida conseguir un emprego estable e mellorar a súas condicións laborais.
    - Opcións de alugueiros compartidos para a xuventude, regulados polo persoal municipal.
- Control deste apartado dende os Servizos Sociais do Concello como continuación da súa labor do día a día, xa que están ao tanto da realidade local e teñen unha visión axeitada das necesidades destes colectivos en Mondoñedo podendo así optimizar a inversión realizada neste eido (transversal deste apartado).

Este apartado é a consecuencia das obras de rehabilitación de inmobles e posta en marcha dos mesmos ben sexa de alugueiro ou de outros usos contemplados en Rexurbe que reactivarían a vida social e económica da cidade.

Unha vez executadas as obras, estas darán lugar a unha bolsa de vivenda que permitirá cubrir esta liña de actuación e que terá continuidade máis aló desta fase do Rexurbe aquí proposta. Así como permitirá que estes colectivos, poda mellorar a súa situación unha vez que teñen vivenda estable e, pola mesma, poden acceder a axudas para e locais para poder poñer en marcha novos negocios que lles permitan saír desta situación de risco.

Liña 6: Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración público - privada

- **OP1: Concienciar a poboación sobre a importancia da rehabilitación e do mantemento das suas propias vivendas.**
  - OE1: Realización de campañas de concienciación en asociacións de veciños, centros de formación.
  - OE2: Elaboración de folletos, guías, organización de xornadas, cursos, etc.
  - OE3: Concienciar da importancia de que a rehabilitación sexa feita por profesionais, coidando a estética e o emprego de materiais e técnicas tradicionais.
  - OE4: Facilitar o contacto entre propietarios e profesionais do sector.
- **OP2: Explicar as vantaxes da inversión en rehabilitación para empresas, comerciantes e profesionais**
  - OE1: Concienciar sobre a importancia de manter o establecemento ou edificación, acorde exterior e interiormente á tipoloxía do casco antigo
  - OE2: Promocionar as vantaxes que ofrece a ubicación no centro do municipio, así como o valor engadido que aporta a porpia edificación histórica ao negocio.
- **OP3: Atraer a promotores e constructores para que invirtan en rehabilitar edificacións**
  - OE1: Concienciar sobre a revalorización que se pode obter con estas actuacións.
  - OE2: Organizar campañas, promocionar o concello en feiras e congresos do sector, etc.
  - OE3: Establecer convenios entre entidades públicas e privadas
  - OE4: Dar a coñecer oportunidades de inversión en rehabilitación
- **OP4: Faciliar e axilizar os tramites administrativos para a obtencion de permisos e licencias para a rehabilitacion de vivendas e locais comerciais**

Actuacións da Liña 6: Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración público - privada

- Concienciar, informar e promover o respecto e o deber pola conservación dos edificios a través de cursos, congresos, accións formativas, workshop, desenrolo do centro formativo "Muíño de Amandino", etc. en colaboración coa UDIMA, universidades galegas, Escola de Restauración de Pontevedra, IES San Rosendo de Mondoñedo e asociacións como Asociación Batitales coordinando todos os esforzos para levar a cabo unha concienciación xeral da poboación en xeral, inversores e empresas en particular. (transversal).
- Elaboración de publicacións, guías, folletos, webs, … que recollan os traballos presentados nas diversas accións formativas e divulgativas para poder aproveitar a súa influencia na poboación e no tecido industrial e de inversión máis aló das

interaccións directas entre todos dentro de congresos, cursos, actividades formativas, etc.

- Fomentar a participación cidadá tal como xa se inclúe neste Plan de Dinamización e por calquera outro medio que poda ir surxindo. Potenciar a ferramenta de Participación Cidadá que o concello ten desenrolada en ordenanza propia (OP1) para que haxa un diálogo entre o que se fai, o que se amosa dende a administración e o que a poboación ve, considera ou demanda do plan para poder ilo perfilando e adaptando á cambiante realidade social.
- Promover a inversión e a colaboración público – privada:
    - Desenvolvemento dunha web e aplicación móbil con información de oportunidades de inversión en rehabilitación, inventario de vivendas e locais xa rehabilitados en venda ou aluguer, listado de profesionais especialistas na rehabilitación de edificacións e locais comerciais, axudas e subvencións dispoñibles para este fin.
    - Estudo da posibilidade de unir interiormente dúas edificacións situadas contiguas, conservando o seu aspecto tradicional.
- Facilitar os trámites a través dunha Oficina Rexurbe que saiba que se pode facer e que non en cada momento e permita a simplificación administrativa (OP4) facilitando así a inversión e a atacción de empresas e profesionais do sector para traballar en Mondoñedo (OP2 e OP3)

Esta é unha liña parella a todo o anterior. A concienciación da rehabilitación levarse a cabo a través da participación social, a través de accións formativas e charlas relacionadas con este eido, tal como xa se están a realizar neste Concello.

Ademais a propia rehabilitación creará a conciencia social das súa avantaxes e da positividade da colaboración público-privado pois ao final, dende o punto de vista da propiedade a rehabilitación é tamén unha inversión de interese pois ponse en activo unha propiedade que está, na maior parte dos casos, parada a nivel económico polo alto nivel de deterioro.

10.4. CRONOGRAMA

As liñas básicas de actuación que se recollen aquí están activas en casos como a recuperación de espazos urbanos ou o traballo para frear a caída poboacional ou o apoio á empresa.

Tendo Mondoñedo ademais unha Área de Rehabilitación declarada, os traballos realizados nesta liña están a día de hoxe activos e o Rexurbe sería un reforzo dos mesmos para acadar os obxectivos aquí propostos co que as accións de rehabilitación son accións que tamén xa se están dando e que van a seguir no futuro.

A diferencia é que na área Rexurbe as rehabilitacións levan un marcado carácter económico e social, como se indicou ao ir destinadas á creación de vivenda de alugueiro, establecemento de hostalaría – restauración, empresas, oficinas, etc. ou vivenda incluso con baixo é zona comercial activa.

No seguinte cadro achégase cronograma estimado das accións si nos cinximos só ao Rexurbe, pero, como se ten indicado, hai que ter en conta que estas accións xa se están levando a cabo no Concello e van a seguir levándose a cabo despois de finalizada esta fase.

	2021	2022	2023	2024	Anos seguintes
LIÑA 1					
LIÑA 2					
LIÑA 3					
LIÑA 4					
LIÑA 5					
LIÑA 6					

Indícanse que as liñas 3 a 6 continuarán despois de finalizada esta primeira fase Rexurbe pois as sinerxías creadas así como o traballo dende o concello darán lugar a que as melloras levadas a cabo dean os seus froitos durante o programa e en vindeiros anos.

Na liña 3, que refire ao freo ao despoboamento e a atracción de habitantes, as sinerxías creadas e a infraestrutura consolidada dará lugar a plans de promoción e apoio despois de executado esta fase do Rexurbe.

Na liña 4, o concello seguirá traballando, como xa o ten feito en datas previas e actuais, para a mellora económica, apoiándose tamén no traballo feito nesta etapa coa mellora de baixos comerciais e outras axudas, non incluídas nesta memoria, que o Concello mantén activas como apoio a novas empresas.

Na liña 5, de facilitar o acceso á vivenda a colectivos desfavorecidos, é obvio que, tras a rehabilitación das vivendas, este novo paquete residencial vai a seguir activos en anos vindeiros e obras executadas no último ano desta fase, terán que poñerse en marcha nese mesmo ano e nos seguintes.

Por último, no relativo á liña 6, tendo unha Área de Rehabilitaicón Declarada e un Rexurbe, é obvio que vai a seguir activa, concienciado dos beneficios da rehabilitación e recuperación urbana.

De aí que o cronograma se inicie cos plans de rehabilitación de vivenda, de espazo urbano e de apoio económico, así como na liña da concienciación social sobre a rehabilitación e que nunha segunda fase se poñan en marcha a función social das obras executadas, así como que estas continúen máis aló destas datas establecidas polas sinerxías xeradas e polo paquete de vivenda creado para poder aproveitalo ao máximo.

Por último é preciso engadir unha nota acerca do ano 2020 no que se comezaron actuacións previas do Plan Rexurbe como foi a adquisición de inmobles por parte do IGVS que serán destinadas aos fins propostos neste Plan de Dinamización e que se expoñen no presente documento.


11. RELACIÓN DE OBRAS, ACTUACIÓNS E INTERVENCIÓNS.

Considerando todo o indicado ata o momento e para acadas os obxectivos propostos con anterioridade, proponse unha serie de intervencións nunha área específica que poderiamos definir como **ÁREA DE ACTUACIÓN PRIORITARIA** dentro da área Rexurbe.

Os criterios obxectivos serian empezar por intervir nos edificios en peor estado de conservación que ademais están a ocasionar danos e perxuizos importantes nos colindantes que están rehabilitados e habitados.

Estas actuacións pódense establecer en tres bloques que serían intervención en vivendas, intervención en públicos e intervención de apoio e potenciación empresarial.

Todas estas accións non descartan iniciativas privadas que, baixo esta nova figura da rehabilitación como é o Plan Rexurbe de Mondoñedo, podan surxir e integrarse no mesmo.



Localización xeral de intervencións: 1-rúas Álvaro Cunqueiro e San Roque. 2-Praza de San Xoán. 3-Rúa Bispo Sarmiento. 4-Rúa Pardo de Cela. 5-RochaVélez-Rúa Os Castros-aparcadoiro. 6-Rúa da Valada.

11.1. CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA AREA REXURBE

Nas convocatorias de axudas de adquisición en conxuntos históricos e nas subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugueiro social, financiadas con fondos propios, o IGVS incrementará as súas axudas no caso de que o inmoble estea situado nun Área Rexurbe.

A maiores, xa no reparto de financiamento dos acordos específicos do programa de fomento da rexeneración e renovación urbana, tívose en conta a existencia dun área Rexurbe declarada para o reparto de fondos aos concellos, por parte do IGVS.

11.2. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA INICIATIVAS EMPRESARIAIS. NEGOCIOS E LOCAIS COMERCIAIS.

No relativo ás **intervencións para iniciativas empresariais habería que falar por un lado de realizar intervencións en inmobles encamiñados a levar a cabo unha actividade económica**, (trataríase, de comezar por inmobles en estado ruinoso que poden causar problemas aos que teñen ao pé co que son espazos prioritarios de intervención) **e, por outro lado, estaríamos ante accións de intervención na mellora de locais comerciais**.

Para este bloque estímase un **montante económico total de 2.629.000,00 €** a repartir entre as dúas accións deste apartado tal e como se propón a seguir e baseando este reparto entre iniciativa privada e subvención pública.

(No presente documento chégase unha estimación orzamentaria derivada das necesidades xerais detectadas e baseada na experiencia de rehabilitación urbana da Oficina Municipal de Rehabilitación de Mondoñedo)

Así, en primeiro lugar, hai que dicir que **os inmobles rehabilitados a través deste tipo de axudas** públicas, e outras pendentes de concretar, unha vez rematadas as obras, darían outra imaxe á cidade cunha mellora do tecido infraestruturas ligado ao negocio.

Estímase que para esta parte desta primeira liña a relativa á rehabilitación de edificacións **resulta preciso unha inversión total subvencionable de dous millóns trescentos vinte e nove mil euros (2.329.000,00 €) sen IVE**

Financiando as obras para acadar a súa rehabilitación integral cunha liña de axudas a particulares por parte da administración, de xeito que se poida facer máis con menos, establecendo unha porcentaxe de axuda do 30% do orzamento sen IVE, con un límite máximo por edificación de 100.000,00 €. Estimando deste xeito que a inversión total por parte da administración para financiar a rehabilitación de estes edificios quedaría en cincocentos doce mil douscentos vinte euros (512.220,00 €).

Serían obras, en parte, de gran calado que poderían superar o límite máximo subvencionable, como se ve nalgunha delas, co que o aporte sería menor ao 30% das obras, amosando así a gran implicación particular coa alta porcentaxe de investimento nas obras. Exemplos disto son as obras en Rúa Pardo de Cela /Afonso VII cor rehabilitación para vivendas turísticas e albergue e a de Rúa Bispo Sarmiento que tamén sería para fins turísticos.

Así, estímase que a parte da obra en execución (Pardo de Cela /Afonso VII) e das outras dúas previstas en Bispo Sarmiento, poderían contemplarse tres máis de calado importante ou varias menores que acaden este orzamento en base a sondaxes de

mercado feitos dende a Oficina de Rehabilitación. Así teriamos un cadro estimado como segue:

Resumo:

Intervención nº 01 -	110.700,00 € /	Subvención 33.210,00 €
Intervención nº 02 -	315.000,00€ /	Subvención 94.500,00 €
Intervención nº 03 -	281.700,00€ /	Subvención 84.510,00 €
Intervención nº 04-		
(Ex Bispo Sarmiento, 13) –	375.300,00 € /	Subvención 100.000,00 €
Intervención nº 05-		
(Ex Bispo Sarmiento, 15) –	438.300,00 € /	Subvención 100.000,00 €
Intervención nº 06-		
(Ex Pardo de Cela,) -	750.000,00 € /	Subvención 100.000,00 €
Totais	**2.329.000,00 €**	**Subvención 512.220,00 €**

(Aporte particulares: 1.816.780,00 €)

Considéranse tres casos de inversión máxima subvencionable, como se dixo, pero con previsión de que a inversión supere esta cifra, tal como se especifica nos datos aportados.

Exemplos destas obras son, os xa citados, dous inmobles en Rúa Sarmiento que pasarían a ser un só, con idea por parte da propiedade de rehabilitalo para usos turísticos e, un inmoble en Rúa Pardo de Cela /Afonso VII que está en plena rehabilitación para usos turísticos: Apartamentos turísticos e Albergue de Peregrinos. (*Detalles dos inmobles en Anexos ao Bloque III – "Obra en Rúa Sarmiento e Obra en Pardo de Cela"*)

A outra parte, dentro desta primeira liña, ven dada pola tendencia que se marca dende o concello que está a traballar para **potenciar á empresa e ao comercio local**. Establécense facilidades para implantación de industria, poténciase e promociónase o comercio de proximidade, etc.

Neste senso proxéctase unha liña de axudas para a **mellora de baixos comerciais** pensando en espazos para tendas de regalos, produtos orientados a servizos, comercio de proximidade de produto local, etc.

Estas axudas irían enfocadas aos propietarios a cambio de acordos co concello para aluguer.

Contarían cun orzamento estimado a aportar pola administración pública de noventa mil euros 90.000,00€, para cubrir unha inversión máxima dun 30% ata un máximo de 7.500,00€ por local comercial.

O 70% restante correría a cargo da iniciativa privada sendo así a inversión total de **catrocentos cincuenta mil euros 300.000,00€.**

Como exemplo desta medida hai que indicar que dentro da área Rexurbe de Mondoñedo hai máis de 150 negocios establecidos en locais comerciais. Son negocios que poderían precisar de melloras ou de acondicionamentos pois moitos deles son de antigo e este tipo de axudas conseguiría que o investimento fose moito máis racional, axeitado e asumible por parte da propiedade.

Como complemento disto apórtase parte da oferta de locais comerciais de Mondoñedo. En concreto da área Rexurbe. Oferta a comezos do ano 2021.

Con este panorama, as axudas como as propostas aquí, facilitarían a mellora da oferta de locais comerciais pois unha pequena reforma nos mesmos conseguiría unha adaptación plena ás necesidades do comercio no século XXI.

Por outra banda, locais que hoxe están fora do mercado inmobiliario, poderían entrar no mesmo cunha pequena reforma derivada dunha inversión por parte do propietario co aporte da administración, dando lugar a un local en óptimas condicións para entrar en funcionamento cunha inversión mínima ao verse reducida nun 30% (aporte da subvención), facendo que sexa moito máis atractivo este tipo de iniciativas.

Como último e como terceiro punto dentro desta primeira liña indicar que nos inmobles adquiridos polo IGVS a través d programa Rexurbe, rehabilitaranse os baixos dos inmobles adquiridos, ofertandoos para a implantación de iniciativas empresariais, negocios e locais comerciais, de conformidade co previsto no artigo 93 da lei 1/2019, do 22 de abril

O instituto Galego da Vivenda e solo apoiará a implantación de actividades dinamizadoras do ámbito nos locais da súa propiedade, con especial atención ao impulso das iniciativas sociais ou empresariais, ou apoio a persoas emprendedoras ou para o uso daqueles como viveiros de empresa, así como para proxectos que promovan o desenvolvemento económico e/ou cultural da área

A mesma consideración terán aquelas iniciativas sociais ou empresariais nas cales se acredite a contratación ou a permanencia no seu posto de traballo de mulleres embarazadas, aquelas que garantan a conciliación da vida familiar e laboral e mais iniciativas de fomento do emprego e da inserción laboral das mulleres, con especial atención ás vítimas da violencia de xénero. As ditas circunstancias teranse en conta como preferentes para a adxudicación

Estando por tanto o importe do IGVS comprendido dentro do importe estimado de rehabilitación dos edificios adquiridos, no apartado de adquisición e rehabilitación de inmobles

Nota: nos anexos do bloque III pode verse unha relación de baixos comerciais en: "*Relación de locais comerciais para aluguer dentro da área Rexurbe de Mondoñedo*"

11.3. ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo a través da Resolución do 4 de xuño de 2020 acordou realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra de inmobles situados no Conxunto Histórico de Mondoñedo e no Barrio de Os Muíños para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación para vivendas de protección oficial de promoción pública co fin da mellora e conservación e recuperación do patrimonio. Como resultado da oferta pública, vanse adquirir 13 inmobles en Mondoñedo, por un importe total 621.904 €, pendente todos eles de formalizar en escritura pública de compravenda.

O importe estimado da rehabilitación destes inmobles é de 4.870.800 €, o que implica un investimento total de 5.492.704 € nas seguintes anualidades:

2020: 621.904 €

2021: 1.437.252 €

2022: 1.500.000 €

2023: 1.500.000 €

2024: 433.548 €

Por outra banda o Concello de Mondoñedo está a tramitar a definitiva adquisición de dous inmobles sitos na rúa da Ponte nº 9 e 11 que teñen un valor estimado de 74.541,41€ e serán cedidos sen custe o IGVS para a súa rehabilitación.

Por outra banda unha vez formalizada a adquisición dos inmobles por parte do IGVS precisase realizar unha inversión na súa rehabilitación que será sufragada o 100% por parte da administración autonómica por un importe estimado nas anualidades 2021-2024 de 2.613.693,22 €.

2021: 65.342 €

2022: 1.048.351,22 €

2023: 1.000.000 €

2024: 500.000 €

(Ver fichas dos mesmos no Anexo ao Bloque III – "Fichas vivendas cedidas ao IGVS polo Concello para rehabilitación")

11.4. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS

Un segundo bloque estaría centrado na rehabilitación encamiñada á vivenda. Así teriamos dúas liñas dentro deste gran bloque

11.4.1. REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (MESTRES)

Proponse a rehabilitación de dúas vivendas (recentemente adquiridas polo concello de Mondoñedo) actualmente en un estado de conservación deficiente, co fin de ser alugadas de xeito que se poda recuperar o diñeiro invertido por parte do Concello de Mondoñedo.

As vivendas son as situadas na rúa Rigueira, nº 39 e nº 41, colindantes, ambas con problemas similares, necesidade de renovación de instalación de electricidade, sen sistema de calefacción, con deficiencias nas instalacións de fontanería, saneamento, necesidade de solución de problemas puntuais de humidades, ademais de renovación de acabados interiores, ademais de falta de calefacción e auga quente sanitaria. Proponse en ambos casos a súa rehabilitación a través do programa de mestres do IGVS, para o que o Concello de Mondoñedo presentará a preceptiva solicitude.

Estimando un orzamento total de inversión para ambas de 135.000,00 €

11.4.2. REHABILITACIÓN DE VIVENDAS PARTICULARES (ÁREA REHABILITACIÓN)

Para as vivendas particulares destinadas a residencia habitual proponse a continuar a asinar convenios da area de rehabilitación do -casco Histórico de Mondoñedo e barrios históricos de San Lázaro e Os Muíños, onde a súa meirande parte forma parte da area Rexurbe . Esta declaración de zona ARI prodúcese en Mondoñedo no 1998, e dende entón vense desenvolvendo accións especificas mediante a sinatura de convenios anuais, que supoñen que os particulares con vivendas en propiedade dentro da area poderá acceder as axudas económicas habituais para este tipo de áreas, que financiar en parte diferentes tipos de obras de reforma das súas vivendas. Podendo optar a obras de mellora de accesibilidade, rehabilitación enerxética, obras de mantemento e conservación de edificacións existentes.

Estimando polo tipo de obras que se veñen desenvolvendo Area de Rehabilitación de Mondoñedo que as contías económicas dos obras a realizar o amparo dos posibles convenios a asinar nos próximos catro años poderían alcanzar o orzamento de 1.443.802,13 € para rehabilitación de inmobles destinados a vivendas de particulares.

11.5. INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS

No relativo a accións sobre espazos públicos definíronse dúas áreas de intervención que mellorarían xenericamente accesos á cidade e desconxestionarían o tráfico dentro do casco urbano, ademais en ambos casos darían acceso a dous aparcadoiros que, localizados nas inmediacións do centro, suporían un lugar idóneo onde deixar os vehículos para logo proceder a moverse a pé pola cidade.

Un terceiro punto sería a rehabilitación dunha capela, localizada dentro dun conxunto con diversos servizos e que sería o remate na rehabilitación desta área.

A seguir abordaremos estes dous espazos achegando máis detalles sobre os mesmos e a correspondente estimación orzamentaria, así como o da rehabilitación da citada capela.

Todos os proxectos de execución, que así o precisen, será presentados perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación e a obtención dos pertinente permisos sectoriais.

11.5.1. AMPLIACIÓN ROCHA DE VÉLEZ /OS CASTROS E APARCADOIRO.

En primeiro lugar abórdase a ampliación do acceso pola rúa Rocha de Vélez e rúa de os Castros, ademais do acondicionamento dun espazo para estacionamento de vehículos con acceso dende Rocha de Vélez e que se situaría nuns terreos baleiros ao pé do antigo cemiterio municipal.



Rocha de Vélez (Esq.)

Esta intervención proponse porque sería preciso contar cun novo acceso á parte alta da cidade, onde se está a desenrolar un proxecto social en torno a Residencia da Terceira Idade San Rafael que conta ademais con Centro de Dia e con Unidade de Alzheimer.


Neste momento esta iniciativa está en plena ampliación da residencia coa conseguinte creación de novas prazas para internos e, como consecuencia disto, a creación de novos postos de traballo.

En definitiva, esta iniciativa social precisaría do apoio da administración para consolidar este movemento de dinamización que require adaptar os accesos ás novas necesidades do lugar.

Necesidades que se ven agravadas en momentos de celebración como son festas de San Lucas, As Quendas ou Os Remedios nos que o acceso ao centro asistencial quedan moi diminuídos debido á instalación da festa na zona de Os Remedios que hoxe son o acceso principal.

Para a apertura desta rúa xa se dispón xa dun anteproxecto da arquitecta Gloria Trigo Mayor, con un importe total para as obras de **catrocentos noventa e nove mil douscentos oitenta e seis euros con sesenta e catro céntimos (499.286,64€).** Anteproxecto incluído como un dos anexos do presente documento.

Por outra banda, as obras de acondicionamento para un aparcadoiro non teñen, polo momento, un proxecto definido para as mesmas. Con todo apórtase unha estimación sobre as parecelas afectadas que son, case todas elas, xa de titularidade municipal. **Establecendo unha estimación inicial de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€).**



11.5.2. AMPLIACIÓN CAMIÑO DA VALADA

Como segunda intervención destas características temos o acceso a rúa río de Sixto, o coñecido como camiño da Valada.

Este acceso chegaría ata a Praza de San Xoán onde xa está parcialmente urbanizada esta rúa.

As obras consistirían na ampliación do vial e na dotación dos servizos propios dunha área urbana.

Con esta ampliación daríase servizo aos Xulgados de Primeira Instacia de Mondoñedo, á zona da Alcántara, ao centro da cidade e ao aparcadoiro localizado na antiga horta do Convento da Alcántara.




Un servizo esencial para a comunicación co centro urbano, sobre todo en momento de actividades festivas como As San Lucas ou o Mercado Medieval no que as rúas do centro quedan cortadas polas actividades realizadas.

Sen un proxecto de execución, en base á experiencia previa e a medicións realizadas en gabinete, establécese unha estimación de **orzamento para as obras de trescentos mil euros (300.000,00€).**








Praza San Xoán
Xulgados
Aparcadoiro
Vial a ampliar
SABELO
PULPEIRO
CALLEPACHECO
CAMINO
PRAZA DE JAIME CABOT
CONVENTO LA ALCANTARA
CAMINO MAYORAL
CALLE PEÑA DE FRANCIA
FEBRERO
SIXTO
RIGUEIRA
24980
23990
25990
25988
25978

11.5.3. APARACADOIRO EN CASAS NOVAS E ADQUISICIÓN DE FINCA

Na actualidade estanse a executar as obras de acondicionamento de tres parcelas para aparcadoiro. As fincas encóntranse dentro do solo urbano, na actualidade en desuso pola perdida da actividade agrícola. As fincas en cuestión son as de referencia catastral 2601007PJ3120S0001QE con una superficie de 2.328m2, a de referencia catastral 2601035PJ3120S0001AE con superficie catastral 1.070m2, así como da cesión de unha pequena superficie da finca colindante pertencente a consellería de educación, por onde se producirá o acceso con referencia catastral 2703001PJ3120S0001KE.

A intención o proxectar este aparcamento por parte do concello e conseguir eliminar o aparcamento de vehículos nas rúas do Conxunto Histórico.

A problemática do aparcamento en Mondoñedo, resulta importante en alguns momentos puntuais, como as festas e feiras de as San Lucas, as Quendas, o Mercado Medieval… nos que acoden gran número de persoas a Mondoñedo, os xoves pola maña día no que se organiza un mercado semanal o que acoden persoas das diferentes parroquias de Mondoñedo. Ademais de ter en conta que Mondoñedo, aglutina gran número de servizos, xulgados, notaría, rexistro da propiedade, PAC, instituto de bacharelato, escola de música, extensión agraria, oficina de emprego, etc…. que fan que acuda un gran número de persoas a realizar trámites administrativos, especialmente polas mañás.

A intervención proxectada está condicionada tanto pola localización dos terreos, inmediatos o Conxunto Histórico e a proximidade da Igrexa de Santiago, de modo que se pretende teña o menor impacto posible, e que a actuación sexa facilmente reversible. Tratando de adaptar a explanada o perfil inicial do terreo, reducindo viais na zona próxima a igrexa, e realizandoos con firme de zahorra estabilizada, e dispoñendo as prazas de estacionamento con lousa céspede, completando a proposta con unha intervención de axardinamento dos espazos libres coa plantación de especies autóctonas. Incluíndo ademais a necesaria sinalización viaria, recollida de pluviais e alumeado publico.

Sendo o orzamento total das obras propostas para o proxecto de acondicionamento de tres parcelas para aparcamento en travesía casas novas 3 de 131.174,47€

Proponse ademais unha posible ampliación da zona de estacionamento que se está a executar coa adquisición de unha nova parcela de contigua a actual proposta por un importe de 26.000,00€

11.5.4. MELLORAS EN PRAZAS E XARDÍNS

PROXECTO ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DA CATEDRAL

A praza da Catedral é espazo libre de maior superficie da area Rexurbe de Mondoñedo. En ela conflúen a maior parte das rúas que baixan de dende a parte alta da cidade

A proposta de intervención trata de solventar os problemas de funcionamento (accesibilidade) coa premisa de respecto dos elementos que configuran o espazo arquitectónico actual

Proponse por unha banda unha ampliación de 2m do cantón grande cara o centro da praza (mantendo o sistema de escaleiras que salvan o desnivel entre o cantón e a praza) funcionando como gradas nos grandes acontecementos, e como platea dende a que observa a Catedral. A ampliación permitirá conseguir a accesibilidade o cantón desde la zona sur de la praza. Paralelamente a esta actuación no pavimento aproveitarase para renovar o saneamento que recolle as augas fecais da praza que están a causar grandes problemas nos locais comerciais que teñen acceso dende os cantóns da praza da Catedral.

Proponse incrementar o nivel de iluminación na fachada do cantón restaurando

Ademais de solventar os problemas de accesibilidade o Cantón por el Norte de feito que se poda eliminar o tráfico rodado da Praza.

A actuación consiste en adiantar o muro norte que salva el desnivel entre a praza e o cantón pequeno 5m cara a praza reconstruíndoo no seu estado actual (admitindo albergar unha rampla de escasa pendente) o que permitira ademais con una reordenación do tráfico urbano xa estudada, se elimine o tráfico del interior da praza da catedral.

O orzamento total das obras propostas para o proxecto de acondicionamento da praza da Catedral para mellora do uso público ascende á cantidade de 258.739,88 €

ACONDICIONAMENTO DO XARDÍN DA CASAS MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO

Proponse unha intervención que propón acondicionar o xardín da Casa Museo Álvaro Cunqueiro, e o acceso dende a rúa Lence Santar, para o que o Concello de Mondoñedo xa conta con un proxecto.

A recente posta en funcionamento da casa museo de Álvaro Cunqueiro na casa nº 13 da Praza de la Catedral e a inminente apertura do restaurante situado nas propias instalacións do museo, fan preciso o acondicionamento del acceso posterior que desde

la calle Lence Santar que comunica directamente coa pranta primeira da edificación a altura da cociña, de forma que constitúe unha mellora de acceso as mercadorías.

Por outra banda o acondicionamento posterior do xardín posterior da casa museo consigue mellorar a visión da parte traseira da edificación e permitindo a súa utilización como parte do restaurante, dotándoo dun espazo exterior do que gozar cando as condiciones climatolóxicas o permitan.

O orzamento total das obras a realizar para o acondicionamento do xardín e do acceso dende o calexón posterior ascende a cantidade de 48.393,20 €

11.5.1. PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO

En unha primeira fase acometerase a renovación do alumeado público exterior no Casco Histórico de Mondoñedo actuando en 134 dos 3.758 puntos de luz existentes, substituíndo as actuais luminarias provistas por lámpadas LED mais eficientes e actualizando 2 dos 134 cadros de mando existentes para adaptalos á normativa vixente. Con esta actuación diminuirase a potencia de 6,67Kw a 3,96Kw e se conseguirá un aforro enerxético estimado do 48,11%.

O orzamento total das obras a realizar se estima en 172.767,28€

UN SEGUNDO PROXECTO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO (FASE II).

Na segunda fase acometerase a renovación do alumeado público exterior no Casco Histórico de Mondoñedo (fase II) actuando en 112 dos 3.758 puntos de luz existentes, substituíndo as actuais luminarias provistas por lámpadas LED mais eficientes e actualizando 1 dos 134 cadros de mando existentes para adaptalos á normativa vixente. Con esta actuación diminuirase a potencia de 5,595Kw a 2,61Kw e se conseguirá un aforro enerxético estimado do 59,20%.

O orzamento total das obras a realizar se estima en 121.890,60€

Sendo o orzamento total das obras a realizar para as dúas fases inicialmente propostas de 294.657,88€

11.6. INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS

Todos os proxectos de execución, que así o precisen, será presentados perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación e a obtención dos pertinente permisos sectoriais.

11.6.1. REHABILITACIÓN DA CAPELA DA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA

Proponse unha intervención de reforzo dun conxunto de equipamentos públicos:

A rehabilitación da Capela da Orde Terceira Segrar Franciscana.


Esta construción, do século XVIII, formou parte do conxunto do antigo Convento de Alcántara hoxe desaparecido salvo nalgúns elementos como pode ser a Igrexa de San Pedro de Alcántara que agora é Centro Cultural de Alcántara – Centro de Interpretación do Camiño Norte.

A rehabilitación deste espazo suporía poñer fin ás obras nesa zona na que se concentran a Escola Municipal de Música, o Auditorio Municipal, O Albergue Municipal de Peregrinos, Os Xulgados e o citado Centro de Interpretación do Camiño Norte, así como un espazo de praza para aparcadoiro e para convivencia social con árbores e bancos, así como un aparcadoiro subterráneo.

Con isto pecharíase un proxecto cultural global para este entorno.

Esta rehabilitación estímase en douscentos oitenta e cinco mil euros 285.000,00€





Frecha vermella Centro Interp. Camiño Norte, frecha azul Albergue e frecha branca Capela.



11.6.2. ADQUISICIÓN E MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES

Ademais estase a tramitar un novo equipamento para a Area Rexurbe de Mondoñedo un centro de menores, para o cal foi adquirido a totalidade do inmoble situado na Avenida San Lucas , nº 9 (referencia catastral 2499009PJ3029N0001XT)por parte do Concello de Mondoñedo por un importe de 450.000,00€ chegando a un acordo coa entidade "fundación dignidade" para a súa xestión, entidade de carácter privado a que se cedeu parte do uso do inmoble no que que proxecta investir a cantidade de 127.623,15, para acondicionar parte do mesmo adaptándoo o uso de centro de menores.

O centro en unha primeira fase albergará un total de 15 menores en réxime de residencia ademais de dúas prazas para centro de día

Se trata de un proxecto para o que conta con licenza municipal, no que as obras xa deron comezo e se pretende poida entrar en funcionamento durante esta anualidade.

Tendo previsión a medio prazo de ampliar os servizos que se poidan prestar no inmobles

A inversión total desta intervención estimase en 577.623,15 €

11.6.3. AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO

Estase a levar a cabo a ampliación da residencia de maiores por parte da asociación de índole privado "Edad Dorada Mensajeros de la Paz" con una inversión de 544.713,29 € reforzando un equipamento fundamental para a cidade de Mondoñedo. Asentado dende fai moitos anos na parcela con referencia catastral nº 2300001PJ3120S0001SE a que se accede pola rúa dos Castros e a rúa Jose María Pardo Montenegro.

11.6.4. REFORMA DA CASA DA CULTURA

Con esta intervención pretendese recuperar a funcionalidade dun equipamento existente no Conxunto Histórico de Mondoñedo "A Casa da Cultura" cunha inversión de 96.800,00 € tratando de albergar en varias das estancias espazos axeitados para realizar actividades deportivas, realizando ademais obras de melloras de accesibilidade nos elementos comúns do inmoble.

11.6.5. PROXECTOS DE SINALIZACIÓN. PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

O proxecto para infraestruturas turísticas inclúe dúas actuacións:

Por unha banda unha aplicación informática con servizo de difusión de noticias e eventos, información sobre os recursos turísticos da area rexurbe, directorio de servizos e sistema de comunicación entre cidadáns e administración (compatible con todo tipo de terminais e dispoñible en galego inglés e español. Permitindo consultar noticias bandos comunicados,... funcionando ademais como guía turística, incorporando unha guía completa de lectura de códigos QR.

A información contida na aplicación consistirá en textos, fotografías e documentos (pdf, doc e similares) pero deberá ser compatible coa incorporación de outro tipo de recursos audiovisuais, para a publicación de contidos dinámicos, recepción de mensaxes, etc...

Con un custe para a aplicación informática de 13.915,00€

A intervención de rehabilitación e posta en valor da Fonte Vella, situada a pé do Camiño Norte, e coñecida como a fonte de Álvaro Cunqueiro, está situada fronte o Palacio Episcopal. Recollendo auga de varios mananciais levados á distancia por encima dun cerro, consta dunha bóveda subterránea. No 1929 substitúese a auga dos mananciais pola actual auga da traída. Deste cambio consérvanse en dependencias do concello unha colección de distintas pezas de tubería da época.

O proxecto proposto consiste na reparación de humidades, dos muros existentes, iluminación e peche antivandálico. Dándolle un valor engadido como un gran atractivo turístico, tanto como pola súa historia como pola súa localización.

Para complementar, instalarase un panel cultural explicativo en varios idiomas para dar unha ampla información ó visitante.

Con un custe para a rehabilitacion e posta en valor do recurso turístico de 36.406,96€

Sendo o custe total para infraestruturas turísticas de 50.321,96€

11.6.6. PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

O proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumeado ornamental da Catedral en Mondoñedo consistira na renovación do alumeado ornamental da Catedral actuando en 40 puntos de luz da iluminación ornamental da fachada da Catedral dos 3.758 puntos de luz existentes, substituíndo as actuais proxectores provistos con lámpadas de vapor de sodio de alta presión por proxectores LED mais eficientes.

Ademais incorporaranse 51 novos puntos de luz para a iluminación ornamental da fachada para mellorar a iluminación ornamental da fachada para mellorar a iluminación da fachada, sendo a mesma superficie iluminada anteriormente con 40 puntos de luz e na situación futura por 91 puntos de luz máis eficientes. Tamén se actualizará o cadro de mando da iluminación ornamental da Catedral supoñendo unha actualización de 1 dos 134 cadros de mando existentes no municipio, para adaptalo a normativa vixente. Con estas actuacións diminuirase a potencia da instalación de iluminación ornamental da fachada da Catedral de 10,76Kw a 1,76Kw e se conseguirá un aforro enerxético estimado do 70,98%.

A inversión total desta intervención estimase en 156.311,93€

11.7. MELLORAS NO PLANEAMENTO DA ÁREA REXURBE. REDACCIÓN NOVO PEPRI

Proponse a redacción de un novo "PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO (PEPRICH)" para o ámbito da area Rexurbe

A proposta basease na necesidade de revisión do PERI aprobada definitivamente o 13 de marzo de 1994, que non abrangue a totalidade do ámbito do Conxunto Histórico declarado no 1985, ademais de resultar anterior a primeira lei de patrimonio Galega (Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia) , xerando situacións de inseguridade xurídica pola súa antigüidade

Dándose a circunstancia da aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, cuxa disposición transitoria quinta (na redacción dada polo artigo 41 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) limita ata o 31 de decembro de 2023 o prazo no que os concellos que conten cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da anterior lei de Patrimonio (Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia) poderán seguir a exercer as súas competencias no ámbito do dito plan. Nese caso atópase o PEPRICH de Mondoñedo, que fora aprobado definitivamente o 24 de marzo de 1994.

A partir do vencemento do prazo sinalado, en cumprimento do artigo 58 da Lei 5/2016, o concello deberá someter todas as actuacións no ámbito do plan especial á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, situación que terá como consecuencia previsible unha xestión máis ineficiente e longa de calquera obra de rehabilitación ou mellora do ámbito histórico.

Na actualidade estase a tramitar un convenio coa Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo que se desenrolará dende a data de sinatura e ata que remate anualidade 2023.

Con esta intervención buscase conseguir unha maior seguridade xurídica e maior axilidade nos tramites, o que facilitará a iniciativa en todo o ámbito da Area Rexurbe

Sendo o custe total estimado para a redacción de un novo PEPRICH de 307.781,25€

Esta modificación será presentada perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación segundo a legalidade vixente.

11.8. ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN

Grazas a iniciativas como as que se iniciaron a facer no verán de 2014 e que deron lugar a constitución no ano 2016 de Batitales, unha asociación sen ánimo de lucro que desenrola as súas actividades no ámbito de Mondoñedo. En ocasións contando coa colaboración de outras asociacións como Espiga, coa colaboración da propia Oficina Municipal de Rehabilitación, o Casino de Mondoñedo e o propio Concello de Mondoñedo ademais do departamento de Cultura da Deputación de Lugo.

Se viñeron realizan diversas accións formativas nas que se tratou de dar a coñecer a singularidade arquitectónica, urbanística e paisaxística de Mondoñedo e do seu entorno, ademais de fomentar a recuperación do seu patrimonio construído mediante o emprego das boas prácticas. Fomentando da concienciación do valor histórico do conxunto construído de Mondoñedo , así como o respecto o mesmo. Traballando na organización de diversas actividades de índole didáctica e cultural que inclúen a divulgación, a formación, a documentación e a investigación. A implantación de boas prácticas e de traballo artesanal mediante a organización de xornadas, conferencias, cursos e talleres de recuperación de oficios tradicionais.

Proponse dan continuidade a actividade formativa e reforzar o tipo de actividades que se veñen a realizar dende fai 10 años

Sendo o custe total estimado para a realización de actividades formativas (charlas seminarios) e talleres de recuperación de técnicas tradicionais para as catro anualidades de 29.000,00€

11.9. ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA TOTAL

A todo o previo habería que engadir o gasto asignado e equipos técnicos que ascendería a 704.184,23 €

Así estímase unha contía global de inversión do ata aquí citado, entre todos os axentes que intervirían nas accións propostas, ascende a dezaseis millóns novecentos corenta e oito mil setecentos vinte e oito euros e sesenta e catro céntimos (16.948.728,64 €). Esta inversión inclúe administracións públicas e axentes privados e detallarase no Bloque IV de viabilidade económica.

Detalle por bloques:

Rehabilitación de inmobles para iniciativas empresariais	2.629.000,00 €
Adquisición e rehabilitación de inmobles	8.180.938,63 €
Rehabilitación de inmobles para vivendas	1.578.802,13 €
Intervención en espazo públicos	1.808.252,07 €
Intervencións en equipamentos	1.710.770,33 €
Mellora do Planeamento en Área Rexurbe	307.781,25 €
Actuacións formativas en materia de rehabilitación	29.000,00 €
Equipos técnicos	704.184,23€
TOTAL	**16.948.728,64 €**

12. NECESIDADE DE REALIZAR MODIFICACIÓNS URBANÍSTICAS

No relativo ás necesidades de modificacións puntuais do urbanismo dentro as obras proxectadas na área Rexurbe, hai que indicar que sería preciso de xeito claro nunha delas. Esta sería a ampliación da rúa Rocha de Vélez – Os Castros que incluiría a apertura dun novo tramo de vía para solventar o ancho da rúa nun tramo no que, polos edificios existentes, non seu podería ampliar e, polo tanto, non se podería dar o servizo pretendido con esta obra.

A outra zona que sufriría unha ampliación sería o Camiño da Valada que non precisa de modificación puntual, pero que se inclúe aquí por non haber un proxecto definitivo, tal como se explica a seguir.

12.1. MODIFICACIÓN PUNTUAL NA ÁREA DE OS CASTROS – ROCHA DE VÉLEZ POLA AMPLIACIÓN DO VIAL.

Tal como xa se expuxo, preténdese a ampliación do acceso pola rúa Rocha de Vélez e rúa de os Castros, ademais do acondicionamento dun espazo para estacionamento de vehículos con acceso dende Rocha de Vélez e que se situaría nuns terreos baleiros ao pé do antigo cemiterio municipal.

Esta intervención proponse porque sería preciso contar cun novo acceso á parte alta da cidade, onde se está a desenrolar un proxecto social en torno a Residencia da Terceira Idade San Rafael que conta ademais con Centro de Dia e con Unidade de Alzheimer.


Neste momento esta iniciativa está en plena ampliación da residencia coa conseguinte creación de novas prazas para internos e, como consecuencia disto, a creación de novos postos de traballo.

Agora ben, na normativa urbanística vixente a zona de Rocha de Vélez – Os Castros non se contempla unha ampliación de vía nin a apertura dunha nova rúa que dea maior servizo a esta área nos termos do actual anteproxecto.

Por outra banda nesta zona está catalogado un Castro que tamén inflúe na área en cuestión.

A nivel patrimonial levouse a cabo unha intervención arqueolóxica (2017) na zona do xacemento e por esta parte, coas conclusións dos traballos de escavación, sería viable a ampliación da vía –con supervisión arqueolóxica dos traballos- e a apertura do tramo novo tamén sería factible sempre que se fixeran sondaxes previas na zona por ser este un espazo que, aínda que fora da área que se supón ao xacemento en base aos traballos do ano 2017, estaría na área de influencia e así o fixeron saber dende a Dirección Xeral de Patrimonio, pero recalcando que a competencia para autorización da obra era de urbanismo.

Dende urbanismo considerouse que para poder levar a cabo esta intervención, sería preciso proceder a unha modificación puntual da normativa urbanística da zona.



Neste plano previo márcase con liña negra a parte de ampliación de rúa e con liña punteada en vermello a zona de nova apertura de rúa. Compleméntase cun recadro gris a zona que se habilitaría para aparcadoiro.

Trátase dunha obra de necesidade que precisa, como aquí se expuxo, dunha modificación puntual da normativa urbanística da zona.

Neste caso estariamos ante unha modificación puntual das normas urbanísticas da zona que entendemos se podería acoller ao artigo 16 da lei 1/2019, de 22 de abril, de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia.


12.2. AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA. POSIBLIDADE ABERTA

No relativo á ampliación do Camiño da Valada, en principio **non sería preciso levar a cabo unha modificación da normativa urbanística** na zona de levarse a cabo unha ampliación básica do mesmo para circulación nun único sentido e cunha intervención mínima, pero á falta de ter un proxecto de execución completo, considérase de interese incluílo neste epígrafe dado que, unha vez analizada en detalle a obra, e redactado o proxecto de execución, pode ser preciso levar a cabo intervencións máis aló do permitido a día de hoxe e que poda ser de necesidade para a veciñanza.

Por outra banda, este Camiño da Valada atópase afectado polo trazado do Camiño Norte de Santiago (na súa saída complementaria dende Mondoñedo a Abadín) e polos restos que quedan do antigo Convento da Alcántara que se localiza xa dentro do Casco Histórico. Neste caso sae do Camiño de Santiago e chega ao Convento da Alcántara.

Para a execución do futuro proxecto a realizar nesta zona, solicitaríanse todos os permisos sectoriais que se podan precisar.

Neste caso estariamos ante unha modificación puntual das normas urbanísticas da zona que entendemos se podería acoller ao artigo 16 da lei 1/2019, de 22 de abril, de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia.



No mapa anterior: liña negra zona de ampliación do Camiño da Valada, frecha vermella antigo Convento de Alcántara e frecha amarela trazado do Camiño Norte a Santiago, na súa saída complementaria dende Mondoñedo a Abadín.

BLOQUE IV – VIABILIDADE ECONÓMICA

13. VIABILIDADE ECONÓMICA

Tal e como indica o propio IGVS, diferentes estudos e experiencias veñen demostrando a grande incidencia da rehabilitación no impulso da actividade económica e do emprego. Segundo indica o "Informe sobre a situación do sector da vivenda en España" elaborado no ano 2010 polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, por cada millón de euros de investimento inicial en rehabilitación de vivendas créanse 56,5 empregos directos, indirectos e inducidos (outros estudos como o "Cambio global España 2020 – 2050" da Universidade Complutense, elevan esta cifra hasta 63 empregos), o que pon de manifesto a notable intensidade que ten a rehabilitación en termos de emprego, que ademais ten un grande efecto arrastre en empresas auxiliares e subcontratistas.

A colaboración entre administracións en materia de financiamento é fundamental á hora de abordar as actuacións necesarias para a rehabilitación e rexeneración do ámbito. Non so nas actuacións que propoña e execute o concello naqueles inmobles e propiedades públicas ou naqueles que poida adquirir ao amparo do Plan de Dinamización, senón que tamén para incentivar e axudar a que os particulares e entidades privadas aborden a rehabilitación das súas propiedades ou aposten por investir en inmobles que requiran dunha rehabilitación.

Así, ademais dos propios medios do concello, das liñas de axuda autonómicas, da Deputación ou estatais, será necesario a obtención de recursos europeos, ou o establecemento de convenios coas entidades financeiras.

Na memoria de viabilidade económica do Plan de Dinamización, defínense economicamente as actuacións a realizar, establécese unha orde de prioridade destas, así como a programación temporal das mesmas. Ademais estúdase o impacto do Plan en canto aos gastos e ingresos municipais, e o risco que supón.

Detállanse a continuación exemplos de liñas de axudas existentes e que servirán para financiar parte das actuacións:

Plan Estatal de Vivenda 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda é o instrumento a través do cal o Goberno de España desde o Ministerio de Transporte, Mobilidade de Axenda Urbana, define actuacións en materia de vivenda, regula as súas fórmulas de financiamento e a aportación de recursos estatais, a través de convenios de colaboración coas Comunidades Autónomas, apostando por fomentar o aluguer e a rehabilitación con carácter prioritario.

En materia de rehabilitación incorpóranse con respecto a plans anteriores, axudas para vivendas unifamiliares, xa sexan de natureza urbana ou rural, e axudas individuais para vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva. En materia de rexeneración e renovación incorpórase o programa de fomento da rexeneración e

renovación urbana e rural, co obxecto de mellorar os tecidos residenciais, recuperar conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados, incluídos expresamente a infravivenda e o chabolismo, e núcleos rurais.

Así entre os obxectivos que recolle o Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, atópanse:

- Persistir na adaptación do sistema de axudas ás necesidades sociais actuais e a limitación de recursos dispoñibles, priorizando dous eixos, fomento do aluguer e o fomento da rehabilitación e rexeneración e renovación urbana e rural, con especial atención ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual e ás axudas á accesibilidade universal.

- Mellorar a calidade da edificación e, en particular, da súa conservación, da súa eficiencia enerxética, da súa accesibilidade universal e da súa sostibilidade ambiental.

- Contribuír a evitar o despoboamento de municipios de pequeno tamaño, entendendo por tales, aqueles de menos de 5.000 habitantes, facilitando ós xoves o acceso á adquisición ou rehabilitación dunha vivenda en ditos municipios.

- Contribuír a manter a reactivación do sector inmobiliario, fundamentalmente desde o fomento do aluguer e o apoio á rehabilitación de vivendas, edificios e á rexeneración e renovación urbana ou rural, pero ademais, a través do fomento do parque de vivenda en aluguer, xa sexa de nova promoción ou procedente da rehabilitación, e da axuda a adquisición e á rehabilitación para os xoves en municipios de menos de 5.000 habitantes.

Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (Rehavita)

O Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e do Instituto Galego de Vivenda e Solo, constitúe unha guía de orientación das accións do IGVS, na que se definen as directrices básicas da política de vivenda e solo da Comunidade Autónoma para dito período.

14. INVESTIMENTOS DIRECTOS E INDIRECTOS E PROGRAMACIÓN TEMPORAL PARA A INICIACIÓN DAS OBRAS

A primeira fase das intervencións do plan de dinamización distribuirase en catro anualidades o 2021, 2022, 2023 e 2024 para a execución dos traballos descritos na presente memoria.

14.1. PARTICIPACIÓN INTERVINTES:

A seguir amósase o detalle das intervencións propostas por bloques de intervención e porcentaxes de aportacións de cada axente intervinte.

14.1.1. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

O investimento para este apartado por parte do Concello de Mondoñedo queda supeditado á súa dispoñibilidade económica. Por iso se está a traballar con outras administracións para que participen deste iniciativa.

Nesa liña **o Concello traballará para asinar convenios con outros axentes para poder leva a cabo as mesmas**.

Así, nos puntos seguinte apórtase unha cantidade que se atribúe ao IGAPE, pero que non está concedida no momento actual. Indícase este organismo dado que é a primeira opción que baralla o Concello para poder acadar estes aportes.

Trátase dunha proposta a negociar nos vindeiros meses para poder executar estas liñas de axudas aquí propostas a través de convenios ou outras figuras de colaboración entre administracións públicas.

REHABILITACIÓN /RECONSTRUCIÓN DE NEGOCIOS

A rehabilitación/reconstrución do inmobles en mal estado de conservación para implantar novas iniciativas de carácter empresarial presentan un orzamento total de 2.329.000,00 € que se repartirían entre a iniciativa privada e a administración autonómica.

Isto suporía que se busca unha inversión do 70% do total das obras que sería aportado por parte de particulares /axentes promotores privados que contarían co apoio da administración ata un máximo do 30% do total das obras.

Así estamos ante unha importante contribución que facilitará a achega de capital privado facilitando a creación de novas empresas, contribuíndo á consecución de dinamización poboacional, social e económica da área Rexurbe.

En cifras:

- Inversión capital privado: 1.816.780,00 €
- Xunta de Galicia: 512.220,00 €
  IGAPE: 512.220,00 € (*)

A inversión máxima por parte da administración sería de 512.220,00 € e cunha aportación máxima de 100.000,00 € por edificación a rehabilitar ou reconstruír (dependendo do deterioro do seu estado de conservación).

(*) Proponse a posible sinatura de un convenio con outras administracións nas que a xestión das axudas corra a cargo do Concello de Mondoñedo, proponse o apoio da Consellería de economía emprego e Industria (IGAPE) a través dun aporte cunha porcentaxe do 30% da subvención por inmoble con un máximo de 100.000,00€ por inmoble rehabilitado/reconstruído para unha nova iniciativa empresarial. Este apartado non está confirmado pero sería así proposto á mesma e negociado nos vindeiros meses polo Concello.

Así mesmo, no cadro de investimentos, este montante aquí atribuído ao IGAPE, ao non ter asinado convenio relativo ao mesmo, irá incluído nunha partida do propio Concello pero que, como se dixo, non pode ser asumida con fondos propios.

Inclúese para que conste o montante total, pero o Concello non pode comprometerse a dar este tipo de axudas, o Concello comprométese a negociar financiamento con outras administracións para que cubran este apartado e así poder executar este plan, non a cubrir as axudas de forma directa dende fondos propios.

SUBVENCIÓN DE MELLORA DE LOCAIS COMERCIAIS

Este apartado, de apoio a empresa e ao comercio local, para unha mellora dos mesmos encamiñados a facelos competitivos na economía globalizada actual, desenrola dúas vías de financiamento, por unha banda estaría a aportación privada e, por outra a aportación da administración.

Plantexase a posible sinatura dun convenio con outras administracións nas que a xestión das axudas corra a cargo do Concello de Mondoñedo, propoñendo en primeiro lugar á Consellería de economía emprego e Industria (IGAPE) para que aporte unha porcentaxe do 30% de subvención con un máximo de 7.500,00€ por local

Así, para un montante total de 300.000,00 € para as catro anualidades a aportación privada ascendería a un 60% (210.000,00 €) e aportación da Administración Autonómica cubriría un máximo do 30%, por parte do IGAPE (90.000,00 €).

Este apartado non está confirmado pero sería así proposto á citada consellería e negociado nos vindeiros meses polo Concello.

Así mesmo, no cadro de investimentos, este montante aquí atribuído ao IGAPE, ao non ter asinado convenio relativo ao mesmo, irá incluído nunha partida do propio Concello pero que, como se dixo, non pode ser asumida con fondos propios.

Inclúese para que conste o montante total, pero o Concello non pode comprometerse a dar este tipo de axudas, o Concello comprométese a negociar financiamento con outras administracións para que cubran este apartado e así poder executar este plan, non a cubrir as axudas de forma directa dende fondos propios.

14.1.2. ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo a través da Resolución do 4 de xuño de 2020 acordou realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra de inmobles situados no Conxunto Histórico de Mondoñedo e no Barrio de Os Muíños para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación para vivendas de protección oficial de promoción pública co fin da mellora e conservación e recuperación do patrimonio. Como resultado da oferta pública, vanse adquirir 13 inmobles en Mondoñedo, por un importe total 621.904 €, pendente todos eles de formalizar en escritura pública de compravenda.

O importe estimado da rehabilitación destes inmobles é de 4.870.800 €, o que implica un investimento total de **5.492.704 €** nas seguintes anualidades:

2020: 621.904 €

2021: 1.437.252 €

2022: 1.500.000 €

2023: 1.500.000 €

2024: 433.548 €

Por outra banda o Concello de Mondoñedo está a tramitar a definitiva adquisición de dous inmobles sitos na rúa da Ponte nº 9 e 11 que teñen un valor estimado de 74.541,41€ e serán cedidos sen custe o IGVS para a súa rehabilitación.

Por outra banda unha vez formalizada a adquisición dos inmobles por parte do IGVS precisase realizar unha inversión na súa rehabilitación que será sufragada o 100% por parte da administración autonómica por un importe estimado nas anualidades 2021-2024 de **2.613.693,22 €**.

2021: 65.342 €

2022: 1.048.351,22 €

2023: 1.000.000 €

2024: 500.000 €

14.1.3. REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS

REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (PARA ALUGUER SOCIAL)

A rehabilitación de dúas vivendas de titularidade municipal situadas nos números 39 e 41 da rúa Rigueira, con deficiencias nas instalacións acabados, etc... para poñelas en condicións de ser habitables, para esta intervención proxectase solicitar a subvención para rehabilitación das antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, convocada anualmente polo IGVS.

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar as vivendas de titularidade municipal, para dispoñelas en réxime de alugamento, conforme o procedemento establecido no Programa de vivendas baleiras ou norma que o substitúa, a unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.

A contía máxima da axuda será do 90% do orzamento das obras, cun máximo de 50.000€ para aquelas vivendas que están situadas no ámbito do Camiño de Santiago e en un Area Rexurbe como é o caso.

O orzamento total para as obras de rehabilitación é de 135.000,00 €

Sendo por tanto o importe total a imputar para a subvención do IGVS de 100.000,00 €

O Concello presentará a preceptiva solicitude en tempo e forma para optar á axuda.

Restando para cubrir o 100% do gasto para a súa rehabilitación un importe de 35.000,00 € que será aportado polo Concello de Mondoñedo.

Para esta intervención concreta o concello de Mondoñedo propón acudir o fondo de cooperación para o apoio a financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído, solicitando o importe de 35.000,00 € que se prevé pode ser devolto en 6 anualidades co importe de aluguer das mensualidades unha vez as vivendas estean arrendadas

O Concello de Mondoñedo presentará a correspondente solicitude en tempo e forma a para poder optar á axuda correspondente do fondo de cooperación, unha vez estea activa a preceptiva convocatoria.

REHABILITACIÓN DE VIVENDAS PARTICULARES (ÁREA REHABILITACIÓN)

Para a rehabilitación das vivendas particulares destinadas a residencia habitual proponse a continuar a asinar convenios da area de rehabilitación do "Casco Histórico de Mondoñedo e barrios históricos de San Lázaro e Os Muíños", (estando a súa meirande parte incluída dentro da Area Rexurbe. A sinatura de convenios anuais, supón que os particulares con vivendas en propiedade dentro da area poderá acceder as axudas económicas habituais para este tipo de áreas, que financian diferentes tipos de obras de reforma das súas vivendas.

Para realizar o cálculo económico durante a anualidade 2020, a anualidade actual 2021 e durante as próximas anualidades 2022, 2023 e 2024, se tiveron en conta os seguintes datos económicos

Calculouse o volume de obra executada durante a anualidade 2020, dos diferentes convenios resultando esta unha cantidade de 221,841,97 €

Baseándonos ademais no último convenio asinado estimamos que no 2021 e próximas anualidades a inversión anual en rehabilitación de vivendas vai a ser de 305.490,04 €

As porcentaxes que se están a aportar para este tipo de axudas no actual plan estatal de vivenda 2018-2021 e estimando que se asinarán novos planes estatais con dotación orzamentaria similar o actual plan estatal estimase que o custe total de intervencións en materia de rehabilitación nos próximos 4 anos, ademais de na pasada anualidade 2020, podería alcanzar 1.443.802,13€

Con un aporte total para rehabilitación de inmobles por parte do IGVS de 117.884,56€ para a rehabilitación de vivendas

E un aporte do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana de 639.970,82€ para a rehabilitación de vivendas

Restando unha cantidade de 685.946,75€ que será aportada polos promotores das actuacións

14.1.4. INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS

AMPLIACIÓN ROCHA DE VÉLEZ /OS CASTROS E APARCADOIRO.

As obras de ampliación da rúa Rocha de Vélez /Os Castros

Pola propia configuración da rúa que permite a súa tramitación en diferentes fases, pretendese financiar mediante a convocatoria de subvención para a creación ou mellora das infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes. Sento o obxecto de esta convocatoria a humanización e mellora urbana de rúas ou a humanización e mellora de espazos públicos.

A Intervención debería plantearse en catro anualidades con unha aportación máxima do 80% do investimento subvencionable, co límite de 96.800,00 €, por concello IVE incluído, seguindo as pautas da última convocatoria que foi a da Orde do 21 de decembro de 2018 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Sendo o importe total das obras de 499.286,64€

Sendo por tanto a cantidade total aportada pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda a través da convocatoria de subvencións de 387.200,00 € para as catro anualidades.

Restando por tanto para completar o 100% da actuación un importe de 112.086,64 € que será aportado polo Concello de Mondoñedo

Así, rúa Rocha de Vélez /Os Castros, que acadan un orzamento total de 499.286,64 €, dos que 112.086,64 € financiaríanse polo Concello de Mondoñedo, estas obras poderán acollerse ás axudas que no seu caso se sexan obxecto da publicación dunha Orde Hurbe, de convocatoria de subvencións para a creación ou mellora das infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, nos termos e cos límites orzamentarios que se sinalen na mesma, e sempre que previamente se acredite a dispoñibilidade dos terreos necesarios afectados e que se conte con todas as autorizacións sectoriais preceptivas, nomeadamente en materia de Patrimonio Cultural.

Esta intervención complementase co acondicionamento de varias parcelas de titularidade municipal adquiridas fai anos polo Concello de Mondoñedo co fin de acondicionalas para aparcadoiro, para este proxecto plantéxase solicitar un no novo protocolo xeral co Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana para a execución das obras de acondicionamento das parcelas (similiar o que se está a executar para o aparcadoiro de travesía Casas Novas, 3)

Sendo por tanto o 100% das obras financiado polo Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana por un importe de 250.000,00€

O proxecto de execución será presentado perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación e a obtención dos pertinente permisos sectoriais.

AMPLIACIÓN CAMIÑO DA VALADA

Para as obras de ampliación de camiño de Valada, de momento están pendentes da redacción de proxecto definitivo existe unicamente unha estimación de custes calculando un importe total para as obras de 300.000,00 € que se pretende realizar en dúas fases de 150.000,00 €, imputando os costes de cada unha das fases o plan único de cooperación cos concellos da Deputación provincial de Lugo, onde a axuda económica máxima por parte da administración provincial pode chegar o 100% do investimento.

O importe total das obras de ampliación do camiño da Valada en dúas anualidades consecutivas será por tanto financiado integramente pola Deputación supoñendo un total de 300.000,00 €.

APARACADOIRO EN CASAS NOVAS E ADQUISICIÓN DE FINCA

Para o proxecto de acondicionamento de tres parcelas para aparcamento disuasorio en travesía Casas Novas 3, o Concello adquiriu fai uns anos dúas das parcelas precisas, tendo a cesión de uso da Consellaría de Educación de parte de unha terceira parcela. Asinado un protocolo xeral entre o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana e o concello de Mondoñedo para a execución das obras de acondicionamento das tres parcelas no 2016.

O importe total da obra se está a executar por parte do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana por un importe de 131.174,47 €.

Adquisición de finca para ampliación de aparcadoiro, en travesía Casas Novas , estimase poderá ter un custe de 26.000,00 € e pretendese financia a través do plan único de cooperación cos concellos da Deputación provincial de Lugo, onde a axuda económica máxima por parte da administración provincial pode chegar o 100% do investimento.

O importe total da compra de terreos para aparcadoiro disuasorio municipal será por tanto financiado integramente pola Deputación de 26.000,00 €.

MELLORAS EN PRAZAS E XARDÍNS

PROXECTO ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DA CATEDRAL

Para que o proxecto de acondicionamento da Praza da Catedral solicitouse unha subvención da convocatoria da anualidade 2018, pero aínda esta pendente de resolución, dentro do programa 1,5 cultural do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana para a conservación do Patrimonio Arquitectónico, que ten por obxecto financiar traballos de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, en concreto, Bens declarados de Interese Cultural. Onde a subvención máxima é do 75% do investimento total, IVE incluído, para entidades locais.

O importe total das dúas actuación é de 258.739,88 €

Solicitouse o 1,5% cultural do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana unha subvención de 194.054,91€ (correspondente o 75% do importe total das obras)

Sendo a cantidade restante (o 25%) aportada polo Concello de Mondoñedo 64.684,69 €

O proxecto de execución será presentado perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación e a obtención dos pertinente permisos sectoriais.

ACONDICIONAMENTO DO XARDÍN DA CASAS MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO

A intervención que propón acondicionar o xardín da Casa Museo Álvaro Cunqueiro, e o acceso dende a rúa Lence Santar, para a súa viabilidade proponse por parte do Concello de Mondoñedo a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Mondoñedo no que a propia consellería aportará a totalidade do importe preciso para as obras 48.393,20 €

PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO (FASE I).

Para as obras de aforro e eficiencia enerxética do alumeado público exterior no Casco Histórico de Mondoñedo no que se substitúen parte das actuais luminarias e cadros de mando para adaptalos á normativa vixente e facelos mais eficiente, actuación na que se pretende conseguir un aforro do 48,11%.

Custe total da actuación: 172.767,28€.

Para a que consta resolución favorable de subvención o amparo do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020(BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (B.O.E. nº314, de 29 de decembro de 2018), e o Real Decreto316/2019, de 26 de abril (B.O.E. nº 130, de 30 de abril de 2019).

Subvención concedida polo IDAE: 138.213,82€.

Para a cantidade restante para completar o 100% da actuación a actuación será financiada con fondos propios do Concello de Mondoñedo por un importe de 34.553,46 €.

AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO (FASE II).

Para as obras de aforro e eficiencia enerxética do alumeado público exterior no Casco Histórico de Mondoñedo no que se substitúen parte das actuais luminarias e cadros de mando para adaptalos á normativa vixente e facelos mais eficiente, actuación na que se pretende conseguir un aforro do 59,20%.

Custe total da actuación: 121.890,60 €.

Para a que consta resolución favorable de subvención o amparo do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020(BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (B.O.E. nº314, de 29 de decembro de 2018), e o Real Decreto316/2019, de 26 de abril (B.O.E. nº 130, de 30 de abril de 2019).

Subvención concedida polo IDAE: 97.512,48 €.

Para a cantidade restante para completar o 100% da actuación a actuación será financiada con fondos propios do Concello de Mondoñedo por un importe de 24.378,12 €.

Sendo por tanto a inversión total dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética do alumeado do Conxunto Histórico de **294.657,88 €.**

Estando financiados por subvencións xa concedidas polo IDAE de **235.726,30 €.**

Sendo a cantidade aportada polo Concello de Mondoñedo de **58.931,58 €.**

14.1.5. INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS

REHABILITACIÓN DA CAPELA DA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA

Esta rehabilitación estímase terá un custe de douscentos oitenta e cinco mil euros 285.000,00€ para a súa viabilidade proponse por parte do Concello de Mondoñedo a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Mondoñedo no que a propia consellería aportará a totalidade do importe preciso para as obras.

Aporte da Consellería de cultura e Turismo: 285.000,00 €.

O proxecto de execución será presentado perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación e a obtención dos pertinente permisos sectoriais.

ADQUISICIÓN E MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES

A adquisición do inmoble onde se está a proxectar un centro de menores precisou dunha inversión de 450.000,00€ por parte do Concello de Mondoñedo, para o cal foi solicitado o fondo de cooperación da Consellería de Medio Ambiente a totalidade da contía, establecendo un plan de devolución do Concello de Mondoñedo en 8 anos para a totalidade do importe tendo o compromiso de devolver 56.250,00€ anuais dende o 2020 o 2027 ambos incluídos

As obras de rehabilitación de parte do inmoble para adaptalo a centro de menores está a ser financiada o 100% por unha entidade privada “Fundación educativa e social dignidade” por un importe de 127.623,15 €.

Sendo o custe total da intervención de 577.623,15 €.

AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO

Para as obras de ampliación da residencia de maiores de Mondoñedo, será financiada o 100% por unha entidade privada “fundación asilo de ancianos de Mondoñedo” 544.713,29 €

REFORMA DA CASA DA CULTURA

As obras de reforma da casa da cultura están incluídas, na súa totalidade, dentro das partidas que aportaría o Concello de Mondoñedo, pero estase a tratar de negociar

un acordo coa Secretaría Xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia por un importe de 80.000,00 €

Así, de conseguirse levar a cabo este convenio a distribución de orzamento quedaría do seguinte xeito: o 82.64% pola Secretaría Xeral para o Deporte, dependente de Presidencia da Xunta de Galicia, aportando este organismo unha cantidade de 80.000,00 € para as obras e o Concello de Mondoñedo os 16.800,00 € restantes.

Si non se consegue, quedaría supeditado á disponibilidade económica do Concello, que asumiría o importe total das obras.

PROXECTOS DE SINALIZACIÓN. PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

Solicitarase subvención da axencia de turismo de Galicia, na convocatoria na anualidade 2021 a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural, da que se prevé concedan unha axuda por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo correspondente o 65% da actuación que engloba dúas intervencións a creación dunha aplicación informática e a restauración e musealización da Fonte Vella.

O importe total das dúas actuación é de 50.321,96 €

Prevese solicitar unha subvención de 32.709,27€ (correspondente o 65% do importe)

Sendo a cantidade restante (o 35%) aportado polo Concello de Mondoñedo 17.612,69 €

PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMBRADO ORNAMENTAL DA CATEDRAL EN MONDOÑEDO.

Para as obras de aforro e eficiencia enerxética do alumeado ornamental da Catedral de Mondoñedo nas que se propón a renovación do alumeado ornamental da Catedral de Mondoñedo, nas que se pretende conseguir un aforro enerxético estimado do 70,98%.

Custe total da actuación: 156.311,93€

Para a que consta resolución favorable de subvención o amparo do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencions a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020(BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (B.O.E. nº314, de 29 de decembro de 2018), e o Real Decreto316/2019, de 26 de abril (B.O.E. nº 130, de 30 de abril de 2019).

Subvención concedida polo IDAE: 125.049,54€

Para a cantidade restante para completar o 100% da actuación proponse por parte do Concello de Mondoñedo a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Mondoñedo.

Cantidade que se propón aporte a Consellería de cultura e turismo: 31.262,39€

O proxecto de execución será presentado perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación e a obtención dos pertinente permisos sectoriais.

14.1.6. MELLORAS NO PLANEAMENTO DA ÁREA REXURBE. REDACCIÓN NOVO PEPRI

Para a redacción do novo "PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO (PEPRICH)" estase a preparar a sinatura don convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda e o Concello de Mondoñedo para o seu financiamento. No que a Consellería aporta a cantidade de 307.781,25 €, correspondente o 100% do custe da actuacións.

Tendo prevista a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade de 2020: 61.556,25 €

Anualidade de 2021: 92.334,38 €

Anualidade de 2022: 92.334,37 €

Anualidade de 2023: 61.556,25 €

Tendo previsto por tanto que os traballos de redacción do novo PEPRICH estean finalizados a finais do 2023

Esta modificación será presentada perante a Consellería de Cultura para a súa aprobación segundo a legalidade vixente.

14.1.7. ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN

As actuacións formativas que se veñen desenvolvendo ata a data, teñen dende o inicio un carácter de colaboración público-privado, para os próximos 4 anos prevese poida establecerse una colaboración entre ambas institucións, con un coste total estimado para as actividades que se prevé organizar de 29.000,00€

Por parte da Deputación de Lugo a través dos programas de subvencións en concorrencia competitiva para a realización de actividades de interese cultural, veñen aportando a diversas asociacións unha cantidade anual de entorno a 1.000,00 €, estimando polo tanto que na totalidade das 4 anualidades se poda conseguir o aporte de 4.000,00€ por parte desta liña de axudas da administración provincial.

Prevese o aporte directo de 2.500,00€ por parte de capital privado da asociación sen animo de lucro e outra cantidade equivalente por parte do Concello de Mondoñedo (2.500,00€).

Propoñendo polo tanto unha sinatura de convenio de colaboración coa Consellería de educación, universidade e formación profesional de 20.000,00€ para os catro anos nos que aporte unha cantidade económica que axude a sufragar os gastos dos cursos e talleres de boas prácticas construtivas e recuperación de técnicas tradicionais encamiñadas a correcta recuperación da área rexurbe.

14.1.8. EQUIPOS TÉCNICOS

A oficina de rehabilitación integrarase nun centro Rexurbe de conformidade co previsto no acordo do Consello da Xunta do 20 de novembro de 2020 e no convenio que se asine entre o IGVS e o Concello de Mondoñedo.

Considérase que o gasto conxunto entre Oficina de Rehabilitación e Centro Rexurbe ascendería a 704.184,23€ entre as anualidades 2021 e 2024. Contando que a oficina de rehabilitación, actualmente composta por un auxiliar administrativa e un arquitecto, pasaría a integrarse no Centro Rexurbe no mes de abril de 2021, tendo previsto a contratar dúas persoas a tempo parcial para o mesmo.

O importe que financiará o IGVS, de conformidade co previsto no acordo do Consello da Xunta antes mencionado, é de 69.337,75 €/ano. Para a anualidade 2021 procedese o prorrateo das mensualidades, tendo en conta que podería entrar en funcionamento no mes de abril. A este financiamento engádense 40.976,21€ pendentes de xustificación para a Oficina Municipal de Rehabilitación, dos convenios 15 e 16 que se ten previsto xustificar no 2021. Ademais de 22.000,00€ para o 17, último convenio asinado na anualidade 2020.

A este financiamento poderá engadirse o financiamento con cargo a fondos estatais do plan de vivenda, que se determinen nos acordos que se asinen (neste sentido, a situación actual do financiamento con cargo a fondos estatais xestionados polo IGVS dos equipos técnicos ao amparo dos convenios asinados nos diferentes planes estatais de vivenda ascende a 58.500 € que están anticipados e pendentes de xustificar, sendo o importe correspondente ao último acordo asinado de 22.000 €). Para as futuras anualidades prevese continuar asinando convenios por importes similares o último asinado, considerando polo tanto para anos sucesivos un aporte anual de 22.000€

Así, o IGVS aportaría un total de 317.214,62 €, aportando 102.500,00 € o ministerio e finalmente o Concello o restante: 284.469,61 € Este aporte para equipos técnicos distribuiríase entre o 2021 e o 2024.

14.2. CADRO DA INVERNSIÓN PROPOSTA E DISTRIBUCIÓN POR AXENTES INTERVINTES. MONTANTES TOTAIS E PORCENTAXES.

A seguir apórtase un cadro resumo do total de investimentos previstos para estas obras propostas para levarse a cabo dentro da área Rexurbe de Mondoñedo tal como se explicou nos puntos previos.

	ACTUACIÓNS/CUANTIAS	COSTE TOTAL DA ACTUACIÓN	CMATV I.G.V.S.	CONSELLERÍA DE CULTURA	VICEPRESIDENCIA 1ª CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	CMATV D.X DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO	CONSELLERÍA DE EDUCACION, UNIVERSIDADE E F PROFESIONAL	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA MEPREGO E INDUSTRIA (IGAPE)	MINISTERIO DE TRANSICION ECOLOGICA (IDAE)	MINISTERIO DE TRANSPOTE, MOBILIDADE E AXENDA URBANA	DIPUTACION DE LUGO	APORTACIÓN DO CONCELLO DE MONDOÑEDO	APORTACIÓN PROMOTORES PRIVADOS
REHABILITACION DE INMOBLES: INICIATIVAS EMPRESARIAIS	REHABILITACIÓN / RECONSTRUCCIÓN DE NEGOCIOS	2.329.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 512.220,00	1.816.780,00
	SUBVENCIONS DE MELLORAS DE LOCAIS COMERCIAIS	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 90.000,00	210.000,00
ADQUISICIÓN E REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS	ADQUISICIÓN DE INMOBLES IGVS	696.445,41	621.904,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	74.541,41	0,00
	REHABILITACION / RECONSTRUCIÓN INMOBLES PROPIEDADE DO IGVS	4.870.800,00	4.870.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	REHABILITACION / RECONSTRUCIÓN INMOBLES DO CONCELLO CEDIDOS O IGVS	2.613.693,22	2.613.693,22	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS	**REHABILITACIÓN DE VIENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (ALUGUER SOCIAL)**	135.000,00	100.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	35.000,00	0,00
	REHABILITACION DE VIVENDAS PARTICULARES (AREA REHABILITACIÓN)	1.443.802,13	117.884,56	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	639.970,82	0,00	0,00	685.946,75
INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS	**OBRA DE URBANIZACIÓN DA RUA DOS CASTROS E ROCHA DE VÉLEZ**	499.286,64	0,00	0,00	0,00	387.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	112.086,64	0,00
	APARCAMENTO ROCHA DE VELEZ	250.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	250.000,00	0,00	0,00	0,00
	OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00	0,00	0,00
	APARCAMENTO CASAS NOVAS	131.174,47	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	131.174,47	0,00	0,00	0,00
	ADQUISICIÓN DE FINCA PARA AMPLIACIÓN DE APARCAMENTO	26.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	26.000,00	0,00	0,00
MELLORAS DE PRAZAS E XARDÍNS	**PROXECTO DE ACONDICIONAMIENTO DA PLAZA DA CATEDRAL**	258.739,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	194.054,91	0,00	64.684,97	0,00
	ACONDICIONAMENTO DO XARDIN DA CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO	48.393,20	0,00	48.393,20	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

	PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXETICA/ ILUMINACIÓN	PROYECTOS DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGETICA DEL ALUMBRADO DEL C HISTÓRICO	294.657,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	235.726,30	0,00	0,00	58.931,58	0,00
INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS		REHABILITACIÓN CAPELA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA	285.000,00	0,00	285.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA EQUIPAMENTOS	ADQUISICIÓN E MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES	577.623,15	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	450.000,00	127.623,15
		AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO	544.713,29	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	544.713,29
		REFORMA DA CASA DA CULTURA	96.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(**) 96.800,00	0,00
	PROXECTOS DE SINALIZACIÓN	PROYECTO DE INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS	50.321,96	0,00	0,00	32.709,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	17.612,69	0,00
	PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXETICA/ ILUMINACIÓN	PROYECTOS DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGETICA ALUMBRADO CATEDRAL	156.311,93	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	125.049,54	0,00	0,00	31.262,39	0,00

MELLORAS NO PLANEAMENTO DA AREA REXURBE	**REDACCION DE UN NUEVO PEPRI PARA EL CONJUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO**	307.781,25	0,00	0,00	0,00	307.781,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN	**TALLERES DE FORMACIÓN EN TECNICAS CONSTRUCTIVAS TRADICIONAIS**	29.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	4.000,00	2.500,00	2.500,00
EQUIPOS TÉCNICOS	**EQUIPOS TÉCNICOS DE XESTIÓN DO CENTRO REXURBE**	704.184,23	317.214,62	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	102.500,00	0,00	284.469,61	0,00
	TOTAIS	**16.948.728,64**	**8.641.496,40**	**333.393,20**	**32.709,27**	**694.981,25**	**20.000,00**	**0,00**	**360.775,84**	**1.317.700,20**	**330.000,00**	**1.830.109,29**	**3.387.563,19**
	% PARTICIPACIÓN	100,00%	50,99%	1,97%	0,38%	4,10%	0,12%	0,00%	2,13%	7,77%	1,95%	10,80%	19,99%

(*) Con asterisco e en vermello –Concello e IGAPE- Como xa se indicou a parte económica proposta a asumir pola IGAPE está metida dentro do gasto do Concello de Mondoñedo e será negociada por este para que sexa asumida por esta (IGAPE) ou por outra administración xa que con fondos propios o concello non pode asumir este gasto.

(**) Parte de esta cantidade tentaras que sexa asumida pola Secretaría Xeral para o Deporte, mediante sinatura dun convenio

NOTA FINAL: Inclúese unha anualidade 2020 na que se recollen as intervencións xa iniciadas nesta anualidade e vinculadas coa declaración de Mondoñedo como Área Rexurbe, tal e como se indicaba no punto 10.4 deste Plan de Dinamización

14.3. REPARTO DE ANUALIDADES

A seguir achégase o cadro de distribución de gasto por anualidades.

		ACTUACIÓNS/ANUALIDADES	2020	2021	2022	2023	2024
REHABILITACION DE INMOBLES: INICIATIVAS EMPRESARIAIS		SUB REHAB / RECONSTR INMOBLES NEGOCIOS	0,00	582.250,00	582.250,00	582.250,00	582.250,00
		SUBENCIÓNS MELLORAS DE LOCAIS COMERCIAIS	0,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00
ADQUISICIÓN E REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS		ADQUISICIÓN DE INMOBLES IGVS	621.904,00	74.541,41	0,00	0,00	0,00
		REHAB / RECONSTRUCIÓN INMOBLES IGVS	0,00	1.437.252,00	1.500.000,00	1.500.000,00	433.548,00
		REHAB / RECONSTRUCIÓN INMOBLES CEDIDOS DO CONCELLO O IGVS	0,00	65.342,00	1.048.351,22	1.000.000,00	500.000,00
REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS		REHAB VIVENDAS MUNICIPAIS ALUGUER SOCIAL	0,00	67.500,00	67.500,00	0,00	0,00
		REHABILITACION DE VIVENDAS (AREA REHAB)	221.841,97	305.490,04	305.490,04	305.490,04	305.490,04
INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS		AMPLIACIÓN OS CASTROS E ROCHA DE VÉLEZ	0,00	124.821,66	124.821,66	124.821,66	124.821,66
		APARCAMENTO ROCHA DE VELEZ	0,00	0,00	0,00	0,00	250.000,00
		OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA	0,00	0,00	150.000,00	150.000,00	0,00
		APARCAMENTO CASAS NOVAS	131.174,47	0,00	0,00	0,00	0,00
		ADQUISICIÓN DE FINCA PARA APARCAMENTO	0,00	26.000,00	0,00	0,00	0,00
	MELLORAS DE PRAZAS E XARDÍNS	ACONDICIONAMIENTO DA PLAZA DA CATEDRAL	0,00	129.369,94	129.369,94	0,00	0,00
		XARDIN DA CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO	0,00	48.393,20	0,00	0,00	0,00
	EFIC ENERXETICA / ILUMINACIÓN	EFICIENCIA ENERXETICA ALUMEADO C HISTÓRICO	0,00	168.219,29	118.219,29	8.219,30	0,00
INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS	REHABILITACIÓN DE EQUIPAMENTOS	REHABILITACIÓN CAPELA ORDE TERCEIRA	0,00	0,00	114.000,00	171.000,00	0,00
		INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES	577.623,15	0,00	0,00	0,00	0,00
		AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES	544.713,29	0,00	0,00	0,00	0,00
		REFORMA DA CASA DA CULTURA	0,00	96.800,00	0,00	0,00	0,00

	PROXECTOS DE SINALIZACIÓN	INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS	50.321,96	0,00	0,00	0,00	0,00
	EF ENERXETICA / ILUMINACIÓN	EFICIENCIA ENERGETICA ALUMEADO CATEDRAL	0,00	34.311,93	122.000,00	0,00	0,00
MELLORAS NO PLANEAMENTO DA AREA REXURBE		NOVO PEPRICH PARA O CONXUNTO HISTÓRICO	61.556,25	92.334,38	92.334,38	61.556,25	0,00
ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN		TALLERES DE FORMACIÓN REHABILITACION	0,00	7.250,00	7.250,00	7.250,00	7.250,00
EQUIPOS TÉCNICOS CENTRO REXURBE		PERSONAL DO CENTRO REXURBE OF DE REHABILITACIÓN	0,00	116.797,52	136.820,91	139.557,33	142.348,48
		GASTOS CORRENTES/OUTROS GASTOS CENTRO REXURBE	0,00	36.520,00	43.240,00	44.150,00	44.750,00
		TOTAIS	**2.209.135,09**	**3.488.193,37**	**4.616.647,44**	**4.169.294,58**	**2.465.458,18**
		% INVERSIÓN ANUAL	13,03%	20,58%	27,24%	24,60%	14,55%

NOTA FINAL: Inclúese unha anualidade 2020 na que se recollen as intervencións xa iniciadas nesta anualidade e vinculadas coa declaración de Mondoñedo como Área Rexurbe, tal e como se indicaba no punto 10.4 deste Plan de Dinamización

14.4. CONCELLO DE MONDOÑEDO. DETALLE DO ORZAMENTO DO ANO 2020 E PREVISIÓN DE INGRESOS A PARTIR DAS OBRAS PREVISTAS

Para amosar a fonte de financiamento das obras aquí expostas, achégase resumo por grandes bloques do orzamento municipal para o ano 2020, con publicación de aprobación definitiva no BOP de Lugo número 299 de 31 de decembro de 2019.

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS.	DESCRIPCION	CONSIGNACIÓN
1	GASTOS DE PERSOAL	2.057.459,86
2	GTOS. CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	1.133.942,48
3	GTOS. FINANCIEROS	6.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	115.979,00
5	FONDO DE CONTINGUENCIA E OUTROS IMPOSTOS	0,00
6	INVERSIONS REAIS	269.967,18
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,0
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0.0
9	PASIVOS FINANCIEROS	56.250,00
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	3.639.598,52

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS.	DESCRIPCION	CONSIGNACIÓN
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.507.300,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	40.000,00
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	496.770,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.257.516,10
5	INGRESOS PATRIMONIAS	22.549,60
6	ENAJENACIÓN DE INVERSIONS REAIS	108.129,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	207.333,82
8	ACTIVOS FINANCIEIROS	0,0
9	PASIVOS FINANCIEIROS	0,0
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	3.639.598,52

Como se pode ver nel inclúense gastos e ingresos dos ben municipais.

Por outra banda achégase, tal como se indica na lei 1/2019, o montante que suporían para o concello as licencias de obra incluídas dentro deste Plan de Dinamización, o ICIO (Imposto sobre construcións, instalacións e obra) e as posibles taxas de apertura de establecementos. (Ver táboa en páxina seguinte).

En todos estes supostos que seguen non se están tendo en conta posibles bonificacións de empresas que poda acollerse aos beneficios do "Concello Emprendedor"

Engádese tamén a taxa de primeira utilización onde corresponde, así como a taxa de apertura de establecementos.

Realizando un suposto cos posibles ingresos totais:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO TOTAL	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	TAXA E ICIO DE LICENCIAS DE OBRAS	TAXA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS	TAXA DE PRIMERA UTILIZACIÓN
REHABILITACIÓN / RECONSTRUCCIÓN DE NEGOCIOS	2.329.000,00 €	1.617.473,44 €	56.611,57 €	8.642,58 €	
SUBVENCIONS DE MELLORAS DE LOCAIS COMERCIAIS	300.000,00 €	208.347,80 €	7.292,17 €		
REHABILITACION / RECONSTRUCIÓN INMOBLES PROPIEDADE DO IGVS	7.484.493,22 €	5.197.925,70 €	181.927,40 €		4.700,00 €
REHABILITACION DE VIVENDAS PARTICULARES (AREA REHABILITACIÓN)	1.443.802,13 €	1.002.710,00 €	35.094,85 €		
MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES	127.623,15 €	88.633,34 €	3.102,17 €	417,70 €	
AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO	544.713,29 €	378.299,39 €	13.240,48 €	417,70 €	
TOTAIS	12.229.631,79 €	8.493.389,67 €	**297.268,64 €**	**9.477,98 €**	**4.700,00 €**
INGRESOS TOTAIS	**311.446,62 €**				

Vista a presente análise económica de recadación, faise unha estimación de caixa que podería moverse arredor dos 311.446,62 € segundo os supostos considerados na táboa superior.

14.5. AXUDAS E DEDUCIÓNS FISCAIS POR PARTE DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTACIÓNS PÚBLICAS.

14.5.1. LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES LOCAIS

De seguido, inclúese un listado dalgunhas das subvencións que pode solicitar o Concello de Mondoñedo, que cada ano convoca a Xunta de Galicia a través do órgano correspondente, ou outros entes públicos estatais, e aínda que nalgunha delas o prazo de solicitude está pechado, inclúese esta información porque soen convocarse anualmente/periodicamente e considéranse de interese para o obxecto do presente documento:

- SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS NOS CONCELLOS DE GALICIA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES

- SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DA LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

- PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
  http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/cooperacion_concellos/plan_unico/2020

- PROGRAMA 1,5 CULTURAL DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA PARA A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO
  https://sede.fomento.gob.es/SEDE_ELECTRONICA/LANG_CASTELLANO/OFICINAS_SECTORIALES/VIVIENDA/ARQTCTRA/1_5CULTURAL/

- SUBVENCIÓN DO IDAE (INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA) PARA DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE. PROXECTOS DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXO EN CARBONO
  https://www.idae.es/ayudas-y-financiacion/para-desarrollo-urbano-sostenible-proyectos-de-entidades-locales-que

(*Máis detalles en Anexo ao Bloque IV - LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES LOCAIS*)

14.5.2. FINANCIAMENTO POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA PARA A VIVENDA /LIÑAS DE AXUDAS APLICABLES.

As axudas as que se poderán acoller as vivendas e edificios de vivendas situadas dentro da Área Rexurbe serían as que se contemplan no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 que se regula polo Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo e que cada comunidade Autónoma se encarga da súa xestión abrindo as diferentes convocatorias. Estas axudas poderán solicitarse sempre que o prazo de solicitude estea aberto no momento da redacción e/ou execución dos diferentes proxectos a realizar.

Os distintos Programas de axudas á vivenda do Plan Estatal 2018-2021 son os seguintes:

- Programa 1: Subsidiación de préstamos convidos.
- Programa 2: Axudas ao alugueiro de vivendas.
- Programa 3: Axudas as persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual
- Programa 4: Fomento do parque de vivenda en aluguer.
- Programa 5: Fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas
- Programa 6: Fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
- Programa 7: Fomento da rexeneración e renovación urbana e rural.
- Programa 8: Axuda aos xóvenes.
- Programa 9: Fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade.

Nesta primeira parte vanse describir os destinados á rehabilitación de vivendas ou edificios de vivendas.

(*En Anexo ao Bloque IV – FINANCIAMENTO POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA PARA A VIVENDA /LIÑAS DE AXUDAS APLICABLES, detalles das liñas de axudas aquí esquematizadas*)

Máis detalles axudas: http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/10

14.5.3. OUTROS PLANS DE AXUDAS NON PREVISTOS PARA VIVENDA

Dentro dos planes de axudas de Vivenda existen outros planes doutras Consellerías que poden encaixar e ser compatibles e que se poden acoller os propietarios dos inmobles.

Existen axudas como as da Consellería de Industria, do Instituto enerxético de Galicia que son compatibles coas dos Planes de Vivenda e que se poden acoller a elas os particulares mediante na maioría dos casos das empresas instaladoras que deben estar adheridas.

- Subvencións para proxectos de enerxías renovables, uso térmico destinadas a particulares. Ano 2021
- Subvención para proxectos de enerxía solar fotovoltaica destinadas a particulares. . Ano 2021
- Subvención para proxectos de Biomasa destinadas a particulares e selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións. Ano 2021
- Axudas para a renovación de cubertas e fachadas con lousa.
- Subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renove de fiestras, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión

(*En Anexo ao Bloque IV* – OUTROS PLANS DE AXUDAS NON PREVISTOS PARA VIVENDA*, detalles das liñas de axudas aquí esquematizadas*)

14.5.4. LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA EMPRENDEDORES/AS E EMPRESARIOS/AS

De seguido, inclúese un listado dalgunhas das subvencións para emprendedores/-as e empresarios/-as, que cada ano convoca a Xunta de Galicia a través do órgano correspondente, e aínda que nalgunha delas o prazo de solicitude está pechado, inclúese esta información porque soen convocarse anualmente e considéranse de interese para o obxecto do presente documento.

(*En Anexo ao Bloque IV* – LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA EMPRENDEDORES/AS E EMPRESARIOS/AS*, detalles das axudas aquí esquematizadas*)

- *PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.*
- PROGRAMA DO BONO NOVA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.
- PROGRAMA DO BONO RENOVA NOS NEGOCIOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS.
- PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO A TRAVÉS DO PROGRAMA I, DE AXUDAS Á PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO, COFINANCIADO PARCIALMENTE CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIAPARA O ANO 2020.
- PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO A TRAVÉS DO PROGRAMA II, DE AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020.
- FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO A TRAVÉS DO PROGRAMA I, PARA AS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020.
- FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO A TRAVÉS DO PROGRAMA II, DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020.
- AXUDAS AOS PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL.
- MARCO DE APOIO AO ACCESO AO CRÉDITO DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS (FINANCIAMENTO IGAPE-PEMES).
- GALICIA RURAL EMPRENDE - CREACIÓN DE EMPRESAS PARA ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS EN ZONAS RURAIS.
- SUBVENCIÓNS PARA A INNOVACIÓN, A DIXITALIZACIÓN E A IMPLANTACIÓN DE NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACIÓN E DE EXPANSIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL.

Poden consultarse máis detalles na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/portada?langId=es_ES) e na base xeral de axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (http://www.igape.es/es/base-xeral-de-axudas).

14.5.5. DEDUCIÓNS FISCAIS

- Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos.
- Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos
- Deducións na cota do imposto sobre o patrimonio
- Dedución pola participación nos fondos propios de entidades que exploten bens inmobles en centros históricos.

Publicadas na lei: LEY 9/2017 de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171228/AnuncioC3B0-221217-0002_gl.pdf

Bonificacións por Concellos emprendedores no cal esta incluído o Concello de Mondoñedo.

As bonificacións son no IBI, IAE e do ICIO. Bonificacións de ata o 95 % no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes.

Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.

Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

- Ordenanza fiscal Nº1 reguladora do imposto de bens inmobles. http://www.concellomondonedo.es/portal_localweb/RecursosWeb/DOCUMENTOS/5/0_2211_1.pdf

- Ordenanza fiscal Nº3 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

http://www.concellomondonedo.es/portal_localweb/RecursosWeb/DOCUMENTOS/5/0_2301_1.pdf

- Ordenanza fiscal Nº59 reguladora do Imposto sobre actividades economicas

http://www.concellomondonedo.es/portal_localweb/RecursosWeb/DOCUMENTOS/5/0_2303_1.pdf

(*Anexo ao Bloque IV – DEDUCIÓNS FISCAIS, para máis detalles*)

14.5.6. COMPROMISOS DE CONCELLOS EMPRENDEDORES

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) firmaron en outubro de 2017 un convenio de colaboración para a creación dos Concellos Emprendedores.

Esta iniciativa, enmarcada dentro da nova Lei de implantación empresarial, ten como obxectivo contribuír á captación de investimentos para a nosa Comunidade.

Para ser Concello Emprendedor é preciso comprometerse a achegarlles ás empresas e aos/ás emprendedores/as:

Máis simplificación administrativa: bonificacións de ata o 95 % no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes.

Máis facilidades de acceso a solo industrial: concesión das licenzas de obra maior nun prazo máximo de 30 días naturais desde que dispoñen de todos os informes.

Máis incentivos fiscais: bonificacións e incorporación do dereito de superficie para favorecer o acceso a solo empresarial no seu municipio.

A cambio, a Xunta de Galicia dará prioridade aos Concellos Emprendedores en ordes de axudas que se convocan en réxime de concorrencia competitiva para impulsar o emprego, o emprendemento, o comercio local ou proxectos relacionados coa Industria 4.0.

En concreto, inclúe un criterio específico no que o baremo de puntuación supoña, polo menos, o 20 % do total.

.

14.6. CANON AOS INMOBLES DECLARADOS EN ESTADO DE ABANDONO

Amparados na Lei 1/2019 do 22 de abril, segundo o Capítulo III, contémplase dentro deste Plan de Dinamización a posibilidade de que o Concello de Mondoñedo solicite a declaración por parte do IGVS de edificio en estado de abandono dentro da área Rexurbe a aqueles edificios que, unha vez cumpridos todos os casos e requisitos previos en canto a requirimentos para a rehabilitacións da Lei citada, a propiedade siga sen tomar as medidas axeitadas no inmoble.

Esta declaración implicaría o establecemento dun canon a abonar pola propiedade pola non atención do inmoble, segundo o artigo 99 da Lei 1/2019 do 22 de abril de rehabilitación de vivenda:

"Créase o canon de inmobles declarados en estado de abandono como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, con natureza de imposto, de carácter real e finalidade extrafiscal, que somete a gravame os inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico."

Coa finalidade de impulsar as actuacións nas áreas Rexurbe.

No momento de redacción do presente Plan de Dinamización non se contempla a solicitude de inclusión de ningún inmoble dado que coa nova área e as novas iniciativas, a propiedade dos inmobles que o precisen, poden levar a cabo una mellora dos mesmos amparados nas novas axudas que establecen co presente plan.

En datas futuras, dentro da execución do presente plan, en caso de non cumprirse, por parte da propiedade, as peticións de rehabilitación e coidado axeitado en inmobles en estado de abandono, procederase á súa tramitación, enviando expedientes individualizados de cada un dos inmobles ao IGVS para que este proceda á declaración de "estado de abandono" e proceda co establecemento do citado canon.

14.7. VIABILIDADE DE ACCESO Á VIVENDA UNHA VEZ REHABILITADA

Outro dos aspectos a ter en conta é o feito de que, unha vez executada a obra, esta se poda poñer ao servizo da sociedade, tal como se propón dentro dos obxectivos deste plan.

Así, incluímos aquí certos plans de axudas ao alugueiro de vivenda a diversos perfiles sociais que poden ser de utilidade chegado o momento de entrar a vivir nestas novas residencias recen rehabilitadas.

Isto facilitará a viabilidade da inversión tanto pública como privada pois por parte dos organismos públicos acadarase con isto facilitar o acceso á vivenda e con iso facilitarase a fixación de residencia loitando así co despoboamento, e por parte das iniciativas privadas, verase o gasto na rehabilitación como unha inversión que dará lugar a novos rendementos de propiedades que estaban fóra do mercado e xerando só gastos.

Unha inversión deste tipo sería unha gran oportunidade de rendibilidade dados os prezos medios antes expostos si se comparan estes cos tipos de interese vixentes, sendo a inversión en vivenda para aluguer un factor máis seguro que os mercados bursátiles mundiais.

Así achéganse varios plans sobre apoio ao aluguer dos programas 2, 3 e 4 do Plan.

- Axudas ao alugamento de vivenda do plan estatal de vivenda 2018-2021
- BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL
- Fomento do parque de vivenda en aluguer.
- PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS. (Mondoñedo xa está adherido a este plan.)

(*En Anexo ao Bloque IV* – VIABILIDADE DE ACCESO Á VIVENDA UNHA VEZ REHABILITADA*, detalles das axudas aquí esquematizadas*)

15. EFICACIA DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Mondoñedo, aínda que poda resultar contraditorio pola progresiva perda de poboación, presenta unha importante necesidade de vivenda en réxime de alugueiro, pero non só en oferta, senón en calidade.

A día de hoxe Mondoñedo ten vivenda en alugueiro dentro da área Rexurbe, pero non en condicións idóneas para a mesma. Trátase de vivenda envellecida e en moitos casos con servizos deficientes que fan que a poboación non quede, en moitos casos, nesta localidade e sobre todo coa mellora das vías de comunicación (A-8) que permiten un desprazamento rápido dende outras vilas e cidades cun perfil de edificacións e servizos máis modernos, por así dicilo.

Polo tanto, mellorar a facilidade de acceso á vivenda de aluguer e facelo a unha vivenda de recente rehabilitación vai facer atractiva esta cidade para vivir, unido isto á mellora da infraestrutura de telecomunicacións coa implantación de banda ampla en toda a área urbana (ADAMO e R) fan de Mondoñedo un lugar idóneo para residir.

Así estariamos ante unha localidade con un importante patrimonio histórico, cultural e natural con todos os servizos dunha gran cidade como xa indicou e, por riba, facilidade de acceso ás novas tecnoloxías e unha zona urbana moderna, funcional e pensada para poboación.

Isto suporía darlle a volta á tendencia de hoxe de usar outras vilas como residencia polos medios técnicos e modernidade de edificios que teñen e, a través das vías de alta capacidade chegar a Mondoñedo ou ás inmediacións del a traballar, e pasaría a ser Mondoñedo un lugar central de atracción de poboación que usaría a autoestrada A-8 como vía de saída a outras zonas de traballo elixindo Mondoñedo como primeira opción de residencia.

Modificar esta tendencia suporía un freo na perda de poboación e con iso poderíase chegar a virar a tendencia demográfica cara a números positivos.

E non é preciso indicar que unha modificación na tendencia demográfica revertería directamente na economía social dando un pulo xeral ao comercio local que xeraría novos campos de mercado.

Enlazando con isto teriamos o comercio local. Na mesma liña que no aspecto anterior, a vellez dos edificios de Mondoñedo da lugar a baixos comerciais obsoletos, en moitos casos, para afrontar un negocio coas perspectivas do comercio do século XXI, conectado co mundo e moderno.

As melloras nos inmobles, tanto no eido de baixo comercial, como no eido de edificio destinado a negocio, servizos turísticos, oficinas, etc. irían encamiñadas a contar cun compoñente económico e /ou social –que xa se indicou- para que estas

rehabilitacións en inmobles dean lugar a sedes de novas empresas, baixos comerciais modernos con vivenda arriba, establecementos de hostalería, etc.

A rehabilitación simple de vivenda é a que se fará dende a Area de Rehabilitación e a rehabilitación con fins económicos e sociais é que se fará dende a área Rexurbe.

E aquí, ademais do indicado, levaríase unha liña de axuda para a mellora do comercio favoreceríanse novas aperturas e melloras nos negocios xa existentes. Así mesmo a mellora da infraestrutura para o comercio local suporía unha contribución positiva a modificar a tendencia da caída poboacional.

Sociedade (demografía neste caso) e economía van da man. As melloras nun dos campos vai a dar lugar a repercusións directas e beneficiosas no campo mellorado, pero tamén vai da dar lugar a sinerxias positivas no outro campo. Así unha mellora na tendencia demográfica vai favorecer a mellora económica e viceversa.

Por todo isto considéranse que as medidas de opio á rehabilitación de inmobles co fin de poñelos no mercado (tanto aluguer como asentamento de empresas) así como as melloras do tecido infraestrutural económico da área Rexurbe son dúas caras da mesma moeda e que van a ter unha repercusión positiva polo que se estivo indicando neste apartado.

E non so iso, senón que a rehabilitación de inmobles en si mesma, ao ser enfocada á inclusión desta vivenda no mercado, pode verse como unha inversión de alta rendibilidade moi superior aos tipos actuais de interese, pois unha vez finalizada a obra, esta xerará un alugueiro mensualmente e non suporá cargas de luz, auga, etc. tendo ademais unhas garantías de materiais de longo prazo que permitiría recuperar o invertido e xerar beneficio directo.

Alugueiros que, en moitos casos, poden xerarse coa intermediación da administración co que se garantiría o cobro dos alugueiro e mantemento dos edificios, salvo o desgaste propio do uso racional dos mesmos, e, por outra banda serían un servizo de carácter social ao facilitar a vivenda a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión.

En último lugar, unha mellora das condicións sociais e económicas, debe levar á par unha mellora de infraestruturas que permitan asentar estas.

Neste caso obras como as propostas en Rocha de Vélez – Os Castros e en Camiño da Valada, habilitarán, por un lado, zonas de aparcadoiro nas inmediacións do casco urbano co que conxunto histórico verá reducida a súa presión de tráfico mellorando

así a súa habitabilidade e perfilándose cada vez máis como un espazo peonil pensado para a cidadanía e non para os vehículos.

Tamén, por outro lado, suporá un apoio aos negocios da localidade pois a xente poderá chegar a eles de forma máis cómoda podendo deixar ben estacionados os seus vehículos a menos de dous minutos a pé de calquera punto do centro urbano (hai que considerara outras melloras de aparcamentos xa citadas e non incluídas dentro deste plan que xa están contribuíndo a esta tendencia) e, por outra banda, unha mellora como a proposta para Rocha de Vélez – Os Castros, suporía a consolidación da mellora dos servizos do Centro San Rafael (Residencia – Centro de día – Centro de Alzheimer) en cando a ampliación de prazas e diversificación de servizos co conseguinte incremento de postos de traballo no mesmo.

O Concello de Mondoñedo considera que as medidas propostas neste Plan de Dinamización están enfocadas dende o punto de vista correcto pois supoñen unha mellora de conxunto da área Rexurbe.

Esta mellora de conxunto dentro dos ámbitos social, económico e de infraestruturas poden e van a mellorar as condicións de Mondoñedo.

Estas melloras van a contribuír a frear a caída da poboación e dinamizar o comercio local e coas melloras nas infraestruturas conseguirase que esta área sexa cada vez máis da xente e menos dos vehículos.

Con todo isto considérase que Mondoñedo está no bo camiño para a mellora das condicións de vida en xeral da localidade e con iso acadar a mellora demográfica e económica perseguida no presente Plan de Dinamización.

16. PROGRAMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

O desenvolvemento das actuacións previstas no Plan de Dinamización precisa dun seguimento para asegurar o seu cumprimento e por outro lado, corrixir posibles desviacións nos obxectivos, afrontar novos retos que poidan xurdir, etc. e ,segundo a Lei 1/2019 do 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, todas as áreas Rexurbe deben de contar cunha Comisión Técnica de Seguimento que tal como se describe na citada lei nos artigos 76 e 77.

En liñas xerais proponse a creación dunha comisión de seguimento do plan, que se reúna periodicamente e como mínimo unha vez ao ano podendo reunirse a intervalos menores a petición de calquera das partes que integren a comisión.

A comisión de seguimento estará constituída por persoal técnico así como polos responsables políticos das áreas afectadas da administración local e da administración autonómica.

Así, crearase unha comisión paritaria de seguimento para a Área Rexurbe de Mondoñedo co obxectivo (art. 76.1) de elaborar os plans e os programas de actuación na áreas, coordinar os criterios das funcións doutras administracións atribuídas aos centros de rexeneración urbana de interese autonómico e realizar o seguimento e a coordinación dos plans de financiamento para o impulso da rehabilitación, a rexeneración e a renovación das áreas afectadas.

Esta comisión contará con tres persoas por parte do Concello e outras tres por parte da administración autonómica e será presidida por un dos representantes da Xunta de Galicia (art. 76.2) designadas polas autoridades competentes para cada administración.

Na designación das persoas representantes das comisións técnicas de seguimento respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes (art. 76.4).

Ademais das persoas designadas, poderán asistir ás xuntanzas destas comisións aquelas que, sen prestaren servizos en ningunha das administracións afectadas, poidan ser propostas pola comisión en virtude dos seus coñecementos técnicos ou da súa experiencia profesional. Así mesmo, poderán asistir persoas representantes dos colexios profesionais, das asociacións ou das institucións cuxa participación se considere oportuna (art. 76.3).

As funcións atribuídas á Comisión Técnica de Seguimento serán as indicadas na presente lei no seu artigo 77.

1. A comisión técnica de seguimento exercerá as seguintes funcións:

a) Velar polo funcionamento do centro de rexeneración urbana de interese autonómico de acordo con criterios de eficacia e eficiencia que impulsen a consecución dos fins da área de rexeneración urbana de interese autonómico.

b) Propoñer á autoridade competente do concello o nomeamento e a solicitude de cesamento da persoa responsable do centro de rexeneración urbana de interese autonómico, así como realizar o seguimento e a avaliación da súa actividade.

c) Propoñer a aceptación das funcións encomendadas ao centro de rexeneración urbana de interese autonómico por parte das diferentes administracións públicas.

d) Aprobar os plans e os programas de actuación e mais o investimento previsto anualmente en aplicación do plan de dinamización.

e) Propoñer ás administracións implicadas as modificacións no plan de dinamización que se considere oportuno realizar para a mellor obtención da finalidade perseguida, coa aprobación, de ser o caso, das modificacións non substanciais na forma e cos límites que se prevexan no indicado plan.

f) O seguimento, a valoración e o control da actividade do centro de rexeneración urbana de interese autonómico e do cumprimento dos compromisos adoptados, realizando, cando menos, as seguintes actuacións:

1ª. O seguimento da evolución dos indicadores fixados no plan de dinamización.

2ª. A memoria e auditoría anual para comprobar total ou parcialmente o grao de cumprimento dos compromisos, o seguimento dos indicadores e a xestión das accións definidas ao longo do ano polas persoas responsables.

2. Os informes sinalados na alínea f) anterior serán públicos e estarán dispoñibles na páxina web correspondente.

Nas reunións de avaliación analizaranse dous tipos de indicadores, os de cumprimento da programación temporal do plan e os indicadores de impacto das actuacións realizadas.

Así mesmo teranse en conta e estudaranse aqueles cambios normativos que poidan ser aprobados e que poidan afectar a execución do mesmo, así como novas subvencións, liñas de axuda e financiamento que vaian xurdindo.

Considerararanse tamén, nestas xuntanzas, variacións puntuais do presente Plan de Dinamización para axustalo á realidade social e económica que pode mudar de xeito puntual implicando unha modificación das estratexias para a consecución dos obxectivos concretos dentro da área Rexurbe.

Serán analizados periodicamente, nestas xuntanzas, indicadores como evolución da poboación, atracción de xente nova, número de edificios rehabilitados, número de edificacións pendentes de rehabilitación, establecemento de novas empresas, profesionais e comercios, resultados económicos das empresas e comercios, etc. baseados nas liñas de actuación propostas e nos obxectivos indicados con anterioridade.

Por outra banda, realizaranse a petición da comisión, enquisas de entre a poboación xeral e entre os comerciantes e empresarios co fin de coñecer o grado de satisfacción co Plan de Dinamización, así como detectar necesidades e propostas.

17. PARTICIPACIÓN SOCIAL

En base ao punto anterior e como consecuencia deste, para unha mellora no seguimento e avaliación do Plan de Dinamización, proponse unha participación activa por parte da cidadanía.

Así, a participación de asociacións de veciños, comerciantes, empresarios, colectivos sociais e representantes do mercado inmobiliario, é fundamental para a recollida de información e propostas durante a execución do Plan de Dinamización, para poder proceder á súa adaptación á cambiante realidade social, pois si ben este plan parte dun punto fixo, o paso do tempo e a posta en marcha do mesmo dará lugar a unha nova realidade socio-económica que debe ser tida en conta para que o mesmo siga sendo eficaz durante todo o período.

Para a participación social proponse a realización de reunións cos diferentes axentes durante a execución do Plan de Dinamización. Estas reunións poderíanse facer coincidir coas da comisión de seguimento que se establecían cada 6 meses e a algunha, si así o considera a Comisión, convocaríanse veciños/-as, asociacións en xeral, así como aos axentes económicos: comerciantes, industriais e autónomos para que todos eles aporten o que consideren axeitado e indiquen posibles eivas na execución do Plan.

De inicio proponse a convocatoria a xuntanzas alternas dado que no Concello de Mondoñedo se veñen celebrando xuntanzas coa poboación de xeito ordinario e nelas pódense tratar temas relacionados ou que afecten ao eido Rexurbe e logo dende esas xuntanzas, ser trasladadas á comisión de seguimento deste Plan de Dinamización.

Nas reunións presenciais coa veciñanza dentro das comisións de área Rexurbe, por parte da administración darase conta do punto no que se atopa a execución do Plan así como das posibles modificacións /adaptacións do mesmo á realidade social ditadas pola Comisión de Seguimento e escoitarase á veciñanza naquelas aportacións que queira facer encamiñadas á mellora e mellor adaptación do Plan á realidade.

Así mesmo, na web oficial do concello e tamén na aplicación móbil do mesmo, achegarase información de oportunidades de inversión en rehabilitación, inventario de vivendas e locais xa rehabilitados en venda ou aluguer, listado de profesionais especialistas na rehabilitación de edificacións e locais comerciais, axudas e subvencións dispoñibles para este fin, etc., información que tamén será recollida nas redes sociais do concello para ter á cidadanía ao cabo de todo o desenrolo e de todas as oportunidades que ofrece o Rexurbe.

Por outra banda, a petición da comisión de seguimento, realizaranse enquisas entre a poboación en xeral e entre os comerciantes, empresarios e autónomos co fin de coñecer o grado de satisfacción co Plan de Dinamización, así como detectar necesidades e propostas. Estas enquisas terán unha serie de preguntas concretas creadas ex profeso pola comisión de seguimento para obter as valoracións sobre os aspectos concretos que se pretenden avaliar e mellorar.

Por último hai que ter en conta que Mondoñedo xa conta con unha ordenanza de participación cidadá, tal como se indicou, e que en base a ela se fan xuntanzas periódicas coa cidadanía para mellorar. Con isto quérese recalcar que esta tradición de recoller aportes da cidadanía está vixente e asentado en ambas partes, concello e veciñanza, co que as xuntanzas para a área Rexurbe non serían unha novidade senón unha continuidade máis dentro das tendencias de boas prácticas do goberno local que xa están en sintonía coa filosofía Rexurbe.

No anexo do Bloque IV achégase a Ordenanza n.º52 de Regulamento Orgánico de Participación Cidadá que complementa este punto


BLOQUE V – INFORME FINAL A MODO DE RESUMO

NO ANEXO DO BLOQUE V RECÓLLESE UN INFORME FINAL AMPLIADO DA MEMORIA DE DINAMIZACIÓN DA ÁREA REXURBE EXPOÑENDO AQUÍ SÓ UN PEQUENO ESTRATO DO MESMO PARA DAR UNHA IDEA FINAL XERAL

18. INFORME FINAL A MODO DE RESUMO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN.

18.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE

O espazo que abrangue a área Rexurbe é o Conxunto Histórico de Mondoñedo e unha serie de áreas anexas a este de similares características á zona catalogada.



Delimitación Rexurbe en azul (Casco Histórico en amarelo)

Quedando este espazo Rexurbe, como segue:

Superficie do ámbito (s) a declarar Rexurbe:	
Área continua ☒ Descontinua ☐ Superficie en km$^{2:}$ 0,45	
Superficie municipio: 144Km^2	Superficie Conxunto Histórico: 0,44 Km^2
Número de edificios:704 –en rexurbe-	Número de Vivendas: 915

Recollendo as diversas análises indicadas con anterioridade en base ás tres situacións citadas no artigo 54 da Lei de rehabilitación teriamos:

a) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental.

As cifras presentadas amosan un conxunto con eivas na área arquitectónica, urbanística e, en menor medida, na ambiental, tanto a nivel xeral como en áreas específicas dentro do conxunto histórico, tal como se presentou con anterioridade.

b) Situacións demográficas delicadas

Mondoñedo presenta, claramente, unha situación demográfica delicada, como pode verse cos datos aportados. Estamos ante una poboación envellecida e cun

decaemento progresivo do número de habitantes nestes últimos anos que aínda que é máis palpable no rural, dentro da zona urbana é un mal que afecta de igual xeito.

Evolución dende 1996 ata o ano 2018 (INE – padrón habitantes).



c) Existencia de graves problemas económicos e sociais.

Mondoñedo presenta un cadro no que o número de pensionistas por cada 1000 habitantes é moi alto, o importe medio das pensións son moi baixas cunha boa parte non contributivas e a isto hai que unirlle un número importante de xente en risco de exclusión social, así como desempregados.

Por outra banda, o envellecemento xeneralizado e a perda de poboación fai que o comercio local estea nunha situación de difícil equilibrio e aínda que dende as administracións públicas se está a traballar para potenciar o comercio local e para con iso facer que as novas xeracións aposten pola apertura de negocio en Mondoñedo e así poder fixar poboación, non é tarefa fácil.

Resumo de necesidades detectadas:

A partir da análise de campo realizado, así como a partir dos datos socioeconómicos, empresariais, de dotacións, equipamentos, etc., recollidos, as necesidades detectadas resúmense a continuación:

- Rehabilitación e ocupación de vivendas baleiras ou en desuso
- Garantir a función social da vivenda a través da mobilización da vivenda baleira
- Mantemento e conservación de edificios
- Mellora da funcionalidade, seguridade e/ou habitabilidade das edificacións
- Prolongar a vida útil das edificacións.
- Adecuar a edificación existente ás condicións de confort e calidade actuais.
- Dinamización económica e social
- Facilitar a emancipación da xuventude
- Evitar a perda de poboación do municipio e da área Rexurbe.
- Rexeneración e renovacións urbanas
- Mellora da eficiencia enerxética

- Mellora da accesibilidade universal
- Mellora da calidade de vida dos cidadáns
- Concienciar, informar e promover o respecto e o deber pola conservación dos edificios.
- Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e versatilidade, aumentado o atractivo da área Rexurbe como centro de residencia e actividade.
- Destinar vivendas aos inscritos no rexistro de demandantes de vivendas protexidas.
- Destinar vivendas para apoio en situacións de emerxencia residencial (familias con tódolos membros en situación de desemprego, vítimas de violencia de xénero, situacións de desafiuzamentos, etc.).

Aínda que no momento actual se detectan estas necesidades, o Plan de Dinamización é un documento vivo, é dicir, poderá revisarse, ampliarse ou corrixirse durante a aplicación do mesmo e en función dos resultados e dos indicadores de avaliación que se vaian executando.

18.2. ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS

Debilidades	Fortalezas
Perdida de poboación	Territorio con recursos e potencialidades de desenvolvemento
Envellecemento da poboación	Experiencias de boas practica e exemplos demostrativos
Escasa creación de empresas	Ampla oferta formación
Baixa taxa natalidade	Ampla oferta servizos sociais
Vivendas en ruínas	Patrimonio Natural
Excesiva burocracia nos tramites	Patrimonio Cultural
Escasa mentalidade emprendedora	Gran calidade de vida
Dificultade atracción de xente moza	Gran oferta de vivendas en venda
Mal servizo público	Apoio público tanto para rehabilitación de vivendas como para a compra
Dificultade da mobilidade da propiedade	Administración local colaborada
Ameazas	**Oportunidades**
Emigración xoves	Programas e servizos Sociais que responden as necesidades da poboación. Centro de día, SAF, Residencia, Centro Social, Centro de menores ..etc
Diminución da poboación activa	Mellora en colectividade
Proximidade poboacións costeiras	Camiño de Santiago
Forte tendencia a compra online	Patrimonio Inmaterial
Alonxamento dos centros de ensino universitarios	Importante potencia forestal
Tendencia a deslocalizar os servizos públicos cara a grandes cidades	Importante existencia de solo industrial dispoñible
Dificultades ou tendencia dos funcionarios a querer trasladarse e vivir en grandes cidades	Excelentes condicións climatolóxicas para a Horta
Protección ambiental (ecoloxistas que dificultan o aproveitamento dos recursos)	Xacementos de emprego en xeral, rural e verde
Inseguridade en proxectos industriais da zona (exemplo: Alcoa..etc)	Tradición artesán
Falta de relevo xeracional en negocios asentados en bo funcionamento	Potencial turístico, integración e creación de valor. Turismo de Natureza

Os obxectivos principais son:

- Mellora da calidade de vida das persoas
- Dotar de suficientes medios e recursos sociais para a atención ás persoas

Por áreas de actuación:

Urbanística /arquitectónica:

- Rehabilitación e mellora das edificacións e dos seus medios e servizos enfocados á actividade económica e a servizo social.
- Rehabilitación e mellora da trama urbana e os seus medios e servizos

Demografía:

- Contención do despoboamento e atracción de novos habitantes

Área económica e Social:

- Desenvolvemento económico da área
- Facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultades
- Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración público - privada

Os principais obxectivos secundarios son o seguintes, aínda que no punto seguinte se amplían:

Urbanística /arquitectónica:

- Recuperación e posta en valor do patrimonio
- Mantemento das tipoloxía tradicionais
- Renovación de servizos, sinalización, accesibilidade universal,…

Demografía:

- Fomentar o aluguer
- Mellora dos medios ao alcance da poboación

Área económica e Social:

- Crear postos de traballo no ámbito social
- Potenciar programas de igualdade, diversidade e sexo.
- Ampliar o Servizo de Axuda no Fogar
- Ampliar prazas na Residencia de Anciáns.

- Promoción do turismo
- Atracción de novas empresas e profesionais
- Implantación e mantemento de establecementos comerciais
- Facilitar o acceso á vivenda
- Vivendas de uso temporal a colectivos con dificultades

18.3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN E ACTUACIÓNS CONCRETAS.

LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ARQUITECTÓNICO, URBANÍSTICO OU AMBIENTAL

- Liña 1: rehabilitación e mellora de edificacións
- Liña 2: rehabilitación e mellora da trama

LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DEMOGRÁFICO

- Liña 3: contención do despoboamento e atracción de novos habitantes

LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ECONÓMICO E SOCIAL

- Liña 4: Desenvolvemento económico da área
- Liña 5: facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultades
- Liña 6: Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración público - privada

ACTUAIÓNS EN REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

REHABILITACIÓN /RECONSTRUCIÓN DE NEGOCIOS E SUBVENCIÓN DE MELLORA DE LOCAIS COMERCIAIS

Investimento rehabilitación negocios 2.329.000,00 €

Investimento mellora locais comerciais 300.000,00€.

ACTUACIÓNS EN ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

Investimento total de 696.445,41 € para mercar inmobles

Investimento total de 2.613.693,22 € para rehabilitación de inmobles que serán adquiridos polo Concello de Mondoñedo e cedidos o IGVS para a súa rehabilitación.

Investimento total de 4.870.800,00 € para rehabilitación de inmobles propiedade do IGVS.

ACTUACIÓNS EN REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS

REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (PARA ALUGUER SOCIAL) investimento de 135.000,00 €

REHABILITACIÓN DE VIVENDAS PARTICULARES (ÁREA REHABILITACIÓN) investimento de 1.714.201,05 €

INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS

AMPLIACIÓN ROCHA DE VÉLEZ /OS CASTROS E APARCADOIRO.

Investimento para Rúa Rocha de Velez /Os Castros 499.286,64€ e para aparcadoiro 250.000,00€.

AMPLIACIÓN CAMIÑO DA VALADA

Investimento total de 300.000,00€

APARACADOIRO EN CASAS NOVAS E ADQUISICIÓN DE FINCA

Investimento en aparcadoiro de 131.174,47€ e merca de finca para ampliación 26.000,00€

MELLORAS EN PRAZAS E XARDÍNS

PROXECTO ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DA CATEDRAL cun investimento de 258.739,88 €

ACONDICIONAMENTO DO XARDÍN DA CASAS MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO cun investimento de 48.393,20 €

PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO cun investimento de 172.767,28€

UN SEGUNDO PROXECTO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO (FASE II) cun investimento de 121.890,60€

INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS

REHABILITACIÓN DA CAPELA DA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA

A rehabilitación da Capela da Orde Terceira Segrar Franciscana con 285.000,00€

ADQUISICIÓN E MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES

A inversión total desta intervención estimase en 577.623,15 €

AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO

Inversión de 544.713,29 €

REFORMA DA CASA DA CULTURA DE MONDOÑEDO

Inversión de 96.800,00 €

PROXECTOS DE SINALIZACIÓN. PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

Investimento total de 50.321,96€

PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

O proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumeado ornamental da Catedral en Mondoñedo estimase en 156.311,93€

MELLORAS NO PLANEAMENTO DA ÁREA REXURBE. REDACCIÓN NOVO PEPRI

Investimento total de 307.781,25€

ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN

Investimento total de 29.000,00€

ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA TOTAL

A todo o previo habería que engadir o gasto asignado e equipos técnicos que ascendería a 704.184,23 €

Así estímase unha contía global de inversión do ata aquí citado, entre todos os axentes que intervirían nas accións propostas, ascende a dezaseis millóns novecentos corenta e oito mil setecentos vinte e oito euros e sesenta e catro céntimos (16.948.728,64 €). Esta inversión inclúe administracións públicas e axentes privados e detallarase no Bloque IV de viabilidade económica.

Detalle por bloques:

Rehabilitación de inmobles para iniciativas empresariais	2.629.000,00 €
Adquisición e rehabilitación de inmobles	8.180.938,63 €
Rehabilitación de inmobles para vivendas	1.578.802,13 €
Intervención en espazo públicos	1.808.252,07 €
Intervencións en equipamentos	1.710.770,33 €
Mellora do Planeamento en Área Rexurbe	307.781,25 €
Actuacións formativas en materia de rehabilitación	29.000,00 €
Equipos técnicos	704.184,23€
TOTAL	**16.948.728,64 €**

18.4. VIABILIDADE ECONÓMICA

A seguir apórtase un cadro resumo do total de investimentos previstos para estas obras propostas para levarse a cabo dentro da área Rexurbe de Mondoñedo tal como se explicou nos puntos previos.

	ACTUACIÓNS/CUANTIAS	COSTE TOTAL DA ACTUACIÓN	CMATV I.G.V.S.	CONSELLERÍA DE CULTURA	VICEPRESIDENCIA 1ª CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	CMATV D.X DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO	CONSELLERÍA DE EDUCACION, UNIVERSIDADE E F PROFESIONAL	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA MEPREGO E INDUSTRIA (IGAPE)	MINISTERIO DE TRANSICION ECOLOGICA (IDAE)	MINISTERIO DE TRANSPOTE, MOBILIDADE E AXENDA URBANA	DIPUTACION DE LUGO	APORTACIÓN DO CONCELLO DE MONDOÑEDO	APORTACIÓN PROMOTORES PRIVADOS
REHABILITACION DE INMOBLES: INICIATIVAS EMPRESARIAIS	REHABILITACIÓN / RECONSTRUCCIÓN DE NEGOCIOS	2.329.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 512.220,00	1.816.780,00
	SUBVENCIONS DE MELLORAS DE LOCAIS COMERCIAIS	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 90.000,00	210.000,00
ADQUISICIÓN E REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS	ADQUISICIÓN DE INMOBLES IGVS	696.445,41	621.904,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	74.541,41	0,00
	REHABILITACION / RECONSTRUCIÓN INMOBLES PROPIEDADE DO IGVS	4.870.800,00	4.870.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	REHABILITACION / RECONSTRUCIÓN INMOBLES DO CONCELLO CEDIDOS O IGVS	2.613.693,22	2.613.693,22	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS	**REHABILITACIÓN DE VIENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (ALUGUER SOCIAL)**	135.000,00	100.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	35.000,00	0,00
	REHABILITACION DE VIVENDAS PARTICULARES (AREA REHABILITACIÓN)	1.443.802,13	117.884,56	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	639.970,82	0,00	0,00	685.946,75
INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS	**OBRA DE URBANIZACIÓN DA RUA DOS CASTROS E ROCHA DE VÉLEZ**	499.286,64	0,00	0,00	0,00	387.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	112.086,64	0,00
	APARCAMENTO ROCHA DE VELEZ	250.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	250.000,00	0,00	0,00	0,00
	OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00	0,00	0,00
	APARCAMENTO CASAS NOVAS	131.174,47	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	131.174,47	0,00	0,00	0,00
	ADQUISICIÓN DE FINCA PARA AMPLIACIÓN DE APARCAMENTO	26.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	26.000,00	0,00	0,00
MELLORAS DE PRAZAS E XARDÍNS	**PROXECTO DE ACONDICIONAMIENTO DA PLAZA DA CATEDRAL**	258.739,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	194.054,91	0,00	64.684,97	0,00
	ACONDICIONAMENTO DO XARDIN DA CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO	48.393,20	0,00	48.393,20	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

	PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXETICA/ ILUMINACIÓN	**PROYECTOS DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGETICA DEL ALUMBRADO DEL C HISTÓRICO**	294.657,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	235.726,30	0,00	0,00	58.931,58	0,00
INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS		**REHABILITACIÓN CAPELA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA**	285.000,00	0,00	285.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA EQUIPAMENTOS	**ADQUISICIÓN E MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES**	577.623,15	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	450.000,00	127.623,15
		AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO	544.713,29	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	544.713,29
		REFORMA DA CASA DA CULTURA	96.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(**) 96.800,00	0,00
	PROXECTOS DE SINALIZACIÓN	**PROYECTO DE INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS**	50.321,96	0,00	0,00	32.709,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	17.612,69	0,00
	PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXETICA/ ILUMINACIÓN	**PROYECTOS DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGETICA ALUMBRADO CATEDRAL**	156.311,93	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	125.049,54	0,00	0,00	31.262,39	0,00

MELLORAS NO PLANEAMENTO DA AREA REXURBE	**REDACCION DE UN NUEVO PEPRI PARA EL CONJUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO**	307.781,25	0,00	0,00	0,00	307.781,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN	**TALLERES DE FORMACIÓN EN TECNICAS CONSTRUCTIVAS TRADICIONAIS**	29.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	4.000,00	2.500,00	2.500,00
EQUIPOS TÉCNICOS	**EQUIPOS TÉCNICOS DE XESTIÓN DO CENTRO REXURBE**	704.184,23	317.214,62	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	102.500,00	0,00	284.469,61	0,00
	TOTAIS	**16.948.728,64**	**8.641.496,40**	**333.393,20**	**32.709,27**	**694.981,25**	**20.000,00**	**0,00**	**360.775,84**	**1.317.700,20**	**330.000,00**	**1.830.109,29**	**3.387.563,19**
	% PARTICIPACIÓN	100,00%	50,99%	1,97%	0,38%	4,10%	0,12%	0,00%	2,13%	7,77%	1,95%	10,80%	19,99%

(*) Con asterisco e en vermello –Concello e IGAPE- Como xa se indicou a parte económica proposta a asumir pola IGAPE está metida dentro do gasto do Concello de Mondoñedo e será negociada por este para que sexa asumida por esta (IGAPE) ou por outra administración xa que con fondos propios o concello non pode asumir este gasto.

(**) Parte de esta cantidade tentaras que sexa asumida pola Secretaría Xeral para o Deporte, mediante sinatura dun convenio

NOTA FINAL: Inclúese unha anualidade 2020 na que se recollen as intervencións xa iniciadas nesta anualidade e vinculadas coa declaración de Mondoñedo como Área Rexurbe, tal e como se indicaba no punto 10.4 deste Plan de Dinamización

REPARTO DE ANUALIDADES

		ACTUACIÓNS/ANUALIDADES	2020	2021	2022	2023	2024
REHABILITACION DE INMOBLES: INICIATIVAS EMPRESARIAIS		SUB REHAB / RECONSTR INMOBLES NEGOCIOS	0,00	582.250,00	582.250,00	582.250,00	582.250,00
		SUBENCIÓNS MELLORAS DE LOCAIS COMERCIAIS	0,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00
ADQUISICIÓN E REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS		ADQUISICIÓN DE INMOBLES IGVS	621.904,00	74.541,41	0,00	0,00	0,00
		REHAB / RECONSTRUCIÓN INMOBLES IGVS	0,00	1.437.252,00	1.500.000,00	1.500.000,00	433.548,00
		REHAB / RECONSTRUCIÓN INMOBLES CEDIDOS DO CONCELLO O IGVS	0,00	65.342,00	1.048.351,22	1.000.000,00	500.000,00
REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS		REHAB VIVENDAS MUNICIPAIS ALUGUER SOCIAL	0,00	67.500,00	67.500,00	0,00	0,00
		REHABILITACION DE VIVENDAS (AREA REHAB)	221.841,97	305.490,04	305.490,04	305.490,04	305.490,04
INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS		AMPLIACIÓN OS CASTROS E ROCHA DE VÉLEZ	0,00	124.821,66	124.821,66	124.821,66	124.821,66
		APARCAMENTO ROCHA DE VELEZ	0,00	0,00	0,00	0,00	250.000,00
		OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA	0,00	0,00	150.000,00	150.000,00	0,00
		APARCAMENTO CASAS NOVAS	131.174,47	0,00	0,00	0,00	0,00
		ADQUISICIÓN DE FINCA PARA APARCAMENTO	0,00	26.000,00	0,00	0,00	0,00
	MELLORAS DE PRAZAS E XARDÍNS	ACONDICIONAMIENTO DA PLAZA DA CATEDRAL	0,00	129.369,94	129.369,94	0,00	0,00
		XARDIN DA CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO	0,00	48.393,20	0,00	0,00	0,00
	EFIC ENERXETICA / ILUMINACIÓN	EFICIENCIA ENERXETICA ALUMEADO C HISTÓRICO	0,00	168.219,29	118.219,29	8.219,30	0,00
INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS	REHABILITACIÓN DE EQUIPAMENTOS	REHABILITACIÓN CAPELA ORDE TERCEIRA	0,00	0,00	114.000,00	171.000,00	0,00
		INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES	577.623,15	0,00	0,00	0,00	0,00
		AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES	544.713,29	0,00	0,00	0,00	0,00
		REFORMA DA CASA DA CULTURA	0,00	96.800,00	0,00	0,00	0,00

	PROXECTOS DE SINALIZACIÓN	INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS	50.321,96	0,00	0,00	0,00	0,00
	EF ENERXETICA / ILUMINACIÓN	EFICIENCIA ENERGETICA ALUMEADO CATEDRAL	0,00	34.311,93	122.000,00	0,00	0,00
MELLORAS NO PLANEAMENTO DA AREA REXURBE		NOVO PEPRICH PARA O CONXUNTO HISTÓRICO	61.556,25	92.334,38	92.334,38	61.556,25	0,00
ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN		TALLERES DE FORMACIÓN REHABILITACION	0,00	7.250,00	7.250,00	7.250,00	7.250,00
EQUIPOS TÉCNICOS CENTRO REXURBE		PERSONAL DO CENTRO REXURBE OF DE REHABILITACIÓN	0,00	116.797,52	136.820,91	139.557,33	142.348,48
		GASTOS CORRENTES/OUTROS GASTOS CENTRO REXURBE	0,00	36.520,00	43.240,00	44.150,00	44.750,00
		TOTAIS	**2.209.135,09**	**3.488.193,37**	**4.616.647,44**	**4.169.294,58**	**2.465.458,18**
		% INVERSIÓN ANUAL	13,03%	20,58%	27,24%	24,60%	14,55%

NOTA FINAL: Inclúese unha anualidade 2020 na que se recollen as intervencións xa iniciadas nesta anualidade e vinculadas coa declaración de Mondoñedo como Área Rexurbe, tal e como se indicaba no punto 10.4 deste Plan de Dinamización

EFICACIA DAS MEDIDAS

O Concello de Mondoñedo considera que as medidas propostas neste Plan de Dinamización son viables e eficaces, porque están enfocadas dende o punto de vista correcto, o da poboación, pois supoñen unha mellora de conxunto da área Rexurbe nos ámbitos social, económico e de infraestruturas, tal como pode verse no proposto nos capítulos previos e nos anexos que complementan este Plan de Dinamiazaión.

SEGUIMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Para que este Plan se execute como é debido establécese unha comisión paritaria para controlar a evolución do mesmo, facer as oportunas adaptacións en caso necesario e facilitar a participación social no mesmo.

19. CONCLUSIÓN

O presente Plan de Dinamización nace da análise real do territorio, nace do contacto coa sociedade e busca a mellora das condicións xerais de habitabilidade de Mondoñedo.

No presente Plan búscanse obxectivos reais, factibles e encamiñados á procura xeral das melloras das condicións de vida. Preténdese frear con iso a perda demográfica, melloras as condicións socio-económicas da poboación e tamén mellorar a infraestrutura existente na localidade encamiñando todo isto cara unha cidade pensada para as persoas.

Trátase dun plan equilibrado que propón unha inversión total de seis millóns trescentos sesenta e tres mil setecentos vinte e seis euros e trinta e dous céntimos, cun equilibrio entre inversión de particulares e das administracións públicas. Unha inversión que precisa do compromiso de ambas partes.

Así, é un proxecto real, factible e que acadará o apoio popular preciso para saír adiante en canto a investimentos porque o enfoque dado, dende as administracións a este Plan, é por e para a poboación, para a súa melloría social e económica.

Este Plan de Dinamización, que nace agora como algo vivo e adaptable aos tempos vindeiros, é unha chave básica e fundamental que será un dos piares para a recuperación demográfica, social e económica da zona urbana de Mondoñedo

ANEXOS

1- ANEXO AO BLOQUE I
2- ANEXO AO BLOQUE III
3- ANEXO AO BLOQUE IV
4- ANEXO AO BLOQUE V
5- CADRO INVESTIMENTOS EN A3
6- Ficha inicial de recollida de datos e aportes de traballo en conceptos Rexurbe previos á declaración de área Rexurbe.
7- Anteproxecto de ampliación de Rocha de Vélez – Os Castros.
8- Proxecto de rehabilitación dos xardíns da Casa Museo Álvaro Cunqueiro
9- Mondoñedo SmartCity
10- Plan de Acción para o Clima e a Enerxía do Concello de Mondoñedo
11- Plan Especial e Adaptación fronte os Riscos de Inundacións e Incendios derivados do Cambio Climático no Concello
12- Convenio entre o Concello de Mondoñedo e a Secretaría para o Deporte para arranxo da Casa da Cultura

ÍNDICES ANEXOS

ANEXO BLOQUE I – DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE 141

1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO 141

2. METODOLOXÍA DE TRABALLO 145

3. ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. 147

3.1. CONXUNTO HISTÓRICO. BENS DE INTERESE CULTURAL 147

3.2. PRESENTACIÓN E ANÁLISE DOS INDICADORES XERAIS: URBANÍSTICOS, DEMOGRÁFICOS, ECONÓMICOS, ETC. DO CASCO HISTÓRICO 151

3.2.1. ANÁLISE DE INDICADORES DE DEGRADACIÓN ARQUITECTÓNICA, URBANÍSTICA OU AMBIENTAL 151

3.2.2. ANÁLISE DE INDICADORES DE SITUACIÓNS DEMOGRÁFICAS DELICADAS 163

3.2.3. ANÁLISE DE INDICADORES DA EXISTENCIA DE GRAVES PROBLEMAS ECONÓMICOS E SOCIAIS 166

3.2.4. ANÁLISE DE INDICADORES DE MODELOS DE XESTIÓN 171

3.2.5. CONCLUSIÓNS 172

3.3. EDIFICACIÓN EXISTENTE NA ÁREA REXURBE. ÁREA DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS. 174

3.3.1. IDENTIFICACIÓN DE EDIFICACIÓNS QUE PRECISAN ACTUACIÓN DENTRO DA ÁERA DE ACTUACIÓN PRIORITARIA 174

3.3.2. PRINCIPAIS PROBLEMAS DETECTADOS NAS VIVENDAS. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 54 DA LEI 1/2019 181

3.4. DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO ÁMBITO 182

3.5. NOVAS DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS 191

3.5.1. POSIBILIDADE DE NOVAS DOTACIÓN E EQUIPAMENTOS. 191

3.5.2. OBRA INCLUÍDA NESTE PLAN. REHABILITACIÓN DA CAPEAL DA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA. 193

3.5.3. NECESIDADES EN DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS PARA EDIFICIOS PÚBLICOS EXISTENTES 195

3.6. ESPAZOS LIBRES 196

3.7. ANÁLISE POBOACIONAL DA ÁREA REXURBE (CASCO HISTÓRICO E ZONAS PRÓXIMAS) CON RELACIÓN Á ZONA DE ATENCIÓN PRIORITARIA. 198

3.7.1. POBOACIÓN POR ZONAS NA ÁREA DE ACTUACIÓN PRIORITARIA.. 200

3.8. ACTIVIDADE ECONÓMICA..... 206

3.9. RESUMO DE NECESIDADES DETECTADAS NA ÁREA REXURBE 208

ANEXO BLOQUE III – LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN 210

OBRA EN RÚA BISPO SARMIENTO 210

OBRAS PROPOSTAS EN RÚA PARDO DE CELA 213

FICHAS DAS VIVENDAS CECIDAS AO IGVS POLO CONCELO PARA REHABILITACIÓN 215

ANEXO AO PUNTO “APOIO Á EMPRESA” (11.4): RELACIÓN DE LOCAIS COMERCIAIS PARA ALUGUER DENTRO DA ÁREA REXURBE DE MONDOÑEDO. 219

ANEXO BLOQUE IV – VIABILIDADE ECONÓMICA 242

LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES LOCAIS 242

FINANCIAMENTO POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA PARA A VIVENDA /LIÑAS DE AXUDAS APLICABLES 245

OUTROS PLANS DE AXUDAS NON PREVISTOS PARA VIVENDA 255

LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA EMPRENDEDORES/AS E EMPRESARIOS/AS 259

DEDUCIÓNS FISCAIS 298

VIABILIDADE DE ACCESO Á VIVENDA UNHA VEZ REHABILITADA 301

ANEXO AO PUNTO 17 DE PARTICIPACIÓN SOCIAL: ORDENANZA N.º52 - REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. 308

ANEXO BLOQUE V – INFORME FINAL A MODO DE RESUMO 319

INFORME FINAL A MODO DE RESUMO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN. 319

DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE 319

ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS 324

LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN E ACTUACIÓNS CONCRETAS 327

VIABILIDADE ECONÓMICA 339

CADRO INVESTIMENTOS EN A3

FICHA INICIAL DE RECOLLIDA DE DATOS E APORTES DE TRABALLO EN CONCEPTOS REXURBE PREVIOS Á DECLARACIÓN DE ÁREA REXURBE.

ANTEPROXECTO DE AMPLIACIÓN ROCHA DE VÉLEZ – OS CASTROS

PROXECTO REHABILITACIÓN XARDÍNS CASA –MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO

MONDOÑEDO SMART CITY

PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

PLAN ESPECIAL DE ADAPTACIÓN FRONTE OS RISCOS DE INUNDACIÓNS E INCENDIOS DERIVADOS DO CAMBIO CLIMÁTICO NO CONCELLO DE MONDOÑEDO

ANEXOS

ANEXO BLOQUE I – DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE

A seguir achégase a información completa correspondente ao Bloque I de delimitación do ámbito e diagnose.

1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

No artigo 54 da lei 1/2019, indícanse as condicións polas que a Xunta de Galicia, a solicitude dun concello pode declarar un área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe).

Sendo estas as que se indican a continuación:

"1. La Xunta de Galicia, a solicitud del ayuntamiento correspondiente, podrá declarar área de regeneración urbana de interés autonómico (Rexurbe) aquellos ámbitos con consideración de conjuntos históricos y con declaración de bien de interés cultural que se encuentren en la situación siguiente:

a) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística o ambiental, motivada, entre otros factores, por la obsolescencia del parque edificado, la inadecuación a las necesidades poblacionales, los déficits notorios y generalizados en la calidad de las viviendas, los equipamientos, dotaciones y servicios públicos del ámbito, la degradación ambiental de la zona y la falta de conservación de bienes y conjuntos edificatorios sujetos a cualquier régimen de protección del patrimonio cultural.

b) Situaciones demográficas delicadas, derivadas de una pérdida sustancial o envejecimiento generalizado de la población, o por un crecimiento excesivo no asumible urbanísticamente.

c) Existencia de graves problemas económicos y sociales, desaceleración constante de la tasa de actividad económica y porcentajes significativos de población que perciba pensiones asistenciales o no contributivas o en riesgo de exclusión social.


2. El ámbito territorial de actuación podrá ser continuo o discontinuo. En todo caso, el ámbito incluirá un mínimo de cincuenta inmuebles con necesidades de intervención.

3. Sin perjuicio de lo señalado en los apartados anteriores, podrá ser declarada área de regeneración urbana de interés autonómico una zona concreta específicamente delimitada y continua, comprendida en un bien de interés cultural e incluida previamente en un área de rehabilitación integral, cuando únicamente en esta zona concurran las circunstancias señaladas en el apartado 1 y sus dimensiones espaciales y económicas sean especialmente significativas en relación con el conjunto, manteniendo el resto del ámbito su declaración originaria.

4. Excepcional y motivadamente, podrán declararse áreas de regeneración urbana de interés autonómico otros ámbitos urbanos que, sin tener la consideración de bien de


interés cultural, se encuentren especialmente obsoletos y degradados en las condiciones señaladas en el apartado 1 y que por sus características, especial incidencia en el ámbito urbano y necesidad urgente de actuación así sea acordado por el Consejo de la Xunta de Galicia."

Tendo en conta o anterior, proponse a declaración como Área de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico (Rexurbe) o ámbito do Casco Histórico de Mondoñedo xunto con algún espazo inmediato a este pero que goza de características semellantes a este. Así mesmo establécese dentro da área Rexurbe xeral, unha serie de áreas de especial atención con actuacións prioritarias nas mesmas.



Delimitación Conxunto Histórico

Así, a zona a declarar Rexurbe quedaría tal e como se amosa na foto aérea seguinte, incluíndo nela esas pequenas zonas inmediatas á área declarada Casco Histórico.




Delimitación Rexurbe en azul

Quedando este espazo Rexurbe, como segue:

Superficie do ámbito (s) a declarar Rexurbe:	
Área continua ☒ Descontinua ☐ Superficie en km$^{2:}$ 0,45	
Superficie municipio: 144Km^2	Superficie Conxunto Histórico: 0,44 Km^2
Número de edificios:704 –en rexurbe-	Número de Vivendas: 915

Neste primeiro momento propóñense como **zonas de actuación prioritaria dentro da Área de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico (Rexurbe)** constituída polo Casco Histórico e as zonas inmediatas marcadas, seguintes zonas de Mondoñedo:

[1] Rúa da Ponte
[2] Rúa Bispo Sarmiento
[3] Rúa Álvaro Cunqueiro
[4] Rúa San Roque
[5] Rúa Pacheco
[6] Rúa dos Castros /Rocha de Vélez
[7] Rúa Progreso
[8] Rúa Pardo de Cela
[9] Avenida San Lucas
[10] Rúa Leras Pulpeiro
[11] Praciña San Xoán



Ámbitos proposta área de actuación prioritaria dentro da área Rexurbe

Quedando esta zona de especial interese para accións prioritarias, resumida no seguinte cadro:

Superficie do ámbito (s) a declarar Rexurbe:	
Área continua ☒ Descontinua ☐ Superficie en km$^{2:}$ 0,45	
Superficie municipio: 144Km^2	Superficie Conxunto Histórico: 0,44 Km^2
Número de edificios:236 –nesta área de actuación prioritaria-	Número de Vivendas: 325 -nesta área de actuación prioritaria-

2. METODOLOXÍA DE TRABALLO

A metodoloxía de traballo que se seguiu para a redacción desta memoria é a seguinte:

- Fase I: Toma de datos e análise

  Recompilación de información relacionada con aspectos socio-económicos, poboacionais, históricos, patrimoniais, arquitectónicos, empresariais e tecnolóxicos, das zonas incluídas dentro da área Rexurbe e da súa contorna.

  Recoñecemento dos bens inmobles, así como dos equipamentos públicos existentes, ademais dunha análise do viario.

  Recollida da opinión e a percepción dos veciños e comerciantes mediante a enquisas e reunións con asociacións.

  Análise de indicadores como edificacións en estado de ruína, estado deficiente, vivendas baleiras, segunda vivenda, avellentamento da poboación, número e evolución dos habitantes, actividade comercial, etc.

- Fase II: Identificación de problemas e retos

  A partires da información recollida e do análise realizado na fase anterior, identificáronse os principais problemas existentes, a interdependencia entre eles e as necesidades de intervención.

  Realizouse una matriz DAFO co fin de garantir a coherencia entre os problemas, retos, oportunidades, necesidades de intervención detectadas, etc. e complementouse cunha análise CAME

- Fase III: Definición de liñas estratéxicas

  Identificados os problemas e retos da fase anterior, fixáronse as liñas estratéxicas de planificación e os obxectivos prioritarios ou específicos de cada liña.

- Fase IV: Delimitación de propostas e obxectivos específicos

  Achégase unha proposta de medidas específicas coa suficiente claridade e acompañadas dun orzamento de implantación estimado, co fin de que se poidan planificar as futuras actuacións segundo as posibilidades de financiamento.

  Ademais de ir acompañadas dun orzamento de implantación, as medidas propostas defínense dentro dunha programación a curto, medio e longo

prazo, en función da necesidade de aprobación por parte das distintas administracións, o investimento, ou a súa dependencia entre si.

Defiríronse así unha serie de indicadores de seguimento do Plan, que permitirán a avaliación da eficacia e resultados do mesmo no seu marco temporal.

A participación cidadá, tívose en conta durante todo o proceso, xa que é fundamental a implicación dos veciños, dos comerciantes e calquera outro axente ou colectivo relacionado ou afectado. É un eixo transversal que acompaña a todas las etapas do Plan e tamén o serán na execución do mesmo.



- Fase V: Estudo de viabilidade económica

En base ás diversas orixes do financiamento elaborouse un estudo de viabilidade económica que clarifica a folla de ruta dos plans a levar a cabo.

- Fase VI: Informe final.

Informe final de resumo do Plan


3. ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

3.1. CONXUNTO HISTÓRICO. BENS DE INTERESE CULTURAL

A primeira condición que indica o artigo 54 da lei 1/2019 para a declaración dunha zona como de área Rexurbe, é que esta pertenza a un ámbito coa consideración de conxunto histórico e con declaración de ben de interese cultural.


Tamén se indica no apartado terceiro do mesmo artigo que se poderá declarar "área de rexeneración urbana de interese autonómico" unha zona concreta comprendida nun ben de interese cultural e incluída previamente nunha área de rehabilitación integral.

Tal e como se indicaba nos antecedentes do presente documento, a cidade antiga de Mondoñedo foi declarada ben de interese cultural con categoría de conxunto histórico no ano 1985 (Decreto 91/1985), ademais de Área de Rehabilitación Integral en 1998.



Delimitación Conxunto Histórico de Mondoñedo


Como se observa na imaxe seguinte, na que se marca en amarelo a delimitación do conxunto histórico de Mondoñedo, as áreas para as que se solicita a declaración como Rexurbe, atópanse dentro ou no ámbito deste conxunto histórico, cumprindo polo tanto co indicado no artigo 54 da lei 1/2019 en un contorno inmediato a este nalgúns puntos concretos.



Delimitación Conxunto Histórico de Mondoñedo

Aínda que a Rúa Álvaro Cunqueiro e San Roque non se atopan na súa totalidade dentro do conxunto histórico de Mondoñedo, si se atopa na súa área de influencia, dentro da Área de Protección do Camiño de Santiago do Nrote e dentro Área de Rehabilitación Integral declarada en 1998, ademais de que segundo o apartado 4 do artigo 54 da lei 1/2019, de forma excepcional e motivada, pódense declarara áreas de rexeneración urbana de interese autonómico ámbitos que non teñan a declaración de ben de interese cultural.

No mesmo caso atoparíase a parte alta da "Carretera de Os Remedios" no barrio de Os Remedios, fóra de Casco Histórico pero dentro do ámbito de protección influencia do Santuario de Os Remedios, dentro da área de Protección do Camiño de Santiago do Norte e dentro Área de Rehabilitación Integral declarada en 1998.



Delimitación ARI 1998

Á súa vez, Mondoñedo, en todo o termo municipal, conta cos seguintes bens de interese cultural:


- Catedral Basílica da Asunción. (BIC 23.5.1902)
- Castelo da Toxiza. (BIC 17.10.1994)
- Torre do Gorrete. (BIC 17.10.1994)
- Pazo de San Isidro (BIC 12.04.2018)

Tamén, tal e como se recolle no PXOM, dentro do Patrimonio Cultural de Mondoñedo, inclúese o contorno do casco histórico e en concreto os Barrios dos Muíños e San Lázaro.

Mención especial merece o paso do Camiño de Santiago do Norte polo concello de Mondoñedo, xa que ó ser declarado este como Patrimonio Mundial da UNESCO, e segundo a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, ten a consideración de ben de interese cultural.

Todas as zonas para as que se solicita a declaración como área Rexurbe, atópanse dentro da zona de amortecemento do Camiño de Santiago definida na delimitación oficial do mesmo, e a maiores, as rúas Camiño Norte, Pardo de Cela, Lence Santar, Leiras Pulpeiro, Pacheco, José María Pardo, Estrada de Cesuras, Álvaro Cunqueiro e

San Roque, así como a Praza da Catedral, forman parte do propio Camiño de Santiago, e polo tanto dentro dun BIC.



Delimitación oficial Camiño de Santiago



Delimitación oficial Camiño de Santiago e zona de amortecemento

3.2. PRESENTACIÓN E ANÁLISE DOS INDICADORES XERAIS: URBANÍSTICOS, DEMOGRÁFICOS, ECONÓMICOS, ETC. DO CASCO HISTÓRICO.

A seguir, presentaranse os datos detallados do Conxunto Histórico de Mondoñedo, co fin de amosar a realidade urbanísticas, económica, social e de xestión da cidade.

Todos os datos que se presentan aquí están recollidos dende o propio concello en base a datos de padrón do mes de decembro de 2019, datos recollidos pola Oficina de Rehabilitación nestes últimos anos, datos proporcionados pola área de Servizos Sociais, área de Emprego, etc. baseados en entrevistas /consultas entre a poboación local ou actualizacións das bases de datos propias levadas a cabo pola veciñanza ou os servizos locais.

3.2.1. ANÁLISE DE INDICADORES DE DEGRADACIÓN ARQUITECTÓNICA, URBANÍSTICA OU AMBIENTAL

3.1 Estado de conservación dos edificios
Nº total de edificios: 704 Superficie construída: 519997m^2
Nº total de edificios en estado Ruinoso: 10 Porcentaxe do total: 1,42%
Nº total de edificios en Mal Estado: 27 Porcentaxe do total: 3,81%
Nº total de edificios en Estado Deficiente: 142 Porcentaxe do total: 20,17%
Nº total de edificios en Bo Estado: 525 Porcentaxe do total: 74,57%
Adecuación de edificios a Accesibilidade Universal Si ☐ Non ☐ Parcial ☒
Requirirase realoxamiento Si ☐ Non ☒ Nº familias: Tempo (meses):
Necesidade de actuación en imaxe urbana ou protección ambiental Si ☒ Non ☐
Outras necesidades detectadas Si ☐ Non ☒ Describa

3.2 Equipamentos no Conxunto Histórico		
Nº de equipamento de servizos públicos: 6		
Descrición	***Sup. m²***	***Estado de conservación (Bo, deficiente, malo)***
Saneamento	Todo o Casco	Bo
Abastecemento de augas	Todo o Casco	Bo
Abastecemento de luz	Todo o Casco	Bo
Alumeado público	Todo o Casco	Bo
Recollida selectiva de lixo	Todo o Casco	Bo
Telecomunicacións – fibra óptica de R, Adamo ou ambas empresas. Movistar con fío de cobre.	Todo o Casco	Bo
[Agregar máis filas]		
Nº de equipamento institucional: 17		
Descrición	***Sup. m²***	***Estado de conservación (Bo, deficiente, malo)***
Casa do Concello	1005	Bo
Centro de Servizos Sociais	611	Bo
Xulgados	1489	Bo
Centro de Atención, Información e Recadación da Seguridade Social	325	Bo
Casa da Xuventude	314	Bo
Casa da Cultura	2000	Deficiente
Biblioteca Municipal	240	Bo
Viveiro de Empresas	140	Bo
Espazo Co-Working	140	Bo
Oficina de Turismo	80	Bo
INEM	300	Bo
Extensión Agraria	478	Bo

Rexistro da Propiedade	280	Bo
Notaría	155	Bo
GDR	140	Bo
Oficina de Correos	256	Bo
Albergue Público de Peregrinos	270	Deficiente
[Agregar máis filas]		
Nº de equipamento deportivo, relixioso, outro: 25		
Descrición	***Sup. m^2***	***Estado de conservación (Bo, deficiente, malo)***
IES San Rosendo	6741	Bo
Sección do IES San Rosendo: Formación Profesional de Agraria e Forestais	1037	Bo
ESMU Municipal o Pallarego	345	Bo
Auditorio Municipal	785	Bo
Centro de Saúde - PAC	1648	Bo
Centro de Día / Unidade de Alzheimer – San Rafael	800	Bo
Residencia de Anciáns – San Rafael	4000	Deficiente
Centro de Atención a discapacitados psíquicos – San Paulo	3748	Bo
Catedral basílica da Asunción	2699	Bo
Real Seminario Conciliar Santa Catalina	13436	Bo
Igrexa Parroquial de Santiago	708	Bo

Santuario de Nosa Señora dos Remedios	482	Bo
Convento da Concepción	3291	Bo
Capela da VOT Seglar Franciscana	135	Bo
Capela de San Roque	151	Bo
Centro Deportivo Mondoñedo. Groupsports	50	Bo
Casa-Museo Álvaro Cunqueiro	336	Bo
Centro de Interpretación da Imprenta	140	Bo
Centro de Interpretación do Camiño Norte – Centro Cultural de Alcántara	445	Bo
Praza de Abastos / Centro comercial Peña de Francia	1220	Bo
Parada de Taxis	120	Bo
Aparcadoiro especial para Auto-caravanas	1900	Bo
Parque Infantil en Praza do Seminario	733	Bo
Parque Infantil en Alameda dos Remedios	350	Bo
Parque Infantil en Rúa Julia Pardo	630	Deficiente
[Agregar máis filas]		
Necesidade de novas dotacións Si ☒ Non ☐ Describa		
Necesidade de ter un parque infantil cuberto		

3.3 Zonas verdes e espazos libres. Estado de conservación e dotación de infraestrutura

Descrición	*Sup. m²*	*Titularidade*	*Estado de conservación (Bo, deficiente, malo)*
Cemiterio Histórico	8000	Pública	Malo
Alameda dos Remedios	7800	Pública	Bo
Campo da Feira	1700	Pública	Bo
Aparcadoiro Campo da Feira	1900	Pública	Bo
A Granxa (IES San Rosendo)	26000	Pública	Deficiente
Aparcadoiro Alcántara	2100	Pública	Bo
Atrio Igrexa Parroquial Santiago	1100	Eclesiástica	Deficiente
Atrio Igrexa dos Remedios	1149	Eclesiástica	Bo
Xardíns Hospital de San Paulo	1800	Eclesiástica	Bo
Zonas verdes do Pazo Episcopal	1200	Eclesiástica	Deficiente
Zonas verdes Residencia Anciáns	1500	Padroado Residencia	Malo
Zonas verdes Seminario	4600	Eclesiástica	Deficiente
Praza da Catedral	2250	Pública	Deficiente
Praza do Concello	800	Pública	Bo
Praza do Seminario	2000	Pública	Deficiente
Praza de Jaime Cabot	1900	Pública	Bo
Hortas e espazos interiores non urbanizables dentro de casco histórico	22000	Privada / Pública	Deficiente

[Agregar máis filas]

Necesidade de novas zonas verdes e espazos libres Si ☒ Non ☐ Describa

- Poder incluír no Plan de dinamización a rehabilitación das Hortas interiores dos edificios que albergan algunha actividade económica para que as poidan arranxar.
- Continuar fomentando micro-aparcamentos no Casco Histórico.
- Actuación na parte traseira do Cemiterio Vello mellorando o acceso a esa zona.

3.4 Bens patrimoniais no Conxunto Histórico		
Patrimonio Mundial Si ☒ ***Non*** ☐		
Listado	**Titularidade**	**Estado de conservación**
Camiño Norte a Santiago – ruta da Costa	Pública	Bo
Catedral Basílica da Asunción	Eclesiástica	Bo
[+Agregar máis filas]		
Nº Bens Declarados BIC		
Listado	Titularidade	Estado de conservación
Catedral Basílica da Asunción	Eclesiástica	Bo
[+ Agregar máis filas]		
Nº bens declarados de protección integral: 16		
Nº de bens declarados de protección estrutural: 117		
Nº de bens declarados protección ambiental: 472		
Nº de elementos de patrimonio intanxible: 2 Toque campás e Peregrinaxe polo Camiño de Santiago		
Cóntase con regulación de usos de carteis, rótulos, cables e outros nas fachadas dos bens inmobles. Si ☒ Non ☐ Cúmprese Si ☐ Non ☐ parcial ☐		
Existencia de zonas urbanas degradadas (Existencia de graffitis, inmobiliario urbano en mal estado, infrautilización do espazo, falta de ornato, outros) Si ☐ Non ☐ Parcial ☒		
Prevense intervencións na contorna de protección e zonas de amortiguamiento dos BIC Si ☒ Non ☐ Describa		
1.- Proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumeado ornamental da Catedral de Mondoñedo. 2.- Proxecto de aforro e eficiencia enerxética de alumeado publico exterior no Conxunto Histórico.		
Outras necesidades detectadas Si ☐ Non ☒ Describa		

3.5 Mobilidade no Conxunto Histórico	
Porcentaxe de vías peonís/escaleiras: 2 %	
Estado de conservación en porcentaxe vías peonís/escaleiras Malo: 15 % Deficiente: 25 % Bo: 60 %	
Porcentaxe de vías vehiculares: 98 %	
Estado de conservación en porcentaxe vías vehiculares Malo: 15 % Deficiente: 25 % Bo: 60 %	
Adecuación do espazo público a Accesibilidade Universal Si ☐ Non ☐ Parcial ☒	
Existencia de Plan de Mobilidade Si ☐ Non ☒ Ano:	
Necesidade de aparcamento para residentes. Si ☒ Non ☐ Prazas:	Necesidade de aparcamento para visitantes Si ☒ Non ☐ Prazas:
Puntos de acceso a transporte público interurbano Si ☐ Non ☒ Frecuencia minutos:	
Outras necesidades detectadas Si ☒ Non ☐ Describa	
Obras para mellorar a accesibilidade Mellora da iluminación. Idoneidade: Poder cortar as rúas do Conxunto Histórico con un pivote ou outro mecanismo similar para os casos de necesidade	
3.6 Xestión Ambiental no Conxunto Histórico	
Xestión de residuos domiciliarios con reciclaxe Si ☒ Non ☐	
Necesidade de mellora na xestión de residuos domiciliarios e comerciais Si ☒ Non ☐ Describa	
Necesidades mellora de xestión. Eliminación dos contenedores do Casco Histórico.	
Problemas de saneamento de servizos básicos en espazo público Si ☒ Non ☐ Describa	
Instalación de baños públicos.	

Contaminación do solo, auga ou aire Si ☐ Non ☒ Describa fonte(s) emisora(s)		
Tipo de contaminación	Fonte emisora	Gravedade alta-media-baixa
[+Agregar máis filas]		
Deterioración ou falta de urbanización de bordos fluviais ou outros Si ☒ Non ☐ Describa		
No entorno da zona dos Muíños		
Necesidade de actuacións en mellora de recollida de augas de choiva Si ☒ Non ☐ - Separación de augas pluviais das fecais. Nas novas intervencións das rúas que se están levando a cabo xa se lle está dando solución a isto dende o Concello. - Necesidade de arranxo para solucionar estas deficiencias en rúas como a rúa da Imprenta, rúa do Pumar e Camiño Norte.		
Necesidade de actuación en materia de paisaxe ou protección ambiental Si ☒ Non ☐ Describa		
Formulas de colaboración para eliminar o feísmo tanto no publico como no privado.		
Existencia de redes de Telecomunicacións. Describa		
Empresa Movistar con fío de cobre en todo o Casco Histórico Empresa R con fibra óptica en parte do Casco Histórico Empresa ADAMO: fibra óptica en todo o Casco Histórico asociada a liñas de BEGASA		
Outras necesidades detectadas Si ☐ Non ☒ Describa		

No presente apartado amósase unha realidade urbana na que hai un alto índice de vivendas en mal estado que ao localizarse dentro do casco histórico son un punto importante de feismo que debería ser adecuado á realidade dunha vila como é Mondoñedo cunha gran cantidade de monumentos e espazos protexidos, non encaixando este tipo de edificacións dentro destes parámetros de alto valor cultural e patrimonial que presenta a vila.

No relativo a equipamentos en xeral, Mondoñedo, a pesar da pouca poboación que posúe, presenta uns niveis de servizos de cidade de maior tamaño e que se pode dicir que se atopan en bo estado a nivel xeral.

Xulgados, biblioteca pública, oficina de INEM, espazos de potenciación da empresa como a área Co-Working ou o Viveiro de Empresas, Extensión Agraria, Rexistro da Propiedade, etc.

Por outra banda conta con equipamentos relixiosos en abundancia e de gran interese histórico, equipamentos educativos dentro do Casco Histórico que se ven complementados co CEIP Álvaro Cunqueiro, coa Gardería e coa Ludoteca Municipal, que están fóra do casco e que cubre a formación dende a os primeiros momentos ata o ingreso no ensino secundario que xa se faría en espazos interiores do casco. Ademais disto a ludoteca complementa os servizos de atención á infancia que pode haber na vila.

No eido cultural Mondoñedo conta con diversos museos, escola de música, auditorio, etc. que facilitan o acceso á cultura por parte da poboación.

Así mesmo, aínda que dentro do casco histórico só conta con uns pequenos espazos deportivos, estes vense complementados por instalacións de primeiro orde nas inmediacións do mesmo (1km) aproximadamente, nas que se poden atopar: un pavillón polideportivo cuberto, pistas descubertas de pédel, tenis, mini-fútbol e mini-basket, campo de fútbol e piscinas con todas as súas instalacións asociadas como son duchas, vestiarios, etc. complementadas estas cunha piscina fluvial de acceso libre.

As zonas verdes son un punto importante en Mondoñedo. En primeiro lugar hai que indicar que a cidade se atopa no medio dun val, toda ela está rodeada de espazos verdes e nas inmediacións da mesma localízase a área protexida Rede Natura 2000 Lic Serra do Xistral.

Con todo, dentro da cidade, podemos ver moitos espazos verdes e incluso se contabilizan espazos abertos como as prazas que teñen algunha zona natural con xardíns de menor índole. Sumando todos eles e dividíndoo entre a poboación do casco histórico estaríamos ante unha superficie de 76,74 m^2 /por habitante[1].

[1] Considerando a superficie total arriba exposta (87.799 m^2 e a poboación total rexistrada no casco histórico do padrón municipal a 1 de decembro de 2019 que serían 1144 persoas).

Complementando este aspecto hai que indicar que serían precisas melloras como son a mellora dos espazos interiores das mazás do casco que son zonas verdes e que deberían poder contar cun plan de rehabilitación das mesmas.

Melloras co fomento de micro-aparcamentos integrados dentro de zonas verdes e mellora, xa en concreto, no acceso á parte traseira do Cemiterio Histórico de Mondoñedo onde se poderían integrar áreas de xardín con áreas de aparcadoiro ao pé do casco, pero sempre que se melloren os accesos a esta parte a través da rúa Rocha de Vélez.

Cun achegamento máis de preto aos bens arquitectónicos do casco hai que destaca a importancia da Catedral ou do Camiño Norte –patrimonio UNESCO e BIC en si mesmos-, pero merece tamén comentario o feito de ter 16 edificios con protección integral considerados monumento en si mesmos para unha área de casco histórico de 0,44 Km^2 e non só iso, senón que hai moitos edificios que contan con protección integral (117) e outros moitos con protección ambiental (472), quedando un número moi pequeno (310) de edificios sen protección.

Así, como resumo disto:

Total edificios Casco Histórico	915	100%
Detalle por niveis de protección:		
Protección integral	16	1,75%
Protección estrutural	117	12,79%
Protección ambiental	472	51,58%
Sen Protección	310	33,88%

O nivel de protección dos edificios soe dificultar e encarecer a rehabilitación dos mesmos, algo que cando o pode executar a administración pública é factible sen maiores atrancos, pero que cando é a iniciativa privada a promotora, pode supoñer un atranco considerable por razóns económicas que acaban facendo que o ben se deteriore ao non poder afrontar o gasto. Sen embargo isto é algo que se pode atallar coas axudas á rehabilitación, tal como se está a facer dende o concello a través da Oficina de Rehabilitación, mais aínda isto pode mellorar coa definición dunha área Rexurbe que contribúa aínda máis a este fin.

Outro dos aspectos de interese dentro do casco é a mobilidade. As vías en xeral están en bo estado. A inmensa maioría delas son de tránsito rodado e, dende logo precisan melloras en maior ou menor medida.

Enlazando con isto está o tema da accesibilidade, algo moi difícil en espazos con protección integral e algo menos no resto dos espazos protexidos. En base a isto os novos edificios contan con ascensor, mellóranse os accesos dende a rúa con pequenos rebaixes nas entradas ou similares.

Dende as vías públicas, os novos pavimentos carecen de beirarrúas elevadas con relación á vía principal, para facilitar o tránsito e os desprazamentos, pero non é suficiente. Precisaríanse melloras na accesibilidade en xeral e axudas para isto. A peatonalización do casco histórico, ao menos nas zonas principais é un obxectivo a medio prazo, e o sistema mellor podería ser a instalación de pivotes retráctiles que permitirían o acceso a servizos de emerxencia, abastecementos e residentes sen entorpecer as vías cun tráfico masivo.

Relacionado con isto estaría a mellora e ao aumento das prazas de aparcadoiros na contorna do casco. Traballos de mellora que xa se están a realizar nestes últimos anos pero que precisarían dun pulo que dende o Rexurbe se lle podería dar.

No relativo á xestión ambiental, indicar que a pesar de ter recollida selectiva e reciclaxe domiciliaria, vese preciso unha importante mellora neste eido. Esta viría das melloras na xestión dos mesmos e tamén se presenta como outra das necesidades a eliminación dos colectores de lixo á vista que hoxe se localizan dentro da área do casco.

Outro dos aspectos a ter en conta sería a instalación de baños públicos dentro da vila dado que estes non existen por temas, en moitos casos, de protección dos edificios e que se poderían integrar en áreas de aparcadoiros na contorna, encadrados nestas melloras propostas de áreas de aparcamento para sacar os vehículos do centro da cidade.

Por outra banda as melloras nas contornas nos ríos a nivel xeral sería outro dos aspectos a mellorar, así como a recollida selectiva de augas, isto é, recollida de pluviais e de fecais por vías diferentes que permitan unha mellor xestión ambiental en xeral.

Por último indicar que a rede de telecomunicacións está en bo estado e segue a mellorar coa instalación nestes momentos da fibra da empresa ADAMO nas canalizacións de BEGASA que permitiría velocidades de 1000Mb.

Todos estes aspectos amosan un conxunto con eivas na área arquitectónica, urbanística e ambiental, tanto a nivel xeral como en áreas específicas dentro do conxunto histórico co que estariamos ante unha das situacións contempladas polo artigo 54 da Lei de rehabilitación que permitiría declarar unha área Rexurbe.

Nos espazos a considerar Rexurbe, dentro da área do Casco Histórico de Mondoñedo, estes factores están máis acentuados, mentres que o que ata aquí se amosa, é o panorama xeral dos indicadores de degradación arquitectónica urbanística ou ambiental.

3.2.2. ANÁLISE DE INDICADORES DE SITUACIÓNS DEMOGRÁFICAS DELICADAS

4. 1 Poboación	
Evolución da poboación. Porcentaxe de crecemento ou decrecemento: -2% (último ano)	
Índice de envellecemento: 308%	
Poboación Conxunto Histórico Nº de habitantes: 1144	Porcentaxe respecto ao total do concello: 32,08%
4.2 Réxime de ocupación das vivendas	
Porcentaxe de vivendas principais: 58,25%	
Porcentaxe de vivendas secundarias: 35,5%	
Porcentaxe de vivendas baleiras: 37,5%	
Porcentaxe de vivendas en aluguer: 5,02%	
Media prezo m^2 aluguer da vivenda: 3€/m^2	Media prezo m^2 venda da vivenda: 750€/m^2

4.3 Composición dos fogares
Porcentaxe de fogares unipersoais: 34,90%
Porcentaxe de fogares entre dous e catro persoas: 61,63%
Porcentaxe de fogares de máis de catro persoas: 3.47%

En primeiro lugar hai que sinalar que os datos poboacionais están tomados dos datos do padrón do Concello de Mondoñedo a día 1 de decembro de 2019, polo tanto, aínda que non é a cifra oficial aprobada por "Estadística", é a cifra actual máis aproximada á realidade do momento presente.

Os datos de vivenda están tomados das bases de datos da oficina de rehabilitación que foi constituíndo nestes últimos anos.

Tras estas consideracións iniciais, hai que indicar que a poboación en Mondoñedo é unha poboación en descenso e cun alto índice de envellecemento.

Neste senso é interesante indicar que das 1144 persoas que habitan o casco histórico de Mondoñedo a 1 de decembro de 2019, 290 persoas están no grupo de idade que vai entre os 60 e ou 79 anos e hai 160 persoas entre os 80 e os 99 anos, co que o volume de xente maior no centro é moi alta, movéndose por riba dun 30% do total.

E todo isto sen esquecer que nos últimos anos a tendencia é á perda de poboación e este é un dos principais problemas do concello. En todo caso no rural a perda é maior que na área urbana, pero aínda así é significativa.

A porcentaxe aquí indicada dun decrecemento do 7% é sobre o último padrón aprobado con relación á cifra de poboación total a 1 de decembro de 2019 que consta na base de padrón municipal.

Por outra banda, aínda que a perda de poboación sexa maior no rural que no centro, esta segue a ser unha perda significativa xa que a poboación do casco histórico supón aproximadamente un terzo do total do concello, constituíndose así Mondoñedo cidade como o núcleo principal con gran diferenza sobre o rural.

Sen esquecer que a esta cifra habería que engadir núcleos da área urbana como San Lázaro ou parte do barrio dos Muíños que aumentarán a poboación urbana sobre a zona rural, podendo, de forma fácil, acadar case un 40% do total sumando a área do casco histórico e a zona urbana inmediata a este.

O principal réxime de ocupación de vivendas é en propiedade e vivendas principais, pero no referente á vivenda secundaria hai que matizar esa porcentaxe que se presenta pois nela inclúense vivendas que están en estado normal das que non están habitadas de continuo, así esta porcentaxe vai dende un mínimo que podería moverse entorno a un 5% ata un máximo de vivenda secundaria que chegaría á cifra aí indicada de 35,5%.

No relativo aos prezos de aluguer e venda de vivenda, amosan igualdade de prezos tanto no casco histórico como na área urbana arredor do mesmo. Hai pequenas variacións pero moi escasas.

A composición de fogares está, na súa maioría, no bloque medio de fogares entre dúas e catro persoas, mais hai un dato importante de fogares unipersoais que, polo

xeral, son xente maior. Os fogares de máis de catro persoas son un elemento escaso en toda a zona histórica.

Mondoñedo presenta unha situación demográfica delicada, como pode verse cos datos aportados. Estamos ante una poboación envellecida e cun decaemento progresivo do número de habitantes nestes últimos anos que aínda que é máis palpable no rural, dentro da zona urbana é un mal que afecta de igual xeito. Todo isto repercute no urbanismo da cidade co progresivo deterioro dos edificios e as dificultades de acceso en moitos deles polas necesidade de adecuación dos mesmos, así como das vías que dan acceso a eles, a persoas maiores con mobilidade reducida en moitos casos.

Por todo isto podemos concluír que a cidade e o concello, presentan unha situación demográfica delicada, sendo esta outra das situacións descritas dentro do artigo 54 da Lei de rehabilitación no relativo á declaración de área Rexurbe.

3.2.3. ANÁLISE DE INDICADORES DA EXISTENCIA DE GRAVES PROBLEMAS ECONÓMICOS E SOCIAIS

5.1 Análise comercial	
Cóntase con estudo ou plan de comercio de proximidade Si ☐ Non ☒	
Total de locais comerciais: 157	
Porcentaxe inmobles uso comercial ocupados: 84%	
Porcentaxe inmobles uso comercial baleiros: 16%	
Porcentaxe de peche de comercios (Últimos 5 anos): 10%	
Comercio tradicional ou de valor Si ☒ Non ☐ Nº: 63	
Prezo medio aluguer local m^2: 3€/m2	Prezo medio venta local m^2 500
Mercado Municipal dentro ou inmediato ao CH Si ☒ Non ☐	
Feiras, mercadillos Si ☒ Non ☐	
Outro equipamento comercial, de negocios Si ☒ Non ☐ Describa	
Viveiro de Empresas Espazo Co-Working Centro Comercial Praza a de Abastos	
Existencia de redes de telecomunicación eficientes Si ☒ Non ☐	
Outras necesidades detectadas Si ☐ Non ☒ Describa	

5.2 Cuestións sociais	
Nº Pensionistas por 1000 habitantes 340	Importe medio das pensións 700€
Tasa de desemprego: 3,32%	
Porcentaxe de habitantes con pensións asistenciais ou non contributivas: 5,1%	
Porcentaxe de habitantes en risco de exclusión social: 3,2%	
Problemas de Seguridade Cidadá Si ☐ Non ☒ Describa	

5.3 Oferta aloxamento e restaurantes e cafeterías	
Total oferta hoteis e hostais: 8	Total de prazas en hoteis e hostais: 230
Total oferta de restaurantes e cafeterías: 19	Total plazas de restaurantes e cafeterías: 597
Porcentaxe de restaurantes e cafeterías respecto a totalidade do comercio: 11 %	

5.4 Cohesión social
Total de asociacións culturais, educativas e de comunicación no Concello 21
Total de asociacións culturais, educativas e de comunicación no Conxunto 16
Contémplanse actuacións de participación previstas Si ☒ Non ☐ Describa
- Ordenanza de participación cidadanía - Ampliación informática (Bando Móbil) - Perfil de facebook - Reunións anuais de participación cidadanía aberta o público
Contémplanse actuacións para a igualdade de xénero Si ☒ Non ☐ Describa
- Cóntase con un centro de información de mulleres. - Existe unha mesa local de coordinación contra a violencia de xénero - Realízanse obradoiros de igualdade nos Centros educativos - Conmemóranse o 25 de novembro o día contra a violencia de xénero - Conmemorase o 8 de Marzo día Internacional da muller. - Charlas e obradoiros sobre a igualdade e da igualdade de xénero para toda a poboación.

Os datos que se presentan neste apartado proceden do Concello de Mondoñedo de entrevistas cos propietarios dos diversos locais comerciais, tanto de rexencia de negocio, como de persoa que posúe local comercial en aluguer ou para aluguer.

Por outra banda todo o relacionado cos aspectos sociais e de emprego proveñen de datos actualizados dos Servizos Sociais, Centro de Información á Muller (CIM) e do Servizo de Emprego do Concello de Mondoñedo.

Entrado xa na análise do exposto, hai que indicar que do mesmo xeito que Mondoñedo perde poboación, o comercio local vese afectado por esta dado que a maior parte dos negocios da cidade, sobre todo aqueles de comercio de proximidade, se nutren da xente do concello.

A perda do comercio local cífrase arredor dun 10% porque moitos dos peches acaecidos na vila se viron substituídos pola apertura de negocios novos que está hoxe a pleno rendemento.

Con todo, hai oferta de local comercial ampla. Pódese atopar espazo para abrir un negocio en calquera das rúas do casco e mesmo na Praza da Catedral.

Tamén deste eido económico xeral cabe citar o Mercado de Abastos que tamén é centro comercial, co que ten un novo aire adaptado aos novos tempos e, por outra banda, iniciativas públicas para fomentar a mellora da economía local cun espazo de traballo Co-Working ou un Viveiro de Empresas, ambas no centro da cidade, pero tamén con iniciativas sobre o Polígono Industrial no que se facilita a instalación de empresas con melloras nos prezos do solo.

En relación con isto, tamén de iniciativa municipal, xunto coa asociación de comerciantes de Mondoñedo, cabe sinalar a creación dunha Guía do Comercio Local onde se recollen todos os negocios de Mondoñedo no seu termo municipal e que busca potenciar este comercio de proximidade, este comercio tan necesario para o mantemento da vida local e con isto tamén tratar de evitar ou frear, ao menos, o despoboamento que se está a sufrir.

Dentro das actividades económicas, tamén hai que sinalar que os xoves se celebra o mercado semanal, dentro do Casco Histórico, ao que asisten postos ambulantes de diversa índole, sendo os comestibles a roupa o de maior calado e, xunto con este, hai que sinalar a celebración de dúas feiras anuais, una en maio, As Quendas, e outra en outubro, As San Lucas.

Estas feiras xiran entorno ao gando equino mais con ela traen outros aspectos de interese e arrastran comercio ambulante á vila. Das dúas As San Lucas son as máis destacadas con máis de 860 anos de antigüidade e as que máis beneficio económico poden deixar, así como gran volume de negocio que moven en si mesmas.

Xunto con estas dúas hai máis festas locais en Mondoñedo que tamén aportan a súa parte ao PIB municipal.

Neste sentido o Mercado Medieval, celebrado en agosto, é a que maior repercusión económica deixa na cidade, xunto co importante volume de negocio que se desenrola na mesma –conta con máis de 150 postos entre artesanía e comestibles-.

Despois esta, en segundo lugar, moi probablemente, a Semana Santa que arrastra moita xente pola festa relixiosa en si mesma que se desenrola fundamentalmente no Casco Histórico, potenciado pola Catedral, e tamén pola riqueza histórica e patrimonial da cidade, xa que é un destino turístico moi frecuentado nestas datas.

Mais aló destas, cabe destacar as Festas de Nosa Señora dos Remedios, celebrada en setembro, que arrastra xente da vila e dos arredores por se lugar de peregrinación mariana dende moi antigo e xa algo máis lonxe, o entroido, no que o día do desfile se enche a cidade de máscaras, grupos, comparsas e curiosos que veñen a contemplar os disfraces.

Todos estes son complementos económicos da vila e son tamén referentes no eido turístico, xa que As San Lucas, O Mercado Medieval e a Semana Santa están declarados Festa de Interese Turístico pola Xunta de Galicia e todas eles se celebran no Conxunto Histórico da cidade, aínda que tamén desenrolen actividades puntuais fóra dos seus límites.

No relativo ás cuestións sociais hai que chamar a atención da alta taxa de pensións non contributivas, da porcentaxe de pensionistas que acada o 34% da poboación, o baixo importe medio das mesmas e tamén a taxa de paro e exclusión social. Reflexan unha poboación cunha tendencia ao envellecemento moi alta e cunhas necesidades sociais tamén en crecemento sobre todo para a atención de persoas maiores en fogares unipersoais ou en parella na que as dúas son persoas en idade de xubilación e, en moitos casos, con problemas de dependencia.

Por último indicar que a hostalería local supón o 11% do comercio e con tendencia a incrementarse xa que está en proceso de apertura un novo establecemento que albergará vivendas turísticas e un albergue, situado en pleno centro histórico ao pé do trazado do Camiño de Santiago.

Noutra orde de cousas, a cohesión social, hai que por en valor que dende o concello se potencia a participación cidadá en diversos eidos: comunicación coa cidadanía a través de redes sociais e app móbil, reunións de participación cidadá no propio concello e reunións polas parroquias de forma regular, etc. incluso se conta cunha ordenanza de participación cidadá.

E dende logo o Concello de Mondoñedo non está afastado da realidade e leva a cabo políticas de igualdade de xénero e inclusións social. Os servizos sociais do concello e o Centro de Información á Muller traballan para a concienciación da cidadanía e a prol da erradicación desta lacra social: existe unha mesa local de coordinación contra a violencia de xénero, obradoiros de igualdade en centros educativos e locais municipais destinados á poboación en xeral, charlas sobre a violencia de xénero e a igualdade social, conmemoracións de datas senlleiras como o 25 de novembro ou o 8 de marzo, etc.

Mondoñedo presenta un cadro no que o número de pensionistas por cada 1000 habitantes é moi alto, o importe medio das pensións son moi baixas cunha boa parte non contributivas e a isto hai que unirlle un número importante de xente en risco de exclusión social, así como desempregados.

Por outra banda, o envellecemento xeneralizado e a perda de poboación fai que o comercio local estea nunha situación de difícil equilibrio xa que o comercio de proximidade nútrese dos habitantes da vila e do concello e unha perda de poboación implica perda de demanda comercial. E aínda que dende as administracións públicas se está a traballar para potenciar o comercio local e para con iso facer que as novas xeracións aposten pola apertura de negocio en Mondoñedo e así poder fixar poboación, non é tarefa fácil.

3.2.4. ANÁLISE DE INDICADORES DE MODELOS DE XESTIÓN

PXOM Aprobado Si☒ Non☐ Ano: 2016
Plan Especial Si☒ Non☐ Ano: 1994
Require modificación dalgún instrumento urbanístico Si ☒ Non ☐ Describa
Está en tramite adaptación do actual PEPRI á nova normativa urbanística.
Oficina de Rehabilitación Si ☒ Non☐ Nº de profesionais: 2
Outros equipos encargados de rehabilitación Si ☐ Non ☒ Nº de profesionais:

Mondoñedo posúe PXOM e Plan Especial de protección do Casco Histórico, mais é preciso unha revisión e adaptación do PEPRI á nova normativa urbanística, algo que xa está en marcha e que faría que Mondoñedo estivese ao día en canto a niveis de protección.

O Concello conta tamén con área de rehabilitación declarada así como oficina de rehabilitación que, ademais de levar a cabo as tramitacións das diversas subvencións, redacta e dirixe proxectos de rehabilitación e obras no concello.

Por todo isto pódese asegurar que Mondoñedo ten a experiencia necesaria para poder por en marcha e executar un Plan Rexurbe na cidade, pois conta coa oficina técnica axeitada e con experiencia para coordinar este.

3.2.5. CONCLUSIÓNS

Recollendo as diversas análises indicadas con anterioridade en base ás tres situacións citadas no artigo 54 da Lei de rehabilitación teriamos:

d) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental.

As cifras presentadas amosan un conxunto con eivas na área arquitectónica, urbanística e, en menor medida, na ambiental, tanto a nivel xeral como en áreas específicas dentro do conxunto histórico, tal como se presentou con anterioridade.

Nos espazos a considerar Rexurbe estes factores están máis acentuados que no panorama xeral do concello dos indicadores de degradación arquitectónica urbanística ou ambiental.

e) Situacións demográficas delicadas

Mondoñedo presenta, claramente, unha situación demográfica delicada, como pode verse cos datos aportados. Estamos ante una poboación envellecida e cun decaemento progresivo do número de habitantes nestes últimos anos que aínda que é máis palpable no rural, dentro da zona urbana é un mal que afecta de igual xeito.

Todo isto repercute no urbanismo da cidade co progresivo deterioro dos edificios e as dificultades de acceso en moitos deles polas necesidade de adecuación dos mesmos, así como das vías que dan acceso a eles, a persoas maiores con mobilidade reducida en moitos casos.

Por todo isto podemos concluír que a cidade e o concello, presentan unha situación demográfica delicada de xeito claro. A modo de referencia apórtase un gráfico do descenso poboacional de Mondoñedo –concello- dende o ano 1996 ata o ano 2018 (fonte para este gráfico: INE a partir dos datos oficiais de padrón).



f) Existencia de graves problemas económicos e sociais.

Mondoñedo presenta un cadro no que o número de pensionistas por cada 1000 habitantes é moi alto, o importe medio das pensións son moi baixas cunha boa parte non contributivas e a isto hai que unirlle un número importante de xente en risco de exclusión social, así como desempregados.

Por outra banda, o envellecemento xeneralizado e a perda de poboación fai que o comercio local estea nunha situación de difícil equilibrio xa que o comercio de proximidade nútrese dos habitantes da vila e do concello e unha perda de poboación implica perda de demanda comercial. E aínda que dende as administracións públicas se está a traballar para potenciar o comercio local e para con iso facer que as novas xeracións aposten pola apertura de negocio en Mondoñedo e así poder fixar poboación, non é tarefa fácil.

Por todo isto, si ben non se está en "graves problemas" si que se están a amosar problemas xerais a nivel económico e social que son un aviso dun futuro polas tendencias de envellecemento e despoboación.

Por todos estes aspectos Mondoñedo pode encaixar perfectamente na declaración de área Rexurbe e con iso potenciar dinámicas de mellora en urbanismo, economía e sociedade que contribúan a ese cambio de tendencia que se está a buscar na vila.

3.3. EDIFICACIÓN EXISTENTE NA ÁREA REXURBE. ÁREA DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS.

Dentro da zona marcada como área Rexube, localízanse inmobles e áreas necesitadas de intervención xeral para un rehabilitación urbana e social, que mellore as condicións de vida da cidadanía, pero dentro desta gran área detectáronse unha serie de áreas que deberían de contar cunha atención preferente con relación o resto da zona.

Un dos factores que se tivo en conta a hora de seleccionar estas zonas de "Actuación Prioritaria" , é a existencia de inmobles que precisan de rehabilitación inmediata por estar a danar inmobles veciños rehabilitados e habitados, e que a súa vez teñen potencial en canto á xeración de emprego, a creación de empresas, atractivo turístico, comercial e/ou residencial.

Así, Tras da labor de campo realizada, identificáronse os inmobles que se expoñen a continuación dentro desta área de Especial Atención ou Atención Prioritaria dentro da área proposta para Rexurbe.

3.3.1. IDENTIFICACIÓN DE EDIFICACIÓNS QUE PRECISAN ACTUACIÓN DENTRO DA ÁERA DE ACTUACIÓN PRIORITARIA

En canto ao estado de conservación das vivendas (normal, deficiente e ruinoso), trátase dunha clasificación previa froito da observación realizada no traballo de campo e dos datos dispoñibles, na fase de redacción do Plan de Dinamización, realizarase un recoñecemento mais exhaustivo do estado de cada edificación.

Clasificáronse como en estado ruinoso aqueles inmobles con danos estruturais incompatibles co seu uso, edificios apuntalados ou con declaración oficial de ruína. Os que se valoran cun estado de conservación deficiente, son aquelas edificacións que presentas gretas, abombamentos, falta de horizontalidade en teitos e chans, filtracións de auga e humidades importantes, etc. Por último, clasifícase como estado de conservación normal os edificios con datos principalmente estéticos, na carpintería de ventás e portas, con filtracións e humidades non perigosas para a súa integridade, etc.

Rúa Pardo de Cela e Rúa da Ponte:

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado Conservación	Data construción	Data últ. reforma
1	CP-1	Rúa Pardo de Cela 28	2700001PJ3120S0001EE	Deficiente	1950	1950
2	CP-2	Rúa Casas Novas 2	2700320PJ3120S0001JE	Deficiente	1956	1956

3	CP-3	Calle del Puente 7	2700316PJ3120S0001IE	Ruinoso	1854	1854
4	CP-4	Rúa da Ponte 9	2700315PJ3120S0001XE	Ruinoso	1820	1820
5	CP-5	Rúa da Ponte 11	2700307PJ3120S0001ME	Deficiente	1865	1865
6	CP-6	Rúa da Ponte 13	2700314PJ3120S0001DE	Normal	1899	1899
7	CP-7	Rúa da Ponte 15	2700313PJ3120S0001RE	Normal	1900	1900

Rúa Bispo Sarmiento

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado Conservación	Data construción	Data últ. reforma
8	BS-1	Rúa Bispo Sarmiento, 32	2400031PJ3120S0001OE	Deficiente	1867	1867
9	BS-2	Rúa Bispo Sarmiento, 30	2400030PJ3120S0001ME	Normal	1897	1897
10	BS-3	Rúa Bispo Sarmiento, 15	2500045PJ3120S0001IE	Deficiente	1900	1900
11	BS-4	Rúa Bispo Sarmiento, 13	2500045PJ3120S0001IE	Ruinoso	1900	1900
12	BS-5	Rúa Bispo Sarmiento, 8	2400019PJ3120S0001QE	Normal	1768	1768
13	BS-6	Rúa Bispo Sarmiento, 5	2500039PJ3120S0001RE	Normal	1900	1900
14	BS-7	Rúa Bispo Sarmiento, 6	2400018PJ3120S0001GE	Normal	1820	1820

Rúa Álvaro Cunqueiro

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado Conservación	Data construción	Data últ. reforma
15	AC-1	Rúa da Fonte, 12	2898061PJ3029N0001GT	Normal	1890	1890
16	AC-2	Rúa Álvaro Cunqueiro, 8	2697305PJ3029N0001KT	Ruinoso	Sen datos	Sen datos
17	AC-3	Rúa Álvaro Cunqueiro, 13	2898054PJ3029N0001WT	Deficiente	1843	1843
18	AC-4	Rúa Álvaro Cunqueiro, 15	2898053PJ3029N0001HT	Deficiente	1896	1896

19	AC-5	Rúa Álvaro Cunqueiro, 22	2797203PJ3029N0001AT	Deficiente	1920	1920
20	AC-6	Rúa Álvaro Cunqueiro, 24	2797204PJ3029N0001BT	Deficiente	1877	1877
21	AC-7	Rúa Álvaro Cunqueiro, 32	2797208PJ3029N0001PT	Normal	1865	1865
22	AC-8	Rúa Álvaro Cunqueiro, 34	2797209PJ3029N0001LT	Deficiente	1876	1876
23	AC-9	Rúa Álvaro Cunqueiro, 43	2898039PJ3029N0001DT	Ruinoso	1865	1865
24	AC-10	Rúa Álvaro Cunqueiro, 44	2897001PJ3029N0001MT	Deficiente	1845	1845
25	AC-11	Rúa Álvaro Cunqueiro, 49	2898035PJ3029N0001MT	Ruinoso	1925	1925
26	AC-12	Rúa Álvaro Cunqueiro, 51	2898034PJ3029N0001FT	Ruinoso	1925	1925
27	AC-13	Rúa Álvaro Cunqueiro, 53	2898033PJ3029N0001TT	Deficiente	1865	1865
28	AC-14	Rúa Álvaro Cunqueiro, 55	2898031PJ3029N0001PT	Deficiente	1945	1945
29	AC-15	Rúa Álvaro Cunqueiro, 57	2898030PJ3029N0001QT	Deficiente	1865	1865

Rúa San Roque:

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado Conservación	Data construción	Data últ. reforma
30	SR-1	Rúa San Roque, 1	2898029PJ3029N0001LT	Deficiente	1850	1850
31	SR-2	Rúa San Roque, 5	2898027PJ3029N0001QT	Ruinoso	1756	1756
32	SR-3	Rúa San Roque, 9	2898024PJ3029N0001BT	Ruinoso	1844	1844
33	SR-4	Rúa San Roque, 13	2898020PJ3029N0001UT	Normal	1975	1975
34	SR-5	Rúa San Roque, 6	3095016PJ3039N0001FO	Deficiente	1880	1880
35	SR-6	Rúa San Roque, 8	3095017PJ3039N0001MO	Deficiente	1880	1880
36	SR-7	Rúa San Roque, 19	2997505PJ3029N0001WT	Deficiente	1854	1854
37	SR-8	Praza Molinos de Arriba, 8	3095109PJ3039N0001TO	Deficiente	1880	1880
38	SR-9	Rúa Moscas, 2	3194015PJ3039S0001GJ	Deficiente	1850	1850

39	SR-10	Carretera Argomoso, 22	3095012PJ3039N0001QO	Ruinoso	Sen datos	Sen datos
40	SR-11	Lugar San Queitano – Santiago, 2	K00800800PJ31A0001EJ	Deficiente	1815	1815

Rúa Pacheco:

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado Conservación	Data construción	Data últ. reforma
41	PA-1	Rúa Pacheco, 2 - 4	2599501PJ3029N0001IT	Normal	1867	1867
42	PA-2	Rúa Pacheco, 10	2599504PJ3029N0001ST	Normal	1880	1880
43	PA-3	Rúa Pacheco, 12	2599505PJ3029N0001ZT	Deficiente	1892	2004
44	PA-4	Rúa Pacheco, 13	2599026PJ3029N0001ZT	Deficiente	1865	1865
45	PA-5	Rúa Pacheco, 15	2599025PJ3029N0001ST	Deficiente	1900	1900

Rúa Os Castros:

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado Conservación	Data construción	Data últ. reforma
46	LC-1	Rúa Rocha de Vélez, 3	2401008PJ3120S0001EE	Normal	1977	1977
47	LC-2	Rúa Guevara, 4 (traseira)	2400005PJ3120S0001JE	Ruinoso	1900	1900
48	LC-3	Rúa Os Castros, 22	2400039PJ3120S0001SE	Normal	1880	1880
49	LC-4	Rúa Os Castros, 20	2400038PJ3120S0001EE	Normal	1856	1856
50	LC-5	Rúa Os Castros, 18	2400037PJ3120S0001JE	Normal	1856	1856
51	LC-6	Rúa Os Castros, 16	2400036PJ3120S0001IE	Deficiente	1880	1880
52	LC-7	Rúa Os Castros, 14	2400035PJ3120S0001XE	Normal	1876	1876
53	LC-8	Rúa Os Castros, 12	2400034PJ3120S0001DE	Deficiente	1900	1900

54	LC-9	Rúa Os Castros, 10	2400033PJ3120S0001RE	Deficiente	1900	1900
55	LC-10	Bispo Sarmiento, 10 (traseira)	2400020PJ3120S0001YE	Ruinoso	1745	1745
56	LC-11	Bispo Sarmiento, 16 (traseira)	2400023PJ3120S0001PE	Ruinoso	1867	1867
57	LC-12	Bispo Sarmiento, 34 (traseira)	2400032PJ3120S0001KE	Deficiente	1900	1900
58	LC-13	Os Castros, 28	2300006PJ3120S0001AE	Deficiente	1950	1950
59	LC-14	Os Castros, 8	2300005PJ3120S0001WE	Deficiente	1950	1950
60	LC-15	Os Castros, 6	2300004PJ3120S0001HE	Ruinoso	Sen datos	Sen datos
61	LC-16	Os Castros, 4	2300003PJ3120S0001UE	Ruinoso	Sen datos	Sen datos
62	LC-17	Os Castros, 2	2300002PJ3120S0001ZE	Deficiente	Sen datos	Sen datos
63	LC-18	Os Castros, 15	2401021PJ3120S0001BE	Deficiente	Sen datos	Sen datos
64	LC-19	Os Castros, 13	2401022PJ3120S0001YE	Deficiente	1880	1880
65	LC-20	Os Castros, 9	2401024PJ3120S0001QE	Deficiente	1876	1876
66	LC-21	Os Castros, 7	2401025PJ3120S0001PE	Deficiente	Sen datos	Sen datos
67	LC-22	Os Castros, 5	2401026PJ3120S0001LE	Deficiente	1768	1768
68	LC-23	Os Castros, 3	2401027PJ3120S0001TE	Deficiente	Sen datos	Sen datos

Rúa Progreso:

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado de Conservación	Data construción	Data últ. reforma
69	PR-1	Rúa Progreso, 11	2600027PJ3120S0001UE	Deficiente	1859	1859
70	PR-2	Rúa Progreso, 15	2600022PJ3120S0001IE	Normal	1879	1879
71	PR-3	Rúa Progreso, 14	2600021PJ3120S0001XE	Normal	1879	1879

Rúa Pardo de Cela:

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado de Conservación	Data construción	Data últ. reforma
72	PC-1	Rúa Pardo de Cela, 2	2700016PJ3120S0001LE	Deficiente	1745	1990
73	PC-2	Rúa Alfonso VII, 31	2600401PJ3120S0001RE	Ruinoso	1930	1930
74	PC-3	Rúa Pardo de Cela, 18	2700023PJ3120S0001OE	Deficiente	1810	1810
75	PC-4	Rúa Pardo de Cela, 20	2700023PJ3120S0001OE	Deficiente	1900	1900
76	PC-5	Rúa Pardo de Cela, 24	2700003PJ3120S0001ZE	Deficiente	1403	1980
77	PC-6	Rúa Pardo de Cela, 11	2600308PJ3120S0001JE	Deficiente	1854	1990

Avenida de San Lucas:

Listado de vivendas:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado de Conservación	Data construción	Data últ. reforma
78	SL-1	Avd. San Lucas, 10	2299207PJ3029N0001TT	Deficiente	1850	1970
79	SL-2	Avd. San Lucas, 8	2299206PJ3029N0001LT	Deficiente	1800	1970
80	SL-3	Avd. San Lucas, 11	2499010PJ3029N0001RT	Ruinoso	Sen datos	Sen datos
81	SL-4	Avd. San Lucas, 13	2399034PJ3029N0001DT	Normal	1920	1990
82	SL-5	Avd. San Lucas, 25	2399028PJ3029N0001OT	Normal	1935	1990
83	SL-6	Avd. San Lucas, 35	2399023PJ3029N0001PT	Normal	1977	1977
84	SL-7	Rúa José María Pardo	2299226PJ3029N0001UT	Ruinoso	1900	Sen datos

Rúa Leiras Pulpeiro:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado de Conservación	Data construción	Data últ. reforma
85	LP-5	Leiras Pulpeiro	2500021PJ3120S0001UE	Suelo sin edificiar	--	Sen datos
86	LP-7	Leiras Pulpeiro	2500020PJ3120S0001ZE	Ruinoso	1900	Sen datos
87	LP-11	Leiras Pulpeiro	2500018PJ3120S0001UE	Deficiente	1900	Sen datos
88	LP-13	Leiras Pulpeiro	2500017PJ3120S0001ZE	Deficiente	1850	Sen datos
89	LP-8	Leiras Pulpeiro	2499005PJ3029N0001OT	Deficiente	1960	Sen datos
90	LP-2	Leiras Pulpeiro	2499002PJ3029N0001TT	Deficiente	1880	1900
91	LP-6	Leiras Pulpeiro	2499004PJ3029N0001MT	Regular	1985	1985-2005

Praza de San Xoán:

Núm.	Código	Dirección	Ref. Catastral	Estado de Conservación	Data construción	Data últ. reforma
92	SX-1	Praza San Xoán	2498001PJ3029N0001FT	Ruinoso	1850	Sen datos

3.3.2. PRINCIPAIS PROBLEMAS DETECTADOS NAS VIVENDAS. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 54 DA LEI 1/2019

Tal e como se indica no apartado 1 do artigo 54 da Lei 1/2019, a Xunta de Galicia, pode declarar un ámbito como área de rexeneración urbana de interese autonómico, se existe un proceso de degradación arquitectónica, urbanística e ambiental, motivado, entre outros factores, pola obsolescencia do parque edificado, pola inadecuación ás necesidades poboacionais, polo déficits notorios e xeneralizados na calidade das vivendas e/ou pola falta de conservación de bens e conxuntos edificatorios suxeitos a calquera réxime de protección do patrimonio cultural.

No caso de estudo, nas vivendas sinaladas con anterioridade, conflúen á vez case tódolos factores determinantes para recoñecer un ámbito como Rexurbe, atopándose os inmobles en claro proceso de degradación arquitectónica e en especial aqueles dentro da zona de atención prioritaria.

Trátase en xeral de edificacións moi antigas, sendo a súa antigüidade media 150 anos, e tal como se observa case ningunha foi sometida a reforma, o que explica os danos que sofren e seu estado de conservación e isto obsérvase en toda a área Rexurbe, sendo máis acusado dentro da zona de especial atención ou atención prioritaria.

Así, ademais da antigüidade, entre os principais problemas detectados co traballo de campo realizado e a posterior análise, destacan a falta de mantemento das edificacións, que moitas se encontran baleiras, sen habitantes, problemas de accesibilidade (chanzos, portas estreitas e non adaptadas, sen ascensor, etc.), problemas de humidades, mal estado das cubertas, carpinterías e vidros en mal estado e pouco eficientes, problemas de estabilidades estrutural, etc.

3.4. DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO ÁMBITO

Todo o tecido urbano do concello conta cos servicios básicos de saneamento, abastecemento, electricidade, alumeado público e recollida de lixo.

Ademais durante os últimos anos, o concello de Mondoñedo xa ven dotando de equipamentos e servizos a estas zonas que se propoñen, así como para o resto do termo municipal. Sendo estes inclusive equipamentos tecnolóxicos que sen dúbida son fundamentais na actualidade para atraer poboación, comercio e empresas. O cal facilitará a ocupación, o uso das edificacións que se rehabiliten e, en definitiva, a viabilidade das inversións que se leven a cabo ó amparo da área Rexurbe e do Plan de Dinamización.

Relaciónanse a continuación, os equipamentos e dotacións cos que conta o concello dentro do Casco Histórico, logo compleméntase esa lista con equipamentos que se atopan fóra do Casco Histórico e faise fincapé, a seguir, naqueles que se incorporaron ou melloraron recentemente.

Tamén naqueles que se atopan nas propias zonas propostas para Rexurbe, aínda que ao situarse esta área no centro da cidade de Mondoñedo, todos os equipamentos se atopan preto e son de fácil acceso, dando servicio e influíndo polo tanto de forma directa nestas zonas.

Servizos públicos:		
Descrición	***Sup. m^2***	***Estado de conservación (Bo, deficiente, malo)***
Saneamento	Todo o Casco	Bo
Abastecemento de augas	Todo o Casco	Bo
Abastecemento de luz	Todo o Casco	Bo
Alumeado público	Todo o Casco	Bo
Recollida selectiva de lixo	Todo o Casco	Bo
Telecomunicacións – fibra óptica de R, Adamo ou ambas empresas. Movistar con fío de cobre.	Todo o Casco Histórico e toda a área urbana, tamén parte da área rural	Bo

Equipamento institucional:		
Descrición	***Sup. m^2***	***Estado de conservación (Bo, deficiente, malo)***
Casa do Concello	1005	Bo
Centro de Servizos Sociais	611	Bo
Xulgados	1489	Bo
Centro de Atención, Información e Recadación da Seguridade Social	325	Bo
Casa da Xuventude	314	Bo
Casa da Cultura	2000	Deficiente
Biblioteca Municipal	240	Bo
Viveiro de Empresas	140	Bo
Espazo Co-Working	140	Bo
Oficina de Turismo	80	Bo
INEM	300	Bo
Extensión Agraria	478	Bo
Rexistro da Propiedade	280	Bo
Notaría	155	Bo
GDR	140	Bo
Oficina de Correos	256	Bo
Albergue Público de Peregrinos	270	Deficiente

Equipamento educativo, deportivo, relixioso, de saúde, cultural, outro:		
Descrición	***Sup. m^2***	***Estado de conservación (Bo, deficiente, malo)***
IES San Rosendo	6741	Bo
Sección do IES San Rosendo: Formación Profesional de Agraria e Forestais	1037	Bo
ESMU Municipal o Pallarego	345	Bo
Auditorio Municipal	785	Bo
Centro de Saúde - PAC	1648	Bo
Centro de Día / Unidade de Alzheimer – San Rafael	800	Bo
Residencia de Anciáns – San Rafael	4000	Deficiente
Centro de Atención a discapacitados psíquicos – San Paulo	3748	Bo
Catedral basílica da Asunción	2699	Bo
Real Seminario Conciliar Santa Catalina	13436	Bo
Igrexa Parroquial de Santiago	708	Bo
Santuario de Nosa Señora dos Remedios	482	Bo
Convento da Concepción	3291	Bo
Capela da VOT Seglar Franciscana	135	Bo
Capela de San Roque	151	Bo
Centro Deportivo Mondoñedo. Groupsports	50	Bo

Casa-Museo Álvaro Cunqueiro	336	Bo
Centro de Interpretación da Imprenta	140	Bo
Centro de Interpretación do Camiño Norte – Centro Cultural de Alcántara	445	Bo
Praza de Abastos / Centro comercial Peña de Francia	1220	Bo
Parada de Taxis	120	Bo
Aparcadoiro especial para Auto-caravanas	1900	Bo
Parque Infantil en Praza do Seminario	733	Bo
Parque Infantil en Alameda dos Remedios	350	Bo
Parque Infantil en Rúa Julia Pardo	630	Deficiente

A estes equipamentos hai que engadir o CEIP Álvaro Cunqueiro, a Gardería e a Ludoteca que se atopan ao pé do Casco Histórico, pero fóra da área deste.

Do eido deportivo o pavillón polideportivo, o campo de fútbol, as piscinas municipais e as pistas de tenis, pádel e mini-fútbol /mini-baloncesto que se atopan no Complexo Deportivo Viñas da Veiga a menos de 1Km do casco histórico e dentro da área urbana da cidade.

No equipamento administrativo, ademais dos citados, hai que incluír a Casa-Cuartel da Garda Civil que se atopa en Viñas da Veiga, ao pé das instalacións deportivas.

Na área socio-cultural, ademais de todo o citado para a área urbana e dos arquivos históricos existentes na cidade (municipal, diocesano e catedralicio) hai que citar o Centro Cultural de Figueiras, os Centros Sociais de A Retorta, o Baos e Estelo, a Escola Pública de Curros, as Escolas Unitarias de O Carme, Sasdónigas, Lindín, Sta. María Maior e Vilamor que funcionan como puntos multiusos e lugar de xuntanza veciñal que se localizan nas parroquias do mesmo nome.

En canto a equipamento asistencial fóra do casco histórico temos o Centro de Atención Temperá nas dependencias do CEIP Álvaro Cunqueiro e o Refuxio de Espeleoloxía na parroquia de Argomoso

Outros equipamentos de servizos urbanos, con sede fóra do Casco Histórico son Matadoiro Municipal, Garaxe Municipal e Naves Industriais de acopios, Protección Civil e Estación de Autobuses. Todo eles na área urbana ou na inmediata a esta.

E, xa por último, como equipamentos relixiosos fóra da área do casco histórico, en todo o concello hai igrexas parroquiais, capelas menores dentro das parroquias e cemiterios parroquiais ou de barrio (tales como en Orián, Masma, O Carme, Lindín, Sta. María Maior, San Vicente, Sasdónigas, O Carme, Figueiras,…) ademais do cemiterio municipal actual que se atopa nas afora da área urbana de Mondoñedo.

Unha vez presentados os equipamentos municipais achegamos información acerca daqueles elementos máis recentes.

- **Rede de fibra óptica:**

O concello de Mondoñedo chegou no ano 2018 a un acordo coa empresa Adamo, para a extensión duna rede de fibra óptica no casco urbano da localidade e no barrio dos Muíños, incluíndo polo tanto as zonas que se propoñen na área Rexurbe, o que facilitará e será una peza fundamental na rexeneración e rehabilitación.



(Imaxe dereita) Instalación de fibra óptica en Rúa Bispo Sarmiento

Esta mellora complementará a rede de telecomunicacións da cidade que tiña xa as empresas Movistar –só con fío de cobre- e R que xa tiña fibra óptica en varias zonas do casco mindoniense pero que non acadaba a totalidade do mesmo.

- **Casa da Xuventude:**

Situada na propia Rúa Pacheco, dentro do Casco urbano e, polo tanto dentro da área Rexurbe, tivo unha reforma fai pouco tempo.

A finais de maio de 2015, o Concello de Mondoñedo e Deputación Provincial de Lugo asinaron un convenio para a rehabilitación deste edificio, que serve como lugar de encontro para a mocidade, e un polo de atracción para xuventude e as súas familias que queiran establecer a súa residencia en Mondoñedo.

- **Casa Museo Álvaro Cunqueiro:**

En outubro de 2015 o concello de Mondoñedo firmou un convenio coa Deputación de Lugo, para a rehabilitación da Casa Museo Álvaro Cunqueiro. Edificio que, inaugurado en marzo de 2019 acolle aspectos da vida e obra do autor mindoniense así como obxectos persoais deste, na casa na que escribiu parte das súas grandes obras, entre elas o coñecidísimo ***Merlín e Familia***. O espazo conta tamén con cafetería e gastroteca /restaurante.

Una actuación que pode ser un exemplo do que se pretende conseguir coa declaración da área Rexurbe e coa redacción do Plan de Dinamización. Rehabilitar e poñer en valor unha edificación pero ademais dotándoa dun contido e dunha actividade comercial, o que supón mellorar o atractivo turístico do municipio e a economía local, permitindo a xeración de emprego e en definitiva fixar poboación ou atraer novos habitantes á localidade.





Casa Museo Álvaro Cunqueiro

- **Inmoble para punto de venda de produtos artesanais**

Outro exemplo de actuación similar ás que se poderán realizar ó abeiro da área Rexurbe e do Plan de Dinamización foi a rehabilitación dunha vivenda no Barrio de Os Muíños, que levou a cabo o Concello no ano 2017, en colaboración con outras administracións.

A finalidade da recuperación da edificación e que esta serva como vivenda para un/unha artesán/artesá, obradoiro e punto de venda para os seus produtos. É, polo tanto, unha actuación que permite o asentamento de poboación e a creación de oportunidades de traballo.



Edificación rehabilitada para casa, obradoiro e punto de venda (antes e despois da actuación)

- **Museo da Imprenta:**

Rehabilitación da coñecida como casa dos Coengos para o seu uso como Museo da Imprenta en colaboración cona Xunta de Galicia.

Actuación de recuperación dunha edificación, que ao igual que nos casos expostos anteriormente, pasa a ser un novo punto de atractivo turístico e dinamizador do emprego no municipio, non so pola rehabilitación dun edificio antigo, senón que tamén porque se lle dota dun contido e dunha actividade que o potencian.




A MARIÑA

Mondoñedo estrena su Museo da Imprenta

El consellero de Cultura y otras autoridades inauguraron hoy el centro en la Casa dos Coengos

Museo da imprenta

- **Espazo CoWorking e viveiro de empresas:**

Dende o ano 2016, o concello de Mondoñedo habilitou os dous pisos superiores do inmoble do antigo Centro Comarcal como viveiro de empresas e espazo Co-Working, dotándoo de Internet de alta velocidade.






La Voz de Galicia

A MARIÑA

Mondoñedo pone a disposición de vecinos y empresas el centro comarcal


La Voz de Galicia

A MARIÑA

«El Coworking de Mondoñedo le dio a mi negocio el empujón que necesitaba»

Siguen adelante casi la mitad de los 22 proyectos del segundo Coworking de Mondoñedo, con estudios de arquitectura y de psicología, empresas de informática o restaurantes que han ampliado servicios

Notas de prensa espazo coworking e viveiro de empresas

- **Albergue e apartamentos turísticos na Rúa Pardo de Cela**

Froito da colaboración público – privada, estase a executar na actualidade a rehabilitación integral dun inmoble na rúa Pardo de Cela que levaba apuntalado máis de dez anos, conservándose a súa fachada orixinal e que se empregará para dous establecementos diferenciados, un albergue de 43 prazas e 17 apartamentos turísticos. Isto suporá un grande impulso económico e turístico para todo o Concello.


La Voz de Galicia

Mondoñedo tendrá otro albergue con 43 plazas y 17 apartamentos turísticos más

Los dos establecimientos se harán en una céntrica casa en ruinas, que será restaurada



Nota de prensa e obras de construción na Rúa Pardo de Cela

3.5. NOVAS DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS

Neste apartado inclúense dous bloques. En primeiro lugar un apartado con propostas breves da posibilidade de novas dotacións e equipamentos e nun segundo apartado un caso concreto de nova dotación, ou mellora dunha xa existente, como é a posibilidade da rehabilitación da Capela da Orde Terceira Segrar Franciscana na zona da Alcántara co que se finalizaría a rehabilitación completa dun espazo público como é esta zona.

3.5.1. POSIBILIDADE DE NOVAS DOTACIÓN E EQUIPAMENTOS.

Unha das necesidades que ten o Conxunto Histórico de Mondoñedo é a **mellora do alumeado público**.

Este é un proxecto no que xa se está a traballar coa substitución do alumeado existente por nova iluminación led, mais sería preciso ir un paso máis e non so substituír luminarias senón que sería preciso facer un novo plan de iluminación acorde ao aforro enerxético e aos criterios modernos de iluminación de cascos históricos.

Polo tanto esta sería unha primeira liña no eido das novas dotacións precisas.

En segundo lugar, e non por iso menos importante, habería que tratar de **mellorar a infraestrutura de parques públicos**, tentando chegar a ter, ao menos, un parque cuberto que serva tanto para nenos como para maiores pois é moito tempo durante o ano que as inclemencias meteorolóxicas dificultan a saída deste dous grupos sociais tan importantes.

No momento actual, dentro da área Rexurbe, cóntase con tres parques, localizados ao pé do Seminario, ao pé do Cemiterio Histórico e na Alameda de Os Remedios e cóntase con amplos espazos de praza e alameda que cobren, en días axeitados, a demanda de espazo público para a socialización, pero en caso de inclemencias, apenas hai uns poucos metros a resgardo nos Cantóns da Praza da Catedral ou un pequeno espazo cuberto no parque situado na Praza do Seminario.

Esta é unha vía que, cunha inversión mínima, suporía unha mellora social considerable, ao proporcionarse un espazo óptimo para a convivencia social interxeracional dentro da área Rexurbe en calquera momento do ano. Algo que na actualidade non existe.

Un terceiro aspecto a ter en conta é a creación de **parques /espazos verdes.** O primeiro destes, na área de **Os Castros** compatible coa conservación do lugar que se contempla na normativa urbanística e **acorde co xacemento arqueolóxico** alí localizado e estudado na campaña de escavacións do ano 2017, podendo levarse a

cabo unha **posta en valor** do mesmo que lle dea a Mondoñedo un novo espazo verde e de riqueza patrimonial.

O segundo nesta liña sería o remate da rehabilitación da **Casa Museo Álvaro Cunqueiro** coa creación dun espazo verde na zona da horta /**xardín do museo**.

Trátase dun espazo interior duns 160m^2 que neste momento está sen uso e que pode dar lugar a un importante punto de atracción como complemento do Museo para actividades ao aire libre relacionadas coa casa.

.

3.5.2. OBRA INCLUÍDA NESTE PLAN. REHABILITACIÓN DA CAPEAL DA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA.

Neste momento pódese executar unha intervención de reforzo dun conxunto de equipamentos públicos: **A rehabilitación da Capela da Orde Terceira Segrar Franciscana**.

Este é un espazo usado como infraestrutura para a Semana Santa de Mondoñedo (de Interese Turístico Galego), sendo o lugar onde se gardan os diversos pasos participantes na mesma e que precisa dun reacondicionamento xeral.

Esta construción, do século XVIII, formou parte do conxunto do antigo Convento de Alcántara hoxe desaparecido salvo nalgúns elementos como pode ser a Igrexa de San Pedro de Alcántara que agora é Centro Cultural de Alcántara – Centro de Interpretación do Camiño Norte.

A rehabilitación deste espazo suporía poñer fin ás obras nesa zona na que se concentran a Escola Municipal de Música, o Auditorio Municipal, O Albergue Municipal de Peregrinos, Os Xulgados e o citado Centro de Interpretación do Camiño Norte, así como un espazo de praza para aparcadoiro e para convivencia social con árbores e bancos, así como un aparcadoiro subterráneo.

Con isto pecharíase un proxecto cultural global para este entorno.







3.5.3. NECESIDADES EN DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS PARA EDIFICIOS PÚBLICOS EXISTENTES

Outros dos aspectos a ter en conta son necesidades de mantemento, mellora e adecuación de dotacións existentes.

Así, hai edificios públicos en Mondoñedo que precisarían de melloras ou de renovacións completas por estar obsoletos ou por ter sufridos diversas renovacións parciais sen un proxecto xeral de rehabilitacións.

Nesta liña, como exemplos, podemos citar a **Casa do Concello** que a pesar de ser un edificio rehabilitado na súa totalidade que se atopa en bo estado de conservación e mantemento, precisaría de pequenas melloras como son unha serie de **obras de axuste para mellorar a acesibilidade**.

No outro extremo teriamos, por exemplo, a **Casa da Cultura** que precisaría dunha **rehabilitación integral: cubertas, obra completa de interior, etc** que dese lugar a un edificio funcional con accesibilidade universal. Incluso a reforma deste edificio podería acoller a idea de parque cuberto que se propón un pouco máis arriba.

3.6. ESPAZOS LIBRES

O concello de Mondoñedo conta cunha ampla superficie de zonas verdes e espazos libres, tanto na contorna como dentro do casco urbano. De feito, o Conxunto Histórico de Mondoñedo constitúe por si mesmo unha grande zona peonil ou semipeonil, o que proporciona unha moi boa calidade de vida para os residentes, e un grande atractivo turístico e comercial.

A aposta pola preferencia peonil e a redución do tráfico, van en liña coas demandas da sociedade presente, preocupada polo medio ambiente e pola calidade de vida e tamén van na liña das xeración vindeiras que seguirán apostando por estes valores. Ademais con isto conseguirase situar a Mondoñedo na mesma onda que a maioría das cidades europeas, converténdoo nun municipio moderno, con valores e comprometido coa sociedade.

Así por exemplo, desde o ano 2016 suprimiuse o aparcadoiro da Praza da Catedral, xa que supoñía un agravio contra un ben de interese cultural, Patrimonio da Humanidade, e un dos principais atractivos turísticos da localidade.



Praza da Catedral de Mondoñedo

Dentro da área Rexurbe, aquelas zonas aquí marcadas como de Actuación Prioritaria, contan con estas características sendo peonís ou semipeonís, o que

aumenta o seu atractivo tanto desde o punto de vista turístico, como comercial ou residencial.



Vista das rúas Ponte, Bispo Sarmiento, Álvaro Cunqueiro, Pacheco, Os Castros e Progreso

Entre as zonas libres e verdes destacan a Praza da Catedral, a Praza do Concello, a do Seminario, a praciña da Fonte Vella, a Praza de Jaime Cabot, o Parque da Alameda, o Campo da Feira, o Cemiterio Histórico ou as áreas interiores dentro das diversas mazás de casas. Fóra do casco histórico unha das zonas verdes máis significativas é a zona recreativa da Fervenza, e logo espazos amplos como todo o territorio de Rede Natura 2000 – LIC Serra do Xistral.

Un total, como xa se indicou, de 87.799 m^2 de zonas verdes /abertas dentro do Casco Histórico.

3.7. ANÁLISE POBOACIONAL DA ÁREA REXURBE (CASCO HISTÓRICO E ZONAS PRÓXIMAS) CON RELACIÓN Á ZONA DE ATENCIÓN PRIORITARIA.

O termo municipal de Mondoñedo ten unha superficie de 142.7 km2. Segundo datos oficiais do INE correspondentes ao ano 2018 a poboación total é de 3639 habitantes sendo 2063 mulleres e 1813 homes. A cifra actualizada do mesmo a día 1 de decembro de 2019, segundo o padrón de habitantes e polo tanto provisional, ascende a 3566 habitantes no concello e 1144 dentro da área do Casco Histórico.

O Concello de Mondoñedo enmárcase na zona da comarca da Mariña Central, unha comarca setentrional de Lugo á que pertencen os municipios de Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e Valadouro.


A Comarca da Mariña Central ten unha extensión superficial de 500,90 km2 , o que representa un 5,08% da extensión da provincia de Lugo, mentres a súa poboación, representa o 8,64% da poboación provincial.


A pesar de tratarse dunha comarca pouco poboada, ten unha densidade bruta de 61,32 hab./km2 , equivalente a 1,8 veces a media provincial. Isto é por tratarse dunha área internamente non homoxénea.


Aínda que a poboación se veña reducindo ano a ano, non se reduce na actualidade do mesmo xeito o número de fogares nin a tendencia futura é esa, xa que os cambios sociolóxicos derivados do incremento de fogares unipersoais e monoparentais/ monomarentais tradúcense nunha maior necesidade de vivendas para unha poboación inferior.


Tal e como se indica no propio PXOM, a evolución da poboación de Mondoñedo presenta un comportamento similar ó do resto da Galicia interior, cunha perda continuada de poboación desde principios do século XX, agravada nos anos 50-70 como consecuencia do fenómeno migratorio, o que sumado ó envellecemento da poboación deriva nunha crise demográfica estrutural que impide a reposición dos efectivos de forma natural, so podendo ser solucionada coa axuda de factores externos que atraian poboación e sobre todo das xeracións máis novas.

Así o poñen de manifesto as medidas aplicadas nos últimos catro anos en canto a rehabilitación e rexeneración urbanas, incentivos a xeración de novas empresas ou mellora da oferta tecnolóxica do municipio, que están a frear esta perda de poboación.


ANO 2010
4.406 hab.
Tasa var.
-9,42 %
ANO 2014
3.391 hab
Tasa var.
-8,82 %
ANO 2018
3.639 hab.


Pirámide poboación ano 2018
85 e máis
80-84
75-79
70-74
65-69
60-64
55-59
50-54
45-49
40-44
35-39
30-34
25-29
20-24
15-19
10-14
5-9
0-4
6%
4%
2%
0%
2%
4%
6%
Homes
Mulleres


Pirámide poboación ano 2010
85 e máis
80-84
75-79
70-74
65-69
60-64
55-59
50-54
45-49
40-44
35-39
30-34
25-29
20-24
15-19
10-14
05-09
0-4
6%
4%
2%
0%
2%
4%
6%
Homes
Mulleres




Evolución da poboación por grupos de idade e sexo

3.7.1. POBOACIÓN POR ZONAS NA ÁREA DE ACTUACIÓN PRIORITARIA

Analízase a continuación, a partir dos datos do padrón municipal proporcionados polo concello de Mondoñedo, a poboación existente en cada unha das zonas de Actuación Prioritaria dentro da área Rexurbe.


- **Rúa da Ponte:**



Evolución da poboación. Rúa da Ponte

Como se observa, a Rúa da Ponte, está a perder poboación, aínda que esta perda estase a reducir nos últimos anos. A poboación actual, a 1 de decembro do 2019 é de 8 habitantes.


- **Rúa Bispo Sarmiento:**



Evolución da poboación. Rúa Bispo Sarmiento

Ao igual que no caso anterior, obsérvase un descenso da poboación nos últimos anos, aínda que neste caso fréase a partir do ano 2011 e incluso increméntase o número de habitantes a partir do ano 2016, xa que a poboación actual (decembro 2019) é de 37 persoas, 3 máis que en 2016.


- **Rúa Álvaro Cunqueiro:**



Evolución da poboación. Rúa Álvaro Cunqueiro

Como se pode ver, a evolución da poboación nesta zona segue a tendencia global do municipio. O número de habitantes actual (decembro 2019) é de 48 persoas.


- **Rúa San Roque:**



Evolución da poboación. Rúa San Roque

Aínda que non se observa no gráfico, porque non aparece reflexada a poboación correspondente ó ano 2019, o descenso de poboación estase a frear coas medidas e actuacións realizadas nos últimos anos, sendo a poboación actual (decembro 2019) de 13 habitantes, un habitante menos que no ano 2016.


- **Rúa Pacheco:**



Evolución da poboación. Rúa Pacheco

Como se observa, a poboación na Rúa Pacheco oscilou ó longo do tempo, aínda que sendo a súa tendencia global a do descenso. Na actualidade, a poboación mantense constante desde o ano 2016, sendo de 11 habitantes.


- **Rúa Os Castros:**



Evolución da poboación. Rúa Os Castros

A poboación nesta zona, segue a tendencia do resto do municipio. O número de habitantes actual é de 10.


- **Rúa Progreso**



Evolución da poboación. Rúa Progreso

Aínda que como se observa, o descenso de poboación nesta rúa foi acusado, as medidas postas en marcha polo concello de Mondoñedo desde o ano 2016, están a lograr a reversión desta situación. Así, na actualidade posúe 29 habitantes, un máis que no ano 2016.


- **Rúa Pardo de Cela:**



Evolución da poboación. Rúa Pardo de Cela

Da mesma forma que ocorría no caso da Rúa Pacheco, na Rúa Pardo de Cela, a poboación oscilou ó longo do tempo, sendo a tendencia global a do descenso. Na actualidade (decembro de 2019), viven nesta rúa 19 persoas, dúas máis que no ano 2016.


- **Avenida de San Lucas:**



Evolución da poboación. Avenida de San Lucas

Como se observa, a poboación nesta rúa tamén oscilou ao longo dos anos, sendo a tendencia global a de manterse constante, xa que na actualidade (decembro do 2019), viven nela 91 persoas, igual que 1996.


- **Rúa Leiras Pulpeiro:**



Evolución da poboación. Rúa Leiras Pulpeiro

Como se observa, a poboación nesta rúa foi diminuíndo de xeito considerable e aínda que hoxe en día (decembro do 2019) recuperou 2 persoas dende o 2016. No momento actual viven nela 12 persoas.

- **Praza de San Xoán:**



Evolución da poboación. Praza San Xoán

Como se observa este é un espazo no que conviven poucas persoas, con todo foise mantendo a poboación nela e na actualidade (decembro do 2019) viven nela 6 persoas, 1 máis que no 2016.

3.8. ACTIVIDADE ECONÓMICA

A principal actividade económica é o sector primario, neste sector traballa un 42,2% da poboación ocupada. A gandería oriéntase á produción láctea e cárnica, a agricultura está orientada á produción de hortalizas e conta cunha importante riqueza forestal que constitúe un importante soporte para o desenvolvemento da industria da madeira.

A capital municipal desempeña unha función administrativa e comercial facendo que a porcentaxe de poboación dedicada ó sector servizos ascenda ao 30,1%.

O resto da poboación traballa na industria (un 18,8%) e na construción (8,9%).

En canto a taxa de paro no municipio, esta vense a reducir a partir do ano 2013, e sobre todo despois do 2014, situándose no 2018 no 8,33%, inferior a á taxa de paro da Comunidade Galega, que se situou no mesmo ano no 13,3%.

A taxa de paro é inclusive inferior na actualidade á dos anos 2006-2007, a partir dos cales comezou a medrar, sendo nos anos 2016 e 2017 nos que a redución se intensificou.



Evolución da taxa de paro

A taxa de paro actual é do 3,32%.

- **Actividade turística**

A coexistencia tanto do conxunto histórico – artístico da Cidade de Mondoñedo, como do Camiño de Santiago do Norte, supón unha vantaxe desde o punto de vista turístico e comercial de Mondoñedo fronte os concello da súa contorna, proporcionándolle un claro elemento distintivo e un gran potencial económico polo que xa se ven apostando recentemente.

- **Parque empresarial de Mondoñedo**

Situado ás aforas do casco urbano, foi levado a cabo pola Sociedade Empresarial do Atlántico (SEA), sobre unha superficie aproximada de 70.000 m2, dos que 39.566 destínanse a uso industrial ou comercial.

Posúe conexión directa coa N-634, e a través desta coa Autovía do Cantábrico (A-8).

Conta con todo os servizos necesarios para o desenrolo da actividade empresarial: abastecemento de auga potable, saneamento, telecomunicacións, rede contra incendios, zonas de aparcamento, etc.



Parque empresarial de Mondoñedo

3.9. RESUMO DE NECESIDADES DETECTADAS NA ÁREA REXURBE

A partir da análise de campo realizado, así como a partir dos datos socioeconómicos, empresariais, de dotacións, equipamentos, etc., recollidos, as necesidades detectadas resúmense a continuación:

Necesidades en edificacións e espazos urbanos

- Precísase levar a cabo unha fonda rehabilitación de vivendas baleiras ou en desuso para poder recuperalas co fin de prolongar a súa vida útil por unha banda e por outra para facilitar a súa ocupación e eliminar así a vivenda baleira. Ocupación que pode ser destinada a vivenda, oficina, uso turístico, negocio en xeral, etc..
- Precísanse levar a cabo obras de rehabilitación de vivendas en uso que non reúnen as condicións necesarias para ese fin. É preciso executar obras de mellora, mantemento e conservación de edificios para adaptalos ás novas realidades e prolongar a súa vida útil. Incluso levar a cabo intervencións para poder facer que convivan no mesmo edificio espazos de vida e traballo, fomentando teletraballo nas mesmas ou fomentando a apertura de negocios na residencia familiar, permitindo así unha mellora nas condicións da conciliación familiar co traballo.
- Precísase levar a cabo melloras nos espazos públicos: parques, zonas vedes, melloras na iluminación, creación dun parque cuberto…
- Precísase unha rehabilitación que se encamiñe á mellora da eficiencia enerxética, mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade universal.

Necesidades de orde social

- Creación dunha bolsa de vivenda de carácter social e accesible a colectivos sensibles. Bolsa derivada da mobilización da vivenda baleira existente, unha vez rehabilitada. Esta bolsa iría destinada a facilitar o acceso á vivenda por parte de xoves, maiores, grupos en risco de exclusión social e emerxencia residencial.
- Adecuación das vivendas á accesibilidade universal e ás actuais condicións de habitabilidade. Encamiñada a crear fogares útiles e accesibles a persoas maiores e dependentes. Colectivo de gran representación social en Mondoñedo.
- Fogares adaptados ao teletraballo e fogares nos que poda convivir negocio e vida familiar coa adecuación de parte dos espazos a creación /desenrolo dun negocio, fomentando ademais do teletraballo a conciliación familiar ao poder desenrolar a actividade laboral propia nun espazo a carón do espazo familiar.

Necesidades de orde económico:

- Apoio a emprendedores e ao comercio local con liñas de axudas para mellora de baixos comerciais, dixitalización de negocios, etc.
- Apoio económico no acceso a vivenda a colectivos sensibles e en risco de exclusión con alugueiros sociais asumibles.
- Apoio ao teletraballo e a conciliación familiar dentro dun espazo combinado de vivenda e negocio.

Aínda que no momento actual se detectan estas necesidades, o Plan de Dinamización é un documento vivo, é dicir, poderá revisarse, ampliarse ou corrixirse durante a aplicación do mesmo e en función dos resultados e dos indicadores de avaliación que se vaian executando.

A partir desta enumeración organízanse e defínense unha serie de eixos e obxectivos de actuación.


ANEXO BLOQUE III – LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

OBRA EN RÚA BISPO SARMIENTO


En Bispo Sarmiento, no centro urbano de Mondoñedo, hai dúas edificacións, ao pé doutras habitadas ás que lles están causando importantes problemas de filtracións de humidades.

Unha delas con expediente de ruína e ambas incluídas dentro da parcela con referencia catastral 2500045PJ3120S0001IE, correspondente cos números 13 e 15 da rúa Bispo Sarmiento.

Neste emprazamento, o propietario das mesmas, ten a intención de unificalas e rehabilitalas con fins turísticos.



Rúa Bispo Sarmiento, 13-15. Con referencia catastral: 2500045PJ3120S0001IE





En ambos casos trátase de edificios en estado de ruína que precisan de rehabilitación integral. Si ben é certo que o edificio co número 15 (frecha vermella) está en mellor estado que o 13 (frecha branca) –tal como se ve na fachada- non se salva dunha intervención profunda sobre o mesmo.

En base a todo isto, inclúense dous orzamentos individualizados que estiman o máximo subvencionable, así:


- A estimación orzamentaria sería, para o número 13, de 375.300,00€ / Subvención 100.000,00 €
- A estimación orzamentaria sería, para o número 15, de 438.300,00€ / Subvención 100.000,00 €

Aquí estímase o máximo subvencionable en cada unha das obras pero é probable que o orzamento final de execución supera esta cifra.


OBRAS PROPOSTAS EN RÚA PARDO DE CELA

Na rúa Pardo de Cela, en pleno Camiño Norte a Santiago, nunha das entradas á cidade cara á Praza da Catedral de Mondoñedo, sitúase unha edificación con expediente ruína con entrada, tamén, pola rúa Alfonso VII, nº 31 con referencia catastral 2600401PJ3120S0001RE

Este é un edificio destinado a fins turísticos que se está a rehabilitar para Apartamentos Turísticos e Albergue de peregrinos.



Rúa Pardo de Cela /Rúa Afonso VII, 31. Con referencia catastral: 2600401PJ3120S0001RE





Edificio en ruína para rehabilitación integral.

A estimación orzamentaria para esta obra ascende a 750.000,00 €. Este orzamento supera o máximo establecido para ser subvencionable co que se considera un máximo de 100.000,00 € sendo neste caso unha apartación de só un 13,33% do total de obra.


FICHAS DAS VIVENDAS CECIDAS AO IGVS POLO CONCELO PARA REHABILITACIÓN

Edificación n.º 07

Dirección: Rúa da Ponte, n.º 9

Referencia catastral: 2700315PJ3120S0001XE

Plano de situación:



Fotografía da fachada principal do inmoble:



Estado de conservación:

En moi mal estado de conservación precisa de rehabilitación integral

Cualificación urbanística do inmoble:

O instrumento de planeamento urbanístico en base o que se informa é el Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo, documento refundido axustándose as condicións contidas na orde de aprobación definitiva da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 13 de xuño de 2016.

A edificación está situada dentro da categoría de solo urbano de Mondoñedo. A parcela onde se sitúa a edificación no PXOM remite a un futuro "Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico da Cidade de Mondoñedo". PE-1.

No ámbito delimitado desenrolarase a ordenación pormenorizada do conxunto histórico artístico da Cidade de Mondoñedo e tramas adxacentes, que inclúe a delimitación establecida pola declaración de Ben de Interese Cultural 91/1985, tanto a zona de conservación total como a de respecto, así como as tramas adxacentes do Barrio de Os Muíños.

En tanto non se aprobe definitivamente o Plan Especial PE-1 o outorgamento de licenzas precisará resolución favorable do órgano competente para la protección do Ben de Interese Cultural da Consellaría competente en materia de Patrimonio que se emitirá de conformidade con estas Normas, estableceéndose unha regulación vinculada a preservación de la estrutura urbana histórica tendente a la conservación y rehabilitación de las edificacións tradicionais e o mantemento do parcelario que as sustenta, nas seguintes condicións:

No ámbito situado fora do PEPRI, pero incluído na zona de conservación total do Conxunto Histórico-Artístico da Cidade de Mondoñedo, como é o caso, non se admitirán modificacións nas alienacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións do volume, parcelacións ni agrupacións e, en xeral, cambios que afecten a harmonía do conxunto.

Poderanse autorizar obras de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación e reestruturación con mantemento do volume edificado, da organización vertical e posición das plantas e forxados e das fachadas.

Declaración de ruína: Consta inicio de expediente de orde de execución

Superficie de parcela: 256m2

Superficie construída: 358m2

Prezo de venta: Será adquirido polo Concello de Mondoñedo e cedido o IGVS a coste 0


Valor catastral: 20.712,53€

Edificación n.º 08

Dirección: Rúa da Ponte, n.º 11

Referencia catastral: 270030PJ3120S0001ME

Plano de situación:



Fotografía da fachada principal do inmoble:



Estado de conservación:

En estado ruinoso precisa de reconstrución interior tratando de manter os muros perimetrais

Cualificación urbanística do inmoble:

O instrumento de planeamento urbanístico en base o que se informa é el Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo, documento refundido axustándose as condicións contidas na orde de aprobación definitiva da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 13 de xuño de 2016.

A edificación está situada dentro da categoría de solo urbano de Mondoñedo. A parcela onde se sitúa a edificación no PXOM remite a un futuro "Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico da Cidade de Mondoñedo". PE-1.

No ámbito delimitado desenrolarase a ordenación pormenorizada do conxunto histórico artístico da Cidade de Mondoñedo e tramas adxacentes, que inclúe a delimitación establecida pola declaración de Ben de Interese Cultural 91/1985, tanto a zona de conservación total como a de respecto, así como as tramas adxacentes do Barrio de Os Muíños.

En tanto non se aprobe definitivamente o Plan Especial PE-1 o outorgamento de licenzas precisará resolución favorable do órgano competente para la protección do Ben de Interese Cultural da Consellaría competente en materia de Patrimonio que se emitirá de conformidade con estas Normas, estableceéndose unha regulación vinculada a preservación de la estrutura urbana histórica tendente a la conservación y rehabilitación de las edificacións tradicionais e o mantemento do parcelario que as sustenta, nas seguintes condicións:

No ámbito situado fora do PEPRI, pero incluído na zona de conservación total do Conxunto Histórico – Artístico da Cidade de Mondoñedo, como é o caso, non se admitirán modificacións nas alienacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións do volume, parcelacións ni agrupacións e, en xeral, cambios que afecten a harmonía do conxunto.

Poderanse autorizar obras de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación e reestruturación con mantemento do volume edificado, da organización vertical e posición das plantas e forxados e das fachadas.

Declaración de ruína: Consta inicio de expediente de orde de execución

Superficie de parcela: 375m2

Superficie construída: 354m2

Prezo de venta: Será adquirido polo Concello de Mondoñedo e cedido o IGVS a coste 0


Valor catastral: 24.464,08€

ANEXO AO PUNTO "APOIO Á EMPRESA" (11.4): RELACIÓN DE LOCAIS COMERCIAIS PARA ALUGUER DENTRO DA ÁREA REXURBE DE MONDOÑEDO.

Achégase un listado de locais comerciais que neste momento configuran a oferta dos mesmos dentro da Área Rexurbe. Superficies estimadas segundo datos catastrais.




Rúa Afonso VII, 121m^2






Rúa Afonso VII, 182m^2






Rúa Afonso VII, 145m^2






Rúa Afonso VII, 31m^2






Rúa Afonso VII, 64m^2






Rúa Afonso VII, 78m^2






Rúa Julia Pardo, 110m^2






Rúa Julia Pardo, (edificio novo) aprox 110m^2






Rúa Guevara, 50m^2






Rúa Guevara, 50m^2






Rúa Guevara, 50m^2






Rúa Guevara, 50m^2






Rúa Guevara, 50m^2






Rúa Bispo Sarmiento, 138m^2






Rúa Bispo Sarmiento, 60m^2






Rúa Andrés Baamonde, 25m^2






Rúa Progreso, 65m^2






Rúa Progreso, 50m^2






Rúa Progreso, 50m^2






Rúa Progreso, 35m^2






Rúa Progreso, 70m^2






Rúa Progreso, 125m^2





Rúa Progreso, 90m^2



ANEXO BLOQUE IV – VIABILIDADE ECONÓMICA

LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES LOCAIS

De seguido, inclúese un listado dalgunhas das subvencións que pode solicitar o Concello de Mondoñedo, que cada ano convoca a Xunta de Galicia a través do órgano correspondente, ou outros entes públicos estatais, e aínda que nalgunha delas o prazo de solicitude está pechado, inclúese esta información porque soen convocarse anualmente/periodicamente e considéranse de interese para o obxecto do presente documento:

SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS NOS CONCELLOS DE GALICIA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES

Obxecto

Subvencións para a humanización e mellora urbana de rúas ou para a humanización e mellora de espazos públicos.

A axuda económica máxima será do 80% do investimento subvencionable, co límite máximo de 96.800,00 €, por concello IVE incluído, según a última convocatoria que foi a da Orde do 21 de decembro de 2018 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: MT300A

SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DA LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

Obxecto

Subvencións destinadas, para, entre outros: proxectos de eficiencia enerxética na luz púbica e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos; mellora da eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais e utilización das enerxías renovables; edificios e infraestruturas destinados á utilización recreativa ou didáctica dos recursos naturais; proxectos e actuacións no ámbito municipal para evitar a degradación e a deterioración ambiental.

- *LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA*

Destinada a Concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal da delimitación dun parque eólico, e aos afectados, pola instalación de conexión ou vía de evacuación. A axuda económica máxima poderá ser do 100% do investimento subvencionable, co límite máximo de 73.449,03 €,(ano 2020, pode variar

cada ano) para Mondoñedo, IVE incluído, según a última convocatoria que foi a da Orde do 19 de decembro de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: PR483A

- *LIÑA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA*

Investimento máximo 40.000,00 € IVE incluído. A axuda económica máxima poderá ser do 80% do investimento subvencionable, co límite máximo de 32.000,00 €, IVE incluído, según a última convocatoria que foi a da Orde do 19 de decembro de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: PR483C

PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Obxecto

A axuda económica máxima poderá ser do 100% do investimento subvencionable, co límite máximo do 50% da asignación anual da Deputación de Lugo, para investimentos. Esta asignación foi no ano 2020, para Mondoñedo, de 306.623,32 €, IVE incluído, según a última convocatoria aprobada polo Pleno da Deputación de Lugo do 02/04/2020. Polo que a axuda para investimentos podía ser dun máximo de 153.311,66, dos que o 60% tiña que ser para o arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais, neste caso, 91.987,00, quedando para investimentos 61.324,66 €.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na páxina web da Deputación de Lugo, no enlace:

http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/cooperacion_concellos/plan_unico/2020

PROGRAMA 1,5 CULTURAL DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA PARA A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Obxecto

O obxecto da axuda é a de financiar traballos de conservación ou enriquecemento de bens inmobles do Patrimonio Histórico Español, en concreto, Bens declarados de Interese Cultural. Subvención máxima do 75% do investimento total, IVE incluído, para entidades locais.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na páxina web do Ministerio, no enlace:

https://sede.fomento.gob.es/SEDE_ELECTRONICA/LANG_CASTELLANO/OFICINAS_SECTORIALES/VIVIENDA/ARQTCTRA/1_5CULTURAL/

SUBVENCIÓN DO IDAE (INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA) PARA DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE. PROXECTOS DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXO EN CARBONO

Obxecto

O obxecto da axuda é a de concesión directa, por orde de entrada, de subvencións a proxectos singulares que faciliten o paso a unha economía baixa en carbono no ámbito das entidades locais españolas. Subvención máxima, para os concellos de Galicia, do 80% do investimento total, IVE incluído.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na páxina web do Ministerio, no enlace:

https://www.idae.es/ayudas-y-financiacion/para-desarrollo-urbano-sostenible-proyectos-de-entidades-locales-que

FINANCIAMENTO POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA PARA A VIVENDA /LIÑAS DE AXUDAS APLICABLES.

Detalles das axudas

Programa 1: Subsidiación de Préstamos convidos

Este primeiro programa está dirixido a axuda da financiamento das obras de rehabilitación tanto particulares como comunidades de propietarios.

A contía máxima será de 30.000 € para préstamos persoais e de 60.000 € para préstamos hipotecarios.

O apoio económico da Xunta poderá cubrir ata o 100% dos xuros do préstamos durante un período de 48 meses, variando o alcance da axuda en función dos ingresos dos solicitantes.

O préstamo poderá destinarse tanto ás vivendas particulares como aos elementos comúns das comunidades en calquera zona do territorio municipal. As entidades financeiras onde se poderán solicitar estes prestamos son: Abanca, Caixabank, Caixa Rural e Banco Sabadell.

Programa 5: Fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.

Este programa ten por obxecto, tanto no ámbito urbano como rural, o financiamento de obras de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade, con especial atención a envolvente edificatoria en edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas, e nas vivendas unifamiliares as cales deberán estar finalizadas antes de 1996.

Vivendas unifamiliares: A contía das axudas non poderán superar os 12.000€ nin o 40% do investimento subvencionable, poderá incrementarse en 1.000€ mais si te trata dun ben catalogado ou BIC. En aquelas vivendas nos que os ingresos da unidade de convivencia dos residentes sexa inferior a 3,5veces o IPREM a porcentaxe máxima podería chegar o 75% da inversión. Poderán incrementarse a 18.000€ ou 24.000€ si reside na vivenda unha persoa con discapacidade dependendo do seu tipo.

Edificios de vivendas: A contía das axudas non poderán superar os 8.000€ por vivenda e 80€ por cada m^2 de superficie construída de local comercial, cun máximo do 40% do investimento subvencionable. Poderá incrementarse en 1.000€ mais por vivenda ou en 10€ por m^2 si te trata dun ben catalogado ou BIC. En aquelas vivendas

nos que os ingresos da unidade de convivencia dos residentes sexa inferior a 3,5veces o IPREM a porcentaxe máxima podería chegar o 75% da inversión. Poderán incrementarse a 12.000€ ou 16.000€ si reside na vivenda unha persoa con discapacidade dependendo do seu tipo.

Programa 6: Fomento da conservación, da mellora da seguridade da accesibilidade en vivendas.

Este programa ten por obxecto do financiamento da execución de obras para a conservación, a mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas unifamiliares xa sexan urbanas ou rurais, edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva, podendo intervir tanto nos elementos comúns como no interior de cada vivenda e nas vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

As actuacións subvencionables:

1- Actuacións de conservación que se acometan para subsanar deficiencias relativas o estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións, de cubertas, azoteas, fachadas e medianerias, incluíndo procesos de desamiantado; as relativas a adecuación interior da vivenda unifamiliar, en edificio de tipoloxía residencial colectiva, as condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente exixidas.

2-Actuacións para a mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade. En particular a instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, sinais luminosas ou sonoras, videoporteiros, instalación de demótica, e calquera outra intervención que facilite a accesibilidade .

A contía das axudas e do 40% da actuación non poderá superar a cantidade de:

- 3.000 euros por vivenda e 30 euros por m^2 de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles, cando se solicita solo para actuacións correspondentes o apartado 1 para cubertas e azoteas;
- 8.000 euros por vivenda e 80 euros por m^2 de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles, cando se solicite para actuacións correspondentes o apartado 2 ou conxuntamente para os apartados 1 y 2 de obras de adecuación interior.

Programa 7: Fomento da rexeneración e renovación urbana e rural.

Este programa ten como obxecto a financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, de urbanización ou re-urbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución de edificios ou vivendas demolidos, dentro de ámbitos de actuación denominados área de rexeneración e renovación urbana ou rural previamente delimitados.

Inclúense os supostos de infravivenda e chabolismo, si ben, neste caso a edificación de edificios e vivendas farase en función das unidades de convivencia residentes e as súas características, e non en substitución de outros ou outras demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social a través do goce dunha vivenda digna nun contexto integrador. Estas axudas explícanse con máis detalle máis abaixo no punto de axudas aos Concellos.

Estas axudas tramítanse mediante convenios de colaboración a tres bandas, o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a Xunta de Galicia e os Concellos.

Para poder acollerse debese ter delimitada un Area de Rehabilitación delimitada (ARI), neste caso o noso Concello Conta con un Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños delimitada no ano 1998 e para a que existe dende o ano 1.999 unha oficina Municipal de Rehabilitación situada no edificio do Concello encargada do Asesoramento, Información e Tramitación dos distintos tipos de axudas destinadas a rehabilitación de vivendas en todo o Municipio tanto dentro do ARI como no resto do territorio Municipal a cal está formada por unha Arquitecta Directora da Oficina e unha Auxiliar Administrativa.

As actuacións subvencionables son as mesmas que para os programas 5 e 6 ademais das seguintes: A execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en vivendas unifamiliares e nos edificios, incluso no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, a fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano; Obras de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos tales como consolidación, pavimentación, xardinería, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministro enerxético, alumeado, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo; mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

Obras destinadas a mellorar a eficiencia ambiental en materia de auga, enerxía, uso de materiais, xestión de residuos de protección da biodiversidade.

<table>
<tr><th>LIMITE SOBRE CUSTO ACTUACIÓN</th><th>LÍMITE 2: IMPORTE UNITARIO POR VIVENDA</th></tr>
<tr><td>40% SOBRE O CUSTO DA ACTUACIÓN</td><td>Para obras de conservación e accesibilidade (artigos 51 e 43 do PEV) = 8.000€

10.000€ (Incremento do 25% da axuda unitaria no caso de municipios de -5.000habitantes e menores de 35 anos)</td></tr>
<tr><td rowspan="3">75% SOBRE O CUSTO DA ACTUACIÓN CANDO:

Vivendas de unidade de convivencia residente teña ingresos inferiores a 3 veces IPREM

Vivendas con residentes discapacitados e obras de accesibilidade.

Vivenda con residentes maiores de 65 anos e obras de accesibilidade</td><td>Para obras de eficiencia enerxética con redución da demanda enerxética (artigo 36 do PEV)= 12.000€

15.000€ (Incremento do 25% da axuda unitaria no caso de municipios de

– 5.000habitantes e beneficiarios menores de 35 anos)</td></tr>
<tr><td>+1.000€ en inmobles BIC (esta cantidade suma por encima dos límites)</td></tr>
<tr><td>+120€/m^2 local comercial

+130€/m^2 local comercial en inmobles BIC (estas cantidades suman por encima dos límites)</td></tr>
<tr><td colspan="2">Axuda autonómica do IGVS

Axuda do 10% do orzamento protexido ata un máximo de 4.000€ por vivenda obxecto da actuación.

Requisito principal: destinar a vivenda a residencia habitual e permanente do solicitante.</td></tr>
</table>

Vivendas nas Areas dos Camiños de Santiago.

Existen axudas destinadas a financiar actuacións dentro das Areas dos Camiños de Santiago, que no caso do noso Concello comprende as parroquias de Os Remedios, Santiago, Sasdónigas, San Vicente, Lindín, Vilamor e O Carmen.

Poderana solicitar tanto particulares como comunidades de propietarios de vivendas unifamiliares e edificios de vivendas para financiar actuacións tanto no exterior como no interior dos inmobles.

<table>
<tr><th>LIMITE SOBRE CUSTO ACTUACIÓN</th><th>LÍMITE 2: IMPORTE UNITARIO POR VIVENDA</th></tr>
<tr><td>40% SOBRE O CUSTO DA ACTUACIÓN</td><td>Para obras de conservación e accesibilidade e mantemento = 8.000€

ata 10.000€ (Incremento do 25% da axuda unitaria no caso de municipios de -5.000habitantes e menores de 35 anos)</td></tr>
<tr><td rowspan="3">75% SOBRE O CUSTO DA ACTUACIÓN CANDO:

Vivendas de unidade de convivencia residente teña ingresos inferiores a 3 veces IPREM

Vivendas con residentes discapacitados e obras de accesibilidade.

Vivenda con residentes maiores de 65 anos e obras de accesibilidade</td><td>Para obras de eficiencia enerxética con redución da demanda enerxética = 12.000€

15.000€ (Incremento do 25% da axuda unitaria no caso de municipios de

– 5.000habitantes e beneficiarios menores de 35 anos)</td></tr>
<tr><td>+1.000€ en inmobles BIC (esta cantidade suma por encima dos límites)</td></tr>
<tr><td>+80€/m² local comercial para obras conservación

+100€/m² local comercial para obras de eficiencia enerxética con redución da demanda enerxética

- ata 30.000€ por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida</td></tr>
<tr><td colspan="2">Axuda autonómica do IGVS

Axuda do 10% do orzamento protexido ata un máximo de 4.000€ por vivenda obxecto da actuación.

Requisito principal: destinar a vivenda a residencia habitual e permanente do solicitante</td></tr>
</table>

Programa Rehaluga

Estas axudas están dirixidas a prestar apoio ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas nas que se realizaron actuacións para a súa incorporación ao Programa de vivendas baleiras, no ámbito do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Serán subvencionables as seguintes actuacións realizadas na vivenda incorporada ao Programa de vivendas baleiras:

1. Obras de conservación e mantemento.
2. Obras de rehabilitación precisas para garantir a habitabilidade da vivenda, así como as obras necesarias para o correcto funcionamento das súas instalacións e/ou para a súa adaptación á normativa vixente.
3. Axustes na distribución interior da vivenda que non impliquen unha alteración substancial da súa configuración

As actuacións subvencionaranse polo gasto xustificado, sen que o importe desta axuda poida superar a cantidade de 8.000 euros, en ningún caso.

Axudas, en concorrencia competitiva, dirixidas ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou adaptación dos edificios de vivendas protexidas promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

O ámbito de aplicación desta axudas está constituído polos edificios de vivendas protexidas promovidos polo IGVS que no momento de presentar a correspondente solicitude teñan máis de 10 anos de antigüidade e que non estean descualificados.

Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas obras destinadas á reparación, rehabilitación e/ou adaptación dos edificios incluídos no ámbito de aplicación desta resolución que comprendan todas ou algunha das seguintes actuacións:

Adecuación das condicións de seguridade; Adecuación das condicións de habitabilidade:; Adecuación funcional; Adecuación das condicións de accesibilidade: obras de supresión de barreiras arquitectónicas, tales como instalación de ascensores, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluíndo os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial.

Axudas a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública para rehabilitación e mellora dos elementos comúns dos edificios cun alcance máximo do 60% do investimento da obra.

AXUDAS DESTINADAS A COMPRA DE VIVENDAS

E importante tamén destacar outra liña de axudas encamiñada a compra de vivenda para xóvenes menores de 35 anos para Concellos que teñan menos de 5.000 habitantes como e o caso de Mondoñedo e poderíase pedir en todo o municipio.

Esta liña de axudas e moi importante para xerar asentamento poboacional nos concellos pequenos e evitar o despoboamento, e con estas axudas promover que os nosos xovenes se queden a vivir nos pequenos municipios que aínda que son pequenos como noso caso posúe case os mesmos servizos que si fora mais grande e coa gran importancia de vivir coa tranquilidade que supón estar neste tipo de pobos.

Para isto existe esta liña de axudas para a compra de vivendas que describimos a continuación:

Programa 8- Axudas aos xóvenes

Axudas para a adquisición de vivendas en Concellos de menos de 5.000 habitantes.

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas maiores de idade que, tendo menos de 35 anos na data de presentación da correspondente solicitude e que as vivendas esteñan situadas tanto nos Conxuntos Históricos como no resto de todo o municipio.

Os requisitos para poder acollerse son:

Posuír nacionalidade española ou, no caso de ser estranxeiras, ter a residencia legal en España.

Que os ingresos anuais das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a tres veces o IPREM. 4 veces o IPREM para familias numerosas ou unidades de convivencia con persoas discapacitadas. 5 veces o IPREM para familias numerosas de categoría especial ou unidades de convivencia con persoas con graves discapacidades.

Que se trate dunha vivenda xa construída cun prezo inferior a 100.000 €

Que a persoa solicitante e as integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento da presentación da correspondente solicitude no caso de ter subscrito con posterioridade o 1 de xaneiro de 200 un contrato privado ou escritura pública, nos demais casos non e preciso no momento da solicitude pero si nun prazo como máximo de 3 meses.

Que se trate dunha vivenda xa construída admitíndose tanto as vivendas novas como usadas.

Que a persoa solicitante e as integrantes da súa unidade de convivencia se atopen ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.

A contía da axuda e de ata 10.800 € por vivenda (cun límite do 20% do prezo da vivenda).

Programa 9: Fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade.

Fomentar a promoción de vivendas ou da sua rehabilitación para destinalas durante un prazo mínimo de 40 anos o alugamento ou a cesión de uso para persoas maiores ou con discapacidade, dispoñendo de instalacións e servizos comúns adaptados.

Requisitos:

- Persoas maiores de 65 años ou con discapacidade
- Ingresos inferiores a 5 veces IPREM (unidade de convivencia)
- Non dispoñer de vivenda en propiedade
- Patrimonio inferior a 200.000€

Prezo alugamento/cesión en uso mes: ata 9,5 euros/m2 vivenda

Inscrición de vivendas no Rexistro de Demandantes de Galicia

Vai dirixido a todas as persoas que estean interesadas en acceder a vivendas protexidas, en primeira ou sucesivas transmisións, deberán inscribirse como demandantes no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección primeira.

Demandantes de vivendas de protección oficial de promoción pública promovidas polo IGVS que queiran acceder á compra, aluguer ou, de ser o caso, aluguer con opción de compra dunha vivendas

Sección segunda.

Demandantes de vivendas de protección oficial de promoción pública de núcleos rurais e cascos históricos. que, reunindo os requisitos de acceso requiridos para este tipo de vivendas, queiran acceder á compra, aluguer .

Sección terceira.

Demandantes de vivendas protexidas de promoción privada ou de promoción pública promovidas por outros promotores públicos. Inscribiranse todos os/as demandantes que, reunindo os requisitos de acceso requiridos para este tipo de vivendas, queiran acceder á compra, aluguer ou aluguer con opción de compra.

Condicións da inscrición.

A inscrición realizarase nunha única sección ou, de existiren varias subseccións, nunha única subsección, e realizarase no tipo de vivenda que o solicitante realizara e no réxime de adxudicación que este sinale como preferente.

3. Se o/a solicitante reúne os requisitos para ser beneficiario/a de máis tipos de vivenda de entre os sinalado, ou doutro réxime de adxudicación, poderá solicitar e, de ser o caso, poderán practicarse inscricións complementarias. Estas terán a consideración de anotacións.

A inscrición será a que determine a preferencia para optar a un tipo de vivenda e a un réxime de adxudicación determinado. Aínda así, as vivendas serán ofertadas a todos/as aqueles que figuren como inscritos/as, e aos que figuren como anotados/as na sección ou subsección correspondente ao tipo de vivendas ás cales se pretende optar.

AXUDAS DESTINADAS A CONCELLOS

Fondo de cooperación para a rehabilitación

Os concellos de menos de 50.000 habitantes poderán acceder a préstamos sen xuros destinados a adquisición e/ou rehabilitación, incluíndo obras sobre edificios en mal estado nos que os seus propietarios non atenden as correspondentes ordes municipais. O fondo está dotado con 10 millóns de euros.

Rehabilitación de vivendas de titularidade municipal para aluguer social

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar as antigas vivendas de mestres, as doutros oficios e as demais edificacións da súa titularidade e as adxudiquen, en réxime de alugamento, conforme o procedemento establecido no Programa de vivendas baleiras ou norma que o substitúa, a unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.

A contía máxima da axuda será do 90% do orzamento das obras, cun máximo de 40.000€ por vivenda rehabilitada e 50.000€ se está situada no ámbito do Camiño de Santiago e na Area Rexurbe.

Dende o Concello de Mondoñedo estanse levando a cabo e tramitando estas axudas para recuperar as antigas escolas de mestres de varias parroquias do Concello. Xa se rehabilitaron as escolas de Lindín e a de Sasdonigas e está solicitada a de Santa María Maior nesta última convocatoria do 2020.

Infravivenda

Axudas a concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes, dirixidas á rehabilitación de vivendas sen condicións mínimas de habitabilidade propiedade de particulares ou do propio municipio.

A contía máxima desta axuda é o 95% do investimento, cun límite máximo de 15.000 €.

O obxectivo principal e que poidan prestar axuda con carácter de urxencia as unidades de convivencia que residan, en condicións de propietarias, nunha infravivenda e non dispoñan de recursos económicos para acometer obras que permitan ter as condicións mínimas de habitabilidade. Por outra parte, estas subvenciones permitiranlles os Concellos rehabilitar infraviviendas do seu patrimonio municipal para destinalas a solucionar os problemas de residencia de unidades de convivencia que cumpran os requisitos fixados nas bases reguladoras.

OUTROS PLANS DE AXUDAS NON PREVISTOS PARA VIVENDA

Detalles das axudas:

AXUDAS DO INEGA. Instituto enerxético de Galicia

Subvencións para proxectos de enerxías renovables, uso térmico destinadas a particulares. Ano 2020

Estas axudas tramítanse mediante as empresas instaladoras que deberán de estar adheridas

Beneficiarios:

- Persoas físicas propietarias de calquera dereito sobre un inmoble residencial.
- Comunidades o Mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade.

A inversión elixible máxima por potencia unitaria (sen IVE) estará limitada pola características do sistema de conformidade ó disposto no artigo 5 das bases da convocatoria.

A intensidade máxima da axuda será do 50%, agás os proxectos de aerotermia cuxa axuda será do 35%.

A contía máxima da axuda por proxecto será de 60.000 €.

Subvención para proxectos de enerxía solar fotovoltaica destinadas a particulares. . Ano 2020

O INEGA establece este sistema de subvencións co obxectivo de fomentar a utilización de fontes de enerxía renovables. Máis concretamente, preténdese fomentar a utilización da enerxía fotovoltaica, o que implica toda unha serie de vantaxes tanto sociais coma ambientais, económicas e enerxéticas.que favorece, dentro do campo enerxético, a redución de emisións de CO2, o abastecemento e a seguridade da subministración a prezos competitivos.

Actuacións subvencionables:

Os paneis solares fotovoltaicos; o acondicionamento da enerxía eléctrica (inversores, convertedores, reguladores, cadros eléctricos, elementos de

interconexión, proteccións, cableame, equipamentos de medidas, etc.), monitorización (sensores, adquisición de datos, comunicación remota, etc.) e sistema de acumulación con baterías; o resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema e o custo de montaxe e conexión, a dirección de obra

Beneficiarios:

Persoas físicas propietarias, Comunidades ou Mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial situadas na Comunidade Autónoma de Galicia e Agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade.

A contía da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación. A contía máxima por proxecto será de 25.000 €. Adicionalmente, na procura de instalacións de potencia racionais, establécese unha axuda máxima por vivenda de 4.000 €. No caso de que o proxecto solicitado inclúa baterías de litio de potencia igual ou superior a 4 kWh incrementarase en 1.500 €.

Subvención para proxectos de Biomasa destinadas a particulares e selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións. Ano 2020

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e o fomento do uso das enerxías renovables.

Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible, en concreto, os proxectos de biomasa do grupo B2 (caldeiras con sistemas de alimentación automática e volume de acumulación de combustible V ≥ 250 litros e V < 1.000 litros) e grupo B3 (caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible V ≥ 1.000 litros) que se desenvolvan en parroquias definidas como rurais ou intermedias, para os efectos da aplicación do Feader (clasificación ZPP ou ZIP do grao de urbanización da parroquia segundo o GU 2016).

Actuacións subvencionables:

O custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas); Resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento de sistema; O custo do sistema de almacenamento do combustible; O custo do sistema de alimentación do

combustible.; O custo da montaxe e conexión; IVE, cando non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre o IVE

Beneficiarios:

Persoas físicas propietarias, Comunidades ou Mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial situadas na Comunidade Autónoma de Galicia e Agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade.

A inversión elixible máxima por potencia unitaria (sen IVE) estará limitada polas características do sistema de conformidade ao disposto nas bases da convocatoria. (Doga 23.01.2020)

- A intensidade máxima da axuda será do 50%.

- A contía máxima da axuda por proxecto será de 60.000 €.

Axudas para a renovación de cubertas e fachadas con lousa.

Estas axudas a renovación de fachadas e cubertas con lousa para alcanzar melloras significativas na demanda enerxética dos edificios cos conseguintes aforros en termos económicos.

Actuacións e gastos subvencionables.

A actuación subvencionable será a renovación de fachadas e cubertas existentes de vivendas unifamiliares ou edificios de vivenda colectiva, xunto coas súas instalacións anexas, de ser o caso, por unha fachada ou cuberta de lousa. deberán cumprir ou mellorar as exixencias mínimas que fixa o Código técnico da edificación no documento «DB HE-1 Limitación da demanda enerxética.

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, as persoas físicas ou as comunidades de propietarios.

As contía da axuda será de 70 € por m2de fachada ou cuberta. A contía da subvención será do 40 % dos custo total subvencionable.

Subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renove de fiestras, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión

A presente orde ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión de axudas por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria destinadas á

rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís, co fin de acadar melloras significativas na demanda enerxética do edificio e os conseguintes aforros en termos económicos.

Será subvencionable a renovación de fiestras que formen parte da envolvente térmica do edificio pola compra de novas fiestras que cumpran coas seguintes especificacións técnicas. A renovación consistirá na substitución dunha fiestra existente por outra de igual ou inferior tamaño. Será subvencionable a colocación dunha nova fiestra paralela á existente (dobre fiestra), sempre e cando esta nova fiestra satisfaga os requisitos enerxéticos citados.
Tamén será subvencionable a renovación de portas que separen estadías calefactadas do exterior, sempre e cando cumpran coas especificacións técnicas deste artigo e teñan marco por todo o perímetro.

Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas propietarias ou titulares de calquera dereito sobre vivendas de uso residencial e comunidades ou mancomunidades de veciños

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 100 €/m2 de oco, cuns límites de 3.000€ por vivenda unifamiliar/piso ou edificios de vivendas. Para o caso de comunidades de propietarios, a axuda máxima será de 3.000€ por vivenda unifamiliar/piso, co máximo de 50.000€ por edificio.

En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do custo total da obra.

Estas axudas tamén teñen que ser tramitadas mediante as empresas instaladoras que teñen que estar adheridas o plan.

LIÑAS DE AXUDA /SUBVENCIÓNS PARA EMPRENDEDORES/AS E EMPRESARIOS/AS

Detalles das subvencións descritas no proxecto para emprendedores e empresas:

PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.

Obxecto

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de axudas do Programa do bono das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR341Q), e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas do Programa do bono das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Subvención do bono das persoas autónomas

1. Poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial ou profesional das persoas beneficiarias desta orde, mediante pagamento anticipado, unha subvención dun 80 % da actividade a subvencionar cun límite máximo de 3.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables, sendo o resto do gasto por conta da persoa beneficiaria.

2. Esta axuda terá dúas liñas de actuación:

Liña 1 mellora da competitividade a través dos seguintes servizos:

- Investigación de mercado.
- Plan de márketing
- Plan de comunicación do negocio.
- Plan estratéxico do negocio.
- Plan crecemento: constitución sociedade.
- Plan de reorientación do negocio.
- Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio.
- Plan de refinanciamento.

Tamén se poderán subvencionar outros estudos e planes que teñan como fin aumentar a competitividade da empresa.

Así mesmo, poderá ser computable como gasto subvencionable o pagamento do importe do cofinanciamento privado dos servizos contratados co Igape a través do programa Re-Acciona na súa convocatoria para o exercicio de 2020 e sucesivas por parte das persoas traballadoras autónomas.

Liña 2 mellora da competitividade a través dos seguintes investimentos:

- Compra de Maquinaria.
- Compra de utillaxe e ferramentas.
- Reforma do local do negocio.
- Equipos informáticos.
- Rótulos.
- Aplicacións informáticas e páxinas web.
- Creación logotipo do negocio.
- Mobiliario.

Na solicitude de axudas, as liñas 1 e 2 non son excluíntes nin entre elas nin entre os distintos servizos e investimentos que as configuran. No caso de solicitar axudas da liña 1 e da liña 2, atenderase en primeiro lugar a liña 1 e despois a liña 2 co límite máximo de 3.000 € de axuda polo conxunto de actividades subvencionables.

No caso de reforma do local do negocio exclúese da axuda o domicilio habitual da persoa traballadora autónoma excepto no caso en que quede acreditado que é imprescindible para o desenvolvemento da actividade do negocio.

3. A través desta axuda serán subvencionables os gastos realizados desde o día seguinte ao da publicación desta orde e durante o período subvencionable, efectivamente xustificados, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2020.

Non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, como é o caso do IVE, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, segundo dispón o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4 Os investimentos deben ser contratados con provedores que se adiquen a actividade obxecto da subvención.

A quen vai dirixido?

Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde:

1. As persoas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade de colexio profesional, que teñan domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha antigüidade na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por un prazo superior a 42 meses e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual

inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na declaración referida ao ano 2018.

2. As sociedades de calquera clase e comunidades de bens con domicilio fiscal en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por un prazo superior a 42 meses.

b) A empresa teña unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído na declaración referida ao ano 2018

c) A empresa teña unha base impoñible no imposto de sociedades da declaración referida ao ano 2018 realizada inferior a 30.000 euros (segundo a casilla 552 do imposto do sociedades). No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas este importe de 30.000 euros refirirase ao rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declaradas no IRPF da suma de todos os membros da sociedade ou comunidade de bens.

Requisitos

Quedan excluídos desta orde:

a) Os familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea conforme o establecido no artigo 1.3.e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

b) As persoas que cobrasen a axuda do bono das persoas autónomas (procedemento TR341Q) nalgunha das anteriores convocatorias.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: TR341Q.

PROGRAMA DO BONO NOVA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.

Obxecto

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas do Programa do bono nova oportunidade das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia na súa convocatoria para o ano 2020.

Axudas

As axudas consistirán en:

a) Bono apoio: concederase unha axuda de 6.000 € ás persoas que estiveran inscritas como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego antes da data de solicitude ou da data de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional para persoas que se deron de alta antes da entrada en vigor da orde.

b) Bono formación: a persoa beneficiaria recibirá unha axuda de ata 6.000 € para realizar un mínimo de 70 horas de formación nas seguintes materias: formación xerencial, xestión comercial ou financeira, marketing dixital ou sobre materias que teñan relación directa co negocio a emprender e así se xustifique. Esta formación poderá ser impartida por entidades públicas ou privadas e deberá estar finalizada no prazo comprendido de tres meses antes da alta ata o 31 de outubro de 2020.

O gasto orixinado deberase producir no período subvencionable, que será desde 3 meses antes da alta ata o 31 de outubro de 2020 e deberá ser efectivamente xustificado, mediante certificado de asistencia e as facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos, como é o caso do IVE, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, segundo dispón o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A axuda máxima total será de 12.000 €.

A quen vai dirixido?

Serán persoas beneficiarias das axudas deste programa as persoas que se dean de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional no período do 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de setembro de 2020 e cesaran con anterioridade na súa actividade causando baixa na seguridade social ou na

mutualidade correspondente e no imposto de actividades económicas (IAE) por causas económicas e que cumpran os seguintes requisitos na data da solicitude ou data de inicio de actividade segundo o modelo 036 ou 037 para as persoas que xa se deran de alta antes da solicitude.

Requisitos

a) Que o cese da actividade se producira con seis meses de antelación polo menos.

b) Que teña cotizado anteriormente a esta nova alta ininterrompidamente polo menos durante 6 meses durante a súa vida laboral no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

c) Estar inscrito como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego. Carecer de ocupación efectiva e non ter contrato laboral en vigor segundo informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e atoparse en tal situación na data de inicio da actividade laboral.

d) Darse de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de setembro de 2020.

e) Realizar unha formación de mínimo 70 horas sobre formación xerencial, xestión comercial ou financeira, marketing dixital ou sobre materias que teñan relación directa co negocio a emprender e así se xustifique, que estea finalizada no prazo de 3 meses antes da alta e ata o 31 de outubro de 2020.

f) Que as persoas desempregadas teñan o domicilio fiscal en algún concello de Galicia e desenvolvan a súa nova actividade económica ou profesional en Galicia.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: TR341T.

PROGRAMA DO BONO RENOVA NOS NEGOCIOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS.

Obxecto

1. Estas bases reguladoras teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas do programa do bono renova nos negocios das persoas traballadoras autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de setembro de 2020.

2. A finalidade deste programa é a concesión de axudas económicas para a realización dunha remuda xeracional ordenada nos negocios das persoas traballadoras autónomas.

A quen vai dirixido?

1. Serán persoas beneficiarias destas axudas a persoa traballadora autónoma que vai transmitir o seu negocio por cese, e que no momento da transmisión estea nalgunha das seguintes situacións no momento da transmisión do negocio:

a) Que teñan 60 anos ou máis.

b) Pola declaración de incapacidade total ou absoluta (incluíndo grande invalidez) recoñecida polos órganos competentes da seguridade social.

c) As persoas herdeiras no caso de falecemento da persoa traballadora autónoma titular do negocio.

No caso das persoas traballadoras autónomas societarias para ser persoas beneficiarias desta axuda a transmisión das accións ou participacións da sociedade debe supoñer o control da sociedade por parte do adquirente, é dicir, posuír máis do cincuenta por cento das accións ou participacións da sociedade.

No caso de transmisión do negocio por ter a persoa traballadora autónoma 60 anos ou máis, debe levar máis de 24 meses de alta no no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA).

2. Tamén será beneficiaria da axuda a persoa que adquira o negocio e que estea dada de alta no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA) tras a súa adquisición.

Exclusións

Estarán excluídas as transmisións realizadas entre os cónxuxes.

Exclúense dos beneficios do programa establecido nesta orde as persoas ou entidades nas que concorran os motivos de exclusión previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Requisitos

Requisitos e obrigas das persoas beneficiarias:

1. A persoa adquirente e a transmitinte teñen a obriga de estar inscritos separada ou conxuntamente no Programa de remuda xeracional na oficina do autónomo.

2. A persoa adquirente debe estar dada de alta no RETA no mes seguinte á transmisión do negocio, mantendo a alta no RETA e na actividade do negocio que se adquire durante un período mínimo de 2 anos.

3. A persoa ou entidade beneficiaria deberá manter no seu cadro de persoal á persoa traballadora contratada por un período mínimo de 2 anos desde a data da transmisión do negocio, mantendo como mínimo a xornada pola que se concedeu a subvención.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a persoa ou entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación, polo menos cunha xornada de traballo igual ou superior á de persoa substituída . Para cubrir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación debe serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda xunto cun novo anexo -- referido á nova contratación e non dará lugar en ningún caso a unha nova subvención. A suma do tempo contratada da persoa traballadora e da substituta debe ser como mínimo igual aos dous anos

4. Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como, coa Seguridade Social.

5. Realizar a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. A persoa beneficiaria estará obrigada a comunicar, de xeito inmediato, calquera variación ou extinción das condicións que lle deron dereito a percibir estas axudas.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: TR341S.

PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO A TRAVÉS DO PROGRAMA I, DE AXUDAS Á PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO, COFINANCIADO PARCIALMENTE CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIAPARA O ANO 2020.

Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras do Programa de promoción do emprego autónomo e proceder á súa convocatoria para o ano 2020.

2. A finalidade deste programa é a concesión dunha axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral.

3. Ao abeiro desta orde subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen desde o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de setembro de 2020, ambos inclusive.

A quen vai dirixido?

Serán beneficiarias aquelas persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións, ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 14 de esta orde, as seguintes:

a) Manter a alta no RETA ou mutualidade durante un tempo mínimo de dous anos se se concede a subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente.

b) Presentar os indicadores de resultado inmediatos a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013 modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046, a través da aplicación Participa 1420 ou segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, referidos ao momento do cumprimento dos prazos de mantemento da condición de persoa traballadora a que se refire a alínea a) deste artigo. A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalicen os citados

períodos de mantemento da actividade laboral, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

c) Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

d) Manter unha pista de auditoría suficiente, manter de forma separada na contabilidade o ingreso da axuda percibida e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O comenzo dese prazo será oportunamente comunicado pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

e) Cumprir coas medidas de comunicación e información establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do 17 de decembro de 2013 modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046. En particular, as acción de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

f) Informar a persoa beneficiaria, no caso de ser unha entidade xurídica, de que a aceptación da axuda comunitaria do Fondo Social Europeo implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das persoas beneficiarias, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación, así como a outra información prevista no anexo XII, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 en relación co artigo 115.2 do Regulamento (UE) 1303/2013.

g) As persoas físicas beneficiarias de calquera axuda deste programa deberán manter durante o período dun ano a forma xurídica elixida pola que se lles concederon as subvencións.

Requisitos

a) Estar inscrito como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego, carecendo de ocupación efectiva segundo informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e atoparse en tal situación na data de inicio da actividade laboral.

b) Ter iniciada a actividade segundo definición do artigo 5.2 con anterioridade á presentación da solicitude da subvención.

c) Que desenvolvan fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia (segundo a alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, modelo 036 ou 037).

d) Que non percibisen subvencións ao abeiro dos distintos programas de emprego autónomo nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Este prazo computarase desde a data de notificación da resolución de concesión da anterior subvención.

e) Que non desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará cando a actividade desenvolvida fose realizada por persoas autónomas colaboradoras.

2. As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas deste programa, cando formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a entidade deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.

3. Quedan excluídas deste programa as persoas socias de sociedades mercantís, sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

4. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde as persoas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.

d) Estar incursa a persoa física, as persoas administradoras das sociedades mercantís ou aquelas que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non se dite resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

5. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as persoas solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

6. A xustificación por parte das persoas solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 4 e 5 anteriores para obter a condición de persoa beneficiaria realizarase mediante declaración responsable, a excepción do recollido no punto 4.e), que se xustificará de conformidade co disposto no artigo 23.1.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: TR341D.

PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO A TRAVÉS DO PROGRAMA II, DE AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020.

Obxecto

1. Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2020 dos incentivos á contratación indefinida inicial e á formación de persoas desempregadas realizadas por persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

2. Por medio destes bonos as empresas que soliciten a subvención terán a posibilidade de obter axudas para a contratación indefinida inicial e para a formación (código de procedemento TR349F). Inclúense dous tipos de axuda compatibles:

a) Bono de contratación, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizadas por persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

b) Bono de formación (opcional) dirixido ás persoas contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

A quen vai dirixido?

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola primeira contratación que realicen con carácter indefinido durante o seu primeiro ano de actividade.

2. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

3. Non poderán ser beneficiarias as persoas que desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova situación de alta na Seguridade

Social. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE).

4. Non poderán ser beneficiarias nin as sociedades civís nin as comunidades de bens, así como as persoas socias ou comuneiras que as integran nin os autónomos colaboradores.

5. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde as persoas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.

d) Estar incursa a persoa física, as persoas administradoras das sociedades mercantís ou aquelas que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non se dite resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

6. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as persoas solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

7. A xustificación por parte das persoas solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 5 e 6 anteriores para obter a condición de persoa beneficiaria realizarase mediante declaración responsable, a excepción do recollido no punto 5.e) que se xustificará de conformidade co disposto no artigo 41.

Requisitos

Bono de incentivos á contratación de persoas desempregadas

1. Os incentivos previstos nesta orde serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais que realicen as persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con persoas traballadoras desempregadas para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A primeira contratación indefinida inicial pola que se solicite subvención deberá formalizarse durante o primeiro ano de actividade. A segunda e terceira contratación indefinida poderán formalizarse ata o terceiro ano de actividade.

3. Será subvencionable a primeira contratación indefinida inicial cando na data en que se formalice o contrato polo que se solicita a subvención non houbese outra persoa traballadora contratada cunha relación laboral indefinida nin se contratase con carácter indefinido, con anterioridade, outra persoa traballadora agás que este contrato indefinido se extinguise por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez da persoa traballadora, ou por resolución durante o período de proba.

4. Serán subvencionables a segunda e a terceira contratación indefinida inicial sempre que con anterioridade á formalización destes contratos non se realizasen dúas o máis contratacións indefinidas agás que estes contratos indefinidos anteriores se extinguisen por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta

ou grande invalidez da persoa traballadora, ou por resolución durante o período de proba.

5. O contrato indefinido inicial para que poida ser obxecto de subvención deberá formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Bono de incentivos á formación

1. As persoas autónomas que así o soliciten poderán ser beneficiarias dun bono para a formación das persoas traballadoras subvencionadas por medio do programa de bono de contratación previsto nesta orde. Para isto teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) A persoa traballadora que recibe a formación e titorización ten que ser a mesma que participa no programa de bonos de contratación e, polo tanto, cumprir os mesmos requisitos que se establecen para participar na sección 2º desta convocatoria.

b) En canto a duración da acción formativa será dun mínimo de 70 horas de formación teórica en contidos relacionados co posto de traballo ás que asista integramente a persoa traballadora que participa neste programa.

c) Exclúese deste tipo de axuda a formación nas modalidades de teleformación e a distancia.

d) A acción formativa terá lugar dentro dos tres primeiros meses desde o inicio do contrato e deberá estar finalizada o 30 de novembro de 2020.

e) Para as contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e a data de publicación desta orde a acción formativa levarase a cabo no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

2. Queda excluída deste bono de formación aquela que supoña o cumprimento de obrigas legais empresariais en materia preventiva a que fai referencia o artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: TR349F.

FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO A TRAVÉS DO PROGRAMA I, PARA AS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020.

Obxecto

1. Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2020 do Programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación.

2. A finalidade deste programa é xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre as mulleres, as persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego.

O programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación inclúe os seguintes tipos de axudas:

a) Subvención á xeración de emprego estable.

b) Subvención para formación.

c) Subvención para o inicio da actividade.

d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

A quen vai dirixido?

1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas neste programa as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

a) Que sexan empresas de nova creación.

b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.

c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.

d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica.

f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.

g) Que, como mínimo, o 50 % do seu capital social sexa de titularidade das persoas promotoras e que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

2. Ademais, tamén poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas privadas que obtivesen a cualificación como iniciativa local de emprego (ILE).

Estas empresas, cualificadas previamente como ILE, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos autónomos ou autónomas e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, deben estar constituídas e ter iniciado a súa actividade no prazo máximo dun ano desde a notificación da resolución de cualificación ou, de ser o caso, no prazo que se estableza na resolución de cualificación, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

A actividade desenvolta pola empresa debe coincidir coa do proxecto previamente cualificado como iniciativa local de emprego.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

3. Poderán ser beneficiarias as persoas promotoras para a axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: TR807I.

FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO A TRAVÉS DO PROGRAMA II, DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020.

Obxecto

1. Coa finalidade de impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2020 dos incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

2. As axudas destínanse a sufragar as accións, gastos e pagamentos establecidos en cada modalidade, que se produzan e realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, dentro do período dun ano desde o inicio da actividade da empresa, coas particularidades que se establezan neste programa para cada modalidade.

As empresas cualificadas como IEBT poderán solicitar as seguintes modalidades de axudas:

a) Subvención á creación directa de emprego estable.

b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.

c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

A quen vai dirixido?

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as empresas privadas, incluídas as persoas autónomas, con domicilio social, fiscal e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT sempre que a maioría da titularidade da empresa corresponda ás persoas físicas promotoras do proxecto empresarial cualificado como IEBT e se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

Requisitos

1. Para poder acceder ás distintas liñas de axudas desta orde deberase crear emprego estable para persoas desempregadas.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, agás que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa de que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.

d) Estar incursa a persoa física, as persoas administradoras das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: TR340E.

AXUDAS AOS PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL.

Finalidade / Obxectivo

Estimular a posta en marcha de proxectos de investimento empresarial en Galicia, coa finalidade principal de dinamizar a actividade económica na Comunidade Autónoma e potenciar o mantemento e creación de emprego, a través do desenvolvemento e mellora das empresas existentes, así como coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Tipos de apoio

Subvención a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva.

Beneficiarios potenciais

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes), calquera que sexa a súa forma xurídica, polo que tamén poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.
   Ademais deberán cumprir os seguintes requisitos:
   a. Que proxecten levar a cabo un investimento nun centro de traballo localizado na Comunidade Autónoma de Galicia para desenvolver algunha das actividades subvencionables que se sinalan nestas bases.
   b. Que acheguen para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% dos custos subvencionables, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.
2. Non poderán ter a condición de beneficiarias:
   a. As empresas que propoñan un proxecto para unha actividade pertencente a un sector excluído segundo o disposto no artigo 5.1. das presentes bases.
   b. As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.
   c. As empresas en crise.
   d. As empresas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, ou incumpran as obrigas do artigo 11 da citada Lei.

Sectores incentivables

1. Serán subvencionables os investimentos realizados para o desenvolvemento de actividades relacionadas no anexo II destas bases, excluíndose as seguintes:
   a) As empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura.
   b) As actividades de produción e comercialización dos produtos agrícolas enumerados no anexo I do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e as actividades de transformación de produtos agrícolas enumerados no anexo I do Tratado de Funcionamento da Unión Europea en produtos agrícolas enumerados no dito anexo I.
   c) As actividades do sector do aceiro, do sector do carbón, do sector da construción naval, do sector das fibras sintéticas, do sector do transporte, así como as infraestruturas conexas e a produción e distribución de enerxía e as infraestruturas enerxéticas.
2. Serán subvencionables, así mesmo, os proxectos de carácter innovador levados a cabo por pemes que desenvolvan calquera actividade, excepto as relacionadas nas letras a), b) e c) do apartado 1 do presente artigo. A estes efectos, para que a actividade poida considerarse subvencionable, será preceptivo o informe da Axencia Galega de Innovación (Gain) que acredite o carácter innovador do proxecto.

Requisitos principais do proxecto

1. Estas axudas teñen como obxecto subvencionar aqueles proxectos de investimento en activos fixos vinculados a algunha das seguintes tipoloxías:

1.1. Creación dun novo establecemento.

1.2. Ampliación de capacidade dun establecemento existente.

1.3. Diversificación da produción dun establecemento existente en produtos que anteriormente non se producían no mesmo.

1.4. Transformación fundamental do proceso global de produción dun establecemento existente. Estes proxectos suporán a implementación dunha innovación no proceso global de produción que impliquen o uso por primeira vez de métodos de organización que inclúan melloras nas rutinas e procedementos de xestión do traballo, dos sistemas de produción ou a integración de áreas funcionais da empresa.

1.5. No sector da hostaleira só serán subvencionables os seguintes proxectos de investimento:

- A creación de novos establecementos hoteleiros coas seguintes categorías mínimas: hoteis de catro estrelas, cando os novos establecementos estean ubicados nos termos municipais de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago ou Ferrol, ou hoteis de tres estrelas no resto de localizacións.

- En establecementos hoteleiros xa existentes, os investimentos necesarios para incrementar a categoría preexistente, sempre que a categoría acadada co investimento sexa igual ou superior ás indicadas no parágrafo anterior para as zonas xeográficas indicadas.

2. Dimensión do proxecto de investimento:

O investimento subvencionable deberá ser igual ou superior a 50.000 euros e non superior a 2.000.000 euros, excluíndo impostos, taxas e arbitrios.

No caso dos proxectos do apartado 1.3. anterior, o investimento subvencionable deberá, ademais, superar o 200% do valor neto contable dos activos que se reutilizan, de acordo cos rexistros do balance de situación ao fin do exercicio económico anterior ao comezo do proxecto.

Contía das axudas

A contía da axuda será o resultado de multiplicar a porcentaxe de subvención aprobada polo importe do investimento subvencionable.

En todo caso, a intensidade máxima de axuda será de 30 puntos porcentuais no caso das pequenas empresas e de 20 puntos porcentuais no caso das medianas empresas.

A porcentaxe de subvención aprobada será a suma das porcentaxes obtidas na baremación dos seguintes criterios:

1. Tamaño da empresa:
   - 24 % no caso de pequenas empresas
   - 15 % no caso de medianas empresas.
2. Mantemento do emprego na Comunidade Autónoma de Galicia: determinarase en base á cifra de traballadores con contrato indefinido na data de presentación de solicitude da axuda (estrutura fixa de persoal da empresa).
   Concederanse 3%, con carácter xeral, por mantemento de emprego
3. Creación de emprego estable na Comunidade Autónoma de Galicia: determinarase en base ao compromiso de creación neta de postos de traballo con carácter indefinido durante o prazo de execución do proxecto.:
   - Microempresas: 2 % pola creación de cada posto de traballo (3 % no caso de persoas discapacitadas) cun máximo de 3 %

- Resto de pequenas empresas: 1 % pola creación de cada posto de traballo (2 % no caso de persoas discapacitadas) cun máximo de 3 %

- Medianas empresas: 0,5 % pola creación de cada posto de traballo (1 % no caso de persoas discapacitadas), cun máximo de 2 %.

- Considerararanse persoas discapacitadas as que acrediten un grado de discapacidade igual ou superior ao 33% recoñecida polo órgano competente.

- No caso de novos establecementos nos que non exista emprego que manter e, por tanto, a puntuación do criterio 2 anterior sería igual a cero, os límites máximos de puntuación no presente criterio de creación de emprego serán de 6 % no caso das pequenas empresas e 5 % no caso das medianas empresas.

- Os proxectos de carácter innovador, acreditado mediante o informe da Axencia Galega de Innovación (Gain) ao que se fai referencia no apartado 4. do artigo 5 destas bases, obterán a puntuación máxima deste criterio con independencia de se crean ou non emprego.

- Aos efectos de mantemento e creación de emprego, computarase como 1 posto de traballo os derivados de contratos a tempo completo. No caso de contratos a tempo parcial, computarase a equivalencia correspondente da xornada efectiva respecto á xornada completa.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na base de axudas do IGAPE, indicando o código: IG253.

MARCO DE APOIO AO ACCESO AO CRÉDITO DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS (FINANCIAMENTO IGAPE-PEMES).

Obxecto

Estas bases regulan as condicións e o procedemento de tramitación do Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-Pemes), que se desagrega nas liñas de financiamento específicas detalladas no anexo I.

A quen vai dirixido?

1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nestas bases as pequenas e medianas empresas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Teñan o seu domicilio fiscal e desenvolvan a súa actividade económica en Galicia.

b) Cumpran os requisitos e condicións establecidos para a correspondente liña de financiamento, que se detallan no anexo I.

2. Tamén poderán acceder á condición de beneficiario as persoas físicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, as sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos do anterior número 1.

Neste caso deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos previsto no artigo 35 e 63 da Lei 9/2007.

Neste caso, a operación financeira deberá estar formalizada a nome da entidade, e deberá ser asinada por cada un dos seus membros. No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, logo de autorización

dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

3. Considéranse atendibles todas as actividades, salvo as que expresamente se exclúan, se é o caso, para cada liña de financiamento conforme ao recollido no anexo I. En todo caso, exclúense as que de seguido se relacionan:

a) A fabricación de armamento, armas e municións, as instalacións ou infraestruturas militares ou policiais e o material ou infraestruturas destinados a limitar os dereitos individuais ou a liberdade das persoas (cárceres e centros de detención de todo tipo).

b) Os xogos de azar coas instalacións conexas.

c) A produción, transformación ou distribución de tabaco.

d) As actividades que implican a utilización de animais vivos con fins experimentais ou científicos.

e) As actividades cuxo impacto sobre o ambiente só pode ser atenuado ou compensado en moi escasa medida.

f) As actividades que poidan ser controvertidas por razóns de orde moral ou ética.

g) As actividades cuxo único propósito sexa a promoción inmobiliaria.

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda de minimis e cumprirán co establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352 do 24 de decembro), no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño) e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), modificado polo Regulamento (UE) nº 2019/316 da Comisión, do 21 de febreiro de 2019 (DOUE L 51, do 22 de febreiro).

4. Non poderán ter a condición de beneficiarias:

a) As empresas suxeitas a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.

b) As empresas en crise. Para estes efectos, terase en conta a definición de empresa en crise establecida nas Directrices sobre axudas estatais de salvamento e

reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación Comisión 2014/C 249/01) ou normativa que a substitúa.

c) As entidades nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: IG535A.

GALICIA RURAL EMPRENDE - CREACIÓN DE EMPRESAS PARA ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS EN ZONAS RURAIS.

Finalidade / Obxectivo

Serán subvencionables os proxectos dirixidos á creación de emprego nas zonas rurais mediante axudas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias viables, que deben contribuír á diversificación económica, crecemento de emprego, sostenibilidade do medio rural e equilibrio territorial, tanto en termos económicos como sociais.

A definición das zonas rurais realízase por eliminación daquelas zonas consideradas densamente poboadas (urbanas) nun territorio. No caso de Galicia, só teñen esa consideración os 7 concellos dos núcleos de poboación máis grandes da comunidade autónoma (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela). Considéranse tamén non admisibles, aquelas parroquias que están en concellos non urbanos pero si teñen parroquias que teñen esta característica (Zona densamente poboada). No Anexo VIII inclúese a relación de parroquias non admisibles aos efectos das presentes bases.

Tipos de apoio

Subvención a fondo perdido en réxime de concorrencia competitiva e amparada no réxime de mínimos. A axuda terá carácter de pago a tanto alzado.

Beneficiarios potenciais

a) Os titulares ou membros dunha unidade familiar dunha explotación agraria que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación.
A explotación agraria deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) e ter a cualificación de explotación agraria prioritaria no momento da solicitude da axuda.

b) As microempresas e pequenas empresas de nova creación ou que inicien unha actividade distinta á que tiña no momento da solicitude da axuda.

c) As persoas físicas que residan nunha zona rural e que creen unha nova empresa ou que inicien unha actividade distinta á que tiña no momento da solicitude da axuda.

Para estes efectos considerarase zona rural o territorio elixible segundo o previsto no artigo 1.1. destas bases reguladoras.

2. Non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia, así como as persoas xurídicas que non teñan ánimo de lucro, aínda que realicen actividade económica. Para o caso das sociedades civís, poderán ser beneficiarias aquelas que acrediten constitución en escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil.

Non se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise.

Tampouco poderán ser beneficiarias das axudas as empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia dunha decisión previa da Comisión Europea que as declare ilegais e incompatibles co mercado común.

Non poderán ser beneficiarias as empresas que operan no sector da pesca e da acuicultura.

Non poderán ter a condición de beneficiarios as sociedades nas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia ou incumpran as obrigas do artigo 11 da citada lei de subvencións.

Non poderán ser beneficiarias as persoas físicas non empadroadas no medio rural, condición que se verificará no momento da solicitude e que debe cumprirse ata o fin do prazo de execución do proxecto fixado na resolución de concesión.

Non poderán ser beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias deste mesmo programa en convocatorias anteriores. Igualmente non poderán ser beneficiarias empresas nas que algún dos seus socios fose participe doutra empresa xa beneficiaria deste programa.

Sectores incentivables

Con carácter xeral serán subvencionables as seguintes actividades:

a) Obradoiros e fábricas destinados á produción de bens e materiais. Non obstante o anterior, os investimentos relacionados coa utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía limitaranse ás operacións de segunda transformación.

b) Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE).

c) Prestación de servizos en calquera sector económico (agricultura, silvicultura, sector industrial e de servizos...)

d) Prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas-escola...).

e) Actividades de lecer, recreativas e deportivas.

f) Artesanía e actividades artesanais.

g) Actividades baseadas nas novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs), innovación tecnolóxica e comercio electrónico.

h) Actividades nos sectores da enxeñería, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial, contabilidade, veterinaria.

i) Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do TFUE.

j) No sector da restauración turística, exclusivamente a creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, muíños, patrimonio industrial, pallozas, faros…) e que vaian ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional ou que con ese substrato propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.

Para estes efectos, entenderase que existe unha nova actividade cando non coincida coa actividade preexistente a nivel de tres díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE), e os gastos e/ou investimentos derivados da súa posta en marcha estean claramente vinculados á nova actividade.

Non se considera que existe nova actividade se a persoa física ou calquera dos socios dunha peme desenvolvese a mesma actividade por conta propia nos 12 meses anteriores á data da solicitude de axuda.

Requisitos principais do proxecto

Os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Non ter comezado antes da presentación da solicitude de axuda.

b) Os gastos e/ou investimentos incluídos no plan de negocio que deberá presentar o solicitante terán que estar localizados no centro de traballo da empresa en Galicia.

c) Será obrigatoria a creación dun mínimo de 1 emprego, ben sexa por conta propia ou indefinido por conta allea. A creación de emprego considerarase en unidades UTA. Para estes efectos, considérase (UTA) unha unidade de traballo anual, e equivale ao traballo dunha persoa na empresa en cuestión ou por conta da dita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, computarase como fraccións de UTA. No caso de creación de emprego a tempo parcial, acumularanse as fraccións ata acadar a unidade, non computando creacións de emprego por fraccións UTA restantes.

O plan de negocio que amose a viabilidade da iniciativa, axustarase aos contidos definidos no formulario electrónico de solicitude de axuda, debendo referirse exclusivamente a unha única actividade, ao marxe doutras que poida desenvolver o solicitante.

Contía das axudas

1. A axuda consistirá nunha prima cuxa contía básica establécese en 20.000 euros, e que poderá incrementarse ata un máximo de 70.000 euros nas seguintes situacións:

a) De acordo ao seguinte rango de gasto e investimento admisible:

1º De 20.000 a 30.000 euros: incremento sobre a prima básica de 12.500 euros.
2º De 30.001 a 40.000 euros: incremento sobre a prima básica de 17.500 euros.
3º De 40.001 a 60.000 euros: incremento sobre a prima básica de 25.000 euros.
4º De 60.001 a 80.000 euros: incremento sobre a prima básica de 31.500 euros.
5º De 80.001 a 100.000 euros: incremento sobre a prima básica de 40.500 euros.
6º Maior de 100.000 euros: incremento sobre a prima básica de 45.000 euros.

b) Creación de emprego indefinido (mínimo 1 emprego UTA). A creación de emprego debe ser adicional, ademais da man de obra correspondente ao beneficiario da axuda: 20.000 euros.

c) Ubicación nunha zona con limitacións naturais ou outras limitacións específicas contempladas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013, e relacionadas no anexo VII das bases reguladoras: 5.000 euros.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na base de axudas do IGAPE, indicando o código: IG233.

SUBVENCIÓNS PARA A INNOVACIÓN, A DIXITALIZACIÓN E A IMPLANTACIÓN DE NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACIÓN E DE EXPANSIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL.

Obxecto

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións para a innovación, a dixitalización e a implantación de novas fórmulas de comercialización e expansión do sector comercial e artesanal.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1).

3. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

En concreto, consideraranse subvencionables as actuacións previstas no artigo 4, sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de decembro de 2019 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 19, pola incidencia que nos sectores do comercio e da artesanía teñen tanto o período de rebaixas de inverno como a campaña de Nadal, que son para moitos establecementos o momento idóneo para o lanzamento de novas propostas comerciais, en establecementos e a través da canle dixital.

Actuacións subvencionables .

1. Dixitalización comercial:

Para comerciantes retallistas e titulares de obradoiros artesáns.

a) A implantación e actualización de páxinas web comerciais coas seguintes características técnicas:

– Ter o protocolo de transferencia de datos https.

– Estar optimizada para SEO.

– Ter acceso á internet a través dun hosting con acceso do propietario da web ao código e claves da web.

– Estar adaptada a todos os dispositivos móbiles.

– Dispor de fotos de calidade profesional cun peso máximo de 400K e resolución de 72 dpp.

– Dispor de páxina de política de privacidade de acordo coa lexislación vixente, links ás redes sociais da empresa.

– Ter instalado e configurado Google Analytics.

No caso de web con acceso tenda en liña, ademais dos previstos anteriormente para a páxina web, deberá:

– Estar sincronizada co sistema de xestión do establecemento comercial.

– Ter dispoñible para a venda en liña un mínimo do 30 % das referencias de que se dispón na tenda física.

– Ter pasarela de pagamento.

b) Introdución de ferramentas de márketing 4.0: instrumentos de xeolocalización ou big data centrados na conectividade e na predición de padróns de consumo, publicidade en medios dixitais e ferramentas de realidade aumentada, que ofrezan experiencias reais e interactivas ao consumidor, como produtos 3D ou probadores virtuais e chatbots ou instrumentos similares que guíen o cliente no proceso de compra.

c) Pulo á mellora da imaxe dixital: contidos audiovisuais de promoción do produto.

d) Servizos profesionais de xestión de redes sociais (community manager) cun máximo de 11 meses.

e) Implantación de ferramentas de xestión: sistemas integrados para a planificación de recursos empresariais comerciais e software adecuados ás necesidades da empresa.

A porcentaxe de subvención será o 80 %, agás no suposto das letras b), c) e d), que será do 70 %, dos seguintes investimentos máximos subvencionables:

– Para a implantación de páxinas web con venda en liña é de 4.000,00 € (IVE excluído).

– Para a implantación de páxina web é de 1.000,00 € (IVE excluído).

– Para a actualización de páxina web é de 800,00 € (IVE excluído).

Non será compatible a solicitude de actuacións de implantación de páxinas web coas de mellora.

– Para a introdución de ferramentas de márketing 4.0 é de 6.000,00 € (IVE excluído) e establecése o límite para actuacións en publicidade en medios dixitais de 2.000,00 € (IVE excluído).

– Para a mellora de imaxe comercial dixital é de 6.000 € (IVE excluído).

– Para os servizos profesionais de xestión de redes sociais (community manager) é de 9.900,00 € (IVE excluído), a razón de 900,00 € por mes.

– Para a implantación de ferramentas de xestión é de 3.000,00 € (IVE excluído).

O investimento máximo subvencionable para o conxunto das actuacións de dixitalización é de 28.900 euros (IVE excluído).

2. Proxectos de modernización integral do local comercial incluídas nun proxecto de decoración e interiorismo.

Só para comerciantes retallistas.

En concreto, considéranse gastos subvencionables:

a) As obras de reforma e acondicionamento integral da superficie de exposición e venda do local comercial.

b) Adquisición de moblaxe destinado á mellora da imaxe comercial e adquisición de equipamento especializado para a exposición do produto que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de uso exclusivo na superficie de exposición e venda.

c) Actuacións de mellora da fachada exterior do local comercial e instalación de toldos, carteis, letreiros ou similares.

d) Actuacións conxuntas dun mínimo de tres establecementos comerciais contiguos para dotar de homoxeneidade estética a imaxe exterior dos comercios dunha mesma rúa comercial.

e) Os custos polos servizos profesionais de elaboración e redacción do proxecto de interiorismo e decoración.

Para as actuacións previstas nas letras a), b), c) e d), o investimento máximo subvencionable será de 30.000,00 € (IVE excluído) e o investimento mínimo de 8.000,00 € (IVE excluído) por cada establecemento comercial. No caso das actuacións previstas na letra e) o investimento máximo subvencionable será de 2.000,00 € (IVE excluído), por establecemento comercial.

A porcentaxe de subvención será o 50 % do investimento máximo subvencionable agás no suposto das letras d) e e), que será do 70 %.

3. Proxectos de expansión comercial.

Só para comerciantes retallistas.

Para os efectos desta orde, considéranse proxectos de expansión comercial a apertura dun novo establecemento comercial, baseado no desenvolvemento do mesmo proxecto comercial, na especialización ou diversificación de produtos, na especialización de servizos ao cliente ou na especialización de novas tendencias emerxentes de consumo. O proxecto deberá estar incluído nun proxecto de decoración e interiorismo.

O proxecto de expansión comercial deberá incluír un compromiso de contratación de persoal de, polo menos, un/unha traballador/a, por un período mínimo dun ano, no prazo de seis meses contados a partir da data límite de xustificación da subvención prevista no artigo 19.

En concreto, considéranse gastos subvencionables nos proxectos de expansión comercial mediante a apertura dun novo establecemento comercial as actuacións previstas no punto 2, letras a), b), c) e e).

Para as actuacións previstas nas letras a), b), e c), o investimento máximo subvencionable será de 60.000,00 € (IVE excluído) e o investimento mínimo de 8.000,00 € (IVE excluído) por establecemento comercial. No caso das actuacións previstas na letra e), o investimento máximo subvencionable será de 2.000,00 € (IVE excluído) por establecemento comercial.

A porcentaxe de subvención será o 50 % do investimento máximo subvencionable, agás no suposto da letra e), que será do 70 %.

4. Participación ou posta en marcha de proxectos de tendas efémeras ou eventos pop up.

Para comerciantes retallistas e titulares de obradoiros artesáns.

4.1. Para os efectos desta orde, considérase posta en marcha de proxectos de tendas efémeras pop up a apertura, por un prazo máximo de dous (2) meses, dun

espazo comercial que terá por obxecto analizar o novo mercado, sen que en ningún caso supoña a apertura dun outlet ou teña por obxecto o desenvolvemento de actividades de liquidación ou venda de saldos.

En concreto, considéranse gastos subvencionables:

a) O alugamento do local, espazo ou contedor da tenda efémera (máximo dúas mensualidades).

b) O acondicionamento da superficie de exposición e venda.

c) A adquisición ou alugamento de moblaxe ou equipamento especializado para a exposición do produto que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de uso exclusivo na superficie de exposición e venda.

d) O transporte de mercadoría.

e) Publicidade e promoción da tenda efémera pop up.

Para o conxunto destas actuacións, o investimento máximo subvencionable será de 8.000,00 € (IVE excluído).

A porcentaxe de subvención será o 70 % do investimento máximo subvencionable. A subvención máxima polo alugamento do local será de 1.500,00 euros; polo transporte de mercadoría, de 500,00 euros e pola publicidade e promoción, de 1.000 euros.

4.2. Participación en proxectos de tendas efémeras ou eventos pop up.

Considéranse subvencionable, ata un máximo de tres, a participación en proxectos de tendas efémeras pop up, onde o beneficiario non participe na organización e xestión do evento.

Para o conxunto desta actuación, o investimento máximo subvencionable será de 2.100 €, a razón de 700,00 euros de investimento máximo subvencionable por cada proxecto ou evento, ata un máximo de tres.

A porcentaxe de subvención será o 70 % do investimento máximo subvencionable.

En concreto, considéranse gastos subvencionables:

Son gastos subvencionables os que ocasione o alugamento do espazo expositivo que se contrata, os seguros e aqueles servizos de carácter básico e obrigatorios sinalados pola organización do evento.

O importe máximo de subvención, para o conxunto de todas as actuacións subvencionables, non poderá superar os 8.000,00 euros, IVE excluído.

5. Proxectos de posta en marcha de concept stores.

Para comerciantes retallistas e titulares de obradoiros artesáns.

Para os efectos desta orde, considéranse concept stores os establecementos comerciais cunha oferta diversificada de produtos, xeradora de sinerxías, que supoña un valor engadido na oferta e sexa atractiva para a clientela na procura dunha identidade única e diferenciadora. O proxecto deberá estar incluído nun proxecto de decoración e interiorismo.

O concept store poderá unir unha ou varias persoas comerciantes e/ou artesás nun espazo compartido con diferentes propostas innovadoras, xa sexan comerciais, culturais, artísticas, de deseño ou gastronómicas, creando unha experiencia única de compra.

Considéranse gastos subvencionables as actuacións previstas no punto 2, letras a), b), c) e e).

Para as actuacións previstas nas letras a), b) e c), o investimento máximo subvencionable será de 30.000,00 € (IVE excluído) e o investimento mínimo de 8.000,00 € (IVE excluído). No caso das actuación previstas na letra e), o investimento máximo subvencionable será de 2.000,00 € (IVE excluído).

A porcentaxe de subvención será o 70 % do investimento máximo subvencionable.

Non será compatible a solicitude de proxectos de posta en marcha de concept store con actuacións de modernización comercial para o mesmo establecemento comercial.

6. A adquisición de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal:

Para comerciantes retallistas e titulares de obradoiros artesáns.

Considéranse actuacións subvencionables a adquisición, en réxime de propiedade, de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal, que deberán ser, en todo caso, de primeiro uso; en concreto de:

Maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal, así como outra maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal e que melloren o deseño e a calidade do produto final.

Para o conxunto destas actuacións, o investimento máximo subvencionable será de 10.000,00 € (IVE excluído) e a porcentaxe de subvención será o 70 % do investimento máximo subvencionable.

7. Non se consideran gastos subvencionables:

a) As obras ou actuacións en cuartos de baño, oficinas, almacéns e outras dependencias non afectas ao uso da actividade de exposición e venda.

b) Os custos asociados á compra ou alugamento do inmoble comercial, agás no previsto na letra 4.a).

c) Os permisos, licenzas ou cotas de colexios oficiais ou calquera outro tributo ou imposto.

d) A adquisición de moblaxe e artigos de exposición e proba, susceptibles da venda posterior.

e) A instalación de sistemas de alarma, seguridade ou similares.

f) A adquisición de ordenadores, dispositivos móbiles, televisores, reprodutores de son e imaxe e tpv.

g) Os custos de persoal e de subministracións de auga, enerxía, telefonía e internet.

h) Adquisición de maquinaria propia de procesos industriais, no caso de artesáns, e a adquisición de maquinaria e instrumentos propios de servizos profesionais.

i) A adquisición de materia prima da actividade artesanal.

j) Investimentos destinados a locais para uso da actividade artesanal. Aqueles que non estean directamente vinculados coa realización da actuación subvencionable, e/ou directamente relacionadas coa cualificación dos obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A quen vai dirixido?

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases e sempre que nas persoas solicitantes non concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens

ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas.

Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas da persoa beneficiaria:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, ou a calquera outra actuación, xa sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas de minimis obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1.2 destas bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

5º. Acreditar, con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión, que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º. Manter os investimentos subvencionados, coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos, durante un período de dous anos desde a súa concesión.

7º. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso.

8º. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita lei.

9º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

10º. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Obrigas específicas de publicidade

Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

As persoas beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, as persoas beneficiarias das axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta axuda con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa lenda «Proxecto cofinanciado», xunto co do escudo normalizado da Xunta de Galicia, segundo o modelo e as instrucións elaborados pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo e publicados no enderezo http://www.portaldocomerciante.gal/

Requisitos

1. Comerciantes retallistas:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social radique na Comunidade Autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade. No caso de comerciantes que realicen a actividade comercial en liña, deberán ter o domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que, tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124, do 20 de maio; p. 36), empreguen menos de vinte (20) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable. Para as actuacións de expansión comercial previstas no artigo 4.3 e para as actuacións de participación ou posta en marcha de proxectos de tendas efémeras ou eventos pop up, previstas no artigo 4.4, comerciantes que, tendo a condición de peme conforme os

requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124, do 20 de maio, p. 36), empreguen menos de cincuenta (50) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable.

c) Que estean dados de alta nalgúnhas das epígrafes do IAE que se relacionan nos anexos II e III e que esta constitúa a actividade principal da persoa solicitante. No caso de que a actividade principal sexa unha actividade das epígrafes relacionadas no anexo III, deberá estar dado de alta nalgunha actividade comercial relacionada no anexo II.

No caso de actuacións de posta en marcha de expansión comercial previstas no artigo 4.3, deberán exercer a actividade comercial de forma ininterrompida nos últimos dous anos, contados a partir da data da fin do prazo de presentación de solicitudes.

d) Que desenvolvan a actividade comercial nun establecemento comercial cunha superficie de exposición e venda igual ou inferior a 300 metros cadrados, agás que a actividade comercial se encadre na epígrafe 653.1 do IAE.

2. Obradoiros artesáns:

Que estean inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. En caso de novos obradoiros terán de prazo ata o último día do prazo para a presentación de solicitudes para solicitar a inscrición no dito rexistro.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas en crise, conforme a definición prevista no artigo 2, número 18, do Regulamento (CE) nº 651/2014, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE 26.6.2014, L 187/1); nin aquelas persoas que, tendo sido beneficiarias do procedemento CO300C, renunciasen a este ou perdesen o dereito ao cobramento total da subvención no ano 2019.

Así mesmo, non poderán ser beneficiarias as persoas ás cales lles fose concedida unha subvención para as actuacións previstas no artigo 4.2 e 4.3 nos últimos dous (2) anos (IN201H ou IN228A/2018-CO300C/2019) para o mesmo local comercial.

Para máis información, pódese consultar este procedemento, na sede electrónica da Xunta de Galicia, indicando o código: CO300C.

Poden consultarse máis detalles sobre estas e outras axudas, na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/portada?langId=es_ES) e na base xeral de axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (http://www.igape.es/es/base-xeral-de-axudas).

DEDUCIÓNS FISCAIS

Ampliación da información contida no texto principal:

Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos.

Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmobles situados nos centros históricos que me diante ordes se de terminen, cun límite de 9.000 euros.

A estos efectos, se considerarán rehabilitación las obras que cumplan los siguientes requisitos:

Para estes efectos, consideraranse rehabilitación as obras que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.

b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución do inmoble mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmoble no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmoble a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro.

Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos

Dedución por creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base impoñible figura algún ao que se lle aplicaron as deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas relativas á creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación, ou investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, o contribuínte poderá aplicar unha

Dedución do 75 %, cun límite de 4.000 euros por suxeito pasivo, na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos mencionados bens ou dereitos. O incumprimento dos requisitos previstos nas deducións do imposto sobre a renda das persoas físicas determinará a perda desta dedución.

Deducións na cota do imposto sobre o patrimonio

Dedución por creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación. Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base impoñible figura algún ao que se lle aplicaron as deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas relativas á creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación, ou investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 75%,cun límite de 4.000 euros por suxeito pasivo, na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos mencionados bens ou dereitos.

O incumprimento dos requisitos previstos nas deducións do imposto sobre a renda das persoas físicas determinará a perda desta dedución.

Dedución pola participación nos fondos propios de entidades que exploten bens inmobles en centros históricos.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base impoñible se incluíren participacións nos fondos propios de entidades en cuxo activo se atopen bens inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, o contribuínte poderá Aplicar unha dedución do 100%na parte da cota que proporcionalmente corresponda ás devanditas participacións, sempre que os devanditos bens estean afectos a unha actividade económica polo menos durante a metade do ano natural correspondente á devindicación.

A dedución só atanguerá o valor das participacións, determinado segundo as regras deste imposto, na parte que corresponda á proporción existente entre os devanditos bens inmobles, minorados no importe das débedas destinadas a financialos, e o valor do patrimonio neto da entidade.

Para determinar a devandita proporción tomarase o valor que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflicta fielmente a verdadeira situación patrimonial da sociedade.

Dedución pola afectación a actividades económicas de inmobles en centros históricos.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base impoñible se incluíren bens inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, sempre que estean afectos a unha actividade económica polo menos durante a metade do ano natural correspondente á devindicación.

Dedución pola participación nos fondos propios de entidades que exploten bens inmobles en centros históricos.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base impoñible se incluíren participacións nos fondos propios de entidades en cuxo activo se atopen bens inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda ás devanditas participacións, sempre que os devanditos bens estean afectos a unha actividade económica polo menos durante a metade do ano natural correspondente á devindicación.

A dedución só atanguerá o valor das participacións, determinado segundo as regras deste imposto, na parte que corresponda á proporción existente entre os devanditos bens inmobles, minorados no importe das débedas destinadas a financialos, e o valor do patrimonio neto da entidade.

Para determinar a devandita proporción tomarase o valor que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflicta fielmente a verdadeira situación patrimonial da sociedade.

VIABILIDADE DE ACCESO Á VIVENDA UNHA VEZ REHABILITADA

Outro dos aspectos a ter en conta é o feito de que, unha vez executada a obra, esta se poda poñer ao servizo da sociedade, tal como se propón dentro dos obxectivos deste plan.

Así, incluímos aquí certos plans de axudas ao alugueiro de vivenda a diversos perfiles sociais que poden ser de utilidade chegado o momento de entrar a vivir nestas novas residencias recen rehabilitadas.

Isto facilitará a viabilidade da inversión tanto pública como privada pois por parte dos organismos públicos acadarase con isto facilitar o acceso á vivenda e con iso facilitarase a fixación de residencia loitando así co despoboamento, e por parte das iniciativas privadas, verase o gasto na rehabilitación como unha inversión que dará lugar a novos rendementos de propiedades que estaban fóra do mercado e xerando só gastos.

Unha inversión deste tipo sería unha gran oportunidade de rendibilidade dados os prezos medios antes expostos si se comparan estes cos tipos de interese vixentes, sendo a inversión en vivenda para aluguer un factor máis seguro que os mercados bursátiles mundiais.

Así achéganse varios plans sobre apoio ao aluguer dos programas 2, 3 e 4 do Plan.

Axudas ao alugamento de vivenda do plan estatal de vivenda 2018-2021

a) Liña A, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas.

b) Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas.

Contía das axudas

1. A contía da axuda para a liña A será do 40 % da renda mensual. Para as persoas beneficiarias que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, esta axuda será do 50 %.

2. A contía da axuda para a liña B será do 50 % da renda mensual.

Estes límites poderán incrementarse ata un 20 %, no caso de que as persoas inquilinas sexan membros de familias numerosas e estean todos eles empadroados

nesa vivenda ou sexan integrantes dunha unidade de convivencia que precise unha vivenda adaptada para algún dos seus membros.

O importe máximo do alugamento para este Concello según tablas das bases reguladoras e de 300€ ó mes

A duración das axudas de ambas as dúas liñas concederanse por un prazo máximo de 3 anos.

BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

A Xunta de Galicia ten en marcha un conxunto de 12 medidas encamiñadas a garantir o dereito de todos os cidadás a unha vivenda, evitar os desafiuzamentos e paliar as súas consecuencia. Son doce medidas ás que poden acollerse as familias que afronten dificultades para acceder a unha vivenda ou para conservar a súa. Entre elas o Bono de Alugueiro Social.

As subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social están destinadas a atender con carácter urxente ás seguintes unidades de convivencia:

Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estar inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron que a persoa arrendadora interpuxese unha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas.

As das vítimas de violencia de xénero que teñan dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude, se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscrito a unha Administración pública.

Aquelas con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que fosen privadas da súa vivenda habitual, que posúen en calidade de propietarias ou usufrutuarias, por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

Aquelas que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, desfrutasen na súa totalidade da subvención do dito programa e lles rematase o período máximo de desfrute desta axuda dentro dos seis meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social.

Aquelas ás cales, tendo sido arrendatarias dunha vivenda de promoción pública de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) lles finalizase a vixencia do seu contrato a partir da entrada en vigor desta orde.

Aquelas ás cales, por concorrer circunstancias de emerxencia social e non acadaren o límite mínimo de ingresos establecidos no Programa de vivendas baleiras, a comisión de seguimento e coordinación do citado programa lles propoña a adxudicación dunha vivenda no marco do citado programa.

Aquelas que sendo residentes en vivendas de entidades financeiras ou da Sociedade de Xestión de Activos procedentes de Reestruturación Bancaria (Sareb), en virtude dos convenios de colaboración subscritos entre o IGVS e as citadas entidades, rematasen a vixencia do seu contrato de arrendamento dentro dos seis meses anteriores á data de presentación da súa solicitude de subvención do Programa do bono alugamento social.

Mozos/as menores de idade tutelados pola Xunta de Galicia, unha vez que acaden a maioría de idade e saian do réxime de tutela, para facilitarlles o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento.

Aquelas persoas que fosen privadas da súa vivenda habitual como consecuencia de procedementos xudiciais de execucións hipotecarias ou de acordos extraxudiciais de venda ou dación en pagamento a entidades financeiras.

A axuda ten carácter anual, de xeito que cada unidade de convivencia só poderá percibir unha subvención de 12 bonos mensuais consecutivos, que será susceptible de dúas prórrogas ordinarias sucesivas, de doce meses cada unha, ata acadar unha duración máxima de tres anos. Finalizado este período, poderase solicitar unha prórroga extraordinaria, cunha duración máxima de tres anos, que deberá ser renovada anualmente.

O importe mensual da axuda pode ser de 175€, 200€ ou 225€ mensuais, dependendo do concello no que estea situada a vivenda. O Concello de Mondoñedo está situado na zona 2 polo cal corresponderíanlle 175€.

Ademais, poderáselle conceder á persoa beneficiaria unha axuda complementaria non superior a 600€, para formalización dun contrato de alugamento, atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións, para o caso de permanecer na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafiuzamento, ou

para os efectos de atender cantidades pendentes derivadas do contrato de arrendamento que motivou o devandito procedemento.

Límite de ingresos:

Os ingresos da unidade de convivencia da persoa solicitante non poderán superar os límites máximos de ingresos do IPREM que de seguido se indican:

Nº membros da unidade de convivencia	Límites máximos de ingresos (1,5 veces IPREM 2019 en 14 pagas ponderado. Valores mensuais)
1	751,96 €
2	1.044,39 €
3	1.174,94 €
4	1.342,78 €
5 ou máis	1.566,58 €

Renda:

A renda mensual máxima do contrato de alugamento das persoas beneficiarias do Bono de alugueiro social non pode superar o importe de 350€ segundo a situación deste Concello seguindo as táboas publicadas neste Orde

Pagamento:

O IGVS realizará o pagamento da axuda mensual na conta bancaria da persoa arrendadora, logo de que a persoa inquilina xustifique que realizou o pago da parte da renda mensual que lle corresponde satisfacer (as persoas inquilinas comunicarán ao IGVS o pago do alugueiro achegando un extracto ou comprobante bancario acreditativo do pagamento realizado).

Fomento do parque de vivenda en aluguer.

Fomentar o parque de vivendas (novas ou procedentes da rehabilitación) destinadas ao alugamento ou cedida en uso, tanto de titularidade pública como privada, durante un prazo mínimo de 25 anos.

Requisitos dos demandantes:

Vivenda habitual e permanente.

Límite de ingresos de los inquilinos:

- Opción 1: hasta 3 IPREM
- Opción 2: hasta 4,5 IPREM

Precio do aluguer:

- Opción 1: hasta 5,5 euros m2 de vivenda
- Opción 2: hasta 7 euros m2 de vivenda

Contía da axuda:

- Opción 1: hasta 36.750 € /vivenda cun límite del 50% do investimento.
- Opción 2: hasta 31.550 € /vivenda cun límite del 40% do investimento.

PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS. (Mondoñedo xa está adherido a este plan.)

O Programa de Vivendas baleiras permitirá, grazas ao convenio asinado entre o IGVS a Fegamp e o Concello de Mondoñedo o cal xa estamos incluídos neste programa destinar vivendas baleiras de propiedade pública ou privada ao alugueiro social por parte de familias desfavorecidas sempre que estean libres de cargas e gravames que impidan o seu arrendamento.

As vivendas que se incorporen a este programa terán aseguradas, por parte do IGVS e sen custe para os propietarios, as seguintes coberturas:

Un seguro multirrisco do fogar, polo que quedarán cubertos todos aqueles danos sufridos pola vivenda durante a vixencia do arrendamento.

Un seguro da garantía da reclamación do cobro da renda nas mensualidades impagadas polos arrendatarios e a asistencia e defensa xurídica dos arrendadores nos procesos de desafiuzamento ou reclamacións de cantidade por impago de rendas, que inclúa como mínimo os honorarios de avogado e dereitos e suplidos de procurador, cando a súa intervención sexa preceptiva, gastos notariais e de outorgamento de poderes para preitos e gastos de execución procesual.

A garantía do cobro das rendas impagadas non poderá superar o período máximo de doce mensualidades. Estas coberturas serán efectivas durante o tempo en que as vivendas permanezan arrendadas ao abeiro deste programa.

Demandantes

Os demandantes de vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras deberán cumprir os seguintes requisitos:

Atoparse nunha situación persoal ou familiar que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda de alugueiro no mesmo municipio.

Acreditar a percepción duns ingresos mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan facer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento.

Non ter parentesco por vínculo de matrimonio ou outra relación estable análoga, por consanguinidade ou adopción, ata segundo grado, coas persoas arrendadoras. Este mesmo criterio aplicarase á relación entre a persoa arrendadora e a persoa arrendataria, cando a primeira sexa unha persoa xurídica, respecto de calquera dos seus socios, das súas socias ou partícipes.

Colectivos preferentes

Terán preferencia na adxudicación das vivendas quenes pertenzan a un dos seguintes colectivos:

- Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria,
- Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafiuzamento por impago de rendas da súa vivenda habitual.
- -Unidades familiares ou de convivencia con fillos menores, así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- -Unidades familiares ou de convivencia nos que existan mulleres vítimas de violencia de xénero,
- -Unidades familiares ou de convivencia nos que existan persoas maiores de 65 anos ou persoas dependentes.
- -Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas que foran beneficiarias de axudas ao alugamento de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de percepción das mesmas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.
- -Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda

habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

Os concellos tamén poderán adxudicar as vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras a aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que teñan subscritos convenios de colaboración co IGVS no marco de programas de acceso á vivenda, para ser destinadas aos colectivos sinalados anteriormente.

Renda máxima

As propostas de adxudicación deberán incluír a renda da vivenda, que non poderá superar os seguintes importes:

- 450 € para as vivendas situadas nos concellos de zona territorial de prezo máximo superior.
- 400 € para as vivendas situadas na zona territorial 1.
- 350 € para as vivendas situadas no resto de concellos, zona territorial 2.(neste apartado entraría o Concello de Mondoñedo segundo as táboas publicadas nas bases da convocatoria)

ANEXO AO PUNTO 17 DE PARTICIPACIÓN SOCIAL: ORDENANZA N.º52 - REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

PREÁMBULO

O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 asígnalle aos poderes públicos galegos a responsabilidade de promover e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

A Lei de Bases de Réxime Local establece que os concellos poderán establecer órganos de xestión desconcentrada, coa organización, función e competencias que cada concello lles confira, atendendo ás características do asentamento da poboación no termo municipal, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio. Amais, establece que son os concellos os encargados de regular os procedementos e os órganos a través dos cales os veciños participan nos asuntos da vida pública local.

A través deste regulamento de participación cidadá o concello de Mondoñedo fomenta a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais, de acordo có ordenamento constitucional e conforme aos principios que inspiran a Carta Europea de Salvagarda dos Dereitos Humanos as cidades. Este compromiso municipal orienta a vontade de crear e consolidar un sistema de participación axeitado á democracia local que reforce o dereito constitucional a participar nos asuntos públicos proclamado no artigo 23 da Constitución.

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.

Son obxecto deste documento a regulación da formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e veciñas e das asociacións de Mondoñedo na xestión municipal, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 2.

O concello, a través deste Regulamento, pretende acadar os obxectivos que se enumeran a continuación.

1.- Achegar a xestión municipal aos veciños e veciñas facilitándolles información ampla sobre as actividades, obras e servizos que desenvolva.

2.- Facilitar e promover a participación dos veciños e veciñas e das asociacións na xestión municipal con respecto ás facultades de decisión que correspondan aos órganos municipais representativos.

3.- Fomentar a vida asociativa no ámbito territorial do noso concello.

4.- Garantir a solidariedade e o equilibrio entre as distintas parroquias e núcleos de poboación do termo municipal.

TÍTULO PRIMEIRO

DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

Artigo 3.

O Concello informará aos veciños e veciñas da súa xestión a través dos medios de comunicación social, da páxina web municipal, das redes sociais oficiais e mediante a publicación de bandos, carteis ou cantos medios se consideren necesarios.

Ao mesmo tempo, poderá recoller a opinión da veciñanza e das asociacións a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións enquisas e sondaxes de opinión.

Artigo 4.

Nas dependencias da Casa do Concello funcionará unha oficina de información,así como un rexistro de instancias, iniciativas, queixas e reclamacións, que, a maiores das funcións recollidas no artigo 230 do ROF terá as seguintes:

1.- Canalizar toda a actividade relacionada coa información á que se refire o artigo 3, así como ao resto da información que o Concello proporcione.

2.- informar sobre os fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos dependentes do Concello; así como dos órganos e servizos da Administración Autonómica e da Deputación Provincial

3.- Informar sobre os trámites administrativos polos que discorre cada expediente e realizar o oportuno seguimento deles.

4.- Dar acceso, facilitar copias ou certificados aos cidadáns dos documentos cuxo exame sexa autorizado pola Administración, con carácter gratuíto.

Artigo 5.

Todos os cidadáns teñen dereito a:

1.- Coñecer en calquera momento, o estado de tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e obter copias dos documentos contidos neles.

2.- Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo da corporación local que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.

3.- Obter copia selada dos documentos que presentan, proporcionándoa xunto cos orixinais, así como a que estes sexan devoltos, agás cando teñan que constar no procedemento.

4.- Utilizar o idioma galego nas súas relacións co Concello de Mondoñedo.

5.- Formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados/as, anterior ao trámite de audiencia. Estas alegacións ou documentos deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

6.- Obter información e orientación no tocante aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que e propoñan realizar.

7.- Acceder aos rexistros e aos arquivos do Concello nos termos provistos pola lexislación vixente.

8.- Ser tratados/as con respecto e deferencia polas autoridades e persoal municipal, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

9.- Esixir responsabilidades á Corporación Municipal.

10.- Exercer a iniciativa popular presentando propostas de acordo, actuacións ou proxectos de ámbito das competencias municipais, debendo estar subscritas como mínimo por 100 veciños maiores de idade. En ningún caso poderán ser obxecto desta iniciativa as normas reguladoras de tributos ou prezos públicos.

Artigo 6.

1.- As solicitudes que dirixan os veciños e veciñas a calquera órgano do Concello en pedimento de aclaracións ou actuacións municipais serán cursada necesariamente por escrito e serán respondidas nos termos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo.

2.- Cando a solicitude formule unha proposta de actuación municipal, o seu destinatario/a informará ao/á solicitante do trámite que se lle teña que dar. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano colexiado municipal, quen actúe de

secretario/a deste enviará ao/á poñente, no prazo máximo de 30 días, copiada parte correspondente da acta da sesión. O/A presidente/a do órgano colexiado, poderá requirir a presenza do autor/a da proposta na sesión que corresponda, co fin de que a explique e defenda por si mesmo.

Artigo 7.

As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos provistos no artigo 70.1 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 253 da Lei de Administración Local de Galicia. Facilitarase a asistencia ou información da sesión, a través dos medios máis axeitados para o caso.

Os Plenos celebraranse ás 20:00 horas. No caso de expoñer un horario diferente, a convocatoria xustificará o motivo.

As sesións plenarias serán gravadas e subidas á páxina web do Concello.

Artigo 8.

As comisións de goberno serán públicas.

Artigo 9.

1.- Cando algún representante das comisións veciñais ou das asociacións inscritas no Rexistro Municipal desexen efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, poderá expoñer o seu parecer durante o tempo que sinale o/a alcalde/sa despois de ser lida a proposta. E con anterioridade ao debate e votación da citada proposta. Para os efectos anteriores a solicitude dirixida as/á alcalde/esa deberá presentarse no Rexistro Municipal cando menos con dous días hábiles de antelación á celebración do Pleno, se este é ordinario, e cun día de antelación se é extraordinario, debendo constar nela unha sucinta motivación do pedimento así como os datos da persoa que realizará a exposición. A exposición realizarase nunha única intervención, quedando garantido un tempo que non será inferior do cinco minutos nin superior aos quince. En cada Pleno haberá un máximo de cinco intervencións.

2.- Establecerase unha quenda de rogos e preguntas polo público asistente, nas mesmas condicións que as propostas reguladas no punto anterior.

3.- Cando o Pleno do concello tratara asuntos sobre os que tivera articulado a iniciativa popular prevista no artigo 24 deste Regulamento, esta comportará automaticamente o dereito de intervención ante o Pleno na citada sesión plenaria.

Artigo 10.

1.- Ac convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno tramitaranse aos diferentes grupo municipais e aos presidentes dos consellos veciñais e faranse públicas tamén no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

2.- Sen prexuízo do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e demais disposicións vixentes, o Concello dará publicidade ás Actas das sesións plenarias e ao resume das da Xunta de Goberno, especialmente cando se trate de asuntos de competencia do Pleno delegados nela.

3.- Para este efecto utilizaranse os seguintes medios:

- Exposición no taboleiro de anuncio do Concello.

- Remisión para a súa consulta á Biblioteca Municipal.

- Inclusión das Actas na páxina web municipal.

- Envío aos Presidentes dos consellos veciñais.

TÍTULO SEGUNDO

DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

Artigo 11.

1.- O Concello de Mondoñedo apoiará ás asociacións que desenvolvan a súa actividade no termo municipal, sexa cal sexa a súa tipoloxía ou ámbito de actuación concreto. Os apoios económicos decidiranse por un procedemento legalmente pre-establecido sometido aos principios de publicidade, libre concorrencia, igualdade e non discriminación.

2.- Para estes efectos, o orzamento municipal incluirá unha partida destinada a este fin.

Artigo 12.

1.- As asociacións ás que se refire o artigo anterior poderá acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente aos locais sociais, coa limitación que impoña a coincidencia do uso por parte delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións.

2.- O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado ao Concello por escrito, coa antelación que establezan os servizos correspondentes.

3.- Constitúese o Rexistro Municipal de Asociacións, que dependerá da Secretaría Municipal, e no que deberán inscribirse as asociacións veciñais residentes no termo municipal de Mondoñedo que pretendan o acceso ao uso de medios públicos regulados nos artigos 11 e 12 do presente regulamento.

A inscripción da asociación efectuarase mediante escrito asinado polo representante da asociación ao que se xuntará copia dos estatutos, certificado de nomeamento dos seus órganos de goberno e copia do DNI dos compoñentes de estes órganos, certificado do acordo de solicitude de inscripción no rexistro municipal, certificado de número de asociados e certificado de inscripción no rexistro autonómico de asociacións.

O Concello de Mondoñedo poderá, en calquera momento, requirir ás asociación inscritas á actualización dos datos aportados, coa advertencia de cursar a baixa no rexistro no suposto de falla de aportación da documentación requirida no citado prazo.

Artigo 13.

1.- O rexistro ao que se refire o artigo 12, ten por obxecto permitir ao Concello coñecer o número de entidades existentes no Municipio, os seus fins e a súa representatividade, para posibilitar unha correcta política Municipal de fomento de asociacionismo veciñal.

2.- Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, de carácter social, deportivo, veciñal, da muller, xuventude, etc., con domicilio social dentro do municipio de Mondoñedo e que desenvolvan as actividades neste ámbito xeográfico.

Artigo 14.

1.- A solicitude de inscrición presentarase nas oficinas do Concello.

2.- O Rexistro levarase na Secretaría da corporación e os seus datos serán públicos. As inscricións serán realizadas polas asociacións interesadas, que terán que presentar os seguintes datos:

- Estatutos da asociación.

- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociación e noutros rexistros públicos.

- Código de Identificación Fiscal (CIF)

- nome e apelidos das persoas que ocupen cargos directivos.

- Enderezo social.

3.- No prazo de quince días dende a solicitude de inscrición, e agás que se teña que incluír nova documentación, o concello notificará á asociación o seu número de inscrición e, a partir deste momento, considérase de alta para todos os efectos.

4.- As asociacións inscritas que teñan a obriga de comunicar no Concello os cambios que se produzan nos seus órganos directivos no prazo máximo dun mes.

TÍTULO TERCEIRO

CAPÍTULO 1: DOS CONSELLOS VECIÑAIS

Artigo 15.

Os consellos veciñais son órganos desconcentrados de participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal, carentes de personalidade xurídica propia, que permiten e impulsan a nivel parroquial a participación dos veciños e veciñas do municipio.

Constituirase un consello veciñal en cada unha das parroquias e, naqueles entes menores de poboación que o soliciten nas oficinas municipais por 2/3 dos habitantes empadroados no mesmo maiores de idade.

Artigo 16.

Cada comisión veciñal estará composta como mínimo por un Presidente, un Vicepresidente que actuará de secretario e un vogal, en todo caso, o número de membros será impar.

Naquelas parroquias nas que se decida a constitución dun "Consello Veciñal" incluirase na súa composición, de xeito automático, os órganos directivos das asociacións de veciños constituídas neste territorio (presidente, vicepresidente ou vogais).

Artigo 17.

O Consello Veciñal é un órgano asesor que representa os intereses da parroquia, sen prexuízo doutras fórmulas de representación directa veciñal que poidan existir ou constituírse.

Os membros dos Consellos Veciñais será nomeados polo/a alcalde/esa a proposta da asemblea veciñal.

Os Consellos Veciñais renovaranse cada dous anos, podendo a asemblea destituílos antes por causa xustificada.

Artigo 18.

As competencias dos Consellos Veciñais son as seguintes:

1.- Fomentar a participación directa e descentralizada dos veciños e veciñas en actividades propias e/ou do Concello.

2.- solicitar e transmitir propostas do veciños e veciñas relativas ao funcionamento dos servizos e actuacións municipais.

3.- elevar anualmente ao Concello un estado de necesidades da parroquia ou da súa entidade de poboación, con indicación e selección de prioridades, para a súa inclusión nos plans de actuación municipal e nos orzamentos do Concello.

4.- Propor ao Pleno da corporación a inclusión de asuntos na orde do día e, no seu caso intervir nestes , nos termos e condicións establecidos por este regulamento .

5.- Facilitar a maior información e publicidade aos veciños e veciñas, sobre as actividades e acordos municipais, que teñan incidencia especial sobre a parroquia ou entidade de poboación.

6.- Colaborar co Concello na solución dos problemas da parroquia e axudar na aplicación de políticas que preveñan actuacións de risco, conflitos veciñais e causas de inseguridade e exclusión social.

7.- Obter información, previa petición, dos temas de interese para a parroquia ou a entidade de poboación que represente.

8.- Realizar propostas para o mellor funcionamento dos servizos municipais.

Artigo 19.

Os Consellos Veciñais reuniranse en sesión ordinaria unha vez cada seis meses, ou cando o estimen necesario para o cumprimento dos seus obxectivos e extraordinariamente cando o soliciten dous concelleiros dos Grupos Municipais con representación na Corporación ou a iniciativa, asinada por escrito, de 25 veciños , maiores de idade residentes no ámbito de actuación do Consello Veciñal.

Correspóndelle ao Presidente da comisión veciñal co apoio do Vicepresidente a convocatoria e a elaboración da orde do día das sesións, das que se levantará acta.

Con carácter anual, e previamente á aprobación dos orzamentos do Concello, a Alcaldía convocará a todos/as Presidentes/as, ou membro de comisión no que deleguen a unha sesión conxunta para informar e analiza a xestión municipal, o desenvolvemento dos plans de acción municipal e, no seu caso, a desagregación territorial dos orzamentos do Concello.

CAPÍTULO 2: ASEMBLEAS VECIÑAIS

Artigo 20.

A asemblea veciñal estará constituída por todos os veciños e veciñas da parroquia ou da entidade de poboación, maiores de idade, incluídos no padrón municipal.

Artigo 21.

Son competencias da asemblea veciñal:

1.- A elección e proposta á alcaldía do nomeamento do consello veciñal.

2.- O debate e análise dos asuntos de interese da parroquia ou entidade de poboación, así como a formulación de propostas de actuación dirixidas á comisión veciñal ou aos órganos municipais.

3.- Aprobar con carácter previo e por maioría simple, as propostas de actuación que a comisión traslade ao concello para a súa execución e/ou inclusión nos plans municipais.

Artigo 22.

A asemblea veciñal reunirase ordinariamente como mínimo unha vez ao ano e, extraordinariamente, cando así o demande o/a alcalde/esa, ou a proposta da Comisión Veciñal, ou cando o soliciten dous concelleiros dos Grupos Municipais con representación na corporación ou a iniciativa, asinada por escrito de 25 veciños maiores de idade residentes no ámbito de actuación do Consello Veciñal.

A proposta de nomeamento da Comisión Veciñal farase nunha asemblea veciñal reunida para tal efecto, con esa única orde do día, por maioría dos asistentes.

A asemblea veciñal estará presidida polo Consello Veciñal.

TÍTILO CUARTO

DA INICIATIVA CIDADÁ

Artigo 23.

1.- Calquera persoa con dereito a voto, ben no seu propio nome ou mediante entidades ou asociacións, poderá propoñer unha iniciativa que deberá estar subscrita como mínimo por 100 veciños maiores de idade e empadroados no Concello de Mondoñedo.

2.- A través da iniciativa cidadá, os veciños e veciñas poderán recadar do Concello a execución dunha determinada actividade de competencia e interesa público municipal.

3.- Así mesmo a través de iniciativa cidadá poderanse presentar propostas de acordo, actuacións ou proxectos no ámbito das competencias municipais.

4.- Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. No seu caso, requirirase o previo informe do/a Secretario/a do Concello, así como o informe do /a Interventor/ora cando a iniciativa afecto a dereitos e obrigas do contido económico do Concello.

Artigo 24.

Na redacción dos seus orzamentos anuais, o concello terá en conta as iniciativas cidadáns aprobadas, para poder levalas a efecto.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

PRIMEIRA

No prazo máximo de seis meses dende a entrada en vigor deste Regulamento constituiranse os Consellos Veciñais.

O Concello impulsará o proceso para a constitución inicial dos Consellos Veciñais.

A elección dos primeiros membros dos Consellos Veciñais realizaranse nunha asemblea veciñal reunida a tal efecto e con ese único punto na orde do día.

A asemblea convocarase fora do horario laboral.

Ao inicio da asemblea presentaranse os candidatos/as a formar parte do Consello Veciñal. Esta primeira asemblea estará presidida pola persoa que lidera a convocatoria da mesma, que será o encargado de levantar acta, que será lida ao remate da asemblea e asinada por un mínimo de 25 veciños presentes na mesma, maiores de idade e que non pertenzan a mesma unidade familiar.

A asemblea estará constituída no momento en que asistan o 10% das persoas empadroadas na parroquia maiores de idade.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e tramitarase de acordo co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local".

Mondoñedo, 2 de marzo de 2016.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 25 de setembro de 2015,(publicada aprobación inicial no BOP nº 256 de 07/11/2015), aprobada definitivamente no Pleno da Corporación , en sesión extraordinaria de 26 de febreiro de 2016 e publicada no B.O.P. nº 056 de 09/03/2016.

ANEXO BLOQUE V – INFORME FINAL A MODO DE RESUMO


INFORME FINAL A MODO DE RESUMO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN.

A seguir, a modo de resumo, recónlles aspectos fundamentais do Plan de Dinamización da Área Rexurbe de Mondoñedo, centrándose en aspectos básicos de cada un dos bloques previos.

Como é obvio o que aquí se achega son detalles específicos que recollen o previo. A ampliación dos mesmo localízanse en cada un dos campos previos.

DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E DIAGNOSE

O espazo que abrangue a área Rexurbe é o Conxunto Histórico de Mondoñedo e unha serie de áreas anexas a este de similares características á zona catalogada.




Delimitación Rexurbe en azul (Casco Histórico en amarelo)

Quedando este espazo Rexurbe, como segue:

Superficie do ámbito (s) a declarar Rexurbe:	
Área continua ☒ Descontinua ☐ Superficie en km$^{2:}$ 0,45	
Superficie municipio: 144Km^2	Superficie Conxunto Histórico: 0,44 Km^2
Número de edificios:704 –en rexurbe-	Número de Vivendas: 915

Neste primeiro momento propóñense como **zonas de actuación prioritaria dentro da Área de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico (Rexurbe)** constituída polo Casco Histórico e as zonas inmediatas marcadas, seguintes zonas de Mondoñedo:

1 - Rúa da Ponte / 2 - Rúa Bispo Sarmiento / 3 - Rúa Álvaro Cunqueiro / 4 - Rúa San Roque / 5 - Rúa Pacheco / 6 - Rúa dos Castros e Rocha de Vélez / 7 - Rúa Progreso / 8 - Rúa Pardo de Cela / 9 - Avenida San Lucas / 10 - Rúa Leras Pulpeiro / 11 - Praciña San Xoán.



Ámbitos proposta área de actuación prioritaria dentro da área Rexurbe

Quedando esta zona de especial interese para accións prioritarias, resumida no seguinte cadro:

Superficie do ámbito (s) a declarar Rexurbe:	
Área continua ☒ Descontinua ☐ Superficie en km$^{2:}$ 0,45	
Superficie municipio: 144Km^2	Superficie Conxunto Histórico: 0,44 Km^2
Número de edificios:236 –nesta área de actuación prioritaria-	Número de Vivendas: 325 -nesta área de actuación prioritaria-

Recollendo as diversas análises indicadas con anterioridade en base ás tres situacións citadas no artigo 54 da Lei de rehabilitación teriamos:

d) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental.

As cifras presentadas amosan un conxunto con eivas na área arquitectónica, urbanística e, en menor medida, na ambiental, tanto a nivel xeral como en áreas específicas dentro do conxunto histórico, tal como se presentou con anterioridade.


Nos espazos a considerar Rexurbe estes factores están máis acentuados que no panorama xeral do concello dos indicadores de degradación arquitectónica urbanística ou ambiental.

e) Situacións demográficas delicadas

Mondoñedo presenta, claramente, unha situación demográfica delicada, como pode verse cos datos aportados. Estamos ante una poboación envellecida e cun decaemento progresivo do número de habitantes nestes últimos anos que aínda que é máis palpable no rural, dentro da zona urbana é un mal que afecta de igual xeito.

Todo isto repercute no urbanismo da cidade co progresivo deterioro dos edificios e as dificultades de acceso en moitos deles polas necesidade de adecuación dos mesmos, así como das vías que dan acceso a eles, a persoas maiores con mobilidade reducida en moitos casos.

Por todo isto podemos concluír que a cidade e o concello, presentan unha situación demográfica delicada de xeito claro. A modo de referencia apórtase un gráfico do descenso poboacional de Mondoñedo –concello- dende o ano 1996 ata o ano 2018 (fonte para este gráfico: INE a partir dos datos oficiais de padrón).



f) Existencia de graves problemas económicos e sociais.

Mondoñedo presenta un cadro no que o número de pensionistas por cada 1000 habitantes é moi alto, o importe medio das pensións son moi baixas cunha boa parte non contributivas e a isto hai que unirlle un número importante de xente en risco de exclusión social, así como desempregados.

Por outra banda, o envellecemento xeneralizado e a perda de poboación fai que o comercio local estea nunha situación de difícil equilibrio xa que o comercio de

proximidade nútrese dos habitantes da vila e do concello e unha perda de poboación implica perda de demanda comercial. E aínda que dende as administracións públicas se está a traballar para potenciar o comercio local e para con iso facer que as novas xeracións aposten pola apertura de negocio en Mondoñedo e así poder fixar poboación, non é tarefa fácil.

Por todo isto, si ben non se está en "graves problemas" si que se están a amosar problemas xerais a nivel económico e social que son un aviso dun futuro polas tendencias de envellecemento e despoboación.

Por todos estes aspectos Mondoñedo pode encaixar perfectamente na declaración de área Rexurbe e con iso potenciar dinámicas de mellora en urbanismo, economía e sociedade que contribúan a ese cambio de tendencia que se está a buscar na vila.

Cadro resumo:

Nº Edificios ruinosos	10	% Espazo público a rehabilitar	50%
Nº Edificios mal estado	27	% Dotación equipamento deficiente	40%
Nº Edificios estado deficiente	142	% poboación maior 65	39%
Nº Edificios posterior a 1970	74	Evolución da poboación	-73
Nº de vivendas baleiras	572	Porcentaxe inmobles uso comercial baleiros	16%
Nº de vivendas secundarias	325	Nº Pensionistas por 1000 habitantes	340
Nº de vivendas unipersoais	201	Taxa de desemprego	3,32%

Resumo de necesidades detectadas:

A partir da análise de campo realizado, así como a partir dos datos socioeconómicos, empresariais, de dotacións, equipamentos, etc., recollidos, as necesidades detectadas resúmense a continuación:

- Rehabilitación e ocupación de vivendas baleiras ou en desuso
- Garantir a función social da vivenda a través da mobilización da vivenda baleira
- Mantemento e conservación de edificios
- Mellora da funcionalidade, seguridade e/ou habitabilidade das edificacións
- Prolongar a vida útil das edificacións.
- Adecuar a edificación existente ás condicións de confort e calidade actuais.

- Dinamización económica e social
- Facilitar a emancipación da xuventude
- Evitar a perda de poboación do municipio e da área Rexurbe.
- Rexeneración e renovacións urbanas
- Mellora da eficiencia enerxética
- Mellora da accesibilidade universal
- Mellora da calidade de vida dos cidadáns
- Concienciar, informar e promover o respecto e o deber pola conservación dos edificios.
- Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e versatilidade, aumentado o atractivo da área Rexurbe como centro de residencia e actividade.
- Destinar vivendas aos inscritos no rexistro de demandantes de vivendas protexidas.
- Destinar vivendas para apoio en situacións de emerxencia residencial (familias con tódolos membros en situación de desemprego, vítimas de violencia de xénero, situacións de desafiuzamentos, etc.).

Aínda que no momento actual se detectan estas necesidades, o Plan de Dinamización é un documento vivo, é dicir, poderá revisarse, ampliarse ou corrixirse durante a aplicación do mesmo e en función dos resultados e dos indicadores de avaliación que se vaian executando.

ANÁLISE DAFO E OBXECTIVOS

Debilidades	Fortalezas
Perdida de poboación	Territorio con recursos e potencialidades de desenvolvemento
Envellecemento da poboación	Experiencias de boas practica e exemplos demostrativos
Escasa creación de empresas	Ampla oferta formación
Baixa taxa natalidade	Ampla oferta servizos sociais
Vivendas en ruínas	Patrimonio Natural
Excesiva burocracia nos tramites	Patrimonio Cultural
Escasa mentalidade emprendedora	Gran calidade de vida
Dificultade atracción de xente moza	Gran oferta de vivendas en venda
Mal servizo público	Apoio público tanto para rehabilitación de vivendas como para a compra
Dificultade da mobilidade da propiedade	Administración local colaborada
Ameazas	**Oportunidades**
Emigración xoves	Programas e servizos Sociais que responden as necesidades da poboación. Centro de día, SAF, Residencia, Centro Social, Centro de menores ..etc
Diminución da poboación activa	Mellora en colectividade
Proximidade poboacións costeiras	Camiño de Santiago
Forte tendencia a compra online	Patrimonio Inmaterial
Alonxamento dos centros de ensino universitarios	Importante potencia forestal
Tendencia a deslocalizar os servizos públicos cara a grandes cidades	Importante existencia de solo industrial dispoñible
Dificultades ou tendencia dos funcionarios a querer trasladarse e vivir en grandes cidades	Excelentes condicións climatolóxicas para a Horta
Protección ambiental (ecoloxistas que dificultan o aproveitamento dos recursos)	Xacementos de emprego en xeral, rural e verde
Inseguridade en proxectos industriais da zona (exemplo: Alcoa..etc)	Tradición artesán
Falta de relevo xeracional en negocios asentados en bo funcionamento	Potencial turístico, integración e creación de valor. Turismo de Natureza

Os obxectivos principais son:

- Mellora da calidade de vida das persoas
- Dotar de suficientes medios e recursos sociais para a atención ás persoas

Por áreas de actuación:

Urbanística /arquitectónica:

- Rehabilitación e mellora das edificacións e dos seus medios e servizos enfocados á actividade económica e a servizo social.
- Rehabilitación e mellora da trama urbana e os seus medios e servizos

Demografía:

- Contención do despoboamento e atracción de novos habitantes

Área económica e Social:

- Desenvolvemento económico da área
- Facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultades
- Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración público - privada

Os principais obxectivos secundarios son o seguintes, aínda que no punto seguinte se amplían:

Urbanística /arquitectónica:

- Recuperación e posta en valor do patrimonio
- Mantemento das tipoloxía tradicionais
- Renovación de servizos, sinalización, accesibilidade universal,…

Demografía:

- Fomentar o aluguer
- Mellora dos medios ao alcance da poboación

Área económica e Social:

- Crear postos de traballo no ámbito social
- Potenciar programas de igualdade, diversidade e sexo.
- Ampliar o Servizo de Axuda no Fogar
- Ampliar prazas na Residencia de Anciáns.

- Promoción do turismo
- Atracción de novas empresas e profesionais
- Implantación e mantemento de establecementos comerciais
- Facilitar o acceso á vivenda
- Vivendas de uso temporal a colectivos con dificultades

LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN E ACTUACIÓNS CONCRETAS.

OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ARQUITECTÓNICO, URBANÍSTICO OU AMBIENTAL

Actuacións da Liña 1: rehabilitación e mellora de edificacións

- Rehabilitación e ocupación de vivendas baleiras ou en desuso, mellora da funcionalidade e habitabilidade. Adaptacións para oficinas, usos turísticos, negocios en xeral ademais de vivenda. Cos criterios do IGVS e da Dirección Xeral de Patrimonio para asegurar a súa conservación e uso de técnicas e materiais tradicionais. OP1 e OP2.
- Mantemento e conservación de edificios cos criterios de conservación do IGVS e da Dirección Xeral de Patrimonio. OP1 e OP2.
- Elaboración de proxectos de obra nova e rehabilitación en xeral encamiñados á mellora da eficiencia enerxética. OP1 e OP2. Como exemplo: Continuación da mellora da iluminación pública en toda a área Rexurbe para facilitar a circulación pola rúa en momento de pouca luz e para a mellora do aforro enerxético.
- Mellora da accesibilidade universal. OP1 e OP2.
- Redacción de proxectos encamiñados á conservación e uso de materiais tradicionais propios da zona. OP2.

Actuacións da Liña 2: rehabilitación e mellora da trama

- Supervisión e Control da calidade dos servizos públicos (auga, electricidade, internet,…) a través de empresas cualificadas do sector (OP1).
- Continuación coas melloras dos servizos de abastecemento de augas e recollida de pluviais e/ou fecais nas obras que se acometen de mellora de rúas. (OP1-OE2 e OE3)
- Continuación coa mellora e soterramento das liñas de luz existentes en Área Rexurbe (OP1-OE2 e OE3)
- Continuación da mellora e instalación de fibra óptica que na actualidade está a facer ADAMO e que xa ten feito R nesta cidade (OP1-OE2 e OE3)
- Nos traballos de recuperación /ampliación de vías existentes recuperaranse os pavimentos de chapacuña ao estilo tradicional e estética mindoniense naqueles naquelas vías interiores de Rexurbe que non o posúan ou incluso manter o adoquín tradicional en rúa Álvaro Cunqueiro e San Roque si dende Patrimonio se estima oportuno por ser Camiño de Santiago (OP2-OE1).
- Continuación da sinalización do Casco Histórico e arredores dos bens patrimoniais e dos recursos seguindo a normativa da Consellería de Cultura. Dixitalización da sinalización para poder acceder a ela dende a web e a través de códigos QR facilitando así a súa accesibilidade. (OP2-OE2 e OE3 e OP3) Paneis explicativos en tres idiomas (galego, castelán e inglés)

- Mellora da accesibilidade universal (OP3). Ampliación de rúas existentes para desconxestionar o tráfico en Mondoñedo (Camiño da Valada e Rocha Vélez/Os Castrso). Apertura de novos aparcadoiros a carón do Casco Histórico (ao pé da Igrexa Parroquial de Santiago). Potenciación de aparcadoiros existentes: en Alcántara, Rúa Vilalba, Campo dos Paxariños, … Con isto priorízase ao peón ante o vehículo e suporá unha redución do tráfico dentro da área Rexurbe.
- Continuación da mellora da iluminación pública en toda a área Rexurbe para facilitar a circulación pola rúa en momento de pouca luz e para a mellora do aforro enerxético (OP3-OE1)
- En todos os proxectos de reforma, así como nos novos, que saian da administración local priorizarase a supresión de barreiras arquitectónicas (OP3-OE1).
- Humanización de espazos e establecer mecanismos de convivencia efectivos entre persoas e vehículos coa mellora de aparcadoiros, prioridade ao peón nas vías públicas, redución da velocidade interior e peonalización puntual por épocas do ano, de rúas e espazos públicos co fin de promover o espazo humano (OP3-OE2 e OE3)
- Existe a necesidade dunha intervención no contorno da Residencia de Anciáns para converter ese espazo nunha zona para que poidan interactuar os residentes.
- Control das obras a realizar dentro da área e sometelas á supervisión de Patrimonio cando proceda para evitar danos e deteriores en elementos de interese histórico.
- Potenciar a rehabilitación fronte á obra nova en edificios históricos para así protexer tipoloxías e poder potenciar sistemas e técnicas tradicionais así como produtos propios da zona fronte e elementos alleos.

OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DEMOGRÁFICO

Actuacións da Liña 3: contención do despoboamento e atracción de novos habitantes

- Evitar a perda de poboación do municipio e da área Rexurbe a través da dinamización de alugueiros para vivenda en condicións óptimas, negocio, oficinas, usos turísticos, etc. (OP1, OP2 e OP3)
- Adquisición de inmobles por parte do IGVS e do Concello, así como doutras administracións públicas, encamiñados a rehabilitación dos mesmos para os fins Rexurbe de dinamización económica e social (OP1-OE1)
- Establecemento da axudas propias da área Rexurbe e colaboración coa cidadanía na tramitación doutras axudas da administración pública compatibles con Rexurbe para os fins aquí perseguidos ou outros compatibles con estes (OP1 – OE2, OP2).

- Actuación dunha iniciativa de dinamización demográfica “Mondoñedo Rexurde” . Con catro accións (OP1, OP2 e OP·):
    - 1ª: captar xubilados e pensionistas para fixar a súa residencia aquí.
    - 2ª: Valor patrimonial do Casco Histórico converténdose nunha cidade ideal habilitando vivendas para estancias temporais de artistas.
    - 3ª:Captación de emprendedores ou empresas como sede de base tecnolóxica dotados de fibra óptica.
    - 4ª:Cidade de familias, creando bolsas de aluguer para facilitar o acceso ós inquilinos e creación de voluntariado.
- Subvencións e xudas para baixos comerciais e para a implantación de nova empresa. Bonificacións a nivel concello para a dinamización empresarial, “Doing Business” (OP3).
- Facilidades para a instalación de nova empresa no Polígono Industrial creando así novos postos de traballo e consolidando poboación (OP3)

Este apartado estaría composto pola conxunción de todo o plan, tal como se citou con anterioridade, pois a mellora na oferta de vivenda facilitará a chegada de nova poboación e conseguirase cubrir a demanda existente da mesma que hoxe non está satisfeita. Tamén hai que considerar que estas vivendas van destinadas a poñelas en marcha a nivel económico: nova empresa, oficinas, uso turístico, baixo comercial, hostalería, etc.

Por outra banda as accións de rehabilitación en si mesmas dan lugar á creación de novos postos de traballo que, segundo as estimacións, varían de entre 56 e 63 postos por cada millón de euros investido, así como o establecemento de empresas na localidade coa conseguinte carga poboacional de persoas en idade “activa” e de familias, en moitos casos.

A execución das obras en si mesmo sería un revulsivo social tamén complementario ao resto do plan.

Por último, para este bloque, estaría o apoio ás empresas incluído neste plan e marcado especificamente na liña seguinte, que sería un xeito máis de conter o despoboamento e favorecer a atracción de novos habitantes.

OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO ECONÓMICO E SOCIAL

Actuacións da Liña 4: Desenvolvemento económico da área

- Dinamización económica e social con apoio directo á empresa a través das axudas Rexurbe (OP1)

- Rehabilitación de inmobles enfocados a usos turísticos. Rúa Pardo de Cela /Afonso VII cun edificio que se adicará a albergue e vivendas de uso turístico –en execución- (OP2). Colaboración coa empresa dende o concello para axudas na súa rehabilitación.
- Facilitar os trámites administrativos e burocráticos en xeral para novos establecementos e colaboración na tramitación e solicitude de subvencións e axudas destinadas a particulares (transversal).
- Continuación da colaboración coas universidades galegas para traballos patrimoniais e de promoción. Continuación da colaboración coa UDIMA para novas tecnoloxías vencelladas a proxectos turísticos e patrimoniais. (OP2-OE5 e OP3-OE4).
- Colaboración con entidades locais como é a Asociación Batitales para cursos formativos e congresos vencellados á rehabilitación en construción e usos de materiais tradicionais de man de profesionais do sector (OP2-OE5)
- Dar maior facilidades a institucións públicas e privadas para aceso ao uso de locais para accións formativas no eido Rexurbe así como desenrolar novos espazos desta liña como o centro "Muíño de Amandino" para a formación de novos profesionais.
- Sinaturas de novos convenios de traballo enfocados ao asentamento de novos profesionais no municipio en base a novas perspectivas de negocio e novas actividades formativas coordinadas dende o concello (OP3-OE4)
- Fin do desenrolo e posta en marcha do proxecto de centro formativo "Muíño de Amandino" para a formación de futuros profesionais en técnicas de rehabilitación e recuperación do patrimonio.
- Atracción e creación de novas empresas e profesionais (OP3):
    - Aloxamentos con fórmulas compartidas de talleres de traballo, viveiros de empresa ou profesional autónomo na mesma edificación.
- Subvencións e xudas para baixos comerciais e para a implantación de nova empresa. Bonificacións a nivel concello para a dinamización empresarial, "Doing Business" (OP3).
- Mellora da infraestrutura de fibra óptica e conexións de alta velocidade con empresas como ADAMO, R, etc. que xa teñen instalada a súa rede en Mondoñedo, para que poda ampliala e mellorala facilitando a instalación de teletraballo e conexión web de calidade que permita o desenrolo de negocios dixitais que podan implantarse en Mondoñedo (OP3-OE3)
- Facilidades para a instalación de nova empresa no Polígono Industrial creando así novos postos de traballo e consolidando poboación (OP3)

Actuacións da Liña 5: facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultades

- Garantir a función social da vivenda a través da mobilización da vivenda baleira con convenios cos propietarios para a xestión municipal das mesmas ou condicionando

o alugueiro dos locais e espazos rehabilitados dentro do plan Rexurbe a través dos convenios para subvención das obras (transversal).

- Desenrolo de proxectos encamiñados á supresión de barreiras e adaptación da vivenda aos novos tempos para poder instaurar teletraballo, facilitar a instalación de novos negocios e usos turísticos da vivenda nova así como a posibilidade de novos espazos de oficina, todo a prezos asumibles (OP1)
- Facilitar a emancipación da xuventude a través da bolsa de vivenda en alugueiro sostible xestionada polo concello grazas á rehabilitación realizada dende o plan Rexurbe, así como facilitar a creación de novos negocios e empresas con subvención ou con bonificacións á empresa (OP2)
- Destinar vivendas para apoio en situacións de emerxencia residencial (familias con tódolos membros en situación de desemprego, vítimas de violencia de xénero, situacións de desafiuzamentos, etc.).
- Facilitar o acceso á vivenda a colectivos con dificultade (OP3):
    - Vivendas de cooperación entre colectivos: alugueres vinculados entre si, de xeito que uns adxudicatarios (xuventude ou persoas con dificultades para asumir o custo dun aluguer ou a compra dunha vivenda), adquiran o compromiso social de apoio a outros adxudicatarios que precisen axuda como persoas maiores, discapacitados, etc.
- Consolidación do centro de menores en Mondoñedo adicado a persoas en risco de exclusión que está a piques de entrar en funcionamento (OP2 e OP3) con posibilidade de ampliación de servizos do mesmo podendo acoller a persoas nas primeiras etapas da súa emancipación.
- Novas modalidades de alugueiro para a xuventude (OP3, OE3):
    - Vivendas transitorias en aluguer por un período de tempo máximo de 3-4 anos, ata que a persoa poida conseguir un emprego estable e mellorar a súas condicións laborais.
    - Opcións de alugueiros compartidos para a xuventude, regulados polo persoal municipal.
- Control deste apartado dende os Servizos Sociais do Concello como continuación da súa labor do día a día, xa que están ao tanto da realidade local e teñen unha visión axeitada das necesidades destes colectivos en Mondoñedo podendo así optimizar a inversión realizada neste eido (transversal deste apartado).

Este apartado é a consecuencia das obras de rehabilitación de inmobles e posta en marcha dos mesmos ben sexa de alugueiro ou de outros usos contemplados en Rexurbe que reactivarían a vida social e económica da cidade.

Unha vez executadas as obras, estas darán lugar a unha bolsa de vivenda que permitirá cubrir esta liña de actuación e que terá continuidade máis aló desta fase do Rexurbe aquí proposta. Así como permitirá que estes colectivos, poda mellorar a súa situación unha vez que teñen vivenda estable e, pola mesma, poden acceder a axudas

para e locais para poder poñer en marcha novos negocios que lles permitan saír desta situación de risco.

Actuacións da Liña 6: Fomentar a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promover a colaboración público - privada

- Concienciar, informar e promover o respecto e o deber pola conservación dos edificios a través de cursos, congresos, accións formativas, workshop, desenrolo do centro formativo "Muíño de Amandino", etc. en colaboración coa UDIMA, universidades galegas, Escola de Restauración de Pontevedra, IES San Rosendo de Mondoñedo e asociacións como Asociación Batitales coordinando todos os esforzos para levar a cabo unha concienciación xeral da poboación en xeral, inversores e empresas en particular. (transversal).
- Elaboración de publicacións, guías, folletos, webs, … que recollan os traballos presentados nas diversas accións formativas e divulgativas para poder aproveitar a súa influencia na poboación e no tecido industrial e de inversión máis aló das interaccións directas entre todos dentro de congresos, cursos, actividades formativas, etc.
- Fomentar a participación cidadá tal como xa se inclúe neste Plan de Dinamización e por calquera outro medio que poda ir surxindo. Potenciar a ferramenta de Participación Cidadá que o concello ten desenrolada en ordenanza propia (OP1) para que haxa un diálogo entre o que se fai, o que se amosa dende a administración e o que a poboación ve, considera ou demanda do plan para poder ilo perfilando e adaptando á cambiante realidade social.
- Promover a inversión e a colaboración público – privada:
    - Desenvolvemento dunha web e aplicación móbil con información de oportunidades de inversión en rehabilitación, inventario de vivendas e locais xa rehabilitados en venda ou aluguer, listado de profesionais especialistas na rehabilitación de edificacións e locais comerciais, axudas e subvencións dispoñibles para este fin.
    - Estudo da posibilidade de unir interiormente dúas edificacións situadas contiguas, conservando o seu aspecto tradicional.
- Facilitar os trámites a través dunha Oficina Rexurbe que saiba que se pode facer e que non en cada momento e permita a simplificación administrativa (OP4) facilitando así a inversión e a atacción de empresas e profesionais do sector para traballar en Mondoñedo (OP2 e OP3)

Esta é unha liña parella a todo o anterior. A concienciación da rehabilitación levarse a cabo a través da participación social, a través de accións formativas e charlas relacionadas con este eido, tal como xa se están a realizar neste Concello.

Ademais a propia rehabilitación creará a conciencia social das súa avantaxes e da positividade da colaboración público-privado pois ao final, dende o punto de vista da

propiedade a rehabilitación é tamén unha inversión de interese pois ponse en activo unha propiedade que está, na maior parte dos casos, parada a nivel económico polo alto nivel de deterioro.

REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

REHABILITACIÓN /RECONSTRUCIÓN DE NEGOCIOS E SUBVENCIÓN DE MELLORA DE LOCAIS COMERCIAIS

Así estímase que para esta primeira sección da primeira liña de rehabilitación de edificacións resulta preciso unha inversión total subvencionable de dous millóns trescentos vinte e nove mil euros (2.329.000,00 €) sen IVE. Establecendo unha porcentaxe de axuda do 30% do orzamento sen IVE, con un límite máximo por edificación de 100.000,00 €. Estimando de este xeito que a inversión total por parte da administración para financiar a rehabilitación de estes edificios quedaría en cincocentos doce mil douscentos vinte euros (512.220,00 €).

Na segunda sección, locais comerciais, contarían cun orzamento estimado a aportar pola administración pública de cento oitenta mil euros 90.000,00€, para cubrir unha inversión máxima dun 30% ata un máximo de 7.500,00€ por local comercial.

O 70% restante correría a cargo da iniciativa privada sendo así a inversión total de trescentos mil euros 300.000,00€.

ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

O **Instituto Galego da Vivenda e Solo** a través da Resolución do 4 de xuño de 2020 pola que acorda realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra de inmobles situados no Conxunto Histórico de Mondoñedo e no Barrio de Os Muíños para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación para vivendas de protección oficial de promoción pública co fin da mellora e conservación e recuperación do patrimonio por un importe total de **621.904,00 €**.

A maiores disto, **o Concello de Mondoñedo** está en tramites de adquirir dous inmobles en Rúa da Ponte que lle cederá ao IGVS a custe cero para a súa rehabilitación (a valoración dos inmobles é de 74.541,41 €)

Estas vivendas deberían rehabilitarse, para iso estímase un custo de 8.180.938,63 €

REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA VIVENDAS

Un segundo bloque estaría centrado na rehabilitación encamiñada á vivenda. Así teriamos dúas liñas dentro deste gran bloque

REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (MESTRES)

Estímase un orzamento total de inversión para ambas de 135.000,00 €

REHABILITACIÓN DE VIVENDAS PARTICULARES (ÁREA REHABILITACIÓN)

Estímase, polo tipo de obras que se veñen desenvolvendo Area de Rehabilitación de Mondoñedo, que as contías económicas dos obras a realizar o amparo dos posibles convenios a asinar nos próximos catro años, ademais do convenio recentemente asinado, poderían alcanzar o orzamento de 1.714.201,05 € para rehabilitación de inmobles destinados a vivendas de particulares.

INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS

AMPLIACIÓN ROCHA DE VÉLEZ /OS CASTROS E APARCADOIRO.

Para a apertura desta rúa xa se dispón xa dun anteproxecto da arquitecta Gloria Trigo Mayor, con un importe total para as obras de **catrocentos noventa e nove mil douscentos oitenta e seis euros con sesenta e catro céntimos (499.286,64€).** Anteproxecto incluído como un dos anexos do presente documento.

Por outra banda, as obras de acondicionamento para un aparcadoiro non teñen, polo momento, un proxecto definido para as mesmas. Con todo apórtase unha estimación sobre as parecelas afectadas que son, case todas elas, xa de titularidade municipal. **Establecendo unha estimación inicial de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€).**

AMPLIACIÓN CAMIÑO DA VALADA

Sen un proxecto de execución, en base á experiencia previa e a medicións realizadas en gabinete, establécese unha estimación de **orzamento para as obras de trescentos mil euros (300.000,00€).**

APARACADOIRO EN CASAS NOVAS E ADQUISICIÓN DE FINCA

Sendo o orzamento total das obras propostas para o proxecto de acondicionamento de tres parcelas para aparcamento en travesía casas novas 3 de 131.174,47€

Proponse ademais unha posible ampliación da zona de estacionamento que se está a executar coa adquisición de unha nova parcela de contigua a actual proposta por un importe de 26.000,00€

MELLORAS EN PRAZAS E XARDÍNS

PROXECTO ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DA CATEDRAL

O orzamento total das obras propostas para o proxecto de acondicionamento da praza da Catedral para mellora do uso público ascende á cantidade de 258.739,88 €

ACONDICIONAMENTO DO XARDÍN DA CASAS MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO

O orzamento total das obras a realizar para o acondicionamento do xardín e do acceso dende o calexón posterior ascende a cantidade de 48.393,20 €

PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO

O orzamento total das obras a realizar se estima en 172.767,28€

UN SEGUNDO PROXECTO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR NO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO (FASE II).

O orzamento total das obras a realizar se estima en 121.890,60€

Sendo o orzamento total das obras a realizar para as dúas fases inicialmente propostas de 294.657,88€

INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS

REHABILITACIÓN DA CAPELA DA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA

A rehabilitación da Capela da Orde Terceira Segrar Franciscana.

Esta rehabilitación estímase en douscentos oitenta e cinco mil euros 285.000,00€

ADQUISICIÓN E MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES

A inversión total desta intervención estimase en 577.623,15 €

AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO

Estase a levar a cabo a ampliación da residencia de maiores por parte da asociación de índole privado "Edad Dorada Mensajeros de la Paz" con una inversión de 544.713,29 €

REFORMA DA CASA DA CULTURA DE MONDOÑEDO

A inversión total desta intervención estimase en 96.800,00 €

PROXECTOS DE SINALIZACIÓN. PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

Aplicación informática de 13.915,00€

Rehabilitación e posta en valor do recurso turístico de 36.406,96€

Sendo o custo total para infraestruturas turísticas de 50.321,96€

PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA /ILUMINACIÓN

O proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumeado ornamental da Catedral en Mondoñedo estimase en 156.311,93€

MELLORAS NO PLANEAMENTO DA ÁREA REXURBE. REDACCIÓN NOVO PEPRI

Proponse a redacción de un novo "PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO (PEPRICH)" para o ambito da area Rexurbe

Sendo o custe total estimado para a redacción de un novo PEPRICH de 307.781,25€

ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN

Sendo o custe total estimado para a realización de actividades formativas (charlas seminarios) e talleres de recuperación de técnicas tradicionais para as catro anualidades de 29.000,00€

ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA TOTAL

A todo o previo habería que engadir o gasto asignado e equipos técnicos que ascendería a 704.184,23 €

Así estímase unha contía global de inversión do ata aquí citado, entre todos os axentes que intervirían nas accións propostas, ascende a dezaseis millóns novecentos corenta e oito mil setecentos vinte e oito euros e sesenta e catro céntimos (16.948.728,64 €). Esta inversión inclúe administracións públicas e axentes privados e detallarase no Bloque IV de viabilidade económica.

Detalle por bloques:

Rehabilitación de inmobles para iniciativas empresariais	2.629.000,00 €
Adquisición e rehabilitación de inmobles	8.180.938,63 €
Rehabilitación de inmobles para vivendas	1.578.802,13 €
Intervención en espazo públicos	1.808.252,07 €
Intervencións en equipamentos	1.710.770,33 €
Mellora do Planeamento en Área Rexurbe	307.781,25 €
Actuacións formativas en materia de rehabilitación	29.000,00 €
Equipos técnicos	704.184,23€
TOTAL	**16.948.728,64 €**

VIABILIDADE ECONÓMICA

A seguir apórtase un cadro resumo do total de investimentos previstos para estas obras propostas para levarse a cabo dentro da área Rexurbe de Mondoñedo tal como se explicou nos puntos previos.

	ACTUACIÓNS/CUANTIAS	COSTE TOTAL DA ACTUACIÓN	CMATV I.G.V.S.	CONSELLERÍA DE CULTURA	VICEPRESIDENCIA 1ª CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	CMATV D.X DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO	CONSELLERÍA DE EDUCACION, UNIVERSIDADE E F PROFESIONAL	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA MEPREGO E INDUSTRIA (IGAPE)	MINISTERIO DE TRANSICION ECOLOGICA (IDAE)	MINISTERIO DE TRANSPOTE, MOBILIDADE E AXENDA URBANA	DIPUTACION DE LUGO	APORTACIÓN DO CONCELLO DE MONDOÑEDO	APORTACIÓN PROMOTORES PRIVADOS
REHABILITACION DE INMOBLES: INICIATIVAS EMPRESARIAIS	REHABILITACIÓN / RECONSTRUCCIÓN DE NEGOCIOS	2.329.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 512.220,00	1.816.780,00
	SUBVENCIONS DE MELLORAS DE LOCAIS COMERCIAIS	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 0,00	0,00	0,00	0,00	(*) 90.000,00	210.000,00
ADQUISICIÓN E REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS	ADQUISICIÓN DE INMOBLES IGVS	696.445,41	621.904,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	74.541,41	0,00
	REHABILITACION / RECONSTRUCIÓN INMOBLES PROPIEDADE DO IGVS	4.870.800,00	4.870.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	REHABILITACION / RECONSTRUCIÓN INMOBLES DO CONCELLO CEDIDOS O IGVS	2.613.693,22	2.613.693,22	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS	**REHABILITACIÓN DE VIENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (ALUGUER SOCIAL)**	135.000,00	100.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	35.000,00	0,00
	REHABILITACION DE VIVENDAS PARTICULARES (AREA REHABILITACIÓN)	1.443.802,13	117.884,56	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	639.970,82	0,00	0,00	685.946,75
INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS	**OBRA DE URBANIZACIÓN DA RUA DOS CASTROS E ROCHA DE VÉLEZ**	499.286,64	0,00	0,00	0,00	387.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	112.086,64	0,00
	APARCAMENTO ROCHA DE VELEZ	250.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	250.000,00	0,00	0,00	0,00
	OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00	0,00	0,00
	APARCAMENTO CASAS NOVAS	131.174,47	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	131.174,47	0,00	0,00	0,00
	ADQUISICIÓN DE FINCA PARA AMPLIACIÓN DE APARCAMENTO	26.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	26.000,00	0,00	0,00
MELLORAS DE PRAZAS E XARDÍNS	**PROXECTO DE ACONDICIONAMIENTO DA PLAZA DA CATEDRAL**	258.739,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	194.054,91	0,00	64.684,97	0,00
	ACONDICIONAMENTO DO XARDIN DA CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO	48.393,20	0,00	48.393,20	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

	PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXETICA/ ILUMINACIÓN	**PROYECTOS DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGETICA DEL ALUMBRADO DEL C HISTÓRICO**	294.657,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	235.726,30	0,00	0,00	58.931,58	0,00
INTERVENCIÓNS EN EQUIPAMENTOS		**REHABILITACIÓN CAPELA ORDE TERCEIRA FRANCISCANA**	285.000,00	0,00	285.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	REHABILITACIÓN DE INMOBLES PARA EQUIPAMENTOS	**ADQUISICIÓN E MELLORA DE INMOBLE PARA CENTRO DE MENORES**	577.623,15	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	450.000,00	127.623,15
		AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE MONDOÑEDO	544.713,29	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	544.713,29
		REFORMA DA CASA DA CULTURA	96.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(**) 96.800,00	0,00
	PROXECTOS DE SINALIZACIÓN	**PROYECTO DE INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS**	50.321,96	0,00	0,00	32.709,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	17.612,69	0,00
	PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXETICA/ ILUMINACIÓN	**PROYECTOS DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGETICA ALUMBRADO CATEDRAL**	156.311,93	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	125.049,54	0,00	0,00	31.262,39	0,00

MELLORAS NO PLANEAMENTO DA AREA REXURBE	**REDACCION DE UN NUEVO PEPRI PARA EL CONJUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO**	307.781,25	0,00	0,00	0,00	307.781,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN	**TALLERES DE FORMACIÓN EN TECNICAS CONSTRUCTIVAS TRADICIONAIS**	29.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	4.000,00	2.500,00	2.500,00
EQUIPOS TÉCNICOS	**EQUIPOS TÉCNICOS DE XESTIÓN DO CENTRO REXURBE**	704.184,23	317.214,62	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	102.500,00	0,00	284.469,61	0,00
	TOTAIS	**16.948.728,64**	**8.641.496,40**	**333.393,20**	**32.709,27**	**694.981,25**	**20.000,00**	**0,00**	**360.775,84**	**1.317.700,20**	**330.000,00**	**1.830.109,29**	**3.387.563,19**
	% PARTICIPACIÓN	100,00%	50,99%	1,97%	0,38%	4,10%	0,12%	0,00%	2,13%	7,77%	1,95%	10,80%	19,99%

(*) Con asterisco e en vermello –Concello e IGAPE- Como xa se indicou a parte económica proposta a asumir pola IGAPE está metida dentro do gasto do Concello de Mondoñedo e será negociada por este para que sexa asumida por esta (IGAPE) ou por outra administración xa que con fondos propios o concello non pode asumir este gasto.

(**) Parte de esta cantidade tentaras que sexa asumida pola Secretaría Xeral para o Deporte, mediante sinatura dun convenio

NOTA FINAL: Inclúese unha anualidade 2020 na que se recollen as intervencións xa iniciadas nesta anualidade e vinculadas coa declaración de Mondoñedo como Área Rexurbe, tal e como se indicaba no punto 10.4 deste Plan de Dinamización

REPARTO DE ANUALIDADES

		ACTUACIÓNS/ANUALIDADES	2020	2021	2022	2023	2024
REHABILITACION DE INMOBLES: INICIATIVAS EMPRESARIAIS		SUB REHAB / RECONSTR INMOBLES NEGOCIOS	0,00	582.250,00	582.250,00	582.250,00	582.250,00
		SUBENCIÓNS MELLORAS DE LOCAIS COMERCIAIS	0,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00
ADQUISICIÓN E REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS		ADQUISICIÓN DE INMOBLES IGVS	621.904,00	74.541,41	0,00	0,00	0,00
		REHAB / RECONSTRUCIÓN INMOBLES IGVS	0,00	1.437.252,00	1.500.000,00	1.500.000,00	433.548,00
		REHAB / RECONSTRUCIÓN INMOBLES CEDIDOS DO CONCELLO O IGVS	0,00	65.342,00	1.048.351,22	1.000.000,00	500.000,00
REHABILITACION DE INMOBLES: PARA VIVENDAS		REHAB VIVENDAS MUNICIPAIS ALUGUER SOCIAL	0,00	67.500,00	67.500,00	0,00	0,00
		REHABILITACION DE VIVENDAS (AREA REHAB)	221.841,97	305.490,04	305.490,04	305.490,04	305.490,04
INTERVENCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS		AMPLIACIÓN OS CASTROS E ROCHA DE VÉLEZ	0,00	124.821,66	124.821,66	124.821,66	124.821,66
		APARCAMENTO ROCHA DE VELEZ	0,00	0,00	0,00	0,00	250.000,00
		OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA VALADA	0,00	0,00	150.000,00	150.000,00	0,00
		APARCAMENTO CASAS NOVAS	131.174,47	0,00	0,00	0,00	0,00
		ADQUISICIÓN DE FINCA PARA APARCAMENTO	0,00	26.000,00	0,00	0,00	0,00
Depósitos Cidade de Mondoñedo	1.000
	90
01 Depósito Oirán	150
02 Depósito Couboeira	25
03 Depósito Loubeira (Couboeira)	40
04 Depósito Brana (Oural)	75
05 Depósito Maior (Sta. Mª Maior)	250
06 Depósito Maariz (Santiago)	26
07 Depósito Monfadal (O Carme)	20
08 Depósito Valiñadares (Santiago)	490
09 Depósito Lindín (Lindín)	123
10 Depósito Oural (Sta. Mª Maior)	90
11 Depósito San Martiño (Figueiras)	35
12 Depósito S. Carlos (Santiago)	26
13 Depósito Vigo (Santiago)	250
14 Depósito Reganada (Vilamor)	45
TOTAL	2.735

A capacidade total dos depósitos é de 2.735 m^3. A Cidade sérvese desde os dous depósitos situados ao sur que contan cunha capacidade de 1.100 m^3 co que amosa unha folgura superior ao 80% con respecto á poboación que serve.

A rede de abastecemento está distribuída en tres zonas básicas. A norte que abastece parcialmente a A Couboeira e Oirán e conta con tres depósitos (140 m^3 de capacidade); a zona centro, que inclúe á Cidade, conta con oito depósitos (1.987). A zona sur subdivídese en tres ramais: unha que serve a S. Vicente – O Combarro – A Aldea, outra que serve a Lindín e Sta. María Maior e o último aos núcleos de A Braña e Ferreira.

Aínda que a maioría dos núcleos teñen captacións, depósitos e redes de abastecemento locais, algúns teñen problemas de abastecemento, fundamentalmente no verán, xa que aumenta a poboación e diminúen os recursos dispoñibles nos mananciais. Ademais, descoñécese a calidade da auga dos mananciais e a súa capacidade de abastecemento.

Outras infraestruturas.

Rede de gas.

Polo Termo Municipal de Mondoñedo discorren dous ramais do gasoduto para o transporte e distribución de gas natural na zona occidental do Principado de Asturias e na Comunidade Autónoma de Galicia.

O trazado do citado gasoduto de transporte inicia o percorrido polo termo municipal de Mondoñedo no descenso e con dirección ao oeste; bordea polo sur o núcleo de Villaverde, cruza o Val do río Masma e aproxímase á estrada de Pedrido a Retorta sen chegar a cruzala. Neste punto localízase un centro de válvulas de seccionamento de liña e a derivación para o ramal de San Ciprián.

Sae do citado punto en dirección noroeste e tras cruzar a estrada de Pedrido e Retorta diríxese á N-634. Oriéntase ao oeste e cruza a estrada para situarse na súa marxe esquerda en dirección a Vilalba. Cruza o río Valiñadares e o río Cesuras ata Pacios onde volve a cruzar a variante á N-634 en viaducto.

Despois xira ao norte alcanzando Pacios de Arriba, e logo en dirección oeste ascende por liña de máxima pendente ata alcanzar o alto de Coto do Pico e posteriormente o de Coto, Pilar de Pedra, abandonando o termo municipal por Sasdónigas.

A lonxitude do trazado neste municipio é de 11.816 m.

Rede de electricidade.

O territorio municipal de Mondoñedo é un espazo de paso de importantes liñas de alta tensión de distribución que teñen a súa confluencia na subestación de Mondoñedo. Os trazados se fan sen ningún criterio de ordenación territorial dada a ausencia de corredores eléctricos, determinando importantes servidumes tanto legais como funcionais.

3.8. ESTRUCTURA DA PROPIEDADE E USOS DO SOLO


A estrutura e forma de parcelación no termo municipal tense que describir en función das singulares características xeográficas do seu territorio, cunha clara diferenciación entre o monte e o val, como da súa relativa racionalización, introducida polos procesos de concentración parcelaria realizada e en fase avanzada de realización, concibida non só como ámbito de reparcelación do labradío e do prado, senón incorporando ao proceso o monte, cun relativo respecto aos ámbitos do casarío das aldeas e lugares.

A concentración parcelaria substitúe a estrutura e forma das agras de labradío tradicionais por unha malla xeometrizada. A relación das concentracións parcelarias é a seguinte:

Argomoso: Acordo recursos. 11.08.92.
O Carme: Terminada. 10.03.70.
Cesuras-Rego de Cas: Solicitada.
Mondoñedo-Zona Norte: Bases provisionais.
Lindín: Acordo recursos. 27.07.92.
Maior:Acordo recursos 22.11.93.
Oirán. Solicitada.
Sasdónigas: Bases definitivas. Aprobación do Acordo. 08.01.09.
San Vicente: Solicitada.
Viloalle: Paralizada.

Os montes veciñais clasificados en man común ocupan unha extensión de 3.683 Ha, o que representa o 25% da superficie municipal. A continuación relaciónanse ditos montes, indicando nome, superficie en hectáreas e pertenza.

NOME	SUPERFICIE	PERTENZA
Toxiza, Braña, Pena do Boi e Pombeiro	1.069	Parroquia de Figueiras
Paleira, Abeledo e Campas, Foro e Costa Vella	456	Parroquia de Couboeira
De Viloalle	538	Parroquia de Viloalle
Carracedo, Río Seco e Chao da Louxeira	245	Parroquia de Maior
Estelo, Braña e Toxiza	1.348	Lugares de Estelo e Trouceda



Inventario Forestal Mondoñedo

3.9. DEMOGRAFÍA, ORGANIZACIÓN TERRITORIAL E ACTIVIDADE ECONÓMICA.

3.9.1. Poboación

O municipio de Mondoñedo conta cunha poboación actual de 3.876 habitantes, segundo datos do IGE 2015, distribuída en 102 entidades de poboación dentro das 15 parroquias que conforman o municipio. Isto fai que a densidade de poboación sexa baixa: 27,01 hab/km^2.

Os datos estatísticos máis recentes para o concello de Mondoñedo mostran unha alta porcentaxe de poboación maior de 65 anos, similar á provincial. Este feito é unha mostra do progresivo envellecemento poboacional que xerou a alta emigración e que se agravou cunha diminución acusada da natalidade.


A evolución da poboación municipal de Mondoñedo presenta un comportamento similar ao conxunto de Galicia interior e en concreto ao da provincia de Lugo, cunha perda continuada de poboación desde principios de século, que tan só se ve interrompida na década 30-40 e 70-80, de tal xeito que a de 2015 é menor que a metade da de 1900.

Año	1900	1950	2000	2005	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Población	10.590	8.533	5.135	4.863	4.406	4.299	4.183	4.074	3.991	3.876

No caso de Mondoñedo, manifestáronse movementos migratorios significativos ao longo da súa historia o que influíu de maneira directa na evolución da poboación. A emigración dirixiuse nun primeiro momento cara a América, sobre todo Cuba, e a partir dos anos 50 a Europa Central, sobre todo Francia, Suíza e Alemaña, así como outras cidades españolas (Bilbao, Barcelona, Madrid).

Na actualidade os movementos migratorios son de menor incidencia e o fluxo principal é de tipo interprovincial ou se dirixe cara a outra comunidade española, mentres que a emigración transnacional é de escasa relevancia.

Este fenómeno migratorio, acompañado da caída da taxa de natalidade dá lugar a un envellecemento da poboación: o 34% da mesma ten máis de 65 anos, fronte a un 9% de menores de 16 anos. A taxa de natalidade é de 8,4 por mil e a de mortaldade de 11,2 por mil, o que proporciona unha perspectiva moi negativa para un futuro inmediato.



Pirámide poblacional municipio de Mondoñedo (IGE 2015)

A forma desta pirámide de poboación é de cono invertido, típico de poboacións envellecidas, cunha taxa de natalidade baixa e un baixo número de adultos.

Nestas condicións a perspectiva demográfica non aporta capacidade interna de recuperación, non podendo imaxinarse outra hipótese de mellora que non sexa a derivada de factores externos, de difícil caracterización no marco da regresión demográfica provincial.

A distribución da poboación por sexos responde tamén a esta estrutura de idades, con vantaxe para a poboación feminina (53,2% do total).

Esta análise pode realizarse a nivel parroquial, presentando lixeiros matices.

	% 0-15 anos	% 16-64 anos	% 65 e máis anos
MONDOÑEDO CIDADE	8,6	59,4	32,1
ARGOMOSO	9,5	51,2	39,3
A COUBOEIRA	4,7	55,3	40
FIGUEIRAS	7,9	57,9	34,2
LINDÍN	7,9	46,4	45,7
MASMA	6,6	49	44,4
MAIOR	9,4	48,8	41,8
OS REMEDIOS	9,2	56,9	33,9
O CARME	7,6	64,1	28,2
TRIGÁS	5,7	43,4	50,9
SANTIAGO	8,8	57,1	34,1
OIRÁN	9,9	56,7	33,3
SASDÓNIGAS	14,2	54,2	31,7
VILOALLE	10,3	54,9	34,9
VILAMOR	5,6	59,3	35,1

Da análise anterior destaca a situación das parroquias de Couboeira e Trigás, coas taxas máis baixas de xuventude e as máis altas de envellecemento, e a de Sasdónigas que é xusto o contrario, salvo na taxa de envellecemento que é lixeiramente superior á de O Carme. A Cidade móvese nuns parámetros similares aos da media municipal.

3.9.2. Estrutura territorial

A parroquia é unha unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada, aínda que que non recoñecida administrativamente. Tradicionalmente constituía a célula básica na organización das poboacións en Galicia, aínda que actualmente deixou de desempeñar esa función a favor dunha nova organización social. Cada parroquia ten un núcleo que é a capital, onde adoita atoparse a igrexa parroquial, e unha serie de entidades singulares de poboación.

A superficie do concello é de 142,7 km^2 e estruturase en 15 parroquias: Argomoso, Ou Carme, A Couboeira, Figueiras, Lindín, Masma, Mondoñedo (Nosa Señora do Carme), Oirán, Vos Remedios, San Vicente de Trigás, Santa María Maior, Santiago de Mondoñedo, Sasdónigas, Vilamor e Viloalle.



Parroquias do municipio de Mondoñedo

As parroquias de Mondoñedo non son homoxéneas en superficie. Fronte a un grupo de cinco parroquias que superan os 10 km^2, outras seis escasamente chegan aos 6,50 km^2, sendo a maior delas a de Os Remedios e a menor a de O Carme. Esta diversidade de superficie xunto cunha diferente distribución da poboación determina igualmente densidades heteroxéneas que van desde os 41,3 e 37,6 hab/km^2 de O Carme e Vilamor, respectivamente, aos 4,7 hab/km^2 de Figueiras, movéndose sete delas nun abano que vai desde 13 a 30 hab/ km^2.

PARROQUIA	Superficie (km^2)	% total	Densidade de Poboación (hab/km^2)	Población (2.015)	Nº Entidades
Argomoso (San Pedro)	6,50	4,55	7,7	50	5
A Couboeira (Sta. Mª Madalena)	10,02	7,02	5,9	59	5
Figueiras (San Martiño)	15,95	11,17	3,9	62	3
Lindín (Santiago)	6,60	4,62	14,8	98	5
Masma (St. André)	8,25	5,78	25,1	207	7
Mondoñedo (Cidudad)	-	-	-	1813	-
O Carme (Nosa Señora)	3,10	2,17	35,8	111	10
Oirán (Sto. Estevo)	8,20	5,75	14,0	115	3
Os Remedios (Nosa Señora)	28,12	19,70	19,1	537	18
Trigás (S. Vicente)	5,97	4,18	6,0	36	4
Sta. Mª Maior	19,82	13,88	11,0	218	11
Santiago de Mondoñedo	10,70	7,50	16,2	173	14
Sasdónigas (San Lorenzo)	5,70	3,99	13,7	78	3
Viloalle (Sta. María)	8,75	6,13	15,7	137	8
Vilamor (Sta. María)	5,67	3,97	32,1	182	6

Esta característica heteroxénea das parroquias ten a súa orixe na distribución territorial, correspondendo aquelas de maior extensión e menor poboación ás que incorporan unha maior superficie de monte, na súa meirande parte de carácter comunal. A baixa densidade do conxunto, así como o cadro xeral de minoría demográfica nun marco de política agraria de fomento vía concentración parcelaria, son indicativos de cambios nas estruturas de produción e competencia do mercado agropecuario, pero non contradín a relativa vixencia do modelo parroquial.

Para os efectos da análise debemos diferenciar o feito urbano da Cidade de Mondoñedo do resto do conxunto de asentamentos de carácter rural distribuídos de diferente xeito polo territorio municipal.

Esta característica heteroxénea das parroquias ten a súa orixe na distribución territorial, correspondendo aquelas de maior extensión e menor poboación ás que incorporan unha maior superficie de monte, na súa meirande parte de carácter comunal. A baixa densidade do conxunto, así como o cadro xeral de minoría demográfica nun marco de política agraria de fomento vía concentración parcelaria, son indicativos de cambios nas estruturas de produción e competencia do mercado agropecuario, pero non contradín a relativa vixencia do modelo parroquial.

Para os efectos da análise debemos diferenciar o feito urbano da Cidade de Mondoñedo do resto do conxunto de asentamentos de carácter rural distribuídos de diferente xeito polo territorio municipal.

Modelo de asentamentos.

O modelo de asentamentos fundaméntase na existencia dunha Cidade que absorbe o 46,7% da poboación municipal, e un conxunto de entidades de carácter rural distribuídas polo seu territorio.

O número de entidades singulares segundo Nomenclátor do 2015 é 101, máis a Cidade, repartidos en quince parroquias, o que representa unha media de 6,7 entidades por parroquia.

A media municipal é de 20,63 hab/entidade menor (isto é, sen contar a Cidade). Atendendo á distribución da poboación por parroquias (excluíndo a Cidade), Os Remedios ten o 26% da poboación de entidades menores seguida de Maior (10,6%) e Masma (10%). Por número de entidades, Os Remedios ten 18 entidades, seguida de Santiago (14) e Maior (11), pola contra Oirán e Sasdónigas teñen soamente 3 entidades.

Atendendo á densidade territorial bruta de ocupación, a densidade media é de 27,16 hab/km^2. Por parroquias a maior densidade bruta corresponde a O Carme (35,8 hab/Km^2), seguida de Vilamor 32,1 hab/km^2), fronte a escasa densidade de Figueiras (3,9 hab/ Km^2) e A Couboeira (5,9 hab/ Km^2).

Desta análise pódese concluír que a célula de asentamento dominante é a aldea nuclear de tamaño pequeno-medio, con preeminencia de lugares acasarados de desigual desenvolvemento situados no seu ámbito territorial, con lixeiros matices segundo se trate de territorios de val ou de montaña.

Caracterización do sistema de núcleos.

Os asentamentos organízase maioritariamente de xeito lonxitudinal segundo o eixe da estrada nacional 640 e do Val do Masma, abríndose en dous trazos a xeito de Y polos vales do Valiñadares e Cesuras. Esta disposición de asentamentos representa ao 63% da superficie ocupada pola edificación.

Xunto a esta organización lonxitudinal dos asentamentos no territorio, as cabeceiras parroquiais situadas maioritariamente nos planos altos e a media ladeira presentando uns importantes niveis de compactidade.

En canto á súa evolución, pódese falar dunha perda xeneralizada de densidade, que tan só consegue manterse parcialmente no contorno da Cidade de Mondoñedo e das vías principais, ocupando o Val do Cesuras, e nas cabeceiras parroquiais máis importantes, pese a que algunhas delas perden case que a metade da poboación.

A aldea, formada pola reunión de casais nun ámbito diferenciado asociado á proximidade de prados e á organización do labradío en agras, constitúe o tipo de núcleo dominante. Os procesos de concentración parcelaria levados a cabo reforzaron en xeral a centralidade e conservaron a forma das aldeas. Os núcleos da aldea son de formato pequeno-medio e de certa compactidade, podendo distinguirse pola súa forma, tipos de planta central ou estreladas como Centeas ou Burgo (Oirán), Seivane (Os Remedios) Castro (Lindín) e Chao da Aldea (Sasdónigas), ou de planta lineal coma Os Lamegos (Coubeira), Marquide (Masma), ou Rúa Travesa (Lindín).

Observando a distribución das aldeas no territorio, ás veces ponse de manifesto a proximidade ou contigüidade de núcleos de aldeas que, sen deixar de manter a súa individualidade, tenden a presentarse agrupadas. Estas agrupacións teñen expresión na morfoloxía tradicional como nubes ou racimos de lugares ou aldeas, e entre as que podemos destacar as que se agrupan en torno a Cesuras (Os Remedios) ou os Curros (Maior).

3.9.3. Vivenda

No último Censo de Vivenda, Mondoñedo presenta un parque total de 2.732 vivendas, das que o 60,6% constan como vivendas principais, por debaixo da media galega (65,95%) correspondendo un escasísimo 1,30% a vivendas secundarias. Resta un 26,31% de vivendas baleiras, por riba da media galega (18,63%).

	PRINCIPAIS	SECUNDARIAS	BALEIRAS	OUTRAS	TOTAL
VIVENDAS 1991	1755	46	560	4	2365
%	74,20	1,95	23,68	0,17	
VIVENDAS 2011	1656	352	719	5	2732
%	60,61	12,88	26,31	0,18	

A evolución do parque de vivenda durante a década dos anos noventa móstrase parella ao declive demográfico municipal. Nos vinte anos que van de 1991 a 2011 a pesar de que o parque de vivendas se incrementara en 367, redúcese o número de vivendas principais, incrementándose o número de vivendas secundarias considerablemente (306) e aumentado o número de vivendas baleiras no concello en 159.

En consecuencia estase ante un proceso de perda de parque de vivendas tradicionais por abandono. Ponse de manifesto a necesidade da existencia de políticas de rehabilitación recuperando o patrimonio construído.

Cómpre ter en conta, nesta diagnose da vivenda, o masivo proceso construtivo xeneralizado no período 2000-2007 debido a un modelo económico, baseado principalmente na construción e na actividade inversora da burbulla inmobiliaria. Isto tradúcese nunha construción masiva de vivenda, máis aló das previsións demográficas, coas miras postas na inversión especulativa.

3.9.4. Actividade económica

Analízase a continuación a distribución do sistema produtivo. A poboación activa do concello é do 42,2% inferior o da Comunidade Galega que está no 53,12%.

Segundo os datos obtidos para o ano 2015 a taxa de paro rexistrado no concello era do 14,36%, con un total de 212 parados rexistrados, inferior o rexistrado na provincia de Lugo (16,09%) ou da comunidade galega (19,3%).

Sector primario:

A primeira actividade económica do municipio é o sector primario, no que traballa aproximadamente o 42% da poboación ocupada.

A gandería oriéntase á poboación cárnica e láctea. Trátase dun sistema agrario minifundista, en réxime de explotación directa ou familiar, con escasa man de obra asalariada e inadecuado ou deficiente grao de mecanización. O gando máis importante é o vacún, con predominio da raza loura galega. Séguelle en importancia o porcino, case sempre destinado ao sacrificio en réxime de matanza domiciliaria.

Mención á parte merece o aproveitamento das mandas de cabalos que pastan libremente nas montañas e comercialízanse nas feiras de San Lucas. As explotacións avícolas e as de gando lanar e cabrío ocupan moita menor importancia.

A agricultura está orientada á produción de hortaliza xunto cunha gran riqueza forestal que constitúe un importante soporte para o desenvolvemento da industria madeireira.

Sector secundario:

A poboación ocupada no sector secundario é da orde do 27,8%, por baixo da media autonómica (31,29%). Destaca o sector da industria seguido do da construción. As industrias manufactureiras destacan en importancia sobre as extractivas.

Sector terciario:

Neste caso a capital municipal desempeña a función administrativa e comercial facendo que a porcentaxe da poboación dedicada ao sector servizos ascenda o 30,1% da poboación activa.

3.10. IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO MUNICIPAL

3.10.1. Áreas estratéxicas de conservación

As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT) definen e relacionan as Áreas Estratéxicas de Conservación de Galicia, entre as que se atopan os Espazos Naturais Protexidos da Ría de Foz-Masma e da Serra do Xistral, incluídos na Rede Natura 2000 e na Rede galega de espazos protexidos, e a Reserva da Biosfera Terras do Miño, área protexida por instrumentos internacionais. Así mesmo, as DOT inclúen aos espazos naturais delimitados e protexidos de acordo coas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais, aos humidais inventariados no Inventario de Humidais de Galicia (IHG) e aos Puntos de Interese Xeolóxico, nas Áreas Estratéxicas de Conservación de Galicia como Áreas complementarias dos espazos naturais protexidos.

- **Espazos naturais protexidos.**
  - Espazos Rede Natura 2000 e Rede galega de espazos protexidos

Ría de Foz-Masma.
Figuras de Protección:
Lugar de Importancia Comunitaria LIC Es 1120011.
Zona de Especial Protección dos Valores Naturais LIC Es 1120011.

Serra do Xistral.
Figuras de Protección:
Lugar de Importancia Comunitaria LIC ES1120015.
Zona de Especial Protección dos Valores Naturais LIC ES1120015.

A especial relevancia medioambiental e a alta fraxilidade ecolóxica do sistema fluvial Masma-Figueiras e da Serra do Xistral determinou a súa integración na Rede Natura 2000 e na Rede Galega de Espazos Protexidos e, así mesmo, que estes espazos naturais protexidos fosen propostos para seren incluídos nas Áreas Estratéxicas de Conservación de Galicia.

Os LICs da Ría de Foz-Masma e da Serra do Xistral foron declarados Zona de Especial Protección dos Valores Naturais conforme ao Decreto 72/2004, de 12 de abril, declara como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais os Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) e as Zonas de Especial Protección para as Aves que forman parte da Rede Natura 2000. Fóra do termo municipal, mais inserida na súa zona de influencia, emprázase a ZEPA ES0000373 Ría de Foz.

- Medio natural – Serra do Xistral


A Serra do Xistral está incluída nunha ampla porcentaxe nunha das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión, e de concentración local de aves ameazadas, segundo o establecido na "Resolución de 28 de julio de 2014".

Toda vez que se inclúe no LIC da Serra do Xistral, o Plan Xeral outorga a máxima protección posible desde o punto de vista urbanístico, clasificándoa como solo rústico de especial protección de espazos naturais.

- Áreas protexidas por instrumentos internacionais

Reserva da Biosfera de Terras do Miño.

Os elevados valores do patrimonio natural mindoniense e a súa relevancia para a conservación das paisaxes, os ecosistemas e a biodiversidade fan que parte do seu territorio fose integrado na Reserva da Biosfera de Terras do Miño.



Reservas da Biosfera de Galicia

As áreas núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño abranguen, no termo municipal de Mondoñedo, a Serra da Toxiza integrada no LIC Serra do Xistral e os ríos Figueira e Masma incluídos no sector meridional do LIC Ría de Foz-Masma.

- **Áreas complementarias dos espazos naturais protexidos.**

  - Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais

Covas do Rei Cintolo.

As Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Lugo (Orde da COTOP aprobada no ano 1991), protexen no termo municipal o espazo natural 15. Covas do Rei Cintolo.

- Inventario de Humidais de Galicia

No municipio de Mondoñedo, o Inventario de Humidais de Galicia recolle seis humidais emprazados total ou parcialmente no municipio, cuxas características se amosan no cadro seguinte. Soamente o complexo de humidais da Toxiza e, parcialmente, o humidal do Rego da Veiga, se atopan inseridos nos espazos naturais protexidos do termo.

CÓDIGO	NOME	SUPERFICIE	UTM	LIC
1120169	Ameneiral de Mondoñedo	7,93	633210-4811624	
1120276	A Toxiza - 2	642,71	624817-4810990	Serra do Xistral
1120306	Cova do Rei Cintolo	0,09	632310-4806320	
1120336	Chao da Lagoa	8,93	628842-4809793	
1120338	Rego da Veiga	28,30	626351-4814070	Serra do Xistral
1120340	Penedo Grande	9,91	629179-4816269	

- Puntos de Interese Xeolóxico

No Concello de Mondoñedo non existen Puntos de Interese Xeolóxico catalogados polo Instituto Geológico y Minero de España (IGME), no ano 1983. Con todo, no territorio mindoniense poden verse distintos elementos e paraxes do patrimonio xeolóxico incluídos no inventario de puntos de interese xeolóxico realizado polo Consello da Cultura Galega no ano 2004, con diversos elementos de interese xeomorfolóxico e paleoambiental que constitúen exemplos representativos da xeodiversidade galega e española. Efectivamente, no territorio do termo municipal de Mondoñedo identifícanse áreas de interese xeomorfolóxica como as "paisaxes graníticas e formas graníticas" dos afloramentos rochosos do Macizo da Toxiza (espazo catalogado no PHGC), os "vales fluviais encaixados" dos ríos Figueiras, Tronceda e Valiñadares, con "fervenzas, cadoiros e rápidos" de grande espectacularidade e interese paisaxístico, e as "covas en pedras calcarias" no val do río Valiñadares. Así mesmo, existen áreas de interese paleoambiental con "xacementos arqueolóxicos e paleoecolóxicos" asociados, fundamentalmente, os humidais do Macizo da Toxiza.

Entre os enclaves de interese xeomorfolóxico destaca a Cova do Rei Cintolo (un dos principais puntos de interese da Mariña), cavidade emprazada no contorno de Supena (Argomoso), cuxa boca ábrese ao pé dun cantil calcario de grande envergadura que se aprecia claramente na ladeira dereita do val do río Valiñadares.

Neste afloramento calcario (Calcaria de Vegadeo), que presenta unha lonxitude de uns 5 km entre Abadín e Mondoñedo, cunha potencia inferior aos 100 m, pousado sobre materiais silíceos pertencentes ás Lousas de Cándana, aprécianse un conxunto de covas netamente cársticas. Ademais da Cova do Rei Cintolo, a de maior lonxitude coñecida de Galicia, no ámbito dos afloramentos calcarios presentes en Mondoñedo, coñécense outras cavidades de menor entidade como a denominada Pozo Caldeiro, situada no lugar do Penido do Orxal, nas inmediacións da aldea de Pousalido, tamén na parroquia de Argomoso.

No territorio mindoniense existen numerosos saltos de auga de grande valor paisaxístico, favorecidos polos fortes desniveis que teñen que superar, na procura do fondo da Depresión de Mondoñedo, os cursos de auga que teñen o seu nacemento nas Serras Setentrionais e nos seus contrafortes. Entre o conxunto de fervenzas destaca a formado polo rego de Escourido preto da súa confluencia co río Valiñadares, no denominado Salto do Coro (Argomoso), sendo tamén salientables as fervenzas dos ríos Figueiras e da Veiga (Figueiras), así como a paraxe denominada A Fervenza (Viloalle), na que o río Tronceda conforma unha fermosa paraxe na que se suceden pequenos saltos e pozas, e en cuxo ámbito se empraza a Área Recreativa da Fervenza.

Por último, no Macizo da Toxiza e nos cordais adxacentes, existen diversas zonas de interese paleoambiental ligadas á presenza de turbeiras e breixeiras húmidas instaladas sobre os sedimentos de antigas turbeiras, que permiten interpretar a dinámica recente do clima e a vexetación.

3.10.2. Hábitats e especies de interese para a conservación

O territorio municipal acolle ecosistemas e hábitats naturais e seminaturais de contrastada fraxilidade, singularidade ou rareza, e un notable número de especies de flora e fauna, raras e de distribución reducida en Galicia, incluídas nas categorías de protección e ameaza establecidas pola lexislación. En consecuencia, terase que garantir un estado de conservación favorable tanto no que respecta aos hábitats naturais de interese comunitario incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, como ás especies de fauna e flora de especial interese para a conservación.

- **Hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario**

Dos máis de 20 hábitats de interese comunitario que se poden recoñecer no municipio, conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, recollidos no cadro que se mostra a continuación, é preciso significar a presenza dun elevado número de hábitats tipificados como de interese prioritario para a súa conservación, na súa meirande parte relacionados cos humidais e corredores fluviais.

En función da súa representación e extensión, destacan no municipio, segundo a información que achegan o "Inventario Nacional de Hábitats", o "Atlas y manual de los hábitats españoles", "Os Hábitats de Interese Comunitario de Galicia" e o "Sistema de Información Territorial da Biodiversidade (SITEB)", as Uceiras húmidas atlánticas de zonas templadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, hábitat natural prioritario, tipificado co código Nat-2000 4020*, as Uceiras secas europeas, tipificadas co código Nat-2000 4030, e as Turbeiras altas activas, hábitat natural prioritario tipificado co código Nat-2000 7110*.

Tamén é de grande importancia, no contexto galego, a alta diversidade e singularidade dos hábitats de interese comunitario vinculados aos substratos calcarios, dispostos a miúdo formando mosaicos, entre os que se atopan as Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*

(louredos), hábitat natural prioritario tipificado co código Nat-2000 5230*, as Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica (código Nat-2000 8210) e as Covas non explotadas polo turismo (código Nat-2000 8310).

Ademais, son salientables as áreas con Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (código Nat-2000 9230). Os Bosques aluviais residuais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae), hábitat natural prioritario tipificado co código Nat-2000 91E0*, aínda que representados, ocupan unha baixa extensión.

Os hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE presentes no termo, son os seguintes:

CÓDIGO	HÁBITATS DE INTERÉS COMUNITARIO
3110	Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.
3150	Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
3160	Lagos e estanques distróficos naturais.
3260	Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.
4020*	Uceiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
4030	Uceiras secas europeas.
5230*	Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*. Louredos.
6210	Prados secos seminaturais e facies de matogueira sobre substratos calcarios (*Festuco-Brometalia*) (* paraxes con notables orquídeas).
6220*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*.
6230*	Formacións herbosas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental).
6410	Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*).
6430	Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.
6510	Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).
7110*	Turbeiras altas activas.
7120	Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural.
7140	'Mires' de transición.
7150	Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*.
7220*	Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).
8210	Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica.
8220	Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica.
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dellinii.
8310	Covas non explotadas polo turismo.
9180*	Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*.
91E0*	Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
9260	Bosques de *Castanea sativa*. Soutos.
9380	Bosques de *Ilex aquifolium*. Acevedos.

Hábitats naturais e seminaturais de Interese Comunitario

*Hábitat prioritario

- **Especies de flora e fauna de especial interese para a conservación.**

Nos seguintes cadros recóllense as especies de flora e fauna de especial interese para a conservación en Mondoñedo, segundo a información dispoñible no SITEB, con indicación do seu carácter endémico e o seu status de conservación a nivel autonómico, nacional e europeo. Ademais, o acivro (Ilex aquifolium), especie protexida na comunidade autónoma mediante a Orde do 10 de decembro de 1984, de protección do acivro (DOG, nº 240 de 15/12/1984), está presente no territorio.

ESPECIE	DIRECTIVA 92/43/CEE	CNEA	CGEA
Arnica montana	ANEXO V	NC	NC
Barbilophozia binsteadii	-	NC	V
Dryopteris aemula	-	NC	V
Cladonia subgenus	ANEXO V	NC	NC
Frullania oakesiana	-	NC	V
Hymenophyllum tunbrigense	-	NC	V
Lycopodiella inundata	-	NC	EP
Metzgeria temperata	-	NC	V
Narcissus asturiensis	ANEXO II, IV	NC	NC
Narcissus bulbocodium	ANEXO V	NC	NC
Narcissus pseudonarcissus nobilis	ANEXO II, IV	NC	V
Narcissus triandrus	ANEXO IV	NC	NC
Ruscus aculeatus	ANEXO V	NC	NC
Schistostega pennata	-	NC	V
Sphagnum magellanicum	-	NC	V
Sphagnum pylaessii	ANEXO II	NC	V
Sphagnum sp.	ANEXO V	NC	NC
Spiranthes aestivalis	ANEXO IV	NC	V
Splachnum ampullaceum	-	NC	EP
Tayloria tenuis	-	NC	V
Ulota coarctata	-	NC	V
Woodwardia radicans	ANEXO II, IV	NC	V

Especies de flora de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

NC: Non Catalogada
NA: Non Ameazada
DIE: De Interese Especial
V:Vulnerable
EP: En Perigo de Extinción

Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA):

EP: Especies en perigo de extinción
V: Vulnerables

Real Decreto 439/90, polo que se regula o Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (CNEA). Modificado pola "Orden MAM/2784/2004, de 28 de mayo". Dentro diste distínguense as categorías:

EP: Especies en perigo de extinción
SAH: Sensibles á alteración do seu hábitat

V: Vulnerables
DIE: Especies de interese especial

Directiva Hábitats 92/43/CEE, de 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:

Anexo II: Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.
Anexo IV: Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estricta.
Anexo V: Especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida na natureza e cuxa explotación pode ser obxecto de medidas de xestión.

Entre os macroinvertebrados de interese, debido á súa inclusión en listados e disposicións legais de protección e de ameaza, citados no territorio, atópanse os seguintes.

ESPECIE	BERNA	DIRECTIVA 92/43/CEE	CNEA	CGEA
Lucanus cervus Vacaloura▲	III	ANEXO II	DIE	NC
Margaritifera margaritifera Mexillón de río	III	ANEXO II,V	-	EP
Geomalacus maculosus Lesma▲	II	ANEXO II	-	V
Elona quimperiana Caracol de Quimper	II	ANEXO II,IV	-	EP

Especies de Invertebrados de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

NC: Non Catalogada
NA: Non Ameazada
DIE: De Interese Especial
V:Vulnerable
EP: En Perigo de Extinción

Convenio de Berna, relativo á Conservación da vida Silvestre e o Medio Ambiente Natural en Europa:

Anexo II: Especies estrictamente protexidas.
Anexo III: Especies protexidas, cuxa explotación regularase de tal forma que as poboacións se manteñan fóra de perigo.

As fontes consultadas e a revisión bibliográfica indican que, por mor da diversidade de ecotopos e ecosistemas do municipio, existen varias especies de vertebrados de elevado interese para a conservación da diversidade biolóxica. A continuación relaciónanse as especies de vertebrados presentes no territorio cos valores de conservación máis destacados, ben por estar incluídos nos Catálogos de Especies Ameazadas, galego e nacional, nas Directivas Europeas de Aves e Hábitats, ou ben por ser especies endémicas. Como complemento, engádese información sobre os seus hábitats ou biótopos preferentes no termo, co gallo de identificar aqueles de maior vulnerabilidade.

ESPECIE	BIÓTOPOS*	CGEA	CNEA	DIRECTIVA 92/43/CEE
Chondrostoma duriense Boga do Douro▲	F	-	-	ANEXO II
Petromyzon marinus Lamprea	F	[V3]	EP	ANEXO II
Salmo salar Salmón	F	-	-	ANEXO II, IV

[3] Poboación do Cantábrico e Arco Atlántico

Especies de Peixes de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

F: Ríos, ribeiras e humidais
NC: Non Catalogada
NA: Non Ameazada
DIE: De Interese Especial
V:Vulnerable
EP: En Perigo de Extinción

ESPECIE	BIÓTOPOS*	CGEA	CNEA	DIRECTIVA 92/43/CEE
Chioglossa lusitanica Salamántiga galega▲	F	V	DIE	ANEXO II, IV
Lissotriton boscai Limpafontes común▲	A, C, F, M	NC	DIE	ANEXO II
Alytes obstetricans Sapiño comadrón	C, M	NC	DIE	ANEXO II, IV
Discoglossus galganoi Sapo raxado▲	F, M	NC	DIE	ANEXO II, IV
Bufo calamita Sapo corriqueiro	A, C, M	NC	DIE	ANEXO II, IV
Hyla arborea Estroza	F	V	DIE	ANEXO V
Pelophylax perezi Ra verde	F	V	DIE	ANEXO V
Rana iberica Ra patilonga▲	F	V	DIE	ANEXO II, IV
R. temporaria Ra vermella▲	A, C, F, M	V	DIE	ANEXO V
Triturus marmoratus Limpafontes verde	F	NC	DIE	ANEXO II, IV

Especies de Anfibios de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

A: Áreas Arboradas
C:Cultivos e Praderías
E: Edificacións
F: Ríos, ribeiras e humidais
M: Matogueiras
R: Rochedos e Cantís
V:Covas
NC: Non Catalogada
NA: Non Ameazada
DIE: De Interese Especial
V:Vulnerable
EP: En Perigo de Extinción

ESPECIE	BIÓTOPOS*	CGEA	CNEA	DIRECTIVA 92/43/CEE
Lacerta schreiberi Lagarto das silvas▲	C, F, M	NC	DIE	ANEXO II, IV
Iberolacerta monticola Lagartixa das serras▲	F, R, M	V[4]	DIE	ANEXO II, IV
Zootoca vivipara Lagartixa das brañas	F, M	V	DIE	ANEXO II
Coronella austriaca Cobra lagarteira común	A, M, R	NC	DIE	ANEXO II, IV
Podarcis bocagei Lagartixa galega▲	C, M	NC	NA	-

Especies de Réptiles de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

A: Áreas Arboradas
C:Cultivos e Praderías
E: Edificacións
F: Ríos, ribeiras e humidais
M: Matogueiras
R: Rochedos e Cantís
V:Covas
NC: Non Catalogada
NA: Non Ameazada
DIE: De Interese Especial
V:Vulnerable
EP: En Perigo de Extinción

ESPECIE	BIÓTOPOS*	CGEA	CNEA	DIRECTIVA 2009/147/CE
Caprimulgus europaeus Avenoiteira cincenta	A, M	NC	DIE	ANEXO I
Alcedo atthis Martiño peixeiro	F	NC	DIE	ANEXO I
Asio flammeus Curuxa das xunqueiras	C, F	NC	DIE	ANEXO I
Lullula arborea Cotovía	C, M	NC	DIE	ANEXO I
Sylvia undata Papuxa montesa	M	NC	DIE	ANEXO I

[1] Poboación nidificante.

Especies de Aves de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

ESPECIE	BIÓTOPOS*	CGEA	CNEA	DIRECTIVA 2009/147/CE
Ciconia ciconia Cegoña	C, F	V	DIE	ANEXO I
Pernis apivorus Miñato abelleiro	A, C, M	NC	DIE	ANEXO I
Milvus milvus Miñato real	A, C, M	EP	V	ANEXO I
Circus cyaneus Gataforneia	C, M	V	DIE	ANEXO I
Circus pygargus Rapina cinsenta	C, F, M	V	V	ANEXO I
Circaetus gallicus Águia albela	A, F, M	NC	DIE	ANEXO I
Gallinago gallinago Becacina cabra	C, F, M	EP[1]	DIE	ANEXO IIA,IIIB
Hieraaetus fasciatus Rapina perdiceira	M, R	V	V	ANEXO I
Tetrax tetrax Suseiro	C, M	EP	DIE	ANEXO I
Vanellus vanellus Avefría	C	EP[1]	NA	ANEXO IIB
Scolopax rusticola Chocha perdiz	A, F	V[1]	NA	ANEXO IIA, IIIB

[1] Poboación nidificante.

Especies de Aves de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

A: Áreas Arboradas
C:Cultivos e Praderías
E: Edificacións
F: Ríos, ribeiras e humidais
M: Matogueiras
R: Rochedos e Cantís
V:Covas

NC: Non Catalogada
NA: Non Ameazada
DIE: De Interese Especial
V:Vulnerable
EP: En Perigo de Extinción

Directiva Aves 2009/147/CE, de 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres:

Anexo I: Especies obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.
Anexo II: Especies que poderán ser obxecto de caza.
Anexo III: Especies que poderán ser obxecto de venta.

ESPECIE	BIÓTOPOS*	CGEA	CNEA	DIRECTIVA 92/43/CEE
Galemys pyrenaicus Furapreseiras▲	F	V	DIE	ANEXO IV
Talpa occidentalis Teupa▲	C	NC	NA	-
Rhinolophus hipposideros Morcego pequeno de ferradura	E, V	V	DIE	ANEXO II,IV
Rhinolophus ferrumequinum Morcego grande de ferradura	E, V	V	V	ANEXO II,IV
Rhinolophus euryale M. mediterráneo de ferradura	E, V	V	V	ANEXO II,IV
Plecotus auritus Morcego orelludo común	A, E, V	NC	DIE	ANEXO IV
Myotis myotis Morcego rateiro grande	E, V	V	V	ANEXO II,IV
Pipistrellus pipistrellus Morcego común	E, V	NC	DIE	ANEXO IV
Canis lupus Lobo	M, R	NC	NA	ANEXO V
Felis silvestris Gato bravo	A, M	NC	DIE	ANEXO IV
Lutra lutra Londra	A, C, F	NC	DIE	ANEXO IV

Especies de Mamíferos de Especial Interese para a Conservación (Consellería do Medio Rural)

A: Áreas Arboradas
C:Cultivos e Praderías
E: Edificacións
F: Ríos, ribeiras e humidais
M: Matogueiras
R: Rochedos e Cantís
V:Covas

NC: Non Catalogada
NA: Non Ameazada
DIE: De Interese Especial
V:Vulnerable
EP: En Perigo de Extinción

3.10.3. Espazos de interese natural

O territorio de Mondoñedo ten, como vimos de analizar, unha especial relevancia para a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade pois existen áreas cuns elevados valores ecolóxicos, xeolóxicos e paisaxísticos e cunha alta diversidade de recursos patrimoniais, entre as que destacan o complexo de humidais do Macizo da Toxiza, e os corredores fluviais do municipio, singularmente dos ríos Masma, Valiñadares e Figueiras, integrados na rede de espazos naturais protexidos. Ademais, repártense polo territorio do termo outros espazos de alto interese natural polos seus valores ecolóxicos, xeolóxicos e paisaxísticos como son a rede hidrográfica de inferior orde e os pequenos humidais, o cordal dos montes da Pena da Rocha, Pilar da Pedra, Alto de Campa Grande, Pena Morcán e Chao da Lagoa, e os vales dos ríos Tronceda e Valiñadares.

3.10.4. Espazos de interese paisaxístico

A configuración paisaxística do territorio municipal constitúe un dos grandes atractivos do Concello de Mondoñedo. O termo sitúase nun área de transición entre as terras do litoral e as comarcas do interior. Este privilexiado emprazamento determina que no territorio municipal existan espazos que presentan características paisaxísticas propias ben da costa ou ben das zonas de montaña.

No contexto rexional, as paisaxes da Mariña Central insírense nas clases de paisaxe do "Litoral Cántabro-Atlántico", dos "Vales sublitorais Cántabro-Atlánticos" e das "Serras", conforme ás unidades de paisaxe propostas para Galicia por Ramil Rego et al. (2005).

As paisaxes do litoral abranguidas entre a desembocadura do Eo e Estaca de Bares, que inclúen terras dominadas por materiais cámbricos e silúricos, cunha sección central granítica, e engloban rías de escaso desenvolvemento, grandes acantilados e a rasa, comprenden o tipo de paisaxes designadas como "Arco Cantábrico Galego". Pola súa parte, as paisaxes dos vales estarían comprendidas no tipo de paisaxes sublitorais definidas como "Sublitoral Cantábrico Galego" que inclúen as terras baixas e os vales dos ríos que conforman as Mariñas, progresando cara ao interior polas "bocarribeiras".

As paisaxes fortemente antropizadas caracterizan ao espazo sublitoral, onde a vexetación natural, e fundamentalmente os bosques, son escasos ou incluso inexistentes, ao ter sido substituídos por cultivos agrícolas e forestais. Por último, as áreas emprazadas a maior altitude e de perfil máis esgrevio, estarían encadradas, de acordo con estes autores, na unidade de Serras, que engloba aos distintos sistemas montañosos galegos, e, dentro desta, no tipo de paisaxe configurado polas Montañas Setentrionais Galegas, tamén designadas como Serras Galaico-Asturianas; unidade montañosa cuxas vertentes orientadas ao norte e superficies cimeiras teñen un neto carácter oceánico, marcado pola ausencia de seca estival e por unha elevada precipitación anual, denominada "Serras Galaico-Asturianas".

As paisaxes rurais ben conservadas, caracterizadas pola súa harmoniosa integración no medio e notables valores patrimoniais, son paisaxes con calidade e valiosas. O complexo agrario tradicional está encadrado nas unidades de paisaxe propostas por Bouhier en 1979, a partir da análise da estrutura organizativa do medio rural galego, denominadas como "Bocage (Serras Setentrionais), "Pequenas agras mesturadas con parcelas pechadas" e "Grandes agras (montañas orientais)".

O contrastado relevo municipal está caracterizado pola presenza dos contrafortes das serras setentrionais, conxunto de montes entre os que teñen especial relevancia a Serra da Toxiza, na que se acadan altitudes superiores aos 830 m. Discorren polas terras de Mondoñedo numerosos cursos de auga, destacando na conformación do territorio e das paisaxes mindonienses, no sector occidental do termo, o Figueiras e o Tronceda que descenden cara á súa desembocadura no Río Masma a través duns vales notablemente encaixados, e no central, o sistema fluvial Masma-Valiñadares que atravesa o territorio municipal articulando ao seu redor un achaiado val, fértil e ameno, no que destaca a presenza da Cidade de Mondoñedo. A singular conformación do territorio e o emprazamento da Cidade de Mondoñedo, no fondo da depresión, posibilita a existencia de diversos fitos paisaxísticos de alcance comarcal no seu recinto paisaxístico, como Padornelo, Pena da Rocha, Pena Morcán, Pico da Toxiza e Pombeiro. Na valoración das paisaxes cómpre ter en conta, así mesmo, a natureza e calidade do patrimonio cultural que se caracteriza pola existencia de numerosos elementos inventariados, entre os que destaca a Cidade de Mondoñedo e os xacementos e zonas cunha alta potencialidade arqueolóxica.

Neste contexto, no municipio existen espazos de alto interese paisaxístico que concentran distintos elementos de interese natural e patrimonial cunha relevancia e/ou densidade que ten expresión territorial de grande escala, sobre os que cómpre ter unha especial atención para garantir a preservación dos seus valores. Entre os espazos de interese paisaxístico do termo destacan a Serra da Toxiza e os vales dos ríos Figueiras, Masma, Tronceda e Valiñadares, parcialmente inseridos nos espazos naturais protexidos da Serra do Xistral e da Ría de Foz-Masma, así como o val do Río Valiñadares situado augas arriba da cidade, co seu sistema fluvial e co afloramento calcario que acolle ás Covas do Rei Cintolo. Ademais, teñen elevado interese paisaxístico como fitos paisaxísticos comarcais, os espazos sobresaíntes da Fraga Vella, Pombeiro, Padornelo, Pena do Boi, Pena da Rocha, Pena Morcán e Pico da Toxiza, referencias visuais do territorio mindoniense. Así mesmo, cómpre valorar os espazos de interese forestal por acoller algunhas das máis importantes masas de caducifolias, como as comprendidas no val de Tronceda, San Carlos, O Ribón, Escairo, Caxigo, Angüin, Santa Margarida-Campiceiro, Os Cregos, Maior, Val de Baus, Río Seco e Sasdónigas, e as áreas de val de Oirán, Verdal, Couboeira, Figueiras, Cesures ou Baus.

Entre as rotas paisaxísticas ou panorámicas do termo, é preciso significar á Ruta de Peregrinación da Costa do Camiño Norte a Santiago, singularmente no contorno da Cidade de Mondoñedo e na súa coincidencia coa antiga estrada N-634, as Rotas Turísticas e de sendeirismo comarcal e local, como son a Rota Pardo de Cela e a Rota da Auga, respectivamente, así como as estradas que permiten visións panorámicas do territorio mindoniense e da cidade, LU-124, LU-3102, LU-3104 e LU-3106, e LU-3108.

3.10.5. Espazos e elementos de interese cultural

O abundante patrimonio cultural do Concello de Mondoñedo é dun interese extraordinario. O Inventario de Patrimonio Histórico-Artístico recolle diversos elementos patrimoniais, nos que destacan especialmente os Bens de Interese Cultural da Catedral da Nosa Señora dos Remedios (declarada Monumento por disposición da Lei de 23/5/1902, publicada no GAC do 24/5/1902) e do Conxunto Histórico Casco Antigo de Mondoñedo. Ademais, a Ruta de Peregrinación da Costa do Camiño Norte a Santiago introduce toda a riqueza do patrimonio asociado a este itinerario xacobeo.

A Cidade de Mondoñedo non só representa un importante centro de servizos no seu contorno comarcal senón que é un dos máis senlleiros conxuntos histórico-artísticos de Galicia, declarado Ben de Interese Cultural mediante Decreto 91/1985, de 2 de maio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. O feito de ser a cidade unha das sete antigas capitais de provincia do Reino de Galicia, e sé episcopal, fai do seu casco histórico un dos máis salientables e, pese á crise demográfica que sofre, mellor conservados de Galicia.

As Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de Lugo (DOGA do 12 de xullo de 1991) inclúen, no Inventario de Patrimonio Histórico-Artístico, os seguintes elementos do concello de Mondoñedo:

ARQUEOLOXÍA:

CASTREXO

Castro da Couboeira	A Couboeira
Castro de Lindín	Lindín
Castro de Masma	Masma
Castro da Recadieira	Os Remedios. Mondoñedo
Castro do Valiño	Os Remedios. Mondoñedo
A Croa de Zoñán	Os Remedios. Mondoñedo
Castro	Lindín
Castro	Maior

ARTE:

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Parroquia de San Pedro	Argomoso
Capela de San Antonio	Argomoso
Parroquia de Santa María Madanela	A Couboeira
Igrexa parroquial	Figueiras
Parroquial de Santiago	Lindín
Capela do Castro	Lindín
Igrexa parroquial	Sta. María Maior
Parroquial de Santo Andrés	Masma
Capela de Santo Antonio	Masma
Capela de San Ramón	Masma
Igrexa Catedral	Mondoñedo
Parroquial de Santiago	Mondoñedo
Capela de San Roque	Mondoñedo
Convento de Alcántara	Mondoñedo
Seminario de Santa Catalina	Mondoñedo
Mosteiro da Concepción	Mondoñedo
Parroquial do Carme	Mondoñedo
Mosteiro dos Pinos	Mondoñedo
Capela de San Isidro	Mondoñedo
Capela de San Xoán	Mondoñedo
- **Técnico de garda:** Persoa asignada para dirixir as accións de extinción no seu ámbito territorial cando se establecen gardas ou roldas, coa obriga de informar ao Xefe de Garda das novidades recibidas.
- **Técnico superior do S.P.D.C.I.F.:** Persoal que estando en posesión da titulación correspondente, desenvolve as funcións propias da mesma nunha praza que require coñecementos especializados.
- **Vehículo motobomba:** Vehículo todoterreo equipado con cisterna e bomba de auga. Actúa mediante auga ou auga con retardante a presión.
- **Vixilante fixo do S.P.D.C.I.F.:** Persoal que se ocupa da vixilancia de incendios dende puntos fixos determinados.
- **Vixilante móbil do S.P.D.C.I.F.:** Persoal que se ocupa da vixilancia de incendios utilizando os medios de desprazamento postos á súa disposición e que realiza labores, que esixen predominantemente esforzo físico, vinculados a funcións de prevención e defensa contra incendios.
- **Vulnerabilidade:** Grao de perdas ou danos que poden sufrir, ante un incendio forestal, a poboación, os bens e o medio ambiente.
- **Xefe de brigada do S.P.D.C.I.F.:** Persoal con coñecementos completos dos traballos e obras a realizar, que teñen ao seu cargo de modo persoal e directo a vixilancia e execución das tarefas de prevención e extinción de incendios forestais.
- **Xefe de garda:** É o máximo responsable da dirección e coordinación da loita contra incendios forestais no seu ámbito territorial cando se establecen gardas nos centros de coordinación.
- **ZAR:** Zonas de alto risco de incendio.
- **Zona de extinción:** Zona formada polo perímetro do lume, nesta zona desenvolveranse as labores de extinción, control e saneamento do lume
- **Zona base:** Zona de concentración de equipos materiais e humanos relacionados coa emerxencia, onde se pode establecer o PMA.
- **Zona de socorro:** De forma xeral, será a zona inmediatamente anterior á zona de extinción, onde se situará o Grupo sanitario.

2. DESCRIPCIÓN TERRITORIAL DA COMARCA XEOFORESTAL


A situación de Galicia, no extremo noroeste da península ibérica, rodeada de mar nas tres cuartas partes do seu contorno e limitada no resto por sistemas montañosos con elevacións en xeral superiores ós 1200 m fan que en Galicia a gama de formas do seu relevo sexa moi ampla.

A descontinuidade da paisaxe topográfica galega, que manifesta o seu rico pasado xeolóxico, a diversidade de climas e estacións, a variabilidade litolóxica e edáfica ou heteroxeneidade de usos e costumes, dificultan enormemente a análise global dos factores físicos determinantes do ecosistema forestal galego.

Polo tanto, resulta obrigado buscar unidades de análise con certo grado de homoxeneidade, que permitan aproximarse á realidade e, unha vez examinadas, percibir unha visión de conxunto.

En función de parámetros xeográficos, establecéronse sete comarcas xeoforestais para todo o territorio galego. Cinco delas, Costa Norte, Costa Atlántica, Meseta Central, Montaña Nororiental e Interior Sur, pertencen a rexión Eurosiberiana e as dúas restantes, Vales Interiores e Montaña Suroriental, á rexión corolóxica Mediterránea.

Segundo o Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Resolución de 26 de xuño de 2001 publicada no DOG do 23 de agosto de 2001), o Concello de Mondoñedo pertence o Distrito Forestal VI, Demarcación de A Mariña Central (xunto os concellos de Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá e O Valadouro).



Comarcas Xeoforestais Galicia

COMARCA XEOFORESTAL: COSTA NORTE

Ocupa esta comarca xeoforestal unha franxa costeira ó norte das provincias de A Coruña e Lugo de un ancho aproximado de 35 km e 90 km de largo, con unha superficie de 353.500 ha.

As precipitacións varían nesta zona desde pouco máis de 1.000 mm nas proximidades do mar hasta los 2.000 mm nos altos de A Faladoira e de O Xistral coa típica distribución para Galicia do forte descenso en xullo e agosto.

Un carácter climático que diferenza a zona costeira do norte da zona atlántica é a maior presenza de néboas e orballos na estación estival, por causa de los ventos do norte que nos manda o anticiclón atlántico.

Ventos mariños frescos que aquí chegan con suficiente humidade para orixinar néboas, ó ascender por vales e ladeiras atenuando la seca do verán. Así vemos que a radiación solar en onda corta é, 280 cal./cm/día na Costa Cantábrica e pasa a 340 no sur da Costa Atlántica (Vigo), diferenza excesiva para ser explicada solo pola latitude.

En canto ó réxime térmico hai que sinalar que estamos na comarca galega onde a amplitude térmica, diferenza entre a temperatura media do mes máis cálido e a do mes máis frío, é menor, amplitude que está comprendida entre 8,5° C e 9,5° C en case toda a área. As temperaturas medias anuais están comprendidas entre 14° C e 9° C.

Non se dan na comarca fríos invernais extremados, como o demostra o feito de que el eucalipto globulus pode superar en posición de ladeira os 600 m sen que aparezan síntomas de danos por xeada, si ben a esas altitudes o frío de verán e o vento dos frecuentes temporais no lle permiten exhibir a su recoñecida capacidade de crecemento.

Estes dous factores, frío de verán e vento, frean a produción non solo do eucalipto senón de calquera outro tipo de árbore.

En canto a vexetación, a presenza da serie sucesional galaico-asturiana acidófila do carballo pedunculado con loureiro por debaixo de 400 m e blechno na montaña por riba de aquela cota, serviu para delimitar en grandes liñas esta comarca xeoforestal, que queda dentro do sector corolóxico Galaico-Asturiano, provincia Cántabro-Atlántica da región Eurosiberiana.

Dous son os compoñentes principais, por non dicir exclusivos, dos poucos bosques autóctonos existentes: uno, o Betula celtibérica ou bidueiro, o que o seu abundante e fácil rexeneración a distancia e o seu carácter pioneiro permítelle apoderarse inmediatamente despois dos incendios dos montes de maleza que non sexan demasiado soleados, ou das terras frescas de cultivo abandonadas; outro, o carballo pedunculado.

Nos montes rasos caracterizase esta comarca pola gran extensión que ocupan, en terreos degradados por antigas deforestacións, os brezales de Erica mackaiana e o toxo anano ou toxo Ulex gallii (Uliceto-Ericetum mackaianae).

Outro brezal típico, pero non exclusivo da comarca, é o formado pola E. arbórea en ladeiras frías, menos degradadas por ser de deforestación máis recente. Entre los piornales merece citarse, por ser exclusivo da zona, e o formado polo Cytisus ingramii (puxeda), mata pequena odiada polos agricultores por non dar leña e polo seu carácter invasor, en contraste co C. striatus, único que cultivaban polo seu maior tamaño, e o máis espontáneo e estendido C. scoparius.

Os aspectos climatolóxicos, a vexetación existente, así como o análise dos espazos naturais e protexidos do Concello de Mondoñedo xa foron definidos no apartado "Descrición do Termino Municipal".

3. ANÁLISE DO RISCO. VULNERABILIDADE. ZONIFICACIÓN DO TERRITORIO

O incendio forestal defínese como o lume que se estende sen control sobre terreo forestal afectando a vexetación que non estaba destinada a arder e que, segundo o tipo de vexetación e superficie queimada, se clasifica en conato, incendio ou queima:



Esquema de lume forestal segundo superficie queimada

3.1. ANÁLISE DO RISCO E CLASIFICACIÓN

Defínese risco de incendio como a probabilidade de que aconteza un lume nunha zona e nun intervalo de tempo determinados. A análise do territorio respecto ao seu risco de incendio forestal é fundamental para unha mellor distribución espacial dos recursos de prevención e extinción contra incendios forestais.

O índice de risco calcúlase en base a tres índices:

- Índice de frecuencia.
- Índice de causalidade.
- Perigo do combustible forestal (segundo características e estado).

O cálculo dos índices diarios de perigo é competencia do S.D.C.I.F. (Centros Coordinación Incendios Forestais).

Defínense tres épocas segundo o perigo potencial de incendios forestais:

- Época de perigo alto:

Meses de xullo, agosto e setembro, mais un período adicional de aproximadamente un mes en función das condición meteorolóxicas e de risco, aplicaranse medidas restritivas no uso de lume nas zonas agrícolas e forestais. O despregue de medios de extinción e alerta deberán ser os máximos, en función da avaliación do risco e da vulnerabilidade.

- Época de perigo medio:

A época de perigo medio comprende, con carácter xeral, os meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e outubro, se ben calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta cando as circunstancias así o requiran. Os medios de detección e extinción permanecerán en alerta cun despregue reducido. Aplicaranse medidas restritivas para o uso do lume en terreos forestais ou agrícolas.

- Época de perigo baixo:

Con carácter xeral comprende os meses de xaneiro, novembro e decembro. Ao igual que no caso anterior, calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta á fixada cando as circunstancias así o requiran. Non é preciso adoptar precaucións especiais e o despregue de medios será o adecuado ao nivel de risco previsto nas diferentes zonas.

En calquera destas épocas de perigo deberase considerar a posibilidade de situacións especiais, derivadas das condicións meteorolóxicas ou doutras circunstancias agravantes do risco, que obriguen a intensificar a vixilancia preventiva e a máxima utilización dos medios previstos.

Declarado un incendio forestal a dirección da emerxencia corresponderá á persoa ou comité creado ó efecto, segundo o nivel de gravidade potencial da situación e tendo en conta a seguinte escala:

- Nivel 0:

Incendios forestais que poden ser controlados cos medios do Concello previstos no Plan.
Na súa evolución máis desfavorable, non hai ameaza ningunha para aquelas persoas non relacionadas co dispositivo de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal, e o dano forestal esperable é moi reducido (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).

- Nivel 1:

Incendios forestais que podendo ser controlados cos medios do concello previstos neste plan representan unha ameaza para as persoas (excepto membros das brigadas de extinción) ou os bens distintos dos de carácter forestal.

- Nivel 2:


Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das infraestruturas de especial importancia, e o dano forestal esperable é moi importante (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada), de xeito que se fai necesario adoptar inmediatamente medidas para a atención e o socorro da poboación ou para a protección dos bens.

Previse a necesidade de medios non previstos neste plan ou comporten situacións de emerxencia que deriven cara o interese nacional. Para a declaración de Nivel 2 considéranse dúas situacións:

- 2.R-0 (relacionado co Nivel 0). Cando nun Nivel 0 sexan necesarios medios non previstos no Plan, e só estean en perigo bens forestais, pásase directamente ao Nivel 2.
- 2.R-1 (relacionado co Nivel 1) Cando estando no nivel 1 sexan precisos medios non previstos no Plan.

- Nivel 3:

Referido a aqueles incendios que pola súa especial gravidade así sexan declarados polo Ministro do Interior.



Índice de Risco Diario de Incendio forestal (IRDI)

O IRDI establece o risco diario de ocorrencia de incendio forestal e determínase en función de distintos factores (meteoroloxía, estado da vexetación, estado do solo, etc.) que determinan a probabilidade de que se produza un incendio. Establécense 5 niveis:

Índice IRDI	Grao de perigo	FWI	Cor
1	Baixo	0 - 3	Azul
2	Moderado	3.1 - 13	Verde
3	Alto	13.1 - 23	Amarelo
4	Moi alto	23.1 – 28	Laranxa
5	Extremo	> 28	Vermello

Clasificación do índice de risco diario de incendio forestal.

O índice dáse a coñecer diariamente nunha aplicación SIX na Web da Consellería do Medio Rural.

O IRDI constitúe unha ferramenta de planificación que se emprega para predicir o perigo de incendio no tempo e no espazo e para tomar decisión sobre o grao de alerta dos medios e a posibilidade ou non de empregar o lume para a eliminación de restos e outros traballos.

3.2. VULNERABILIDADE

As consecuencias das emerxencias de calquera natureza, dende a perspectiva de Protección Civil, requírese unha análise cuantitativa en función da presenza dos elementos vulnerables expostos aos factores de risco que as causan: persoas, bens e medio ambiente. A vulnerabilidade defínese como a previsión das consecuencias ou efectos negativos sobre as persoas, os bens e o medio ambiente, como resultado da materialización do risco que orixina a emerxencia.

As infraestruturas, instalacións, o valor económico integral dos sistemas naturais e o patrimonio histórico - artístico, son outros valores a protexer.

Pero sen dúbida, a vida e seguridade das persoas, representa o valor básico e prioritario de calquera planificación en materia de Protección Civil. O número de habitantes dos municipios incide de xeito determinante nas consecuencias dunha emerxencia, e non unicamente polos danos que sufrirían os seus habitantes, senón pola súa relación directa coas causas que a orixinan. Resulta polo tanto imprescindible estratificar o territorio galego en función dos seus diferentes niveis de poboación, para o que se procedeu a clasificar os 315 termos municipais en clases homoxéneas definidas pola maior ou menor presenza poboacional. Segundo a distribución da poboación establecéronse cinco rangos significativos, asignando a cada termo municipal un Índice de Vulnerabilidade Poboacional en función da seguinte clasificación:

Clasificación do Índice de Vulnerabilidade

Índice de Vulnerabilidade	Rangos de poboación (hab.)
Moi Baixo	< 2.500
Baixo	2.500 - 5.000
Moderado	5.000 - 10.000
Alto	10.000 - 20.000
Moi Alto	>20.000

A partir desta clasificación obtívose un valor do índice para cada termo municipal, que no caso de Mondoñedo se clasifica como Baixo.


Para calculala vulnerabilidade, dáse un valor a cada elemento vulnerable, sendo prioritario o risco para a vida, zonas habitadas, valor ecolóxico e patrimonial.

3.3. ZONIFICACIÓN

A partir da Resolución do 27 de decembro, publicada no D.O.G. 250 do 29 de decembro de 1999, a zonificación do territorio a efectos de defensa contra os incendios forestais pasa a ser de: Provincias, Distritos Forestais, Demarcacións forestais e Concellos.

A efectos de defensa contra incendios forestais o Concello de Mondoñedo encádrase na Provincia de Lugo, Distrito Ambiental VI, Demarcación Mariña Central.


Distrito Forestal VI. A Mariña Lucense
Rúa Alonso Pérez, s/n 27850-Viveiro
Teléfono: 982 561 018
Fax: 982 561 018



Distritos forestais

A "Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal" desenvolve os artigos 11 e 12 da "Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza" e determina as Zonas de Alto e Medio Risco de incendio.Segundo establece esta Orde o resto dos concellos serán considerados incluídos en zona de medio risco de incendio forestal. Nas ZAR levaranse a cabo accións máis intensas de vixilancia, disuasión e investigación que no resto do territorio.

Polo tanto, o concello de Mondoñedo o non estar clasificado como Zona de Alto Risco de Incendio Forestal (ZAR), considerase incluído en zona de medio risco.



En laranxa as zonas de alto risco de incendio

Así mesmo, aos efectos da optimización dos recursos e medios policiais priorizaranse aquelas parroquias de especial vixilancia policial, agrupadas nas Zonas de Especial Vixilancia (ZEV). Denomínanse como Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI), e que debido o número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles. No concello de Mondoñedo non se localiza ningunha parroquia catalogada como PAAI.

Dentro do concello a zonificación que imos establecer é a seguinte:

Áreas de risco para a poboación:

Núcleos de poboación, zonas industriais, estradas (pola posibilidade de accidentes), e en xeral todas as zonas nas que o incendio poida representar un perigo para as persoas (distintas do persoal de extinción) e os seus bens (distintos dos de natureza forestal).

En xeral considerarase que un incendio representa un perigo para a poboación cando se atope a menos de 300 metros dos lugares citados.

Áreas de risco forestal:

Cando o lume non un supoña máis perigo que aquel derivado da destrución de bens forestais.

Trátase en xeral de zonas con un terreo accidentado ou moi accidentado, con elevacións importantes e ámbitos de forte pendente.

No municipio distínguense as seguintes áreas de risco por parroquias:

Argomoso (San Pedro):

As zonas de maior risco son os montes situados na parroquia de Argomoso, ó sur do municipio de Mondoñedo, moi próximos á A-8, e denominados como Monte ou Fraga de Argomoso, Coto Redondo, Monte da Farrapa e Monte do Chao de Ameixón, e na que destaca a Cova do Rei Cintolo considerado Espazo Natural de Singular Interese. A vexetación da zona está composta principalmente por especies de caducifolias, mato e mestura de diversas especies arbóreas.

A parroquia de Argomoso conta con ademais con un monte veciñal en man común con unha superficie total de 263 ha.

O terreo é bastante accidentado e de pendentes relativamente fortes, con altitudes que van desde os 200 ata os 746 metros.

Os accesos a esa zona son os camiños de servizo dende os pobos da parroquia que enlazan coa CP 3102 de Mondoñedo a Argomoso ou a LU-122 de Lindín a Paxares.

Os núcleos de poboación preto das masas forestais son: Pardiñas, Escourido, A Cuba.



Zonas de risco Argomoso

A Couboeira (Sta. María Madalena):

En este caso, a parroquia da Couboeira sitúase ó norte do municipio, trátase dun espazo que se organiza entorno o val do rego Couboeira, con altitudes medias de 250-300 metros e no que destaca o Coto do Pombo, Coto de Viñín lindando ó sur co Monte da Croa ou Pombeiro (espazo paisaxístico sobresaínte) e con unha altitude entorno os 658 m. Destacar que o principal uso do solo en esta zona son as plantacións de eucalipto xunto con outras árbores como coníferas.

Os principais accesos a esa zona son os camiños de servizo dende os pobos da parroquia que enlazan coa LU-160 de Mondoñedo a Ferreira de Valadouro.

Os núcleos de poboación preto das masas forestais son: A Campá, O Campo do Arco, A Franca, Os Lamegos, Souto.



Zonas de risco A Couboeira

Figueiras (San Martiño):

Parroquia situada ó oeste do municipio, e limitando ó norte con A Couboeira. A principal zona de risco é Serra da Toxica (838 m) que forma parte do ZEC Serra do Xistral (Zona de Interese Ecolóxico) e na que destaca a Fraga Vella considerado Espazo Natural de Singular Interese e Pena do Boi (espazo paisaxístico sobresaínte). A vexetación da zona está composta principalmente por plantacións de coníferas, mato e mestura de diversas especies arbóreas.

Monte de man común veciñal de nome Toxiza, Braña, Pena do Boi e Pompeiro, pertencente os veciños da parroquia de Figueiras e con unha superficie total de 1069 ha.

Os principais accesos a esa zona son os camiños veciñais que enlazan coa LU-P 3106 (de Mondoñedo a Cesuras e Estelo). Os núcleos de poboación con mais risco pola súa proximidade as masas forestais son San Martiño, O Romeo e A Aldea.



Zonas de risco Figueiras

Lindín (Santiago):

Localízase ó este do concello, no límite co municipio de Lourenzá. Neste caso as principais áreas de risco sitúanse nos montes das Rozas e Padornelo, con alturas que van dende os 350 aos 618 do alto do Padornelo (de interese paisaxística).

A vexetación da zona está composta principalmente por plantacións de eucalipto, especies caducifolias mato e mestura de diversas especies arbóreas. Nas zonas mais baixas os terreos están ocupados por cultivos e prados.

Os principais vía de acceso a esa zona é a LU-P 2803 (de Santo Tomé a Lindín). En este caso os núcleos de poboación que poidan supoñer un risco en caso de incendio pola súa proximidade son O Caxigo e Barral de Cima .




Zonas de risco Lindín

Masma (Sto. André):

As áreas de risco forestal sitúanse ó norte da parroquia. Trátase dun relevo pouco accidentado, con unhas alturas medias de 150-200 m, formando un val entorno o Río Masma.

Predominan os prados e cultivos entorno o río, e nas partes mais altas atópanse plantacións de eucaliptos e mestura de especies arbóreas.

Os principais accesos a esa zona son os camiños veciñais que enlazan coa LU-P 3109 (de Ponte do arco a Padriñán) e a LU-153 (Lourenzá –Masma), e os núcleos con risco por atoparse preto de masas forestais son o de Padriñán, O Arco, O Vilar e Marquide.



Zonas de risco Masma

Sta María Maior:

Entre os montes situados na parroquia Sta María Maior, ó sur do municipio de Mondoñedo, atópanse o Monte Carracedo e Río Seco, no borde sur do termino municipal, o Chao da Louxeira (Bidueiras), parte do Monte da Farrapa ou o Coto de Pilar na Pedra. O terreo, aínda que accidentado, é de pendentes relativamente fortes no Carracedo e mais suaves no Río Seco e no Chao da Louxeira. As altitudes oscilan en estes puntos entre os 550 e os 836 m e forman parte do monte de man común o Carracedo,Río Seco e Chao da Louxeira de 245ha de superficie. Nos usos do solo predominan as terras de cultivo e prados aínda que tamén se localizan zonas a eucalipto, coníferas, especies caducifolias ou mato.

Teñen acceso dende as estradas LU-124 (Mondoñedo-Vilameá), LU-131 (Lourenzá- Cruz da Cancela) e LU-3103 (de Lindín a Maior).Os núcleos con especial risco debido a súa proximidade a zonas forestais son os de A Baña, Sotoxuane, Fondo da Vila e Ferrería.




Zonas de risco Sta. María Maior

Os Remedios (Nosa Señora):

Pertencente á parroquia de Os Remedios atópase a Serra da Toxiza que forma parte do ZEC Serra do Xistral (Zona de Interese Ecolóxico), con pendentes moi pronunciadas e alturas que poden chegar os 833 m na Toxiza,O Chao da Campa con 709 m ou Pena da Boca con 758 m. Nesta parroquia localízanse os montes veciñais en man común de Estelo, Braña e Toxiza con unha superficie total de 1348 ha.

En canto os usos do solo, zonas con plantacións de eucaliptos e coníferas, e mato nas partes mais altas, mentres que nos vales predominan os cultivos e prados.

As principais vías de acceso a zona son os camiños veciñais que enlazan coa LU-P 3106 (de Mondoñedo a Cesuras e Estelo). Os núcleos de poboación que presentan máis riscos debido a súa proximidade a masas forestais son os de Coruxeiras, As Carroceiras, Gontariz, Formigueiro, O Pacio, Pumariño, O Valiño, Prado, Santa Margarida, San Cristovo, Tronceda, Zoñán.



Zonas de risco Os Remedios

O Carme (Nosa Señora):

En este caso, gran parte da superficie da parroquia localízase o carón do rego Valiñadares, estando composta principalmente por terreos de cultivo e zonas agrícolas. O leste da parroquia e coincidindo coas partes mais altas localizaríanse as principais zonas de risco, con plantacións de eucalipto, coníferas mato e outras especies arbóreas.

As principal vía de acceso a zona de risco é a LU-124 (Mondoñedo-Vilameá), e os núcleos mais próximos as masas forestais son A Aspera, A Fabega, Longarela, Ramis e Monfadal.




Zonas de risco O Carme

Trigás (San Vicente):

Situada ó sur do concello, a parroquia de Trigás conta con un releve bastante accidentado e importantes pendentes e alturas que van dende os 250 entorno o Rego de Carballo e o Rego do Coto ata os 650 m. nas zonas altas. As plantacións forestais están compostas por mestura de especies arbóreas e mato nas partes altas do monte.

Os principais accesos a esa zona son os camiños veciñais que enlazan coa N-634 (Santiago - Oviedo) e os núcleo con risco por atoparse preto de masas forestais son os de A Valiña, O Pedroso e San Vicente.




Zonas de risco O Carme

Oirán (Sto. Estevo):

Localízase ó norte do concello, no límite co municipio de Valadouro e . O espazo organízase entorno ó amplo val do rego de Oirán, con altitudes medias de 250-300 m. Na zona central da parroquia os usos existentes son principalmente agrícolas e de cultivo (zonas mais baixas) e entorno a estas sitúanse as masas forestais compostas sobre todo por eucalipto e coníferas.

A principal vía de acceso a esa zona é a LU-P 3101 (de a Oirán) e que conecta ca estrada CP-0205 (A Feira de San Antonio a Oirán) xunto cos camiños veciñais que conflúen nela. En este caso os núcleos de poboación que poidan supoñer un risco en caso de incendio pola súa proximidade son O Burgo, Centeás e Xercido.




Zonas de risco Oirán

Santiago de Mondoñedo:

En este caso, gran parte da superficie da parroquia organizase entorno o val do rego Valiñadares, estando composta principalmente por terreos de cultivo e prados nas zonas baixas e por mestura de especies arbóreas, mato, eucaliptos e coníferas nas zonas altas (sur e leste da parroquia) que serán tamén as de maior risco de incendio.

A principal vía de acceso a zona de risco é a LU-P 31-02 (Mondoñedo-Argomoso) xunto con camiños veciñais que conectan con ela. Os núcleos mais próximos as masas forestais son Barbeitas, Casabella, Maariz, Paadín, Pausalido, San Carlos, San Paio, O Vilar e Vigo así como algunha entidade do núcleo de Valiñadares.



Zonas de risco Santiago

Sasdónigas (San Lourenzo):

Parroquia situada ó sur do municipio. A principal zona de risco atópase no o Alto da Xesta (529 m) e o Coto de Arnoso formado principalmente por unha mestura de especies arbóreas e mato.

Os principais accesos a esa zona son os camiños veciñais que enlazan coa N-634 que atravesa a parroquia.

Os núcleos de poboación con mais risco pola súa proximidade as masas forestais son Chao da Aldea e Lousada.




Zonas de risco Sasdónigas

Viloalle (Santa María):

Situada no centro do concello, as zonas de risco da parroquia sitúanse nos montes que rodean os vales entorno os ríos Masma e Figueiras. Trátase dun terreo moi accidentado, con pendentes importantes e altitudes que van dende os 150 ós 670 m. Localízase nesta zona monte veciñal de man común de Viloalle con unha superficie de 538 ha.

Os únicos accesos directos á zona son os camiños de servizo dende os núcleos e que enlazan coa estrada LU-160 (Mondoñedo –Ferreira de Valadouro) e coa estrada LU-P 3108 (Viloalle a Figueiras). Os núcleos de poboación con mais risco pola súa proximidade as masas forestais son Ferrería, A Igrexa, A Cabana, O Casal, Pena Moura e O Vilar .



Zonas de risco Viloalle

Vilamor (Santa María):

Parroquia situada ó este do municipio, limitando co concello de Lourenzá onde se localizan unha das principais áreas de risco, entre as que se encontra O Padornelo (de interese paisaxística), ou o monte Camba, formados principalmente por plantacións de eucaliptos e coníferas.

Os principais accesos a esa zona son os camiños veciñais que enlazan coa LU-P 3105 (de Pedrido a Retorta) e coa N-634 o seu paso pola parroquia.

Os núcleos de poboación con mais risco pola súa proximidade as masas forestais son Guillade, Chao do Val, O Grobe e Encima da Vila.



Zonas de risco Vilamor

4. ORGANIZACIÓN MUNICIPAL PARA A LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

4.1. ORGANIZACIÓN

DIRECCIÓN DO PLAN

Será diferente segundo ó nivel de emerxencia:

NIVEL	DIRECCIÓN
0	- Representante da Dirección Xeral de Montes e industrias Forestais
1 / 2R-1	- Dirección e coordinación: Representante do órgano con competencias en P.Civil - Un representante da Consellería de Medio Rural - Alcaldes dos Concellos afectados - No nivel 2 R-1 a petición da Admon. Autonómica un representante da Admón Xeral do Estado en Galicia
2R-0	- Dirección e coordinación: Representante da Consellería do Medio Rural - Alcaldes dos Concellos afectados - A petición da Admon. Autonómica un representante da Admón Xeral do Estado en Galicia
3	- Un representante da Comunidade Autónoma de Galicia - Un representante do Ministerio de Interior

COMITÉ ASESOR

Para asistir á dirección do plan nos niveis 1 e 2 constituirase, se a dirección o estima oportuno, o comité asesor que dependerá directamente dela.

Este estará formado por:

- Os xefes dos grupos operativos.
- Un representante de cada concellos afectados.
- Un representante do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia.
- Un representante do órgano con competencias en materia de protección civil da Xunta de Galicia.
- Un ou varios representantes do Comité Autonómico de Protección Civil ou do/s Comité/s Provincial/Provinciais de Protección Civil.
- Un ou varios representantes da Comisión Galega de Risco de Incendios.

- Un representante da unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia. En diante UPA.

Tamén, a requirimento do comité de dirección, poderán formar parte do comité asesor ata tres representantes da Administración xeral do Estado, preferentemente dos Servizos de Protección Civil, Forzas Armadas e Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

Así mesmo, poderán integrarse no comité asesor aquelas persoas expertas que considere oportuno o Director do Plan.

DIRECTOR DE EXTINCIÓN

Debe posuír amplo coñecemento da loita contra incendios, medios, técnicas de extinción e procedemento operativo.

As súas funcións son:

- Dirixi-la extinción e velar pola seguridade, cumprindo e facendo cumprir as normas establecidas.
- Facerse cargo e coordinar tódolos medios de extinción que acoden ó lume.
- Control das horas de incorporación e retirada dos medios de extinción, reflectíndoo nun parte.
- Solicitar da Xefatura do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais ou do centro de coordinación correspondente, os reforzos que estime necesarios.
- Comunicarlle á Xefatura do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais ou ó centro de coordinación se hai perigo de que o lume poida levar consigo un cambio de nivel do plan.

CECOP-CECOPI

O Centro de Coordinación Operativo é o órgano onde se recibe toda a información do suceso e onde se determinan, dirixen e coordinan as accións que se van executar.

É o órgano de traballo do director do plan, tanto para a coordinación a distintos niveis como para a actuación e xestión de recursos e medios.

O CECOP (nos niveis superiores ó cero), situarase no CECOP-Galicia (112 SOS Galicia) ou, se é o caso, no Centro de Coordinación Provincial do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais, segundo o nivel de emerxencia.

No caso de formarse un CECOPI situarase no CECOP-Galicia (112 SOS Galicia) garantindo este a comunicación permanente cos membros do Comité de Dirección. O CECOP conta con capacidade para manexar un sistema integrado de: informática, telefonía, radioeléctrica e magnética, e dispón dos recursos humanos para o seu correcto funcionamento.

O CECOP é, así mesmo, o centro receptor de alarmas e de todas aquelas informacións nas que o director do plan se apoia para a súa toma de decisións.

O CECOP está formado por:

CECOP	
Sala de control de operativos (Sacop)	Centro de Información (Cin)
Centro de transmisións (Cetra)	Posto de mando avanzado (PMA)

Se houbese que mobilizar medios non previstos no plan, isto farase a través do CECOP, conforme as normas establecidas no plan estatal.

POSTO DE MANDO AVANZADO

Posto de Mando Avanzado é o órgano de traballo in situ dos directores técnico e de coordinación da emerxencia nos niveis 1 e 2. É o que coordina e dirixe a extinción, así como as accións dos diferentes grupos de acción que interveñen no incendio.

O director/a do PMA cando o plan se atope en Situación 0 e 1 será o Director/a Técnico/a de Extinción, e no caso de Situación 2, será designado polo Delegado territorial, de entre o persoal técnico presente no incendio ou ben que sexa requirido para a súa actuación como responsable do PMA

O Posto de Mando Avanzado, disporá dun sistema de comunicacións permanente co CECOP e cos responsables dos grupos de acción intervenientes.

Segundo o nivel de gravidade declarado, poderá estar constituído por:

- Representante/s de/os concello/s afectado/s.
- Representante do SDCIF da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
- Representante do órgano con competencias en materia de protección civil da Xunta de Galicia.
- Responsables doutros servizos actuantes, incluídos os corpos e forzas de seguridade do Estado.
- Representantes dos grupos de acción.

As súas misións son:

- Análise de conxunto e continuado do sinistro.
- Dirección e control das accións de extinción no incendio.
- Coordinación das actuacións dos diferentes grupos de acción.

As súas funcións clasifícanse en:

- Executiva: encargándose de transforma-las directrices emanadas da dirección en accións concretas que desenvolverán os grupos de acción.

- Coordinadora: nas funcións de desenvolvemento autónomo por parte dos grupos de acción, encargándose de evitar duplicidades.
- Directiva: como máximo representante da dirección no lugar do incendio é o responsable das persoas implicadas na extinción.

GABINETE DE INFORMACIÓN

O Centro de Información (CIN) é o lugar onde se recibe e desde onde se difunde toda a información relacionada co incendio. Depende directamente do director do plan especial.

As súas funcións son:

- Centralizar, elaborar e transmiti-las informacións recibidas da dirección do plan especial ás poboacións ou núcleos de poboación afectados.
- Centralizar, coordinar e prepara-la información xeral sobre a emerxencia e facilitala ós medios de comunicación social.
- Manter, centralizar e facilitar toda a información relativa a posibles afectados, facilitando contactos familiares e a localización do persoal.
- Efectua-las notificacións ás autoridades determinadas pola dirección do plan especial.
- Informar sobre a emerxencia ás persoas ou organismos o soliciten.

Os mecanismos para facilita-la información basearanse nos medios de comunicación social, promovendo protocolos e convenios que garantan ante a emerxencia unha boa difusión das mensaxes dirixidas á poboación de forma permanente.

Os avisos reunirán estas características:

- Exactitude.
- Claridade.
- Concisión.

Os seus membros determinaraos en cada caso o director do plan especial ou comité de dirección constituído en cada un dos niveis de gravidade potencial.

GRUPOS DE ACCIÓN

GRUPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

Constitúeo o conxunto de medios materiais e humanos que teñen como actuación principal as operacións de extinción. As distintas unidades actúan baixo o seu mando natural e todas baixo a dirección do responsable do grupo.

Son funcións deste grupo:

- Avaliar, reducir e extingui-lo incendio forestal.
- Rescate e salvamento de persoas ameazadas polo incendio forestal.

- Así mesmo, as funcións relativas á detección e aviso son:
- Descubrir novos focos ou indicios de posibles incendios forestais.
- Localizar xeograficamente os ditos focos.
- Comunicar rápida e eficazmente a información obtida ó Cecop, achegando datos sobre a natureza do incendio, estado atmosférico e posible evolución da situación.

GRUPO DE SEGURIDADE

Intégrano os membros de Policía Local, Upa e/ou forzas da seguridade do Estado (Garda Civil fundamentalmente), e as súas funcións son:

- Seguridade cidadá.
- Control de accesos e regulación do tráfico.
- Control do desprazamento dos medios de extinción ás zonas indicadas polo director da extinción.
- Cooperar nos avisos á poboación que poida verse ameazada polo incendio.

GRUPO SANITARIO

Cando a situación o requira ou aconselle, constituirase o grupo sanitario, coas funcións seguintes:

- Atención de accidentados e feridos.
- Coordinación de posibles traslados a centros sanitarios.
- Constituído para situación 2 ou superiores, en función das necesidades da emerxencia

Estará formado pola

GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO

- Ten como función a provisión de tódolos equipamentos e subministracións necesarios para as actividades de extinción e aquelas outras que sexan consecuencia da evolución do incendio.
- Son accións de apoio loxístico o abastecemento e transporte, e en xeral, todo o relacionado coa área loxística
- Constituído para situación 2 ou superiores.

GRUPO DE TRANSMISIÓN

- Ten como función a provisión de medios de comunicación entre tódolos grupos operativos e de dirección do plan, garantindo en cada momento unha idónea transmisión de datos e unha perfecta comunicación.

4.1.1. ORGANIZACIÓN EN FUNCIÓN DOS NIVEIS DE GRAVIDADE

NIVEL 0

Na Comunidade de Galicia a operatividade é competencia da Consellería de Medio Rural a través da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural mediante o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais. En consecuencia, as labores e extinción dun incendio de nivel 0 que tena lugar no Municipio de Mondoñedo, corresponde exclusivamente ao persoal do Distrito VI A Mariña Lucense, organismo dependente da mencionada Dirección Xeral.

O director do Plan no Nivel 0 é o representante deste organismo no Distrito Forestal VI. En función da gravidade do incendio ou outros factores, (niveis 1 e 2.R-1) poderá crearse un comité de Dirección do que tamén formará parte o Alcalde do municipio, no exercicio das súas funcións como Xefe Local de Protección Civil.

Son, neste caso, funcións do director da emerxencia:

- Declara-las situacións e niveles de emerxencia anteriormente establecidos
- Decidir en cada momento as situacións mais convenientes para combate-los incendios producidos e para a aplicación de medidas de protección da poboación e o ambiente, así como para os bens e persoas que interveñen na emerxencia.
- Establecer un CECOP, se fose preciso.
- Garanti-los enlaces con outros niveis do plan.
- Declara-lo fin da emerxencia.

Neste nivel o CECOPAL constituirase nas dependencias do S.D.C.I.F. Estarán situados na mesma dirección o CETRA, CIN e SACOP.

Cando non exista perigo para persoas alleas á extinción ou bens de natureza non forestal, non se require coordinación con Protección Civil, agás para petición de apoio de voluntarios de dito Organismo. A petición de apoio de Protección Civil farase pola Xefatura ou Centro de Coordinación Provincial do S.D.C.I.F., segundo a Época de Perigo, ó Centro de Coordinación Operativo (CECOP) de Protección Civil (chamada a 112 – SOS Galicia.)

O papel reservado ó alcalde no nivel 0 é o de dirixir as accións a nivel local, tendo sempre en conta que debe aterse ó prescrito no INFOGA e actuar en consonancia coas instrucións que reciba da Dirección do Plan.

O Posto de Mando Avanzado (PMA) estará situado na zona onde se produza o incendio ou próximo a este, inicialmente con unha estrutura básica e a medida que vai evolucionando de forma desfavorable, coa incorporación de mais persoal en calidade de axudante de operacións, planificación, loxística, etc. As principais funcións do posto de mando serán:

- Comunicarlle o Comité de Dirección a evolución do incendio.
- Solicitar o CECOP os medios que lle sexan requiridos polos distintos grupos operativos.

- Determina-los obxectivos e prioridades encamiñadas a consegui-la extinción, comunicándollelos tanto ao Comité de Dirección, como os xefes dos grupos intervintes.
- Determinar que grupos operativos deben constituírse e actuar.
- Determinalo numero e distribucións de reténs, unha vez extinguido o incendio.

O Grupo de Intervención estará neste caso formado polos Grupos de Extinción de Incendios e outros medios previstos no PLADIGA anual, e encargarase da extinción do incendio forestal.

O Concello de Mondoñedo asina un convenio anual co S.D.C.I.F. polo que crea un Grupo de Pronto Auxilio (GRUMIR) para colaborar na extinción de incendios forestais. Este grupo será mobilizado a través do Concello a solicitude do S.D.C.I.F. O grupo actuará nos incendios forestais sempre baixo a dirección do Xefe de extinción que corresponda en cada caso.

Grupo de Seguridade estará formado pola Policía Local do Concello, a Garda Civil, policía autonómica e as súas funcións principais serán as de manter a seguridade cidadán, e o control dos accesos e regulación do tráfico na zona.

O Grupo de apoio loxístico constitúese a nivel CECOP que é onde se van a mobilizar os medios e apoios necesarios para a extinción e que serán remitidos polo PMA.

Grupo Sanitario, na maioría dos casos non é necesario neste nivel, por estar só en perigo bens de natureza forestal, intégrase nel os sanitarios locais, coordinados a través dos servizos de Urxencias Sanitarias do 061.

NIVEL 1 e 2R-1

Se o lume ten posibilidade, pola súa evolución, de pasar a constituír un risco para persoas ou bens de natureza non forestal, o Director de Extinción alertara ó Centro de Coordinación do Distrito, quen o poñerá en coñecemento do Centro de Coordinación Provincial de Lugo. Este porase en contacto co Concello e co Xefe Provincial de Protección Civil a través do CECOP.

A prioridade será a protección da vida e os bens das persoas, para o que se mobilizaran os medios catalogados no Plan que sexan necesarios así como aqueles outros recollidos nos plans de ámbito superior ó municipal, a través do CECOP – Galicia.

O CECOP (nos niveis superiores a 0), situarase no CECOP –Galicia (112 SOS Galicia) ou, se é o caso no Centro de Coordinación Provincial do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais.

No Nivel 1 e no Nivel 2-R1 constituirase un comité de dirección. O alcalde formara parte deste comité xunto con polo menos un representante do órgano con competencias en materia de Protección Civil, un representante da Consellería de Medio Rural (Xefe do Distrito). O comité de dirección, unha vez constituído, declarará o nivel do incendio, e asumirá as funcións descritas para o caso anterior.

A Dirección Técnica da Emerxencia será asumida de forma coordinada polo Director da Extinción, co apoio do Técnico Municipal en Protección Civil. A Dirección Técnica decidirá o emprazamento do Posto de Mando Avanzado, logo de realizar unha valoración da información subministrada sobre o lume, e mobilizarase ao incendio, se é posible o Técnico de Garda ou o Xefe de Garda. PMA terá as seguintes funcións específicas.

- Comunicarlle ao Comité de Dirección a evolución do incendio
- Solicitar ao CECOP os medios que lle sexan requiridos polos distintos grupos operativos.
- Determina-los obxectivos e prioridades encamiñadas a consegui-la extinción, comunicándollelo tanto ao Comité de Dirección, como os xefes dos grupos intervintes.
- Determinar que grupos operativos deben constituírse e actuar.
- Determinalo número e distribucións de reténs, unha vez extinguido o incendio.

O Comité Asesor asistira a Dirección da Emerxencia, si esta o considera necesario, nos incendios forestais de Nivel 1 e 2, e estará formado por:

- Os xefes dos grupos operativos.
- Un representante do/s Concello/s
- Un representante do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia.
- Un representante do órgano con competencias en materia de Protección Civil ou dos Comité Provincial de Protección Civil.
- A requirimento do Comité de Dirección poden incorporarse tres representantes da Administración Xeral do Estado preferentemente dos servizos de Protección Civil e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Un representante da unidade de Policía Nacional adscrita a Comunidade Autónoma de Galicia.

O Grupo de Intervención continuara coas misións que tiña no nivel anterior, pero incorporando medios materiais e humanos correspondente ao Nivel 1, o Servizo Municipal de Obras, Protección Civil, Bombeiros de Barreiros. Ditos medios municipais asumiran, dentro da xestión xenérica da emerxencia, as funcións de:

- Intervención para sufocar, controlar ou conte-lo incendio ante a súa propagación cara zonas habitadas.
- Proceder a axuda a persoas afectadas polo incendio, incluíndo a súa evacuación se fose preciso.
- Proceder a protección dos bens non forestais afectados polo incendio.
- Requirir o Posto de Mando Avanzado cos medios materiais que lle sexan necesarios.

- Comunica-la evolución do incendios para facilitala súa Avaliación
- Propoñer obxectivos e prioridades para a extinción do incendio.
- Propoñer retornar o nivel 0 segundo a evolución da extinción
- Descubrir novos focos ou indicios de posibles incendios forestais, localizando xeograficamente ditos focos.

O Grupo de Seguridade asumira as funcións relativas ao control dos accesos as zonas afectadas polo incendio forestal, e a regulación do trafico. Tamén, exerceran funcións de seguridade cidadá con respecto os bens que poidan ser abandonados pola poboación debido a súa evacuación. Intégrano os membros da Unidade de Policía Autonómica, Local e Garda Civil.

O Grupo Sanitario exercera as funcións de primeira atención a feridos e accidentados, e o traslado a centros sanitarios, se e preciso coa colaboración do Grupo Loxístico. Constitúese baixo a coordinación do Servizo de Urxencias 061, cun responsable que será o xefe do grupo sanitario.

Nestas circunstancias, a solicitude do director do plan no nivel de gravidade en que se atope o incendio, poderá considerarse a activación dunha ambulancia como medida preventiva para atender os posibles accidentados entre os intervenientes na extinción.

A activación preventiva destes recursos sanitarios solicitaraa o director do plan, a través do CAE-112.

O Grupo de Transmisións disporá dos medios e equipos necesarios para contar cunha comunicación continua e ininterrompida a tempo real, entre o Comité de Dirección, o Posto de mando Avanzado e os diferentes Grupos de Acción.

O Grupo Apoio Loxístico apoiara as funcións de transporte de medios materiais precisos para a sufocación do incendio, así como fornecer auga ou alimentos para os medios de extinción, e o transporte de persoas a ou dende o lugar do sinistro. Tamén, encargarase do transporte das persoas evacuadas, e o suministro as mesmas de aloxamento e artigos básicos durante o tempo que dure o seu desprazamento. O xefe do grupo será un Técnico da Xunta ou un responsable municipal dos concellos afectados, nomeado polo director do Plan.
Como apoio contarase, se é o caso, con persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de Protección Civil e os concellos implicados.

Cando o Comité de Dirección do Nivel 1 considere, de acordo coa información subministrada pola Dirección Técnica da Emerxencia, que o incendio evoluciona desfavorablemente e que por ser insuficientes os medios ao nivel local, pode requiri-la asignación de medios non previstos para facer fronte a extinción, solicitara a través da Central Autonómica de Emerxencias SOS Galicia a declaración do Nivel 2.R-1, e do Plan de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais da Xunta de Galicia, integrando os medios existentes ao nivel municipal baixo a Dirección establecida no mencionado nivel. Se as circunstancias o

aconsellan e a petición do representante da Administración autonómica , pode incorporarse un representante da Administración xeral do Estado en Galicia no Comité de Dirección.

NIVEL 2R-0

Neste caso o procedemento operativo e a estrutura e organización do plan operativo son similares os do nivel 0, coa inclusión de medios doutros distritos ou organismos non contemplados no plan, para elo a traveso do Centro de Coordinación Provincial e Central avaliaran as necesidades e asignaran os medios extraordinarios solicitados dende o distrito. A Dirección e coordinación a exercerá un representante da Consellería de Medio Rural que pode solicitar a incorporación dun representante da Administración Xeral do Estado en Galicia. Terase informado en todo momento ó CECOP-Galicia.

NIVEL 3

Cando a magnitude do sinistro poña en perigo o interese nacional a dirección da emerxencia estará a cargo de un comité formado por un representante da Comunidade Autónoma e un do Ministerio do Interior.

4.2. PREVENCIÓN E FORMACIÓN

4.2.1. MEDIDAS PREVENTIVAS

O S.D.C.I.F. adoptará as medidas preventivas axeitadas segundo o seu propio plan. Estas poderán consistir en medidas educativas, accións de desbroce, reparación de accesos, construción e reparación de puntos de auga para as autobombas, etc.

4.2.2. FORMACIÓN

O persoal fixo do S.D.C.I.F. seguirá o seu propio programa de formación.

O persoal temporal de extinción deberá de recibir formación adecuada ó traballo a realizar. As cuadrillas e choferes recibirán un curso de formación anual antes da temporada de risco alto, no que se incidirá nos aspectos de seguridade no traballo e prevención de riscos laborais.

Neste curso ensinarase o manexo dos medios dispoñibles para a loita contra incendios forestais e terá unha parte práctica.

4.3. DETECCIÓN DO INCENDIO E AVISO

O Distrito Forestal VI pertencente ó Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais da Consellería de Medio Rural é o organismo que dispón da infraestrutura e os medios necesarios para a detección dos incendios forestais que se produzan no Concello de Mondoñedo, ademais da observación directa. Esta infraestrutura básica son os puntos de vixiancia fixa situadas nos montes dos arredores, sendo a que se atopa máis preto deste a de Verín situada no lugar de Arroxo (Lourenzá). Desde estes puntos os vixiantes son os encargados de dar o aviso á Oficina do Distrito de calquera alarma. Dispoñen para este fin de prismáticos, mapa da zona e emisora como mínimo.

A rede de detección estará sempre operativa durante a época de perigo alto.

O aviso tamén pode chegar vía telefónica a través de algún particular que chamou ó Distrito Forestal , ó 085 ou ó 112 SOS Galicia.

No caso de que o aviso non se reciba no teléfono do Distrito Forestal e os informados sexan Policía Local, Garda Civil, Protección Civil, ou outro grupo relacionado coa emerxencia, estes derivarán a chamada ó 112 SOS Galicia ou ó 085. Alertados os medios necesarios dirixiranse á zona de actuación sen demora e seguindo as instrucións que reciban pola radio desde o Centro de Coordinación.

Unha vez que os medios se atopen no lugar, e seguindo o principio de mando único, o técnico ou o axente forestal tomará o mando da extinción constituíndo si o considera necesario un Posto de Mando Avanzado que estará en comunicación permanente co Centro de Coordinación. No seu defecto ou cando o grupo actúe illadamente o Xefe da Cuadrilla de extinción será o Director de Extinción.

As súas funcións son avaliar o incendio e planificar o ataque ó mesmo impartindo as ordes correspondentes ó persoal de intervención e coidando da seguridade do mesmo.

A comunicación entre o PMA e o Centro de Coordinación do Distrito debe ser fluída e a extinción debe seguir os principios de eficacia, eficiencia e economía de medios.

4.4. SEGURIDADE CIDADÁ

As forzas de seguridade tomaran as medidas oportunas para o control de accesos e viales no caso de ser requiridas polo director técnico da extinción e facilitarán o tráfico dos medios relacionados coa emerxencia.

4.5. APOIO SANITARIO

Cando sexa necesario será solicitado a través do CECOP para atender ó persoal implicado na detección ou extinción ou a aquelas persoas que poidan resultar afectadas polo incendio.

A evacuación de feridos en zonas de montaña é complicada polas dificultades nos accesos a algúns lugares. Cando sexa preciso botarase man de medios aéreos como o helicóptero do 112 – SOS Galicia.

4.6. EVACUACIÓN E ALBERGUE

Ante situacións perigosas para a poboación, que ameacen a súa integridade física ou a saúde, poderá dispoñerse o seu traslado a lugares de seguridade nos que permanecerán ata que se restitúan as condicións normais. No Concello de Mondoñedo, estes lugares de albergue instalaranse no Hospital San Pablo, na residencia de anciáns e no auditorio do concello.

Para desenvolve-la da acción propiamente dita de evacuar, habilitaranse unha ou máis vías para o uso dos medios que interveñan na evacuación; disporanse os medios de transporte axeitados para persoas e en xeral de primeira necesidade, feridos, inválidos, etc., e designarase o persoal encargado do movemento das persoas (agrupacións de voluntarios de protección civil, persoal sanitario, forzas de seguridade do Estado, voluntarios da Cruz

Vermella, etc.). Tamén poderá ser necesario dispoñer ou habilitar dependencias médicas e administrativas para o control das persoas que son desprazadas a outros lugares.

No Nivel 0 non proceden as actuacións de Evacuación e aloxamento e a Información á poboación xa que non corren risco as persoas non relacionadas coa extinción nin os bens de natureza non forestal.

4.7. INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

A información canalizarase a través do CIN do Centro de Coordinación de Operativos que en cada caso corresponda e que fixará de antemán o horario de comparecencias públicas.

As informacións proporcionadas serán sinxelas, contrastadas e realizadas ante o maior número de representantes de medios de comunicación.

No caso de ser varios os organismos intervintes na Emerxencia empregarase, preferiblemente, a rolda de prensa e as informacións serán consensuadas con anterioridade.

É necesario evitar a desinformación ou as informacións contraditorias que danarían gravemente a evolución da emerxencia, podendo producir incluso alarma social inxustificada ou situacións de pánico

Os avisos á poboación serán: exactas (Indicarán exactamente as medidas que se deben adoptar), claras (empregarán linguaxe sinxelo e claro, que todos comprendan), concisas (empregarán o mínimo de palabras)

E ademais só se realizarán avisos á poboación que este realmente afectada, sen provocar alarmas noutros sectores da poboación.

4.8. INVESTIGACIÓN

A investigación de incendios forestais axuda á prevención de novos incendios polo que sempre será conveniente a súa realización. Os incendios poden ser provocados por causas naturais (raios principalmente), neglixencias (como a queima de restrollos sen autorización), de maneira intencionada ou por outras causas (Liñas eléctricas, motores e máquinas, etc.)

Os incendios forestais provocados e os incendios por neglixencia están tipificados no vixente Código Penal, Capítulo II, Sección 1ª, artigos 352 e seguintes. As forzas e corpos de seguridade poderán iniciar unha investigación de oficio ou a partir da denuncia presentada polo Director de Extinción, para esclarecer as causas do incendio. O persoal de extinción debe colaborar nesta investigación. As funcións a levar a cabo por cada unha das persoas implicadas na prevención, detección e extinción de incendios a nivel local detállanse no ANEXO correspondente seguindo as indicacións do PLADIGA.

5. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

Os medios específicos cos que se conta a nivel local para este plan son os seguintes:

No S.D.C.I.F. Distrito Forestal VI:

- Posto Base e Oficinas (CECOPAL no nivel 0)

  Alonso Pérez s/n, 27850-Viveiro
  Teléfono: 982 561 018
  Fax: 982 561 018

- Rede de Detección

  Finalidade: Detectar os lumes que se producen no Distrito Forestal. Estará sempre activada durante a época de perigo alto.

  - Torre de Vixilancia: Verín situada no lugar de Arroxo (Lourenzá).

  Tamén forman parte desta rede de detección as cuadrillas durante a época de perigo alto.

- Rede de Transmisións

  Finalidade: Asegurar o enlace de comunicacións entre tódolos escalóns. Composta da rede de radio, teléfonos, faxes.

  - Radio

  Bases, emisoras e radios móbiles.
  Dispoñen de equipos de radio os postos fixos, a base do Distrito Forestal, os técnicos e axentes forestais, os vehículos autobomba e o xefe de cada cuadrilla de extinción.

  - Repetidores

  Colocados en lugares estratéxicos permiten dar a cobertura necesaria ós equipos de radio.

- Estacións meteorolóxicas

  Finalidade: Rexistrar os datos meteorolóxicos que se utilizan para calcular os índices de risco.

- Medios Humanos

  Xefe de Distrito
  Técnicos
  Axentes Forestais
  Cuadrillas de terra :Compostas por 4 ou 5 peóns, un peón conductor e un capataz.
  Época de perigo alto
  Subvencionadas
  Condutores de autobombas

Emisoristas:
- Fixos
- Fixos descontinuos en época de perigo alto e medio

Vixiantes da rede de detección

- Fixos
- Fixos descontinuos en época de perigo alto e medio

- Medios Materiais

- Motobombas do SPDCIF
- Vehículos todoterreo do SPDCIF
- Xunta de Galicia na Provincia de Lugo época de risco alto conta con 2 avións de carga en terra, un helicóptero tipo medio, 2 helicópteros lixeiros

  A base máis próxima ó Concello de Mondoñedo é a Base de Reboira (Fonsagrada): Helicóptero Bombardero 4500l

Material menor: desbrozadoras, batelumes, motoserras, un receptor GPS, un grupo electróxeno monofásico de gasolina.

Concello de Mondoñedo

- Medios humanos

Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Mondoñedo
Actúan por solicitude ó CECOP – Galicia.
Base: RÚA MASMA, 6-CP 27749, MONDOÑEDO – Lugo.
TLF: 608 15 68 80 / 629 43 53 73

- Medios materiais:

Grupo electróxeno, batelumes, mangueiras, lanzas de auga, equipos de protección, motoserras ferramenta variada.
Hidrantes e puntos de toma de auga (Ver anexo correspondente)

6. ANEXOS O PLAN

ANEXO 1: Histórico de incendios

ANEXO 2: Mapa de masas forestais no concello de Mondoñedo

ANEXO 3: Mapa zonas de risco concello de Mondoñedo

ANEXO 4: Esquema organizativo e de comunicación.

ANEXO 5: Esquemas de coordinación para lumes nos distintos niveis

ANEXO 6: Funcións segundo o posto

ANEXO 7: Hidrantes e puntos de auga

ANEXO 8: Prevención e indicacións á poboación.


ANEXOS O PLAN DE ADAPTACIÓN FRENTE O RISCO DE INCENDIOS


ANEXO 1: HISTÓRICO DE INCENDIOS


Os datos rexistrados polo IGE a nivel municipal, correspóndese co período 2001-2006 e reflíctense no seguinte cadro:

ANO		NÚMERO DE LUMES FORESTAIS	SUPERFICIE ARBOLADA (HA)	SUPERFICIE RASA (HA)	TOTAL (HA)
2001	Mondoñedo	8	4,11	0,36	4,47
	Dem. Mariña-Central	20	10,15	2,08	12,23
	Distrito VI	52	15,02	17,11	32,13
2002	Mondoñedo	9	3,50	0,10	3,6
	Dem. Mariña-Central	24	6,89	11,56	18,45
	Distrito VI	61	51,21	82,69	133,9
2003	Mondoñedo	11	2,37	0,61	2,98
	Dem. Mariña-Central	41	6,81	17,72	24,53
	Distrito VI	87	12,14	26,59	38,73
2004	Mondoñedo	0	0,00	0,00	0
	Dem. Mariña-Central	11	6,18	7,79	13,97
	Distrito VI	66	39,18	28,98	68,16
2005	Mondoñedo	24	7,49	6,78	14,27
	Dem. Mariña-Central	36	11,54	7,04	18,58
	Distrito VI	114	166,91	68,86	235,77
2006	Mondoñedo	4	0,2	0,3	0,5
	Dem. Mariña-Central	16	31,49	0,71	32,2
	Distrito VI	50	74,56	18,95	93,51


Fte: IGE. Datos Incendios Forestais




Incendios forestais Demarcación Mariña Central
Número de incendios/Ha
45
40
35
30
25
20
15
10
5
0
2001
2002
2003
2004
2005
2006
Anos
Número de incendios
Superficie arbolada (Ha)
Superficie rasa (Ha)
Total (Ha)


Incendios forestais Distrito VI
Número de incendios/Ha
250
200
150
100
50
0
2001
2002
2003
2004
2005
2006
Anos
Número de incendios
Superficie arbolada (Ha)
Superficie rasa (Ha)
Total (Ha)

ANEXO 2: MAPA DE USOS DO SOLO NO CONCELLO DE MONDOÑEDO



LENDA

- Afloramentos rochosos e rochedos
- Coberturas artificiais
- Coníferas
- Cultivos e prados
- Especies de caducifolias
- Eucaliptos
- Eucaliptos e coníferas
- Instalacións deportivas
- Mato
- Mato e especies arbóreas
- Mato e rochedo
- Mestura de especies arbóreas
- Mosaico agrícola e mato
- Mosaico agrícola e urbano
- Mosaico cultivos e especies arbóreas
- Repoboacións forestais
- Sistemas xerais de transporte
- Zonas de extracción ou vertido
- Zonas urbanas

PROYESTEGAL S.L.

PROXECTO: PLAN ESPECIAL DE ADAPTACIÓN MUNICIPAL FRONTE O RISCO DE INCENDIOS

TÍTULO DO PLANO: USOS DO SOLO

PETICIONARIO: CONCELLO DE MONDOÑEDO

DATA: 24 NOVEMBRO 2016

Nº PLANO	01
HOJA:	01 de 01
ESCALA:	1:75000

PROYECTOS Y ESTUDIOS TÉCNICOS DE GALICIA S.L. C/Pena do Rei 3 entre A Lugo Tel-Fax 982-254361/982-251381

ANEXO 3: MAPA ZONAS DE RISCO CONCELLO DE MONDOÑEDO

LENDA

MUNICIPIO DE MONDOÑEDO

ZONAS RISCO DE INCENDIO

PROYESTEGAL S.L.

PROXECTO: PLAN ESPECIAL DE ADAPTACIÓN MUNICIPAL FRONTE O RISCO DE INCENDIOS

TÍTULO DO PLANO: ZONAS DE RISCO

PETICIONARIO: CONCELLO DE MONDOÑEDO

DATA: 24 NOVEMBRO 2016


Nº PLANO	01
HOJA:	01 de 01
ESCALA:	1:75000

PROYECTOS Y ESTUDIOS TÉCNICOS DE GALICIA S.L. C/Pena do Rei 3 entre A Lugo Tel-Fax 982-254361/982-251381

ANEXO 4: ESQUEMA ORGANIZATIVO E DE COMUNICACIÓNS

Preséntase a continuación o esquema de detección e aproximación dos medios a un lume forestal:

ESQUEMA ORGANIZATIVO E DE COMUNICACIÓNS




ANEXO 5: ESQUEMAS DE COORDINACIÓN PARA LUMES NOS DISTINTOS NIVEIS

ESQUEMA DE COORDINACIÓN PARA LUMES DE NIVEL 1


O papel reservado ó alcalde no nivel 0 é o de dirixir as accións a nivel local, actuando en consonancia coas instrucións que reciba da Dirección do Plan. Nos niveis un e dous o alcalde pasará a formar parte do comité de dirección do Plan.

O Concello de Mondoñedo asina un convenio anual co S.D.C.I.F. polo que crea un Grupo de Pronto Auxilio (GRUMIR) para colaborar na extinción de incendios forestais. Este grupo será mobilizado a través do Concello a solicitude do S.D.C.I.F. O grupo actuará nos incendios forestais sempre baixo a dirección do Xefe de extinción que corresponda en cada caso.



ESQUEMA DE COORDINACIÓN PARA LUMES DE NIVEL 2R-0


Crearase un comité de dirección coordinado polo representante provincial da Consellería de Medio Rural e no que estarán representados os alcaldes dos Concellos afectados. Terase informado en todo momento ó CECOP – Galicia.



ESQUEMA DE COORDINACIÓN PARA LUMES DE NIVEL 2R-1

Se o lume ten posibilidade, pola súa evolución, de pasar a constituír un risco para persoas ou bens de natureza non forestal, o Director de Extinción alertara ó Centro de Coordinación do Distrito, quen o poñerá en coñecemento do Centro de Coordinación Provincial de Lugo. Este porase en contacto co Concello e co Xefe Provincial de Protección Civil a través do CECOP.

No Nivel 1 e no Nivel 2-R1 constituirase un comité de dirección. O alcalde formara parte deste comité. A prioridade será a protección da vida e os bens das persoas, para o que se mobilizaran os medios catalogados que sexan necesarios así como aqueles outros recollidos nos plans de ámbito superior ó municipal, a través do CECOP – Galicia.



ANEXO 6: FUNCIÓNS SEGUNDO O POSTO

Subdirección Xeral de Defensa Contra os Incendios Forestais

A Subdirección Xeral de Defensa contra os Incendios Forestais exercerá as funcións de programación, execución, avaliación e seguimento das medidas e accións contra os incendios forestais, a elaboración de estudios e análise de causalidade e a coordinación de medios na loita contra os incendios forestais.

Servizo de Programación

Encárgase das análises e estudo da causalidade, elaboración de plans, dotación de infraestruturas e medios de defensa contra os incendios forestais e execución de plans e programas de loita contra estes.

Servizo de Organización e Control de Medios

Encárgase da organización dos sistemas de vixilancia e detección de incendios forestais e da execución de plans e programas de loita contra estes.

Servizo Provincial do S.P.D.C.I.F.

Exercerá no ámbito provincial as funcións da Dirección Xeral de Montes en materia de prevención e extinción de incendios forestais. A tal fin coordinará e dirixirá os Distritos Forestais da súa provincia.

Xefe do distrito forestal

O/a xefe/a de distrito supervisará, coordinará e dirixirá as operacións cando o considere necesario ou cando así o decida a superioridade, polo que deberá coñecer en todo momento as continxencias do seu distrito.

En materia de defensa contra incendios forestais dentro do Distrito:

- Será o máximo responsable da defensa contra incendios forestais no seu ámbito territorial.
- Dirixirá as accións no seu Distrito tendentes a acada-los obxectivos marcados pola Xefatura Provincial do S.P.D.C.I.F.
- Impulsará e fomentará a colaboración das entidades locais do Distrito.
- Manterá contactos con comunidades de montes veciñais en man común, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais axentes sociais que existan no seu Distrito.
- Dirixirá os plans de educación ambiental e de concienciación da poboación sobre o uso do lume e os efectos sobre o medio natural. Prestará especial atención á poboación escolar.
- Controlará que os permisos, licencias, quendas, etc., do persoal asignado ao seu Distrito, sexa o axeitado en cada momento.

- Asegurarase que o persoal asignado coñeza e realice as funcións encomendadas.
- O/a xefe/a de distrito, nas épocas de perigo de incendios, será o/a xefe/a da garda do Distrito.
- É o responsable do mantemento, execución e propostas de mellora dos plans de prevención e defensa do seu distrito.

Técnicos de distrito

En materia de defensa contra incendios forestais dentro da demarcación ou territorio que se lle asigne polo/a xefe/a de distrito forestal:

- Levará a cabo todas aquelas tarefas que lle veñan asignadas polo PLADIGA, xefe/a provincial e xefe/a de distrito forestal.
- Auxiliará en tódolos cometidos ao xefe/a de distrito forestal.
- Farase cargo de tódolos medios humanos e materiais postos a súa disposición.
- Apoia o/a xefe/a de distrito na elaboración dos plans de defensa do Distrito Forestal.
- Será o responsable de calcular o índice de perigo.
- Levará a cabo a inspección e control dos medios que son obxecto de convenio ou subvencionados.
- Executará os plans de educación ambiental e de concienciación á poboación.
- Dirixirá as accións para acada-los obxectivos do S.P.D.C.I.F.
- Impulsará e fomentará a colaboración coas entidades locais.
- Poderá erixirse en director/a de extinción dun incendio cando o estime oportuno ou ben cando se lle ordene pola superioridade.
- Manterá contactos con comunidades de montes veciñais en man común, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais axentes sociais.
- Planificará, dirixirá e inspeccionará as queimas controladas.
- Nas épocas de perigo de incendios actuará como técnico de garda dirixindo as accións de extinción no Distrito, e informará ao xefe/a da garda das novidades que se produzan.

Axentes territoriais

Será o principal colaborador do Técnico de Distrito en asuntos de seguridade e prevención de riscos laborais.

- Será o encargado do Parque automobilístico da Demarcación Forestal, vixiando que se pasen as revisións periódicas e controlando o material dos vehículos autobomba.
- Será o encargado do almacén de material e vestiario.

- Distribución ás cuadrillas do material lixeiro de extinción e os equipos de persoal, recolléndoos ó remata-la Época de Perigo Alto.
- Auxiliará ó Técnico nos traballos de Campo.
- Manterá actualizada unha relación dos medios (unidades de extinción), reflectindo na mesma as intervencións realizadas por cada un deles.
- Participará como auxiliar do profesor nos cursiños que organice o Distrito Forestal para:
    - Directores de extinción.
    - Vixiantes fixos.
    - Patrullas de vixilancia.
    - Emisoristas e operadores - codificadores de datos.
- Inspeccionará a instrución que impartan os Axentes Zonais e Axentes.
- Participará no control dos traballos preventivos.
- Propostas de cuadrantes de gardas de Axentes e horario de medios

Axentes zonais

- Auxiliar ó Técnico de Distrito en cantos cometidos lle encomende.
- Será o principal colaborador do Axente Territorial en asuntos de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Entrevistarse cos Alcaldes pedáneos das parroquias da súa xurisdicción.
- Confeccionala ficha de Concellos.
- Facilitar os trámites para o control de queimas.
- Instruír ós capataces de cuadrilla nas técnicas de extinción e prevención.
- Dirixir os traballos preventivos.
- Instruír ós obreiros nas especialidades elementais (mochilas, bombas de extinción, retardantes, motoserra e desbrozadora).
- Dirixir o adestramento do binomio Cuadrilla-Vehículo autobomba.
- Constituírse en Director de Extinción nos lumes que se produzan na súa zona ou Distrito Forestal, sempre que sexa posible, e naqueles nos que se lle ordene expresamente.

Axentes

En materia de defensa contra incendios forestais:

- As mesmas que as do axente zonal naquela parte do territorio que lle fora designado.

Resto do persoal das Xefaturas ou Distritos

Para o resto do persoal das Xefaturas ou Distritos, terase en conta o que para cada posto de traballo se establece na resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal da Xunta de Galicia (DOG Nº213 do 3 de novembro de 2008).

Condutor mecánico

En cada caso conducirá o vehículo que lle asigne o xefe/a de distrito forestal.

- Terá coñecemento básico de loita contra incendios forestais e xeral dos medios que se empregan na mesma.
- Será o encargado do mantemento do Parque do Distrito.
- Será o encargado do almacén de material e vestiario.
- Levará o control do material de comunicacións se así se lle asigna.

Xefe de cuadrilla/brigada

- Depende do Xefe de Distrito Forestal, do técnico do distrito, do axente de distrito e do director de extinción do lume.
- Responsabilizarse dos medios materiais postos á súa disposición.
- Será o responsable directo e inmediato do persoal o seu cargo.
- Manter unha lista do persoal e medios ó seu cargo.
- Impartila instrución básica ó persoal da súa cuadrilla para a extinción.
- Dirixir o tendido da mangueira.
- Manexar o equipo de radio portátil.
- Observar e facer cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Vixiar o mantemento do vehículo e asegura-lo seu estado de operatividade (carburante, auga, no seu caso anticonxelante, presión de neumáticos, etc.) obrigando ó condutor a realiza-la revisión diaria.
- Estibar axeitadamente o material de extinción no vehículo, efectuando un reconto ó rematar cada extinción e solicitando á Xefatura de Distrito a reposición do deteriorado unha vez rematada a xornada.
- Constituírse en Director de Extinción cando actúe illadamente a cuadrilla ou o binomio Cuadrilla - Vehículo autobomba.
- Nos casos nos que a cuadrilla sexa helitransportada, responsabilizarase de que o embarque, estiba do material e o desembarco se efectúe acordo coas normas establecidas.
- Preocuparse do estado físico e anímico dos seus homes.

- Debe saber ler o plano e localizar o punto de actuación.
- Facilitar mensualmente á Xefatura ou ó Centro de Coordinación do Distrito Forestal, relación das intervencións levadas a cabo.
- Todos aqueles outros relacionados coa prevención, detección e extinción de incendios forestais.
- Realización de labores silvícolas e medioambientais.

Peón

- Coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Coñecemento xeral dos medios que usa a cuadrilla.
- Coñecemento e práctica nunha ou dúas especialidades elementais (mochilas de extinción, extintor de explosión, retardantes, motoserra, desbrozadora, etc.).
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- En todo caso obedecer as ordes do Xefe de Cuadrilla.

Condutor de motobomba e tractor

- Terá coñecemento básico da loita contra incendios forestais, xeral dos medios que se empregan na mesma e completo do Vehículo motobomba e tractor.
- Práctica no manexo do vehículo motobomba.
- Práctica no manexo do tractor, desbrozadora e folla. Coñecemento e práctica do tendido de mangueira.
- Será responsable da operatividade do vehículo motobomba e tractor. Coñecerá o manexo da emisora do vehículo.
- Coñecer os sinais manuais para Vehículos motobomba e tractor.
- Coñecer e cumpri-las normas de seguridade e prevención de riscos laborais en especial as referentes ó Vehículo motobomba e uso do tractor.
- Coñecemento de lectura de plano e localización de puntos no mesmo.
- Facilitar mensualmente ó Centro de Coordinación do Distrito Forestal relación das intervencións levadas a cabo.
- Coñecerá e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais, en especial as referentes ao vehículo motobomba e uso do tractor.

- Pode participar na construción da liña de defensa segundo as directrices do director de extinción.

Auxiliar do condutor de motobomba e tractor

- Terá coñecemento básico da loita contra incendios forestais e xeral dos medios que se empregan.
- Auxiliar ó condutor en tódolos seus cometidos.
- Coñecer e cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.

Xefe de patrulla móbil

- Coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Observar as normas de Seguridade.
- Vixia-la zona de acción encomendada.
- Comunicar á Xefatura ou Centro de Coordinación do Distrito Forestal os lumes que se detecten, valorando a súa importancia.
- Iniciar a extinción ata a chegada de máis medios.
- En época de queimas autorizadas, inspecciona-las queimas
- Durante a época de perigo alto, ó detectar queimas non autorizadas, tomar nota do nome, lugar, hora e efectua-la correspondente denuncia.
- Manexar a radio portátil, saber ler o plano e localizar o punto de lume polas súas coordenadas.
- Realizar a revisión diaria do vehículo, ben por el mesmo ou polo condutor.

Auxiliar do vehículo de patrulla móbil

- As propias do peón.
- Auxiliar ó condutor en tódolos seus cometidos ó Xefe de patrulla.
- Manter en estado operativo o vehículo.
- No caso da Pick-up saber manexa-la motobomba.
- Coñecer e cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.

Director de extinción

- Dirixir a extinción e velar pola Seguridade, cumprindo e facendo cumpri-las normas establecidas.
- Facerse cargo de tódolos medios que acudan ó lume.
- Tomar nota das horas de incorporación e retirada dos medios reflectíndoos no parte.

- Solicitar á Xefatura ou ó Centro de Coordinación do Distrito Forestal os reforzos que estime necesarios.
- Solicitar a intervención de medios aéreos.
- Rematado o lume dar o parte correspondente, sen omiti-los medios municipais.
- Poñer en coñecemento do Comandante do Posto da Garda Civil a información obtida sobre causalidade, tendo presente que nos casos de denuncia farase "regulamentariamente".

Vixiante fixo

- Rexistrar o campo para localización de posibles focos de lume.
- Situalo no plano.
- Transmitilo á Xefatura ou Centro de Coordinación do Distrito Forestal (segundo Época de Perigo).
- Coñecemento da emisora e o seu manexo, de acordo coas normas establecidas para a transmisión.

Vixiante móbil

- Vixiará a zona de acción encomendada, realizando a vixilancia disuasoria ou encuberta en cada caso.
- No caso de vixilancia móbil disuasoria, realizaranse funcións das brigadas de investigación forestal.
- Observará as normas de Seguridade.
- Comunicará ao Centro de Coordinación de Distrito Forestal os lumes que se detecten, valorando a súa importancia, e iniciará as tarefas propias da extinción.
- Ocúpase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Durante a época de perigo alto, ao detectar queimas non autorizadas, tomará nota do nome da persoa, lugar, hora e efectuará a correspondente denuncia.
- Manexará os medios de comunicación, saberá ler o plano e localizar o punto de lume polas súas coordenadas.
- Realizará a revisión diaria do vehículo

Emisorista

- Rexistrar as mensaxes recibidas.
- Transmitir as ordes da Xefatura ou Centro de Coordinación do Distrito Forestal.
- Comunicar ó escalón superior a información pertinente (inicios e partes de lume, así como calquera outra que xurda con motivo dos mesmos).
- Coñecemento da Rede de Transmisións.
- Coñecemento da emisora e o seu manexo. A ser posible debe estar en coñecemento do manexo básico do ordenador para substituír ó operador en caso de necesidade.

Operador de maquinaria pesada

- A súa misión principal é a construción da liña de defensa segundo as directrices do Director de Extinción.
- Debe coñecer e seguir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais, en especial as concernentes ó uso da maquinaria pesada.

Grupo Local de Pronto Auxilio e GRUMIR


- O capataz ten as mesmas funcións que o Xefe de Cuadrilla ou Brigada do SPDCIF
- Os peóns as mesmas funcións que os peóns de cuadrilla

ANEXO 7: HIDRANTES E PUNTOS DE CARGA DE AUGA

Os puntos de carga para os medios aéreos no concello localízanse nos seguintes puntos:

LUGAR	PARROQUIA	NOME	COORDENADAS	
			X	Y
Avenida de Ferrol Mondoñedo	Mondoñedo (Santiago)	Piscina municipal Mondoñedo	632864,098	4810270,074
Lugar da Recadieira	Os Remedios (Nosa Sñra)	Piscina O Coto	632541,534	4811976,445
Cerrado de Cambia *	Lindín (Santiago)	Depósito	634241,639	4810513,367

Cerrado de Cambia *: Moi próximo a Autovía A-8



ANEXO 8: PREVENCIÓN E INDICACIÓNS Á POBOACIÓN

Considérase que a mellor maneira de combater os incendios é evitar que estes se produzan. Para iso pódese actuar directamente sobre as causas que os orixinan e sobre as circunstancias que favorecen a súa propagación. Algunhas das principais causas sobre as que poden traballar os concellos son:

- Núcleos próximos a zonas forestais.
- Vías de comunicación.
- Áreas recreativas.


Núcleos próximos a zonas forestais.

O desenvolvemento de núcleos de vivendas nas proximidades de terreos forestais supón un risco de incendio se non se cumpren unha serie de medidas preventivas.

Gran parte de estes asentamentos non dispoñen de ningún tipo de autoprotección contra incendios a nivel colectivo e particular. Polo que sería necesario:

- Establecer no perímetro do núcleo unha zona de seguridade composta por unha franxa de protección de anchura de 50 metros perimetral o solo urbano de núcleo rural e urbanizable delimitado así como o redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, localizadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados pola Ley 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia. Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da citada presente lei. As distancias mediranse dende o límite do solo urbano o núcleo rural, no seu caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse dende o paramento das mesmas.


  No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse dende o límite das instalacións.



- Os núcleo e urbanizacións disporán de dúas zonas de acceso e evacuación alternativa. As vías de acceso deben permitir o paso de camións de bombeiros e evitar pendentes superiores ó 12%.
- As fachadas e tellados deberán ser de materiais resistentes ó lume, e as que sexan de madeira contarán con un tratamento ignífugo. Evitaranse a acumulación de materiais combustibles e madeiras nas proximidades.
- Arredor de cada edificio deberá haber unha franxa na que se elimine toda vexetación inflamable. Poden quedar árbores ornamentais espaciados ou vexetación verde que retarde o avance do lume cara as vivendas.
- Limpeza das parcelas aínda sen edificar e poboadas por especies forestais.
- No caso de cámpings, gasolineiras e industrias nas que se desenvolvan actividades perigosas, as distancias para as especies sinaladas será de 50 metros, dende o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase dende o cerre perimetral.




- É preciso incidir na autoprotección das urbanizacións, a través da creación de normativa autonómica e a concienciación dos propietarios, así como incentivar dende a administración este tipo de traballos.
- As liñas eléctricas deben ir por franxas cortafogos con unha distancia de 5 metros medido dende o límite exterior da infraestrutura.




Vías de comunicación.

<u>En vías e camiños forestais</u>

É imprescindible que as cunetas das estradas que atravesen terreos forestais se atopen limpas de vexetación con maior facilidade para arder, polo menos, nos 2 metros dende a aresta exterior do camiño, xa que a presenza de vexetación facilita que o lume pase o camiño.



Evitar que as polas das árbores superen o límite da aresta do camiño impedindo un efecto túnel.



No caso de que se produza un lume, non solo influirá na seguridade das persoas que transitan pola vía, senón que se organizará mellor o combate do lume.



Dese xeito, aumentarase a distancia á beira oposta do camiño ou vía, reducíndose a probabilidade de que este cruce o camiño polo salto das muxicas co vento ou pola acción directa das lapas e terase unha liña de seguridade e fuxida o producirse un lume.

Áreas recreativas.

Probablemente sexan as zonas onde mais medidas preventivas se toman. Por outra parte, representan unha maneira ordenada de disfrutar do monte sen poñer en perigo a súa existencia. Como medidas básicas:

Deberá xestionarse a biomasa vexetal na totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como unha franxa perimetral de 50 metros.

Deberá eliminarse o combustible fino acumulado arredor das cociñas ou barbacoas. Podaranse as ramas das árbores ó menos ata unha altura de 3 metros. Non se botará lixo nin se deixará o lume sen vixilancia ou fora dos lugares habilitados para tal fin.

Por suposto, recordar que está prohibido facer barbacoas no monte durante o período estival.







REGRAS BÁSICAS E INDICACIÓNS Á POBOACIÓN:

Medidas preventivas nas queimas controladas

- Son aquelas realizadas para o control do mato como medida preventiva.
- Non realizar este tipo de queimas nas cercarías das superficies forestais e sen previa autorización.
- En todo caso será preciso establecer un cortalumes perimetral, nunca inferior a 5 metros de anchura.
- Dispoñer de equipos técnicos autorizados e dos servizos de extinción, provisto de camións autobomba ou reservas de auga para controlar que o lume non saia do seu área establecida.
- Deberá prenderse lume nas épocas que non exista perigo de propagación, buscando días sen vento e humidade relativa alta e sempre que se regase o cortalumes perimetral.
- O lume iniciarase nas partes máis altas para que avance pendente abaixo, o que facilita o seu control.

- Deberase esperar un retén na zona para asegurar que o lume non se reavive.





Medidas preventivas na queima de residuos forestais e despoxos agrícolas

- Esta actividade necesita autorización previa da Consellería de Medio Rural.
- O prazo para facer a queima é de 7 días dende que se concede o permiso.
- Están totalmente prohibidas nas épocas de perigo alto de incendio.
- Non facer queimas se vai vento.
- Realizar as queimas durante o día, rematalas dúas horas antes do solpor e interrompelas no caso de levantarse vento.
- Deberá facerse unha devasta perimetral de polo menos 5 metros.
- Os materiais a queimar apilarase no centro do claro.
- Será necesario un punto de auga natural nas inmediacións do claro ou no seu defecto un depósito de auga, ademais dos extintores para a súa distribución e unha pa.
- A vixilancia da queima será cuberta ao menos por unha persoa.
- Vixiar que o lume quede ben apagado.
- Levar sempre o DNI, o teléfono móbil e o número da comunicación ou copia da autorización

Normas preventivas en explotacións forestais

- Require a autorización previa para o almacenamento de material inflamable.
- Non deben almacenarse produtos nos camiños e cortalumes.
- As zonas de carga e parques de clasificación deben estar limpos de vexetación, ao igual que a franxa periférica de seguridade, que deberá ter a anchura suficiente.
- Os produtos apilaranse en cargueiros tomando a prevención de distanciar suficientemente as pilas unhas de outras.

Normas preventivas para fumadores

- Non fumar mentres se traballa, se camiña ou se monta a cabalo polo monte.
- Aproveitar para fumar nun descanso e procurar facelo en sitios limpos ou sobre rochas, nunca entre matorral ou herba.
- Non arroxar cabichas nin mixtos prendidas e non apagalas en troncos secos.

Normas preventivas en vivendas rurais

- Evitarase que os teitos estean sucios e que as chemineas teñan cinza, dotando a estas derradeiras con matachispas.
- Deberá existir unha franxa de unha anchura suficiente arredor da casa limpa de material inflamable.
- Non dispoñer de basureiros incontrolados que poidan dar orixe a unha combustión espontánea do material inflamable que conteñen.
- Os materiais inflamables deben almacenarse nun lugar seguro para que o sol non poida provocar su ignición.
- Debe evitarse arroxalas cinzas en zonas perigosas, debendo recollerse en cubos de metal.

Normas preventivas para excursionistas e campistas

- Os excursionistas e campistas deberán tomalas precaucións recollidas en apartados anteriores, sobre fumadores e prendido de fogueiras.
- As acampadas que se realicen en zonas forestais, deberán localizarse nas zonas destinadas ao efecto ou en claros do monte, limpos de vexetación leñosa.
- Cando se utilicen elementos que producen calor ou luz por medio de gases ou líquidos inflamables, coidarase de colgalos en puntos que non ofrezan perigo ou de apoialos sobre unha base horizontal, debendo deixar un círculo desprovisto de vexetación para garantir completa inmunidade en caso de caída.
- No caso de ausentarse do campamento tomarase a precaución de deixar apagados tódolos aparatos de luz ou calor.
- Os útiles e utensilios de cociña que se aparten quentes da chama, enfriaranse antes de poñelos en contacto con materias combustibles, manténdoos sobre pedras.
- En todo momento precisase unha provisión de auga e recomendase dispor de extintores para previr a posibilidade dun incendio.
- As botellas e partes de vidro que por refracción poidan orixinar un foco de calor serán recollidos e depositados en lugares adecuados.

Cazadores e Pescadores

- Sobre a superficie ocupada pola masa forestal prohíbese o uso de cartuchos de caza provistos de tacos de papel.
- Deberanse respectar as medidas preventivas referentes a actividades que poidan desenvolver os cazadores e pescadores durante a súa estancia na zona forestal (fumar, prender lume,...).

Lanzamento de cohetes, globos e barrenos

- Prohíbese sen a autorización correspondente, o lanzamento de cohetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteñan lume, en zona de masa forestal.
- O emprego de barrenos en obras localizadas en montes ou terreos arborados, esixe limpeza total da vexetación existente no emprazamento da mecha. Disporase asi mesmo de extintores ou reservas de auga que permitan actuar rapidamente sobre calquera foco que se produza. Se utilizarán detonadores eléctricos con preferencia aos de mecha.

Motores instalados no monte

- Prohíbese sen a autorización correspondente, a utilización de grupos electróxenos, motores, equipos eléctricos ou de explosión e equipos de soldadura en zonas forestais.
- Cando sexa necesario instalar motores no monte, emprazaranse nalgún claro que previamente se limpase, cavando "entre dúas terras" e con extensión suficiente para que unha franxa bordee os equipos mecánicos.
- Vixiarase o seu funcionamento e coidarase de que non existan fugas de combustible ni curtocircuítos.
- A carga de combustible farase en frío en lugares aloxados de focos de ignición.
- Os colectores dos escapes de motores de explosión impedirán a dispersión de chispas e irán protexidos por unha carcasa que asegure o seu illamento en caso de quentamento.
- O combustible de reserva debe ser almacenado en lugares frescos, aloxados e illados.

Vehículos

- Prohíbese sen a autorización correspondente o tránsito por zonas declaradas pola Administración como de "alto perigo de incendios".
- En condicións de perigo de incendio pódese limitar ou condicionar o acceso e a circulación polo monte.

IRDI	Prohibicións Limitacións
Moi Alto / Extremo	Acceso, circulación e permanencia de persoas e vehículos
Alto - época de perigo alto -	Maquinaria sen dispositivos antifaíscas nin retención de chispas
	Actividades alleas ao sector agroforestal
Moderado / Alto	Acceso de vehículos motorizados Obriga de identificarse perante a autoridade



- Os vehículos a motor que circulen polo monte han de estar dotados dos dispositivos de seguridade necesarios para evitala proxección de partículas incandescentes ou o quentamento de elementos que poidan poñerse en contacto coa vexetación.
- En especial os tractores e camións que traballan no monte deben levar un depósito de auga suficiente e extintores.

Motoserras

Os usuarios das motoserras cando teñan que cargalas de combustible ou arrancalas tomarán as seguintes precaucións

- Localizar un espazo de terreo que deberán limpar de toda a vexetación herbácea e leñosa. No seu interior levarán a cabo o enchido do tanque de combustible, unha vez que o motor enfriase, si estaba quente, durante dous ou tres minutos. Nunca se fumará mentres se efectúa esta operación.
- Non arrancar o motor nin no lugar en que se encheu o tanque, nin antes de ter limpado a máquina da gasolina derramada.
- Os condutos e conexións do combustible, os axustes de buxías e cables e a saída de gases, teñen que ser periodicamente revisados e limpados.
- En todo momento terase a man un extintor ou recipiente cheo de auga e unha pa.